

galicia




iet
INSTITUTO
DE ESTUDOS DO
TERRITORIO



PAISAXE GALEGA

GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS PARA A INTERVENCIÓN
NOS NÚCLEOS RURAIS



Edición:

Manuel Borobio Sanchíz

Francisco Castillo Rodríguez

Dirección Xeral:

Manuel Borobio Sanchíz

Francisco Castillo Rodríguez

Equipo de redacción:

José González-Cebrián Tello

Miguel Ferreira Villar

Ilustracions:

Miguel Ferreira Villar

Maquetación:

José González-Cebrián Tello

Miguel Ferreira Villar

Luisa Pérez-Cepeda Vila

Edita: Xunta de Galicia

Consellería de Medioambiente, Territorio e Infraestructuras.

Santiago de Compostela, 2013

ISBN 978-84-453-5114-7

Depósito Legal C 1850-2013

Impresión: **Rodi Artes Gráficas, S.L.**

Este volume forma parte da colección PAISAXE GALEGA.



PRÓLOGO

Unha das expresións características da paisaxe galega é a presenza constante de núcleos rurais de diferentes tamaños, formas e características, que situados nas grandes áreas paisaxísticas dan lugar a unha específica distribución da poboación galega e, polo tanto, unha visión da súa expresión física.

Os núcleos rurais do Caurel e os Ancares, os surorientais de Manzaneda, Penallibre ou o macizo de Trevinca, os que se sitúan nas serras ourensás ou nas chairas de Limia, Maceda, Monterrei, A Terra Chá presentan, así como os núcleos da Galicia Central, estruturas morfolóxicas diversas pero aínda, en gran medida, acordes coa lóxica dun crecemento histórico que aínda non foi distorsionado coas novas edificacións que xorden xa, nalgúns casos, como resposta a un proceso de crecemento derivado de documentos urbanísticos pouco respectuosos coas formas de ocupación do chan que durante centos de anos serviron de referencia ao crecemento edificatorio deses asentamentos.

Nos ámbitos costeiros e na contorna das nosas cidades e vilas de maior entidade, crecementos de maior alcance distorsionaron aquela lóxica inicial, facendo difícil a súa identificación como pezas significativas dunha paisaxe propia, e incorporándose á banal paisaxe que caracteriza os nosos actuais territorios en transformación.

Os esforzos dirixidos a un crecemento respectuoso coa nosa paisaxe, o noso medio e os nosos núcleos rurais, son frecuentemente distorsionados por unha mala praxis derivada dunha mirada pouco atenta á nosa realidade territorial. A falta de orientacións, exemplos e ás veces esforzos, xustifican esa falta de racionalidade que en moitos casos impregnan propostas urbanísticas que se converten no maior escollo a un crecemento racional.

Está claro que a sociedade actual adopta pautas de comportamento afastadas da lóxica imperante fai decenas de anos. A posición das diferentes actividades sobre o territorio apoiadas nunha nova accesibilidade e conectividade (física e telemática) propician a aparición de usos diversos e moitas veces contraditorios, que configuran unha nova realidade física moi afastada da preexistente, pero tamén é certo que para que isto ocorra necesítase un grao de tensión e crecemento que non é o existente en moitas zonas da nosa realidade galega.

A estes territorios, apenas en transformación e onde a incidencia dos escasos procesos edificatorios poden ser máis degradantes se non se controlan minimamente, é onde se dirixe esta publicación. A eses núcleos rurais que aínda presentan unhas características propias, consustanciais con procesos históricos e racionais de crecemento e sobre os que a Lei de Protección da Paisaxe de Galicia, busca fomentar accións de formación, sensibilización e educación dirixidas á sociedade galega en xeral e aos xestores e usuarios do territorio en particular, que teñan por finalidade a promoción do entendemento respecto da salvagarda dos elementos que configuran as nosas paisaxes.

A guía convértese así nun instrumento de apoio para técnicos municipais, equipos urbanísticos, profesionais e todos aqueles que inciden sobre a nosa realidade territorial transformándoa.

Pretende servir de axuda á análise e entendemento das lóxicas imperantes no proceso de ocupación do chan, e a posta en valor dos diferentes e diversos valores patrimoniais e físicos existentes.

- Promovendo un entendemento dos principios de deseño en relación á construción, renovación ou ampliación de vivendas unifamiliares nos núcleos rurais ou a súa contorna.
- Ofrecendo aproximacións contemporáneas e sustentables ao deseño.
- Axudando ás delimitacións e ordenacións urbanísticas dos núcleos rurais.
- Axudando no emprazamento e implantación da edificación no terreo.
- Achegando criterios mínimos sobre a urbanización e acondicionamento do espazo público.
- Protexendo os valores do medio rural.

En síntese, axudando a incidir sobre a nosa realidade territorial.

José González-Cebrián Tello
Catedrático Urbanística e O.T.
Universidade A Coruña

Índice

PRESENTACIÓN

CAPÍTULO 1. INTRODUCCIÓN12

1.1. Obxectivos e estrutura desta guía	14
1.2. Intencións e alcance das recomendacións da guía	18

CAPÍTULO 2. A VARIEDADE MORFOLÓXICA DOS NÚCLEOS RURAIS20

2.1. Os tipos de asentamentos rurais nas grandes áreas paisaxísticas	22
2.2. A distribución territorial do poboamento	23
2.3. As serras orientais	23
2.3.1. Os núcleos do sector meridional (O Courel)	24
2.3.2. Os núcleos dos Ancares (sector central)	30
2.3.3. Os núcleos do sector norte	34
2.4. As serras surorientais	37
2.4.1. Os núcleos do macizo de Trevinca e serra de Penas Libres (sector oriental e suroriental)	43
2.4.2. Os núcleos do macizo de Manzaneda	47
2.5. As chairas, foxas e serras ourensás	47
2.5.1. Os núcleos das serras do suroeste	47
2.5.2. Os núcleos da Limia	51
2.5.3. Os núcleos da foxa de Maceda	54
2.6. Os vales fluviais	57
2.7. Os vales e a agricultura do viño	57
2.8. Os núcleos rurais nos vales do viño	58

2.8.1. Valdeorras	59
2.8.2. A Ribeira Sacra	63
2.8.3. O Ribeiro	68
2.8.4. Monterrei	74
2.9. As chairas e foxas luguesas	78
2.9.1. A Terra Chá	78
2.9.2. A foxa de Sarria e Lemos	81
2.10. A Galicia central e as serras centro-occidentais	86
2.10.1. Os núcleos das serras do Farelo e Faro	86
2.10.2. Os núcleos das serras do Candán e de Avión	86
2.11. O litoral	91
2.11.1. A Mariña-Baixo Eo	91
2.11.2. Galicia setentrional	94
2.11.3. Golfo Ártabro	98
2.11.4. As chairas e foxas occidentais	101
2.11.5. Costa Sur-Baixo Miño	105
2.12. Conclusións respecto da análise xeográfica dos núcleos	109
CAPÍTULO 3. CARTOGRAFIAR OS NÚCLEOS RURAIS	110
3.1. Elaboración dunha cartografía de traballo	112
3.1.1. Información gráfica	112
3.1.2. Base xeométrica	113
3.1.3. Representación do núcleo	115
3.1.4. Datos e información de campo	116

CAPÍTULO 4. PARCELARIO AGRARIO E EDIFICABILIDADE	128
4.1. Considerar o parcelario na delimitación dos núcleos	130
4.2. Erros frecuentes nas delimitacións sen parcelario	134
4.3. Parcelación e criterios de delimitación de núcleos	137
4.3.1. Proporcionalidade e proximidade ao construído.....	137
4.3.2. Evitar a dispersión	139
4.3.3. Recoñecer a morfoloxía diversa dos núcleos tradicionais	140
CAPÍTULO 5. PROTECCIÓN DOS VALORES DO MEDIO RURAL	142
5.1. Protección do patrimonio	143
5.1.1. Núcleos singulares	144
5.1.2. Protección arqueolóxicas	150
5.1.3. Protección do patrimonio arquitectónico e etnográfico	152
5.1.4. O Camiño de Santiago e outros itinerarios históricos	156
5.2. Protección do territorio e da paisaxe	159
5.2.1. Protección forestais	160
5.2.2. Protección das augas	168
5.2.3. Protección agrarias	177
5.2.4. Protección da paisaxe e dos espazos naturais	183
CAPÍTULO 6. CRITERIOS DE ORDENACIÓN E INTERVENCIÓN NO MEDIO RURAL	184
6.1. Ordenación e delimitación de núcleos rurais	185
6.1.1. Clasificación do solo e ordenación: Procedementos	186
6.1.2. As bases cartográficas na ordenación do medio rural	187
6.1.3. Os datos de campo e a información urbanística	190
6.1.4. As delimitacións por exclusión	191
6.1.5. Procedemento de delimitación do solo nos núcleos rurais	191
6.1.6. Emprazamento da edificación	195
6.1.7. Prioridades na determinación de parcelas edificables	195

6.2. Implantación da edificación no terreo	201
6.2.1. Adaptación ás pendentes e á topografía	201
6.2.2. Evitar romper co perfil do núcleo	204
6.2.3. Adecuar a pegada física das novas edificacións respecto das existentes	205
6.2.4. Manter a referencia en escala e proporción	207
6.2.5. Apoiarse na vexetación ou no marco natural existente	208
6.2.6. Buscar as referencias de ordenación volumétrica do núcleo	210
6.2.7. Respetar as regras de boa veciñanza	210
6.2.8. Buscar a boa orientación e a sustentabilidade enerxética	211
6.2.9. Acondicionamento da parcela edificada	213
6.2.10. Reconstrucións e ampliacións da edificación tradicional: Criterios volumétricos	215
6.3. Formalización e composición da edificación	219
6.4. Urbanización e acondicionamento do espazo público	224
6.4.1. O viario interno	224
6.4.2. Os espazos singulares e contornos patrimoniais	226
6.4.3. O viario de paso ou travesía dos núcleos	227
6.4.4. Espazos de estacionamento	228
6.4.5. Materiais de urbanización e pavimentos	228
6.4.6. Iluminación e mobiliario	230
6.4.7. Elementos funcionais e instalacións	231
6.4.8. Acompañamento da vexetación	231
BIBLIOGRAFÍA	232
SITIOS WEB	234

PRESENTACIÓN

Se a paisaxe que hoxe vivimos é o resultado da acción do home, non podemos esquecer que son os nosos antepasados os que de forma anónima conformárono, a través de innumerables vidas entregadas á ocupación e manexo dun territorio, no que atopar acubillo, alimento e toda sorte de recursos. Lugares que, á súa vez, teceron a nosa identidade como pobo, nos que nos recoñecemos e no que atopamos as nosas referencias vitais.

Entre as innumerables manifestacións materiais e espirituais que renden conta desa íntima relación entre o home e a súa contorna, atópanse os núcleos de poboación, que durante xeracións deron forma á singular paisaxe rural de Galicia. Un valioso patrimonio que nos compromete como sociedade, obrigándonos a manter a memoria do pasado que entregaremos ás xeracións que nos sucederán.

A obra que teñen entre mans nace cunha inequívoca vocación divulgativa, achegando o seu humilde gran de area a un compromiso ético: evitar que as sombras do esquecemento se proxecten sobre as paisaxes do mundo rural galego. Un esforzo por iluminar os valores culturais que atesouran, nunha ou outra medida, cada unha das aldeas e núcleos rurais, que ao longo da nosa xeografía, aínda conservan as claves dunha forma de entender o mundo, de entender a nosa relación coa natureza.

Trátase de aproveitar a oportunidade de aprender de nosa propia historia. De recoñecer e pór en valor un saber antigo, que se mantivo vivo nas comunidades agrarias e que lles permitiu alcanzar un certo equilibrio coa súa contorna, baseado nunha lóxica inspirada nos principios reitores, do que hoxe coñecemos como sustentabilidade. As claves, en suma, dunha cultura popular que hoxe sofre os embates dunha sociedade contemporánea que, en ocasións, baixa os brazos ante a perda patrimonial que supón o abandono da poboación e a desaparición de aldeas en numerosos recunchos da nosa xeografía.

Este esforzo por darlle esperanza ao noso pasado débese complementar coas operacións sobre o presente, para evitar comprometer o noso futuro. Trátase dunha intervención consciente sobre as nosas paisaxes, desde o recoñecemento dos seus valores. Un proceso de ordenación e planificación aberto, que tenda unha man sincera á sociedade para que participe daquelas decisións transcendentales que conciernen ao dereito dunhas paisaxes de calidade.

Por iso, esta guía ofrece claves interpretativas e criterios sistematizados para non naufragar ante as “urxencias” derivadas da inevitable e vertixinosa transformación do territorio ao amparo dunha economía globalizada.

Unha obra serena que, desde un profundo coñecemento da xeografía galega, aposta pola divulgación e sensibilización dos seus valores. Unha obra que, á súa vez, achega criterios nítidos aos xestores e usuarios do territorio para unha cultura nova que procure a salvagarda dos elementos que configuran a historia inacabada das nosas paisaxes, posibilitándonos unha reflexión para potenciar os valores que neles redescubrimos.

Unha guía, en definitiva, que se une ás que xa se publicaron dentro da colección de Paisaxe Galega; nun intento por construír unha sociedade comprometida coas súas paisaxes, máis sustentable e máis culta.

Agustín Hernández Fernández de Rojas

Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas




Introducción



Planta do núcleo de Serois, no concello de Rairiz de Veiga (Ourense) a escala 1:1500

1.1. OBXECTIVOS E ESTRUTURA DESTA GUÍA



As grandes transformacións ás que ten sido sometido o medio rural en Galicia a partir da segunda metade do pasado século, coa emigración, o abandono ou a perda de valor da explotación agropecuaria conforme ao seu modelo tradicional e o uso crecente do espazo rural como lugar de asentamento de novas vivendas, ven representar, moitas veces, un elemento de degradación visual e paisaxística dos núcleos rurais e do seu contorno.

Conxuntos a miúdo significativos de construcións rurais tradicionais quedaron no abandono e sen mantemento, deteriorándose e outorgando ao territorio unha imaxe que afecta moi negativamente á súa percepción. Moitas desas construcións, ás veces cunha transformación non moi doada respecto das esixencias de confort, economía e funcionalidade da vivenda actual, foron mal rehabilitadas, nun evidente contraste co achegamento respecto do emprego dos materiais do lugar que tiveran de antigo.

O desatino de moitas destas renovacións fixo perder os valores históricos ou ambientais da edificación, proporcionando, como alternativa, unha superposición de solucións formais habitualmente alleas ao medio rural e cunha orixe urbana ou mesmo estranxeira que contrastan en escala, volumetría e mesmo nos acabados e materiais respecto da identidade ambiental previa. Nese contexto, o presente documento pretende servir de referencia como guía de boas prácticas nas intervencións que se desenvolvan sobre o medio rural, ben sexa nos núcleos ou no contorno dos mesmos, naqueles ámbitos nos que se mantén o valor paisaxístico do medio rural, tendo en conta as posibilidades de transformación da situación actual mediante actuacións de urbanización ou edificación.


A permanencia dos valores do medio rural é unha característica aínda común a moitos núcleos da Galicia interior, onde non se teñen producido tensións urbanísticas significativas. No esquema, Alais, no concello de Castro Caldelas (escala 1:1000).

A guía de boas prácticas está concibida como un conxunto de recomendacións flexibles ou orientacións que axuden a un mellor desenvolvemento dos núcleos rurais, ou tamén a adoptar decisións de deseño ou planeamento máis respectuosas co contexto no que se insiren, establecidas arredor das seguintes referencias básicas

Empregar, prioritariamente, os recursos derivados do existente.

1. *Atopar un equilibrio entre o desenvolvemento e a conservación dun valioso patrimonio tradicional.*
2. *Acadar unha integración harmoniosa no conxunto existente, onde as edificacións, rúas, espazos públicos e de veciñanza actúen de xeito unitario.*
3. *Aportar alternativas a modos de intervención xa demasiado habituais e que están contribuíndo a un maior deterioro ambiental do medio rural.*
4. *Entender a paisaxe rural galega como un conxunto non homoxéneo e dunha grande variedade (paisaxe e edificación tradicional diversas nas chairas luguesas ou nas serras surorientais, por exemplo), no que deberán establecerse evidentes diferencias nas determinacións máis específicas de integración ou actuación.*

En relación con este último punto, sería desexable seguir o criterio que se tén anticipado noutros países, para ir vinculando regulacións territoriais máis precisas á elaboración dos respectivos Catálogos e Directrices da paisaxe previstos na Lei 7/2008 de protección da paisaxe de Galicia (regulacións paisaxísticas e da arquitectura con carácter máis local ou pormenorizado).



As transformacións do medio rural abarcan, polo regular, múltiples aspectos que afectan á súa estrutura inicial en diferentes graos, debido tanto á propia evolución do seu tecido, como á adaptación a novos requirimentos que derivan da perda dos valores da edificación ou do contorno agropecuario ou á incorporación de novas necesidades de infraestruturas non sempre en harmonía cos valores do existente.

No caso do núcleo do Hospital, no concello de Pedrafita do Cebreiro (plano da parte superior, a escala 1:2000) fronte ao mantemento xeral da configuración do edificado, a estrutura liñal apoiada na traza histórica do Camiño de Santiago como orixe da agregación, irá desprazándose cara ao sur seguindo dúas posteriores melloras viarias da estrada, incluíndo unha última modificación da topografía cun recheo que evita o anterior percorrido sinuoso e da uniformidade a unha rasante máis axeitada ao tránsito rodado, entrando en conflito coa adaptación orográfica do asentamento.

Esa diversidade da paisaxe e do medio rural en Galicia ponse de relevo na primeira parte desta guía, onde se fai un percorrido descriptivo ao longo das grandes áreas paisaxísticas, para demostrar que, dentro dunha certa unidade de imaxe derivada da permanencia dos volumes e materiais característicos da edificación tradicional, a morfoloxía dos asentamentos resulta sempre moi diversa, tanto pola evolución da súa planta en relación coas específicas condicións territoriais, en cada caso (núcleos lineares, en encrucillada, agregacións compactas de estrutura complexa, etc.) como pola variabilidade da incidencia que, nesa estrutura inicial ou tradicional, tiveron os crecementos dispersos a partir da segunda metade do século XX.

A relación entre estes novos desenvolvementos e a antiga consolidación, ou mesmo a magnitude dos procesos de renovación interna do tecido construído, tanto máis profundos canto maior é a proximidade ou accesibilidade respecto de aglomeracións urbanas veciñas, fai que a perda dos valores ambientais que, de inicio, posuían eses asentamentos, teña un carácter moi desigual, de xeito que, fronte á extensión do deterioro visual de moitos deses contornos, permanezan ámbitos rurais de interese que é necesario protexer e potenciar.

Nese sentido, a representación gráfica de diversos núcleos, escollidos ao longo das distintas grandes áreas paisaxísticas, pretende ser referencia dos valores propios deses asentamentos e, por enriba de todo, amosar a permanencia de contornos rurais de valor incluso naquelas zonas onde se fan máis patentes os procesos de transformación suburbana. A variabilidade da orografía e mesmo do microclima ou da accesibilidade, determinaron un certo illamento dalgunhas áreas rurais que pode contrastar con situacións totalmente diversas nun mesmo concello ou parroquia, do mesmo xeito que, agás no caso da proximidade de vinculacións viarias de relación territorial exterior, o medio rural da Galicia interior, sempre manifestará unha meirande permanencia de contornos de interese respecto do litoral ou da periferia das grandes áreas urbanas.

Como consecuencia, destácase a necesidade de establecer unha catalogación ou identificación de núcleos de valor ou singulares, nos que as intervencións de ordenación non poden seguir o tratamento habitual articulado a partir do planeamento xeral.

A necesidade de incidir nun tratamento de detalle como única alternativa neses casos (sexa mediante o propio planeamento xeral ou remitindo a un planeamento de desenvolvemento pomenorizado) complementábase cunha análise das técnicas comúns de delimitación de solo e a constatación de como moitas das regulacións previstas na actualidade para moitos deses núcleos poden contribuír aínda máis ao seu deterioro, por non ter entendido nin as dinámicas de evolución do seu tecido, nin a inserción territorial do mesmo. Na guía, fórmulanse ao respecto, toda unha serie de recomendacións acerca de como identificar e delimitar o contorno dos núcleos rurais, como paso previo a unha ordenación en detalle daqueles que se conforman como asentamentos singulares, incidindo na necesidade de traballar cuns instrumentos cartográficos adecuados e que inclúan todos aqueles elementos que permiten xustificar e apoiar as decisións de planeamento, sempre mantendo un achegamento ao medio rural a partir das evidentes diferencias que presenta en relación cos contornos urbanos ou suburbanos e poñendo de manifesto como a intervención no mundo rural desde unha óptica urbana, ten sido unha das causas do máis recente deterioro da súa imaxe

(delimitación de áreas de expansión como envolventes concéntricas alleas ás restricións que impón a propia paisaxe agraria ou mesmo a orografía, determinación de ordenanzas de edificación e volumetrías sen relación de escala ou proporción respecto da edificación tradicional, ausencia de medidas de protección para a arquitectura popular de carácter doméstico, definición precisa de aliñacións e rasantes que afectan a elementos de valor dos núcleos ordenados, vulgarización dos crecementos mediante vivendas illadas sobre o parcelario agrícola como única alternativa de extensión, ausencia de intervencións de recualificación interna promovendo a recuperación e articulación de espazos públicos significativos, mellora da conectividade viaria peonil e rodada, etc.).

As propias deficiencias ou a inadecuación das bases cartográficas empregadas no planeamento neses casos, teñen sido, xunto coa ausencia dun traballo de campo complementario, unha das causas fundamentais dos erros nas súas determinacións urbanísticas.

O feito de que, na actualidade, convivan criterios de ordenación moi dispares entre si, consecuencia dos múltiples cambios na lexislación, da demora na tramitación de calquera tipo de instrumento de planeamento ou mesmo das propias cualidades dos medios técnicos empregados en ordenacións que difiren en máis de vinte anos (sempre respecto da súa aprobación definitiva, e moitos máis, ás veces, en relación coa data de inicio dos traballos) entre concellos limítrofes, avanza unha evidente desigualdade na adecuación do tratamento do medio rural en cada caso. Ese enfoque na representación da realidade do mundo rural e dos seus elementos físicos de articulación (edificación tradicional, relación coa topografía, representatividade da súa coroa agropecuaria, integración territorial, elementos físicos de definición da paisaxe, transformacións recentes, valores patrimoniais, etc.) accesible como un primeiro achegamento respecto do medio a partir de fundamentos hoxe en día xa habituais (planos do catastro, ortofotografía aérea, series cartográficas históricas a escala menor, etc.) complementábase coa indicación dunha metodoloxía e técnicas de levantamento que permiten a precisión e nivel de información cartográfica necesarios para enfrontar unha ordenación en detalle ás escalas xa habituais no planeamento especial de protección de conxuntos históricos.

Como parte final, establécense as recomendacións relativas aos tratamentos que derivan dunha intervención máis en detalle, a xeito de criterios xerais e, máis que nada, identificando os erros máis comúns na localización das novas construcións, na súa formalización, volumetría, implantación na parcela, ampliacións e reforma das existentes ou mesmo na urbanización do espazo público destacando a falta de diferenciación que, na maioría dos casos, se establece respecto de actuacións semellantes no medio urbano ou suburbano.

Debe sinalarse que, esa múltiple diversidade do medio rural galego, ben evidente tanto na tipoloxía e vinculación topográfica dos asentamentos, como na propia imaxe, e mesmo volumetría, da edificación tradicional, obriga a establecer uns criterios moi xenéricos cando, do que se trata, é de indicar a intervención en detalle, caso por caso, como a mellor alternativa de ordenación do medio rural en relación coa conservación dos seus valores de integración territorial. Nese sentido, a guía non exclúe a necesidade de elaborar traballos máis específicos que orienten eses aspectos de formalización nas intervencións de edificación ou urbanización sobre áreas ou subzonas territoriais concretas.

1.2. INTENCIÓNS E ALCANCE DAS RECOMENDACIÓNS DA GUÍA



A partir do recoñecemento da variedade de situacións que presenta o territorio e a paisaxe rural galega, identificando unha grande variabilidade no grao de incidencia da presión urbanizadora, non soamente entre, en xeral, a Galicia litoral e o interior (núcleos rurais totalmente transformados por mor da expansión dos desenvolvementos suburbanos, fronte a asentamentos case que abandonados e que pouco teñen mudado, máis que no seu estado de conservación, respecto da súa configuración inicial) esta guía pretende elaborar unha serie de recomendacións flexibles dirixidas cara ás distintas escalas de intervención sobre o medio rural, naqueles contornos nos que aínda se manteñen uns valores ambientais e paisaxísticos, fundamentalmente, naquelas agregacións de interese que permanecen á marxe das fortes tensións urbanísticas que caracterizan a transformación das periferias das vilas, das cidades ou das áreas territoriais máis desenvolvidas e xa irreversiblemente transformadas.

A intención principal destas recomendacións, dirixidas cara ás actuacións harmonizadoras e de valorización da paisaxe rural naqueles contextos nos que aínda resulta posible, será a de orientar unha inversión dos criterios comúns de intervención no medio rural cando este mantén unhas cualidades ambientais evidentes, criterios que, polo regular, aínda hoxe en día siguen sen ter en conta as condicións e características específicas dunha relación harmoniosa co lugar.

Nese sentido, debe destacarse que a diversidade da orografía galega, e mesmo das circunstancias da evolución histórica do medio rural, fan que, ás veces, existan contornos de interese a pouca distancia de ámbitos nos que xa se ten producido unha evidente transformación suburbana. Por ese motivo, como unha das conclusións fundamentais da análise do medio rural en Galicia que esta guía incorpora, será a necesidade de elaborar un inventario ou catálogo deste tipo de núcleos, xa sexa asociado ao desenvolvemento dos planeamentos de carácter xeral ou mediante actuacións de rango superior, sempre coa intención de definir aqueles contornos nos que convén unha maior esixencia de regulacións harmonizadoras e, fundamentalmente, sinalando a invalidez de calquera tratamento que non se achegue máis ao detalle.


O achegamento específico a ordenacións e intervencións de detalle, que elaboren determinacións volumétricas ou estéticas particularizadas, soamente poderá ser asumida a partir da referencia a localizacións concretas.

Esa mesma diversidade da arquitectura tradicional que caracteriza a moitos dos núcleos de valor, sempre derivada dunha variada adaptación aos recursos de cada lugar, fai aconsellable que as indicacións desta guía (sempre de carácter xeral e non específicas) poidan ser desenvolvidas territorialmente para contornos paisaxísticos máis concretos.

Con independencia dese tipo de guías de deseño rural particularizadas, insístease na necesidade de trascender, para eses núcleos ou contornos de interese, da habitual regulación a partir dun planeamento xeral que, moitas veces, elude a avaliación da calidade formal ou ambiental dos asentamentos rurais para formular criterios xenéricos de intervención que pouco difiren daqueles que, polo común, eses mesmos planeamentos empregan para ordenar o solo urbano ou a periferia.

2

A variedade morfológica dos núcleos rurais



Plano do asentamento rural de Paredes, no concello ourensán de Leiro (escala 1:2000)

2.1. OS TIPOS DE ASENTAMENTOS RURAIS NAS GRANDES ÁREAS PAISAXÍSTICAS

A variabilidade do relevo e das condicionantes ambientais ao longo das unidades xeográficas fundamentais do territorio galego (as serras, os vales fluviais, as foxas e chairas, ou o litoral e prelitoral) determinan a recoñecida identificación dun total de doce áreas paisaxísticas (Serras Orientais; Serras Surorientais; Chairas, foxas e serras ourensás; Ribeiras Encaixadas do Miño e do Sil; Chairas e foxas luguesas; Galicia Central; A Mariña-Baixo Eo; Golfo Ártabro; Chairas e foxas occidentais; Rías Baixas e Costa Sur-Baixo Miño).

Cada un destes ámbitos, nos que poden distinguirse, así mesmo, outras subzonas ou comarcas paisaxísticas conforme se verifica un maior achegamento respecto das características específicas do medio, conforman unidades singularizadas tamén, polo regular, pola imaxe propia dos seus asentamentos rurais tradicionais, como consecuencia directa do emprego dos materiais do lugar nas construcións, da adaptación ás condicións climáticas ou ambientais específicas, ás potencialidades agropecuarias dos solos ou mesmo ás trazas topográficas do territorio. A diversidade na morfoloxía do terreo, con importantes variacións tanto en altitude e pendentes, como na densidade de ocupación do espazo polos asentamentos (fundamentalmente cando a presenza de determinadas infraestruturas ou a proximidade respecto de aglomeracións de carácter urbano ten favorecido novas dispersións) da lugar a unha grande variedade e diversidade na morfoloxía dos asentamentos rurais, aínda cando, en moitos casos, sexa doado distinguir, a nivel xeral, uns patróns de ocupación dominantes que caracterizan a certas áreas respecto das súas veciñas, en función, principalmente, do contraste entre os modos de implantación das construcións de tipo tradicional e as formas máis aparentes das agregacións no seu conxunto.

Moitas veces, a variedade e as transicións morfolóxicas faranse máis aparentes na propia arquitectura que nos patróns de asentamento, sempre cunha estreita vinculación respecto das diferenzas na composición litolóxica das diversas áreas. Neste sentido, a arquitectura do xisto ou do lousado, onde os planos de cuberta adquiren unha incidencia visual dominante, establece notables transicións no borde oriental da Galicia interior cara a zonas onde é habitual a cuberta de tella.

O percorrido descritivo que se fai polas distintas áreas paisaxísticas nesta parte inicial da guía, tenta amosar esa variedade e diversidade dos asentamentos e, por enriba de todo, subliñar os valores ambientais, históricos, etnográficos, arquitectónicos e paisaxísticos que aínda manteñen moitos dos núcleos rurais galegos con independencia da súa localización, partindo desa diferenciación de ámbitos xeográficos que deriva da identificación das doce grandes áreas paisaxísticas e tomando o contorno dos vales do Miño e do Sil como elemento de enlace entre as serras orientais, as surorientais e as da Galicia central e do borde meridional da provincia de Ourense.

O acompañamento gráfico deste percorrido territorial vai corresponderse cunha síntese dun extenso conxunto de asentamentos rurais analizados, procurando sempre referir os exemplos a aqueles conxuntos rurais que posúen certos valores patrimoniais e abrindo o camiño a unha necesaria identificación de núcleos singulares, ben sexa a partir das determinacións do planeamento municipal ou derivando de intervencións de rango superior extendidas sobre subzonas ou comarcas paisaxísticas diferenciadas.



No mapa que se achega, definición xeográfica das doce grandes áreas paisaxísticas superposta á delimitación territorial dos distintos concellos. A práctica coincidencia, nalgúns casos, entre os límites municipais e os das distintas zonas revela a referencia histórica que manteñen os contornos de certos enclaves territoriais respecto de elementos físicos recoñecibles.

2.2. A DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DO POBOAMENTO

A mobilidade orográfica e a variedade dos contrastes na altimetría ou no relevo e pendentes ao longo do territorio galego, así como as súas peculiaridades xeomorfolóxicas ou climáticas, nun espazo no que se emprazan máis de 30.000 entidades de poboación de dimensións moi diversas, derivadas do sistema tradicional de aldeas, dan lugar a un mosaico de agregacións dunha grande variedade morfolóxica, cunha diversidade que, ás veces, comparte un mesmo ámbito municipal ou mesmo parroquial, amosando modos de ocupación do espazo moi diferentes entre eles.

A todo eso hai que engadir a histórica concentración do desenvolvemento urbano e industrial vinculado ao corredor litoral, en detrimento dunha evolución semellante para a Galicia interior, circunstancia que ten provocado profundas transformacións na estrutura dos asentamentos rurais orixinarios localizados no contorno desas áreas de actividade e, como consecuencia, un grao de urbanización e densidades relativas moi dispares en canto vai incrementando a distancia respecto da costa ou desde a periferia das principais vilas e cidades. Aínda así, non sempre esta situación xustifica a homoxeneidade dos patróns de distribución do poboamento rural sobre as distintas unidades espaciais do territorio, senón que inflúen tamén moitas circunstancias históricas ou xeográficas específicas, de tal xeito que hai zonas do litoral, como é o caso da Costa da Morte, onde a evolución e as tipoloxías de ocupación do espazo polo poboamento achéganse máis ás propias do interior que ás da meirande parte do perímetro costeiro galego.

Tendo presentes todos estes matices e asumindo o predominio xeral desa variedade (tanto no medio físico, como nas características da súa ocupación polos asentamentos) como impronta fundamental do territorio galego, o percorrido da análise dos asentamentos rurais vai referirse á distribución dos mesmos conforme coas diferentes áreas paisaxísticas, incidindo sempre nas cualidades e valores ambientais de todo tipo que poden atoparse como referencia cunha certa independencia da localización e sempre en relación directa coa repercusión que, sobre os conxuntos de tipo tradicional, teñen acadado as renovacións ou crecementos relativamente recentes.

2.3. AS SERRAS ORIENTAIS

Son áreas de media e alta montaña situadas no extremo occidental da cordilleira Cantábrica, constituíndo o río Sil e a foxa da Terra de Lemos o seu límite meridional, en tanto que a Terra Chá e o curso do río Miño delimitan o seu perímetro cara a poñente, sendo as serras de Monciro, Meira e Mirador as elevacións que marca, polo extremo Norte, a transición cara ás serras setentrionais e a Mariña luguesa.

O clima das serras orientais é o do tipo definido como oceánico de montaña, con factores diferenciados no percorrido territorial de Sur a Norte, tanto polas condicións específicas das distintas zonas, como pola variabilidade en altitude.

Non resulta doado tirar consecuencias morfolóxicas dos datos de densidade municipal, xa que, polo regular, o propio territorio presenta unha grande diversidade, xa sexa pola presenza de terras baixas onde o poboamento non segue as mesmas pautas de ocupación, ou ben pola desigual representatividade dos solos non aproveitables (terreos improdutivos polo seu carácter rochoso e forestal ou polo

determinante que resultan as súas pendentes extremas) e mesmo pola maior ou menor incidencia que teñen acadado, dependendo das zonas, os procesos históricos de migración e abandono dos asentamentos tradicionais.

En calquera caso, tanto o tamaño relativo das agregacións rurais ou núcleos destas montañas, como o seu despoboamento e a distancia á que se atopan uns dos outros, por mor da escaseza dos recursos agrarios, marcarán un factor diferenciado nas densidades de ocupación do territorio, nuns valores que soamente atopan indicadores semellantes nas serras surorientais ou nalgúns ámbitos illados das montañas da Galicia interior.

Non soamente a orografía e as restritivas posibilidades de aproveitamento dun solo no que escaseaban os terreos aptos para o cultivo ou as rigorosas condicións climáticas das terras altas condicionaron a forma e implantación dos asentamentos rurais. Moitas veces, a propia tradición cultural, a capacidade dos artesáns locais, a relación con antigas vías de comunicación, a subsistencia de vellas tecnoloxías e materiais de construción, ou o desenvolvemento dun sistema socioeconómico fundamentado nas posibilidades que a terra ofrece, como elementos de continuidade, en ocasións, respecto doutras áreas ou rexións xeográficas limítrofes, darán como resultado desta conxugación de factores, patróns de edificación ou de agregación localmente diferenciados.

A propia composición da facenda na estrutura agraria tradicional, o tipo de gando que esta acollía, sempre dependente, na súa caste e número, do tipo e calidade dos terreos de pasto (o gando ovino ou caprino cunha maior facultade, pola súa natureza, para o aproveitamento de terreos pobres con vexetación de monte baixo ou con acusadas pendentes, en tanto que o vacún esixe praderías húmidas de certa extensión por cabeza) demandará distintas capacidades de estabulación, que van determinar, como consecuencia, as dimensións da vivenda tradicional, onde as cortes compartían espazo en planta co resto das dependencias de habitación e condicionará o ancho de moitos dos camiños ou servidumes de paso no interior das aldeas, segundo deberan acollerr o paso do gando vacún e dun carro ou simplemente de peóns e rabaños de gando menor.

Tamén a presenza ou extensión de certos cultivos de cereais ou de forraxe, como é o caso do centeo nestas terras altas, esixirá unha maior ou menor dimensión do espazo baleiro no interior das aldeas, en áreas ben orientadas cara ao sol e con boa ventilación, para acomodar nelas as eiras onde mallar e separar o gran. Esa diferente capacidade produtiva condiciona, do mesmo xeito, a necesidade de dispoñer de terreo para os celeiros de almacenamento, de maneira que, aínda hoxe en día, o seu número e capacidade, ou a súa distribución territorial, revelarán as características que, de antigo, tiveron os distintos ámbitos do territorio agrario nas serras orientais.

Pola súa banda, a subsistencia da castaña como principal recurso alimentario na vella economía rural, fronte á habitual difusión da pataca pola maior parte do agro galego, neste caso debido á súa mellor adaptabilidade aos solos de natureza forestal de altitude e a non precisar de terreos aplanados para o seu cultivo (o castiñeiro medrará igualmente nas fortes pendentes das ladeiras da montaña) determinará un contorno característico para moitos deses asentamentos de poboación, a miúdo envoltos nunha coroa boscosa dun souto que os torna case que imperceptibles desde unha visión próxima e que contribúe a unha mellor protección do casal fronte aos ventos fríos do inverno.

2.3.1. OS NÚCLEOS DO SECTOR MERIDIONAL (O COUREL)

A fractura do Cebreiro, entre o porto de Pedrafita e Triacastela, ademais de constituir o paso natural cara a Castela e delimitar a separación entre as serras dos Ancares e do Courel, establece, no seu contorno, unha certa diferenciación rexional, que se materializa, en maior medida, por baixo do alíñamento en dirección NE-SO da serra do Rañadoiro e do curso alto do río Lor, marcando unha transición entre os “chaos” de montaña, brañas de pastoreo en altitude que se desenvolven por enriba das plataformas aplanadas dos cumes dos Ancares, lugares onde, de preferencia, van emprazarse os asentamentos nesa zona, e os vales encaixados dos montes do Courel, nos que a forte inclinación das vertentes e os grandes desniveis, empurran os núcleos no seguimento das foxas fluviais como ámbito de prioridade para o emprazamento das agregacións.

Deste xeito, a partir de Veiga de Forcas ou Zanfoga, ao Sur do concello de Pedrafita, apréciase unha clara tendencia da edificación rural tradicional a agruparse en conxuntos entre medianeiras, con mínimo consumo do espazo nas agregacións, buscando protección no feito de acaroarse e dando lugar a núcleos case que sempre de tipo mononuclear moi compacto, cuns bordes ben definidos respecto do seu contorno natural e organicamente asentados nunha difícil orografía que contribúe sensiblemente a definir, tanto o seu perímetro edificado, como a súa morfoloxía en planta. Este tipo de núcleos esténdese ao longo de todo o concello de Folgoso do Courel, con Seceda ou Froxán como fitos de maior interese ambiental, así como polas zonas de altitude de Quiroga ou da Terra de Valdeorras e polos montes de Lóuzara e da serra do Oribio, cara ao Incio.

Cando estas antigas aldeas forman conxuntos polinucleares, tamén de carácter compacto, case que sempre é debido ás propias imposicións da topografía, circunstancia que revela, polo regular, a toponimia dos lugares (Fondo da Vila e Cima da Vila, na parroquia de Piñeira, por exemplo).

Agás cando existe unha plataforma alombada ou de suave relevo e de certa amplitude arredor do emprazamento do núcleo, as aldeas deste tipo adoitan arrodearse dun perímetro de castiñeiros, sen máis claro interior que o espazo ocupado polo casal, protexéndose dos ventos do inverno por algún saínte orográfico e buscando na pendente das abas as mellores condicións de orientación.

A vivenda rural tradicional nas serras deste sector é de tamaño cativo, case sempre de dúas plantas, con acceso exterior á planta de piso mediante unha escaleira que remata nun pequeno patín ou, máis a miúdo, nun corredor pechado que serve de distribuidor e de ampliación das dependencias de habitación, xeralmente desenvolvidas nun espazo mínimo. A cuberta, aínda tendendo a rematarse a dúas augas cando as agregacións forman conxuntos lineares, da resposta á irregularidade dun parcelario ateigado polas sucesivas divisións de herdeiros, con complexas xeometrías que fan dos tellados, pola súa extensión e tonalidade, unha das compoñentes máis visibles das antigas aldeas, sempre rematados cun lousado de grandes pezas a corte de canteira que quedan sostidas polo seu propio peso e grazas a manter unhas pendentes nunca demasiado pronunciadas.

As construcións apéganse unhas ás outras, sen a penas deixar ocos entre elas para patios ou espazos baleiros, formando un tecido moi mesto que contribúe a minguar os efectos da adversa climatoloxía.




O núcleo rural de Paradaseca, nas terras altas da serra do Courel, no concello de Quiroga (esquema da parte superior, a escala 1:2000) constitúe unha agregación típica desta área.

Cunha estrutura mononuclear moi compacta na que a topografía e a tendencia da edificación tradicional a ocupar o mínimo espazo posible dan lugar a unha planta que remite, no seu perímetro, a unha morfoloxía circular e cunha clara definición nos seus límites (agás pola presenza de novas edificacións illadas) respecto do medio agrario ou forestal circundante.

As antigas vivendas, de tamaño, polo regular, moi pequeno, van uníndose unhas ás outras polas súas paredes medianeiras, ás veces incluso saltando dun a outro lado dun rueiro formando pasaxes cubertos e debuxando unha trama de camiños estreitos dunha grande irregularidade e variedade espacial, que recordan, na súa estrutura e configuración, ao casco antigo dunha pequena vila.



Ortofoto de Paradaseca, núcleo característico da serra do Courel. Na imaxe pode apreciarse con claridade a antiga implantación da aldea e as transformacións sobre o seu contorno.



No caso do núcleo de Outeiro, á mesma escala no esquema da esquerda, tamén no concello de Quiroga, a agregación amosa as características habituais das antigas aldeas do sector meridional destas serras. Aquí, a localización na veiga, ao pé dun monte, obriga ao casal a agruparse seguindo a directriz en liña das curvas de nivel, **con ringleiras claramente definidas en dirección Este-Oeste** e que se achegan a creba da pendente para liberar os terreos de cultivo na estreita franxa da parte baixa do val.

A tendencia a formar agregacións moi compactas e protexidas da lugar a un conxunto pechado **ben definido respecto do seu contorno natural**, aínda que algo máis espallado por mor das menores trabas orográficas no sentido lonxitudinal.

Resulta evidente o reducido tamaño das vivendas, case que sempre de dúas plantas, así como a escaseza de espazos libres no interior da aldea. As construcións accesorias, cando existen, formaban conxunto co corpo principal de vivenda.

Na Seara, Quiroga (esquema na páxina seguinte) **o emprazamento na confluencia de vertentes**, lugar óptimo para o paso do río, a antiga ponte e o curso fluvial **dividen o núcleo nunha estrutura binuclear**, con dúas agregacións separadas que achegan os seus casais á zona de transición cara ás fortes pendentes das ladeiras, deixando a veiga fértil, de escasa amplitude, libre de ocupación como principal recurso agrario.



Resulta frecuente que o derrubo de edificacións, tras dun longo proceso de abandono, faga que moitas destas antigas agregacións sexan hoxe en día percibidas como conxuntos de dimensión moi inferior e menos compactos do que foron antigamente, unha circunstancia que tamén ten afectado á lectura na paisaxe do seu contorno agrario ou de cultivos, polo regular desaparecido ou minguado debido ao avance do mato e o bosque sobre os campos non traballados.

Aínda cando, ás veces, as formas do terreo non condicionen tanto a morfoloxía das antigas aldeas, a altitude e a propia tradición local, darán lugar a pautas de implantación moi semellantes en toda esta zona das serras orientais, variando soamente na súa densidade e proximidade respecto do contorno exterior de vocación forestal ou na amplitude dos campos de cultivo en relación co espazo ocupado polo casal, pero sempre seguindo un esquema que varía ben pouco desde Chao da Pena, en Pedrafita, ata Cernego, en Vilamartín de Valdeorras. Sempre estes núcleos medrarán de dentro a fóra, como organismos concéntricos, dividindo unha e outra vez o substrato catastral das distintas unidade xentilicias ou familiares, deixando no seu perímetro, moitas veces, os terreos de propiedade comunal como límite exterior. Como consecuencia, calquera mínima dispersión da edificación, cando non se trata dun elemento singular propio da antiga estrutura rural (igreja, camposanto, etc.) acaba por provocar un evidente deterioro visual e fracturando a tradicional incorporación na paisaxe.



Á dereita, Chao da Pena, no concello de Pedrafita, a escala 1:2000. A representación da topografía evidencia as condicionantes da propia morfoloxía agrupada e concéntrica do núcleo.



O núcleo de Cereixido, en Quiroga (planta da dereita a escala 1:2000) amosa as características morfolóxicas habituais nos asentamentos da serra do Courel, cunha estrutura agrupada e moi compacta, fortemente condicionada polo propio relevo que distribúe no seu contorno as áreas de prado ou cultivos, quedando pechada por unha coroa exterior de bosque.

2.3.2. OS NÚCLEOS DOS ANCARES (SECTOR CENTRAL)

Ao Norte do Cebreiro, os cumes aplanados da serra dos Ancares acollen extensións importantes de brañas ou praderías de montaña. A alternancia das mesmas cunha sucesión de fracturas que facilitan a incisión de múltiples ríos, regos ou cursos de auga menores, favoreceu a formación de profundos vales, levando aos asentamentos de poboación a buscar, de preferencia, emprazamentos preto das plataformas de altitude, cunha marcada vocación gandeira na base da súa economía de subsistencia orixinaria. Nesta área, a composición da facenda e o pastoreo nas brañas, determinarán tipoloxías específicas na arquitectura tradicional, que remiten ás vivendas de planta circular da cultura castrexa.

A palloza, como edificación dunha única planta ou cun sobrado que non ocupaba a totalidade da mesma, pola súa amplitude e conformación, adaptábase á perfección aos condicionantes da climatoloxía e da explotación do medio agrario, manténdose como vestixio dunha antiga tradición neste sector das serras orientais, illado na súa localización respecto das grandes áreas urbanas. O feito de compartir na mesma planta o espazo para os moradores, a facenda e o almacenamento de provisións, nunha zona onde o rigor do inverno dificultaba a vida no exterior, fai que a palloza sexa

unha edificación de maior dimensión, na ocupación do terreo, que a vivenda tradicional do sector meridional destas serras.


As súas formas de agregación, como construción illada pola súa propia natureza xeométrica, deron lugar a unidades familiares que tenden ás implantacións alveolares, achegándose unhas ás outras pero sen un lindeiro compartido, separándose mediante unha orgánica rede de camiños (polo regular algo máis amplos e con menos crebas que nos núcleos densos do sector meridional) que vai salvando, do xeito máis favorable, os condicionantes orográficos do emprazamento.


As construcións auxiliares, contrariamente ao caso do sector meridional, onde, de existir, formaban conxunto coa edificación principal, constitúen aquí elementos accesorios respecto do volume principal de vivenda, con menor altura que este e cunha grande variedade de formas, sempre condicionadas na súa traza polos límites da propiedade, formando conxuntos unitarios que case nunca chegan a ter unha medianeira común coas vivendas veciñas.

Nesta imaxe, a escala 1:2000, planta do Cebreiro, antiga aldea que constitúe a entrada en Galicia do Camiño Francés a Santiago, paso de montaña do itinerario de paso que adopta a linearidade como agregación máis elemental no seguimento do mesmo.

No núcleo consérvase un singular conxunto de pallozas que forma parte dun asentamento no que se evidencian as características da arquitectura rural tradicional e da súa implantación no terreo.

A mellora viaria do antigo itinerario repetirá, sucesivamente e cunha nova regularidade, a traza de paso do Camiño polo exterior do asentamento.





Na parte superior, planta a escala 1:2000 de Barxamaior, no concello de Pedrafita do Cebreiro. A agregación ten xa un tamaño relativamente grande respecto do habitual nesta área e, aínda formando un conxunto algo compacto, ten un carácter ben diferente do das antigas aldeas do sector meridional.


O corpo principal das vivendas, polo regular de dúas plantas, sitúase enfrontado, polo seu eixo lonxitudinal, á directriz das curvas de nivel, soterrando parte da planta baixa e don cuberta, polo regular, de tres vertentes, unha delas caendo sobre a fachada curta máis exposta. As edificacións auxiliares apéganse a ese corpo principal.

Estes condicionantes tipolóxicos fundamentarán a configuración das antigas aldeas desta zona como conxuntos compactos, aínda que moito menos que no caso do sector meridional, sempre presionadas polo valor que tiña o escaso solo agrario no contorno dos núcleos. A menor compacidade das agregacións faise evidente na pouca representatividade das vivendas con medianeiras comúns, deixando pequenos ocos no interior do casal ou patios anexos a cada antiga unidade de explotación familiar.


O tamaño dos núcleos adoita ser, polo regular, moi pequeno, tanto pola escaseza dos recursos agrarios no seu contorno, como polas dificultades que a orografía e o clima impoñen para o seu desenvolvemento e localización, sendo case sempre de tipo claramente mononuclear, agás cando eses condicionantes do medio físico obrigan a diversificar o lugar de asentamento.

Polo Cebreiro, en xeral, os núcleos, na súa estrutura tradicional, son máis pequenos que noutros concellos limítrofes e buscan situarse preto dos prados dos cumes ou nas cabeceiras dos vales, relativamente próximos entre eles, aínda que sempre cunha densidade de ocupación sumamente baixa.

No concello de Cervantes os asentamentos buscan localizacións en ladeira, onde a montaña deixa espazo a unha plataforma aplanada de topografía máis suave, destacando polos valores da súa configuración tradicional, que conserva aínda algúns grupos de pallozas dun grande interese etnográfico, sobresaíndo o caso de Piornedo. A difusión da palloza nesta área vai diminuindo cara a Navia de Suarna ou A Fonsagrada, por onde xa non quedan senón exemplos illados nalgúns aldeas (como é o caso de Moia, Paradavella, Castelo ou Liñares de Maderne).



Arriba, o núcleo de Xantes, abaixo e á súa dereita, planta de Vilarello, ambos os dous no concello lugués de Cervantes, no sector central (Ancares) das serras orientais.




Moitos dos núcleos do concello de Cervantes amosan unha orgánica adaptación sobre a difícil orografía das ladeiras da montaña, aquí sempre cunhas acusadas pendentes, seguindo a linealidade da traza das curvas de nivel.

As antigas aldeas, no seu conxunto, son un aglomerado de unidades familiares de explotación agropecuaria, individualizadas cada unha na súa parcela, sen chegar, polo regular, a formar media-neira coas vivendas veciñas, conformando unha sucesión de formas alveolares que mantén certa semellanza coa xeometría redondeada das vellas pallozas.

Ao Norte dos montes do Restelo, as antigas aldeas adoitan ser de pequeno tamaño e case sempre lineares, situadas na ladeira e orientadas a Sur ou Suroeste. Á dereita, na páxina seguinte e a escala 1:2000, o núcleo de Morcelle, en Becerreá.

A medida que as aliñacións das serras van abríndose cara ao río Navia, o relevo faise menos angosto no desenvolvemento dos vales e os asentamentos adoptan estruturas máis laxas, onde a proximidade das explotacións agrarias familiares coas súas edificacións auxiliares acababan formando agregacións de tipo polinuclear, avanzando xa a morfoloxía característica das terras baixas das agras luguesas.



A medida que as aliñacións das serras van abrindo-se cara ao curso do río Navia, o relevo faise menos abrupto ao longo dos vales secundarios, incrementándose notablemente a extensión do solo cultivable no contorno dos asentamentos, tendo tamén o casal máis espazo para espallarse sen atrancos. A orografía tórnase menos condicionante nas formas de implantación e os núcleos van adoptando a morfoloxía irregular dos camiños ao pé dos que se sitúan, configurando estruturas cada vez máis laxas e menos compactas, que se expanden seguindo patróns irregulares en forma de estrela.

A influencia das antigas aldeas sobre unha área de cultivos ou prados artificiais, en zonas de relevo aplanado, que van enlazándose unhas con outras, facilitará unha certa proximidade entre núcleos veciños.

O hórreo, como construción auxiliar característica, terá unha menor presenza na zona do Cebreiro, como transición cara ao sector meridional das serras, aparecendo xa maioritariamente nalgunhas agregacións rurais do concello de Cervantes, ás veces coa cuberta de colmo. Máis preto do curso alto do río Navia, o descenso en altitude e a tradición agraria da zona, converteron ao hórreo nun complemento indispensable na explotación familiar, contribuíndo a outorgar un certo carácter diferenciado aos asentamentos, engadíndose ao resto do conxunto de edificacións auxiliares sempre relativamente illadas e independentes no interior das parcelas edificadas.

Unha menor incidencia da topografía como condicionante dos modelos de implantación fará que as aldeas vaian desagregándose e formando conxuntos xa de tipo polinuclear, sobre todo nos asentamentos que son cabeceira de parroquia, onde se concentra un maior número de vivendas.

2.3.3. OS NÚCLEOS DO SECTOR NORTE

A partir do val de Baleira, o curso do río Rodil e a parte Norte do concello da Fonsagrada, a disposición meridiana dunha serie de aliñacións montañosas que discorren en franxas paralelas, establece a transición cara ás serras setentrionais e a Mariña luguesa. A altitude decrecerá moito pola serra de Meira e os cumes apenas superarán os 1.000 m., de xeito que o contraste do relevo entre as elevacións das serras e os vales (de maior amplitude aquí respecto dos da parte central e meridional destas serras) producirá unha abundancia de terreos de asentamento por baixo dos 600 m. onde as características do medio montañoso van suavizándose e a penas se establecen diferenzas notables respecto doutras áreas das agras luguesas, tamén situadas sobre plataformas ou chairas que se desenvolven arredor desa cota como límite superior.

Debido a esta multiplicidade de posibilidades de asentamento, os núcleos foxen das elevacións ou das terras altas, como acontece pola serra de Meira, agás cando o relevo fortemente aplanado das mesmas acolle grandes "chaos" de montaña, formando praderías húmidas semellantes ás dos Ancares e tamén aproveitadas tradicionalmente para desenvolver actividades gandeiras, aquí máis favorecidas pola menor altitude dos cumes.


Na zona de Baleira os núcleos de montaña son moi pequenos e próximos entre eles, case sempre en emprazamentos de bocarribeira e de tipo linear. A semellanza destas terras, a medida que se baixa de altitude, coas dos vales e foxas luguesas da lugar a pautas evolutivas bastante parellas. Así, a difusión das actividades gandeiras, relativamente actualizadas, van mantendo unha certa vixencia da vida rural, en contra do habitual nas zonas illadas da serra.




A antiga aldea de Torviso (na páxina anterior) ao Norte da Fonsagrada, revela as súas características de asentamento de montaña nunha meirande concentración e densidade do casal, aínda cando, como é habitual nesta zona das serras, as vivendas non chegan a presentar medianeiras comúns coas veciñas. A planta das vivendas é sempre rectangular ou case que cadrada, con cuberta a catro augas, o mesmo que a dos hórreos, coas construcións auxiliares xa sexa apegadas á principal ou, máis polo común, individualizadas na propia parcela.

O núcleo recolle un extenso agro no contorno, que se desenvolve, ás veces, a partir de grandes parcelas dependentes directamente da implantación da explotación familiar adxacente, a xeito de coroa exterior á vivenda.

Pola ribeira meridional do río Suarna, como é o caso de Ernes, en Negueira de Muñiz (á dereita, planta a escala 1:2000) os núcleos dispoñían dun área de cultivo máis reducida e menos recursos que as da ribeira oposta, circunstancia que caracteriza unha maior concentración e densidade dos núcleos, aínda mantendo a tendencia de consolidación a partir de vivendas familiares illadas e de volumetrías ben definidas, cunha certa influencia xa das tipoloxías da veciña rexión xeográfica asturiana.





2.4. AS SERRAS SURORIENTAIS

O encaixado e profundo val do río Sil, ata a súa desembocadura no Miño, define con claridade o ámbito das serras situadas máis ao Sur de Galicia, constituíndo, ademais, o seu límite coas serras propiamente orientais. O macizo de Trevinca, separado co contiguo de Manzaneda e serra de Queixa acolle as maiores elevacións do conxunto das serras galegas, co seu teito máximo en Pena Trevinca, con 2.124 m. de altitude.

O macizo de Manzaneda configura o sector central desta área, quedando constituído polas serras de San Mamede, O Burgo, Queixa, As Corzas e os montes do Invernadoiro, separándose pola serra de Penas Libres e a foxa de Monterrei das montañas que, cara ao sector occidental, forman a fronteira con Portugal, divididas á súa vez, polo percorrido do río Limia e a planicie de antigo ocupada pola lagoa de Antela.

No percorrido de Norte a Sur desta área xeográfica e paisaxística diferenciada, desde o extremo meridional do concello de Montederramo, o Fial das Corzas, ao noreste de Laza, e os montes do Invernadoiro ou as elevacións avanzadas das serras de Queixa e San Mamede, irán acompañando o perímetro das terras baixas de Laza, Castrelo do Val e Riós, ata acadar o contorno da serra das Penas Libres por Vilardevós, no extremo Sur desta área, marcando xa a fronteira con Portugal deica o concello da Mezquita, establecendo, este último, o contacto coa provincia de Zamora.

O clima oceánico de montaña presenta aquí unha variabilidade característica que diferencia as zonas de altitude, con maior pluviosidade e invernos con neve, respecto das terras baixas da Limia, Monterrei ou do Bolo, que tenden ao clima continental.

A densidade de poboación diminúe ata límites moi baixos nalgúns zonas desta área, destacando o caso do concello de Manzaneda, non tanto polas características específicas do modelo de poboamento ou unha incidencia maior dos procesos de abandono e migración, senón máis ben como consecuencia da importante representatividade superficial que adquiren nestas serras os terreos improdutivos, imposibilitando calquera tipo de antigo asentamento nesas lugares.

Tanto no caso dos núcleos do extremo meridional do sector central destas serras, como no Norte, na transición cara á Mariña luguesa, a suavidade do relevo e a presenza de amplas áreas cultivables, xustifica un certo espallamento dos asentamentos, case que sempre moi pequenos e de estrutura sinxela, seguindo os camiños principais.

Calquera accidente topográfico, ou mesmo a presenza dun agro pechado (unha cortiña) como no caso do Couso e O Castelo (páxina anterior, planta a escala 1:2000) fai que a agregación tradicional deixe libre de ocupación ese contorno, dando lugar a conxuntos polinucleares coa edificación máis espallada.

2.4.1. OS NÚCLEOS DO MACIZO DE TREVINCA E SERRA DE PENAS LIBRES (SECTOR ORIENTAL E SURORIENTAL)

O relevo deste sector das serras é, polo regular, bastante contrastado entre os altos cumes suavizados pola erosión e as ribeiras dos vales, quedando marcadas as terras en altitude por unha habitual improdutividade do solo, circunstancia que xustifica a total ausencia de poboamento nesas áreas. A aridez estival, como característica diferencial destas terras, fai depender, en maior medida, a localización das antigas aldeas, da proximidade dun curso de auga, diminuindo a presenza dos núcleos rurais tradicionais canto máis ascende o nivel de cota cara aos cumes.

Como situación complementaria, a topografía non adoita ser tan restritiva como nas serras orientais e incluso aparecen amplas superficies aplanadas en altura pero nun nivel de cota inferior, a xeito de mesetas, nas que se desenvolve unha estrutura agraria que apenas amosa diferenzas respecto das terras baixas próximas.

Os núcleos rurais ocupan aquí, case que sempre, un emprazamento de bocarribeira, acompañando o percorrido dos afluentes do Sil, que discorren perpendicularmente ao seu curso e cun curto percorrido desde a proximidade dos cumes da serra, fuxindo dos lugares con maior altitude (sempre por baixo dos 900 m.) e favorecidos polas pendentes menos acusadas dos montes, buscando niveis en plataforma, nos que resulte doado dispoñer dunha coroa relativamente ampla de solo cultivable adxacente, ás veces achegándose á veiga pola improdutividade dos terreos de ladeira.

As agregacións están formadas sempre por vivendas de moi pequeno tamaño, polo regular, de dúas plantas de altura e acceso exterior mediante escaleira que desemboca nun patamal ou corredor, ás veces pechado para ampliar o espazo do piso alto de habitación, tendendo sempre a achegarse unhas ás outras, formando conxuntos entre medianeiras que dan lugar, polo regular, a aldeas de tipo mononuclear e moi compactas, cun perímetro ben diferenciado (aínda que moitas veces irregular) respecto do contorno agrario exterior. A irregularidade destes bordes respecto dos exemplos das aldeas do sector central das serras orientais, deriva da propia conformación dese perímetro, sempre a partir do crecemento seguindo un rueiro ou arredor dunha encrucillada de camiños, dende a cal van espallarse as vivendas acompañando as servidumes de relación co territorio circundante.


O incremento da mobilidade territorial cara ao Este, polo concello de Carballeda, fai que, aínda cando os núcleos sigan o percorrido e a proximidade dos cursos de auga que baixan da montaña, as localizacións teñan unha maior diversidade, con predominio dos asentamentos de bocarribeira, nun borde de plataforma, pero tamén con emprazamentos de veiga ou mesmo de confluencia.

Pola vertente Sur da serra do Eixe, ocupando grande parte do concello da Veiga, esténdese unha plataforma elevada onde as partes altas, sempre aplanadas e suavizadas pola erosión, van alternándose con vales relativamente afundidos. As antigas aldeas desta zona, buscarán posicións de fondo de val ou de bocarribeira, ás veces enriba do paso dun río, na confluencia das vertentes, fuxindo das abas das serras que delimitan o contorno e deixando libres grandes áreas improdutivas, polo regular marcadas polo afloramento das rochas dos cumes máis erosionados.


Os núcleos rurais, sempre concentrados e bastante compactos, xa de certo tamaño e relativamente próximos entre eles, van tender a constituír, cada un deles, unha única entidade parroquial, conforme cunha pauta común de certas zonas do interior ourensán. En particular, nas cabeceiras parroquiais, a dimensión dos núcleos rurais tradicionais faise maior e, con certa frecuencia, inclúe varios barrios diferenciados, dando lugar a agregacións de tipo polinuclear, separadas por pequenas áreas libres de edificación que permiten recoñecer as distintas partes, case sempre cun topónimo diferenciado que define a súa propia configuración respecto do conxunto.

O sistema de relacións de tránsito, como antigo lugar de paso cara á Meseta ou Portugal, itinerario de peregrinos e arrieiros, caracterizará historicamente a disposición e morfoloxía de moitos dos asentamentos dos concellos da Mezquita, A Gudiña ou Riós, algúns deles amosando na súa toponimia esa estreita relación cos camiños de paso (A Venda da Capela, A Venda do Espiño, Pousada, Portocamba, etc.). En todos eles, a estrutura interna revelará a dependencia da traxectoria do camiño como eixo principal de formación do núcleo.

Por Riós e Vilardevós, os núcleos tradicionais amosarán semellanzas evidentes cos das terras baixas de Laza, Monterrei ou Verín, aínda cando teñan permanecido máis libres da nova dispersión.



A Fervenza, no concello do Barco de Valdeorras (arriba, a escala 1:2000) presenta as características típicas dos asentamentos rurais tradicionais da montaña nesta zona das serras, formando unha agregación que se distingue con claridade do seu contorno agrario e que se achega ao corte tipográfico que define o rápido descenso do río. O casal vai enlazándose seguindo o patrón en estrela dos camiños de relación.



Unha maior diversidade na orografía e, como consecuencia, tamén nas características da rede hidrográfica, fan que por Carballeda os núcleos rurais tradicionais, aínda procurando plataformas de bocarribeira preto do fondo dos vales, adopten emplacements diversos. No caso de Domiz (no plano da esquerda) a suavidade do relevo onde se asenta permite desenvolver un contorno de cultivos que aproveitaba as pendentes e orientación máis favorables.

O abandono desfiigura, moitas veces, as características de integración territorial que tiveron eses núcleos ou a lectura conxunta do seu marco paisaxístico. Os ocos entre vivendas, máis que patios ou espazos baleiros, son o resultado do derrubo de edificacións entre medianeiras, e o arboredo da coroa boscosa, acaba recuperando antigos terreos de cultivo, facendo percibir como máis reducido o espazo agrario orixinario.



A Hedreira, no concello da Veiga, na procura dunha posición de bocarrabeira, sitúase nun esporón saínte, ao pé das rochas dun monte, de tal xeito que a topografía e a formación dun rueiro de paso do río, van condicionar a morfoloxía da agregación.

As vivendas desenvólvense apegadas unhas ás outras, cun tamaño cativo e tamén, nalgún caso, pechando a rúa principal cun corpo que salta cara ao outro lado, deixando un paso cuberto, como adoita ser común na edificación propia das serras.



No concello da Mezquita, o núcleo rural de Cádavos (á esquerda, a escala 1:2000) reflicte as características comúns das agregacións rurais deste ámbito específico das serras surorientais.

Os asentamentos forman agregados compactos e xa de certo tamaño, que van espallándose cara ao exterior seguindo rúas e camiños, de tal xeito que a tendencia a formar conxuntos de planta concentrada, case que circular, acaba por modificarse, tanto pola maior suavidade do relevo, como pola irregularidade dos límites cando van medrando para formar novas aliñacións.

Os espazos internos, delimitados por múltiples agrupacións de vivendas, que se xuntan unhas coas outras polas súas paredes medianeiras, outorgan unha grande variedade e complexidade espacial a estes núcleos, facendo que a súa estrutura sexa semellante á dunha pequena vila e incluíndo, ás veces, largos ou pequenas prazas que conectan as rúas entre elas.


Polo Sur desta zona, preto xa da fronteira con Portugal, as antigas aldeas evitan a parte alta da serra de Penas Libres, en tanto que, cara ao Norte, van internándose na serra da Udriñeira e nos montes de Piornedo seguindo os vales e buscando empraamentos ben orientados.

O perímetro concentrado dos núcleos rurais desta área alóngase seguindo os camiños de relación exterior. Os camiños tiran do construído formando aliñacións ou pequenos agregados pechados (en ausencia da incidencia dos novos procesos de dispersión mediante vivendas illadas) dando lugar a morfoloxías en estrela que expanden un núcleo denso interior.

Ao longo desta área vai materializándose a transición entre a zona de montaña onde predomina o teito de lousado na edificación tradicional e a que da paso á cuberta de tella, seguindo unha liña que se estende polos concellos da Gudiña, A Mezquita ou Vilardevós para chegar ás terras de Laza, onde conviven ambas as dúas solucións, en tanto que ao Sur de Vilardevós, a tella pasa a ser o único material de cobertura, coincidindo cunha antiga área de difusión do teito de colmo.

Á dereita, Vilarello da Cota, no concello de Vilardevós é un exemplo das agregacións rurais específicas desa área, sempre moi compactas e co casal estendéndose cara ao exterior en conxuntos entre medianeiras, debuxando uns límites sempre por definir, cu perímetro totalmente irregular e unha complexa estrutura interna. As antigas aldeas teñen xa unha certa magnitude e, polo regular, cada unha, constitúe unha única entidade parroquial, tal como vai ser común nas zonas próximas de Verín, Monterrei ou Laza.





2.4.2. OS NÚCLEOS DO MACIZO DE MANZANEDA (SECTOR CENTRAL)

Esta área, que inclúe as serras de San Mamede, Queixa, O Burgo, o Fial das Corzas e os montes do Invernadoiro, amosa unha grande extensión das terras de montaña en altura, de aspecto masivo e ondulado, onde os solos improdutivos dos cumes e o elevado grao de inclinación das abas, limitaron as posibilidades de localización dos asentamentos de poboación.

Contrastando co relevo aplanado das plataformas de altura que se estenden por Vilariño de Conso, Chandrexa de Queixa ou cara á Pobra de Trives, ábrese toda unha sucesión de vales afundidos de escasa amplitude.

Conforme con esta diversidade morfolóxica da orografía, na que existe unha grande variación en altura entre o fondo dos vales e os cumes da montaña, a climatoloxía, aínda dentro do dominio oceánico de montaña, vai presentar variantes notables.

O mesmo que acontece co clima e o relevo, a litoloxía do macizo de Manzaneda amosa tamén unha relativa diversidade por zonas, que vai do predominio das rochas graníticas ata a presenza maioritaria de xistos ou lousa, circunstancia que se traduce nunha variedade evidente na imaxe dos núcleos a partir do emprego deses materiais na construción tradicional, destacando, en particular, o paso dos teitos de lousado á tella como material de cobertura a medida que se produce o desprazamento cara ao Oeste, pola serra do Burgo, en dirección a Maceda, ou polo Sur, cara ás terras baixas de Laza e Verín.


Por baixo das plataformas aplanadas de altura, as antigas aldeas dispoñen de moi pouco espazo e dun reducido abano territorial para asentarse.

A medida que o reducido do largo dos vales resulta condicionante, as antigas aldeas adquiren a típica forma lonxitudinal, formando un rueiro e procurando optimizar a ocupación do terreo ao longo dunha liña de cota que garanta unha boa orientación.

Cando, en ocasións, os terreos de depósito aluvial, sempre na confluencia deses vales afundidos, deixa lugar a unha plataforma baixa de maior amplitude, os asentamentos na veiga repetirán o tipo polinuclear que caracteriza a boa parte desta zona.

Por terras de Manzaneda, estes pequenos núcleos tradicionais, cando se dispoñen na superficie de aplanamento, o mesmo que vai acontecer por Montederramo ou cara á Pobra de Trives e Maceda, van ser modificados na súa estrutura, favorecidos por unha mellor accesibilidade territorial, estendéndose xa con crecementos importantes de vivenda illada ao longo das estradas.

A penetración dos vales na montaña, afundíndose na orografía e deixando escaso terreo de veiga, fai que os asentamentos tradicionais, como no caso da Teixeira (á esquerda) a penas constitúan máis que un rueiro, apertándose na liña da pendente e consumindo o casal o mínimo espazo para liberar o máximo de terreos aluviais na beira do río.




Unha grande maioría dos núcleos rurais desta zona buscou emprazamento nas amplas plataformas de altura con relevo suave que se estenden por Maceda, Manzaneda, Montederramo ou Vilariño de Conso. Cando, como no caso de Nogueira, no concello de Montederramo (plano da esquerda) o asentamento ocupa unha pequena elevación, polo regular correspondéndose cun afloramento rochoso que serve de apoio aos fundamentos da edificación e carece de valor de cultivo, a forma en planta da antiga aldea constituirá un conxunto aglomerado de tipo concéntrico, do que irradian os camiños de relación exterior e as servidumes agrarias.

No caso de Placín, no concello de Manzaneda (á dereita, no plano da páxina seguinte) o emprazamento nunha pequena elevación e a planta radial que deriva da acomodación á orografía, conforma unha estrutura algo máis complexa pola súa maior dimensión.

Unha primeira dispersión máis antiga forma ringleiras de casas á beira da estrada como novo eixo de crecemento, seguindo o nivel de aplanamento que a aldea tradicional reservou de inicio polo seu valor agrario. A nova dispersión, en forma de construcións illadas avanza sen limitacións entre a estrada e o núcleo orixinario, mudando totalmente a perspectiva de acceso deica unha antiga capela como porta de entrada ao mesmo.





Algunhas das antigas aldeas do concello de Laza case sempre grandes e algo lonxe unhas das outras, acadan, na súa expansión, formas en planta dunha gran riqueza espacial, e unha estrutura interna semellante á dunha pequena vila.

No caso de Toro (esquema da parte esquerda a escala 1:2000) un percorrido lonxitudinal da lugar a distintas rúas en espíña de peixe, sempre case que **totalmente consolidadas por conxuntos edificados entre medianeiras de aliñación moi irregular**, como calquera outro tecido urbano denso.

En ocasións, igual que noutras vivendas características das serras, a edificación salta dun lado ao outro da rúa, cubrindo parte do espazo público e proporcionando unha maior diversidade e orixinalidade á paisaxe urbana interior.

Ao tratarse dunha zona de transición entre a cuberta de lousado e a de tella, ambas as dúas solucións de teito aparecen presentes agora no conxunto edificado.

2.5. AS CHAIRAS, FOXAS E SERRAS OURENSÁS

No seu conxunto, esta grande área paisaxística complementa o contorno das serras surorientais polo Sur da provincia de Ourense, entre as terras de Maceda e Monterrei e a fronteira portuguesa, seguindo os montes do Xurés, da Pena e Larouco como perímetro meridional.

Como comarcas interiores, esta rexión comprende a totalidade territorial das da Limia e Baixa Limia, así como a meirande parte das de Allariz e Maceda. O conxunto montañoso de Cabeza de Meda e a transición cara á serra do Burgo, pechando o límite noreste, recolle a parte meridional da Terra de Caldelas, incluíndo boa parte do concello de Montederramo e o borde máis meridional dos de Castro Caldelas, Esgos e A Teixeira.

2.5.1. OS NÚCLEOS DAS SERRAS DO SUROESTE

As terras baixas de Monterrei e do val do Arnoia, xunto coa fronteira portuguesa, delimitan o contorno do sector suroeste destas serras ourensás. A fractura incisiva do val do río Limia, que vai estreitándose cara á fronteira da chamada “raia seca” desde a súa orixe na antiga lagoa de Antela, divide en dúas zonas este conxunto montañoso, que vai descendendo en altura cara ao interior da provincia.

A relación ccoas terras do outro lado da fronteira ten aproveitado a histórica presenza das vías romanas que viñan de Braga pasando por “Aquae Flaviae” (a actual vila portuguesa de Chaves) conforme a percorridos que foron máis tarde recollidos polo Camiño Meridional a Santiago, converténdose nun nexo de unión territorial que xustifica a localización e desenvolvemento de moitos dos asentamentos de poboación nesta área.

Tanto no clima como nas características de ocupación do territorio, esta zona ten semellanzas evidentes coa variabilidade que amosan tamén as serras surorientais entre os asentamentos de altitude e os das partes baixas.

No tocante á morfoloxía das antigas aldeas, o curso do Limia marcará o paso das aldeas relativamente grandes e situadas a unha certa distancia entre elas, cara ao predominio das pequenass agregacións, aquí sempre compactas e bastante densas, agás no caso de que teñan incidido nelas os habituais procesos de dispersión exterior.

A partir da vertente occidental da serra de San Mamede prodúcese, tamén aquí, unha transición entre a cuberta de lousado e a de tella (pola ausencia de xistos ou lousa na zona) substituindo ao antigo emprego do colmo como solución que aínda era común de antigo nalgunhas áreas da serra de Leboreiro.

A suavidade do relevo e a amplitude superficial das plataformas aplanadas, en particular nas terras baixas de Monterrei e Verín ou da Limia, favoreceu neses contornos a difusión da agregación catastral mediante os procesos de concentración das propiedades agrarias, circunstancia que, ademais de mudar totalmente o esquema de relacións territoriais entre os antigos asentamentos de poboación, establecerá uns límites xeométricos dos núcleos que, moitas veces, entran en conflito coa súa propia estrutura interna e teñen servido como elemento de urbanización engadido que facilita crecementos dispersos.

Neste sentido, poden existir, nalgúns concellos, notables diferenzas entre os núcleos dos vales ou das terras baixas e os das elevacións das serras, non soamente no nivel de conservación das tipoloxías tradicionais, senón tamén na propia estrutura catastral e na configuración dunha nova paisaxe agraria racionalizada, segundo se teñan difundido os procesos de concentración parcelaria, sempre de máis fácil aplicación sobre solos rústicos que presenten menores condicionante orográficos.


O relevo aplanado, ben sexa en plataformas de altitude ou na veiga, caracteriza a boa parte dos concellos de Verín, Monterrei, Ombra ou Cualedro, onde as antigas aldeas son, polo regular, de tamaño grande, mononucleares, densas e situadas a unha certa distancia unhas das outras.

Xa desde Calvos de Randín, a meirande representatividade superficial na ocupaación do territorio que teñen as áreas montañosas obriga aos asentamentos a penetrar na serra da Pena, seguindo as fendaduras dos regatos que baixan polas abas, buscando contornos alombados de bocarribeira e aproveitando plataformas de menor pendente para desenvolver os terreos de cultivo. Esa mesma situación reproducese no concello de Muíños, cunha concentración de aldeas, sempre de tamaño pequeno e próximas unhas das outras, nun espazo reducido (minguado aínda máis hoxe en día pola construción de grandes encoros como os de Salas ou das Conchas).

Por Bande, o relevo vai suavizándose algo máis e as pequenas aldeas tradicionais, ás veces polinucleares, van dando paso, nos límites co concello de Rairiz de Veiga, ás grandes agregacións rurais de tipo compacto que caracterizan á zona da Limia, como acontece xa no caso de núcleos como Sarreaus, Pereira ou Gúin, e dos que constitúe un exemplo singular o asentamento de Congostro, cun desenvolvemento histórico moito máis relevante que o da propia capitalidade municipal e co carácter dunha pequena vila.

En contra da tendencia habitual en toda a zona de evitar as pendentes da montaña e asentarse nas agras das plataformas das terras baixas ou das chairas de altitude, a agregación rural das Mercedes (á dereita a escala 1:2000) queda encaixada nunha confluencia de vertentes no estreito val do río Baldriz, nunha veiga de moi curta amplitude na que desenvolvía os campos de cultivo e praderías, confinando a superficie de cereal nunha plataforma superior lonxe do núcleo.

A súa morfoloxía típica de pequena aldea de montaña opónse ao modelo das grandes agregacións rurais e compactas do resto do concello de Cualedro.





Congostro, en Rairiz de Veiga (plano da esquerda) ér-guese enriba dun saínte alombado, nun característico emprazamento de bocarribeira que deixaba libre de ocupación a veiga baixa, que descendía con suavidade cara ao borde da lagoa e o val da Limia.

A antiga estrutura do núcleo forma un conxunto de perímetro ovalado, seguindo a propia orografía do terreo, e foi medrando cara ao exterior a partir dunha consolidación central inicial. A apertura dos espazos destinados ás airas, nas que tamén se agrupan os hórreos, vai conformando baleiros internos que son envoltos sucesivamente pola edificación, dando lugar a un tecido construído dunha grande riqueza e variedade.



Os campos de hórreos que se levantan, polo regular nesta zona, nas “airas” comunais, aproveitando os veciños o emprazamento ventilado e ben orientado das mesmas, pola súa situación nos bordes ou no medio das agregacións, lixeiramente elevados, dan lugar a núcleos de perímetro máis difuso e menos compactos. O cultivo do millo, en oposición á rotación do centeo que caracterizaba á rexión oriental deste sector, establece así diferenzas no tecido edificado, complementadas pola aparición de patios anexos á vivenda, favorecidos por unha climatoloxía diversa nalgúns dos vael e no extremo suroeste da provincia.

Neste tipo de asentamentos, como no caso de Venceás (á dereita, a escala 1:2000) no concello de Entrimo, unhas poucas novas vivendas, pola súa condición illada, poden desfacer a unidade formal e ambiental do antigo conxunto.

Morgade, no concello de Xinzo da Limia (á dereita, na páxina seguinte, plano a escala 1:2000) é outra das antigas aldeas que se achegan á liña da creba da plataforma da chaira, emprazándose na beira occidental dun antigo castro, ao pé da elevación.

A estrutura máis antiga do núcleo forma un recinto alveolar, de planta sensiblemente ovalada, onde o tecido adquire unha morfloxía moi compacta. O crecemento foi formando expansións en liña, en forma de estrela, seguindo os camiños principais e abrindo unhas servidumes perpendiculares que van subdividindo as propiedades orixinarias para poder edificar novas vivendas cando fora preciso.

É de destacar como as hortas na proximidade das vivendas repártense conforme a tamaños que poderían, de ser o caso, tamén acoller a vivendas entre medianeiras. Estas circunstancias, que condicionan as formas do parcelario, deben ser entendidas polo planeamento cando delimita espazos a construír e asigna tipoloxías.



2.5.2. OS NÚCLEOS DA LIMIA

O ámbito das terras baixas da foxa da Limia sitúase algo por enriba da cota 600 e abarca unha ampla zona no centro desa comarca, arredor do concello de Xinzo e incluíndo, en distinta medida, os bordos dos de Trasmiras, Sarreaus, Vilar de Barrio, Sandiás, Vilar de Santos, Rairiz de Veiga, Porqueira, Os Blancos e Baltar. Por Bande e Porqueira, o val do río Limia vai pechándose e dando paso á Baixa Limia, ámbito comarcal que xa manifesta unha diferenciación orográfica marcada respecto do anterior.

O desecamento da lagoa de Antela, a principios do século XX, para a utilización agraria dese solo, fai que hoxe en día, a estrutura do poboamento tradicional teña perdido a referencia espacial respecto do condicionante da existencia dunha lámina de auga, tanto para a localización dos asentamentos fóra do contorno asolagado, como pola necesidade de desenvolver no contorno dos núcleos unha coroa de agramas nas mellores condicións topográficas.

Polo regular, as antigas aldeas da Limia amosan un tamaño superior respecto da media galega, aínda que vai ser o propio territorio a variable que máis condicione o tamaño final das agregacións. Deixar libre de ocupación as terras baixas vai forzar unha maior proximidade entre núcleos, de xeito que a parroquia incluíra, moitas veces, ata dous e tres núcleos de distinto tamaño, fronte á tendencia nesta zona meridional de Ourense de facer coincidir o núcleo coa entidade parroquial.

Cando se sitúan na veiga, procuran asentarse nun resalto que permita fuxir do risco de asolagamento, dando lugar, ás veces, a conxuntos polinucleares que ocupan eses pequenos cambios no relevo e deixan baleiros entre as agrupacións.



Penouzos, en Vilar de Barrio (á esquerda) queda emprazado nunha típica posición de bocarribeira. Trátase dunha agregación pechada máis compacta na parte que sigue un rueiro (moitos destes núcleos van estruturarse seguindo o Camiño Meridional a Santiago ou derivacións que enlazan con ese itinerario) e máis aberto nos seus bordes, como é habitual nesta zona, tanto pola presenza de airas comunais, como por seguir o crecemento exterior pautas máis libres en épocas recentes.

Por Xinzo da Limia, as antigas aldeas que se emprazan no borde da chaira, achegándose á liña onde comezan as elevacións que a delimitan, aproveitan a topografía para definir unha morfloxía sempre relacionada coa disposición das curvas de nivel.

No caso de Faramontaos (á dereita, na páxina seguinte) un esporón ou pequeno saínte lixeiramente elevado, da lugar a un conxunto interno de planta oval, de antiga orixe, do que irradia a rede de camiños, agora seccionada polas novas pistas da concentración parcelaria.

A relación lonxitudinal coa ponte medieval sobre o río, onde se formou outro pequeno barrio, sempre permaneceu libre de edificación, dependendo dun crecemento do núcleo inicial cara á fóra, unha tendencia que non siguen as novas vivendas illadas, nun proceso que remata por desfigurar o carácter concentrado e denso, vinculado coa paisaxe e a orografía sobre a que se asentaba a aldea orixinaria.



2.5.3. OS NÚCLEOS DA FOXA DE MACEDA

Centrada no concello do mesmo nome, a foxa de Maceda queda delimitada, polo seu borde oriental, pola serra de San Mamede, así como por unha sucesión de elevacións menores que a separan da Limia ou das plataformas en altura do concello de Esgos. Ocupa a veiga do curso alto do río Arnoia e os seus afluentes, formando unha ampla extensión de depósitos aluviais que teñen proporcionado unha alta fertilidade a esas terras.

O aproveitamento agrario desas veigas fértiles sempre levaría ás aldeas tradicionais a emprazarse nas pequenas oscilacións do relevo, para achegarse a posicións de ladeira, en costa ou no paso dun río, reservando de ocupación o máximo de terreos con potencialidade agrícola.

Por Xunqueira de Espadanedo o territorio encáixase cara ao Norte, contra da base dos montes de Meda, nunha sucesión de pequenos núcleos que van espallándose pola atracción da cabeceira municipal, crescendo en diseminado arredor das estradas de relación coa mesma e seguindo as pistas de concentración parcelaria.

A estrutura territorial ten mudado, dese xeito a partir dos orixinarios núcleos pechados, formados a partir de aliñacións a rueiros, pasando a conformar conxuntos mixtos onde a vivenda illada xurde máis aleatoriamente, nunha posición libre no interior das parcelas agrarias e repetindo a ordenación xeométrica das novas parcelacións concentradas.

A sucesión de núcleos compactos e mestos e máis un reducido contorno de agras e coroas forestais vais repetíndose cara ao Oeste, por Paderne de Allariz, articulando todo este territorio e dependendo, no seu tamaño, da antiga amplitude do agro.




Moitos dos núcleos rurais de Paderne de Allariz, como no caso de San Xes (á esquerda, na páxina anterior e a escala 1:2000) van emprazarse nunha zona onde o terreo comeza a ondularse. Tamén é común que teñan unha estrutura linear ou ampliada en encrucillada.

Canto maior é a distancia deica as vilas que fan de cabeceira municipal ou ás estradas principais, mellor se conserva a súa morfoloxía orixinaria, destacando, en San Xes, a localización de dous campos de hórreos, un a carón da parroquial e outro no borde oposto da agregación, nunha aira lixeiramente elevada por enriba do casal.

Por Augas Santas, en Allariz, o relevo faise máis mo-vido e os núcleos como Laioso (á dereita) tenderán a formar agregados compactos e de perímetro case **que oval ou circular, ben definido respecto da coroa agraria que os envolve.**

As eiras ou espazos comunais van formar un tecido variado e con aperturas singulares. O cultivo do viño aparece xa nesta zona, cunha climatoloxía máis propicia, neste caso ocupando unha pequena ladeira orientada a nacente, buscando a mellor exposición solar nunhas terras pobres para acoller outro tipo de plantacións.




Cara ao Sur e Suroeste a altitude vai incrementándose, tanto por Baños de Molgas, como polo concello veciño de Xunqueira de Ambía, nunha zona onde algunhas antigas aldeas van emprazarse xa en situacións semellantes ás da comarca limiá.

Serán núcleos que tenden ás formas agregadas, moi compactas e que van medrando en tamaño a medida que se achegan ás vertentes da Limia, fuxindo dos terreos da zona afundida para xuntarse na beira das elevacións, xusto na liña de creba da pendente, algo máis afastados entre eles e sen ningún núcleo menor intercalado, agás os grupos de vivendas resultantes da nova dispersión.

Ao longo do concello de Xunqueira de Ambía, o relevo acolle unha maior mobilidade, con pequenos vales onde se asentaron as aldeas liberando terras de cultivo. Son núcleos de moi diversa configuración, que van desde as aldeas de pequeno tamaño ata agregacións maiores, sempre de perímetro moi irregular.

Polo Norte, onde o relevo vai sendo máis ondulado e gañando altura, as antigas aldeas tenderán a formar contornos máis compactos e tendendo a perímetros ovalados ou redondeados, como acontece pola zona de Augas Santas. O curso do Arnoia e a súa plataforma de veiga de relevo moi aplanado, vai dando paso ás terras de Celanova, do mesmo xeito que a configuración do poboamento vai adoptando un maior espallamento polo territorio, con núcleos inmediatos uns dos outros e que conforman conxuntos parroquiais con asentamentos enlazados.

Nesta situación, de novo, as agregacións pasarán a ter un perímetro menos definido e de maior irregularidade, apoiándose sempre na mínima estrutura dun itinerario ou dunha encrucillada.



Situada ao pé do Alto do Portelo, en xunqueira de Ambía, o asentamento do Covelo (arriba) desenvolvía os campos de cultivo na plataforma de bocarribeira, de relevo aplanado.

Estes núcleos, cando dispoñen de airas de certo tamaño, conforman unha estrutura de casal menos denso, alixeirada polos ocos que abren no tecido eses espazos comunais.

2.6. OS VALES FLUVIAIS

O territorio galego está percorrido por unha extensa rede hidrográfica que desauga segundo as dúas vertentes mariñas, a atlántica e a cantábrica, xa sexa seguindo as canles que forman as distintas rías e esteiros ou ben directamente no litoral conforme a múltiples ríos menores e regatos de escasa lonxitude.

Aínda cando, polo regular, as características climáticas dos vales fluviais principais son semellantes aos da zona xeográfica na cal se emprazan, existen ámbitos cun microclima peculiar ou específico, así como outros onde o propio percorrido dos grandes ríos desprazan con eles algunhas das características bioclimáticas propias doutras áreas polas que pasan.

A ocupación do espazo polo poboamento nos vales dos ríos principais non é allea ás pautas xerais que poden apreciarse en condicións semellantes da variada orografía do territorio galego, onde van alternándose constantemente elevacións e vales, seguindo unha rede capilar de ríos menores e regos.

En calquera caso, tanto a magnitude da dispersión, os novos crecementos ou a tipoloxía dos asentamentos tradicionais son moi variadas, dependendo tanto da morfoloxía de cada val, como das condicións climáticas favorables, das circunstancias históricas de fixación da poboación ou mesmo da proximidade e a influencia das principais áreas urbanas e do corredor industrial do litoral atlántico.

A configuración como corredores de unión entre a Galicia litoral e a interior que desempeñan algúns dos vales principais vai arrastrar con eles unha ocupación territorial tamén diversa que despraza novos crecementos.

2.7. OS VALES E A AGRICULTURA DO VIÑO

O feito de que, hoxe en día, o viño ocupe arredor dunhas 30.000 hectáreas en Galicia, ou o carácter sufrido destas plantacións, máis dependentes das condicións climáticas, humidade do terreo ou da exposición solar que da profundidade ou calidade do substrato das terras, fai que, na expansión histórica do cultivo das videiras teñan convivido dúas situacións ben diferenciadas. Por unha banda, a presenza de zonas nos vales fluviais onde a peculiaridade ambiental e a orografía deron lugar a paisaxes agrarias moi características polos labores da acción antrópica (aproveitamento das ladeiras formando muros en socalcos) ou a propia extensión como cultivo único que identifica boa parte do conxunto territorial en rexións como O Ribeiro, A Riberia Sacra ou Valdeorras, e por outra banda, a súa incorporación ao conxunto das compoñentes do tradicional mosaico produtivo do policultivo de subsistencia, de tal xeito que as viñas compartirán espazo, naqueles terreos máis acaídos para o seu cultivo, coas hortas ou o resto dos campos e prados, noutras áreas como O Rosal, Condado, Salnés, na proximidade dos núcleos rurais ou incluso alí onde a produción queda restrinxida case que exclusivamente ao autoconsumo, sen ningún tipo de recoñecemento polo seu volume e calidade.

Dentro das sucesivas fases históricas de avance e retroceso da superficie dedicada ao viño (entre as que non pode esquecerse a crise da filoxera) a concesión das denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas ten facilitado a creación dunha estrutura de comercialización

que supón un dos fitos de anovamento e recuperación de rendibilidade máis significativos do agro galego, con consecuencias inmediatas na rehabilitación económica de moitos núcleos rurais e na transformación de terras abandonadas ou os cambios de uso exclusivamente forestal, cos conseguintes cambios que esto vai supoñer na modificación das paisaxes aagrarias.

O viño vai gañando terreo ou recuperando antigas áreas de cultivo nunha nova fase de modernización, tanto na elaboración como na colleita, introducindo procedementos de mecanización e industrialización aos que eran alleas as plantacións tradicionais e que, ás veces, tamén deixan a súa pegada nas paisaxes (novas pistas para levar a maquinaria ata os socalcos, reconversión de solo forestal en viñedos, implantación dos grandes volumes edificadas das adegas cooperativas ou de grandes produtores, etc.).

O feito de non ter constituído o viño, polo regular, un monocultivo como base de subsistencia na antiga economía labrega e de que a súa produción, deica fai ben pouco, estivera fundamentalmente vinculada ás explotacións en minifundio habituais na estrutura do agro galego, ten como consecuencia que, moitas veces, os espazos que se precisan para a súa elaboración (adega, lagar) foran incorporados na volumetría ou ocupación en planta da vivenda propia da arquitectura tradicional de cada área xeográfica, ás veces sen máis que separar, na planta baixa, o espazo destinado á adega das cortes, ou substituír estas últimas polo conxunto de dependencias destinadas á elaboración e conservación do viño ocupando toda a planta baixa. Outras veces, sobre todo cando o viño é cultivado en socalcos sobre pendentes de difícil acceso, a adega situarase na área dos propios cultivos, sendo tamén unha instalación independente da vivenda por terras de Valdeorras, nun modelo semellante aos dalgunhas zonas da veciña Castela, onde as características xeolóxicas permiten construír un tipo específico de adegas soterradas, escavadas no propio terreo.

Ás veces, a configuración das antigas aldeas quedará bastante indiferenciada respecto doutras veciñas que non tiñan no viño un complemento representativo na súa base de subsistencia e as videiras quedan desprazadas a aqueles terreos en costa ben expostos da ribeira, en tanto que o núcleo do que dependen está situado bastante afastado das ladeiras e rodeado por un contorno de agramas semellante ao característico do policultivo tradicional.

As antigas modalidades de cultivo do viño, xa sexa en estaca, espaller ou parra, variando no seu porte dede a cepa baixa das terras máis áridas de Monterrei ou Valdeorras, ata as parras altas enriba de postes de granito do Rosal (aínda máis altas nalgunhas áreas do “alvarinho” portugués na outra beira do Miño) a diferenza dos cultivos herbáceos, impón o seu selo perenne na paisaxe, sobre todo porque na súa procura das boas exposicións cara ao sol, adoita emprazarse sobre enclaves territoriais ben visibles, como as pendentes de muros e socalcos da Ribeira Sacra ou do Ribeiro, ou estenderse ao longo de amplas plataformas nas chairas ou veigas de Valdeorras ou Monterrei.

Aínda cando o viño comparte o mosaico do policultivo tradicional, a elevación dos emparrados sobresaíndo do resto das plantacións para capturar a luz do sol, fai que destaquen as videiras entre o resto dos campos de cultivo, sobre todo pola vairación, no outono, das cores das follas das parras, constituíndo un elemento fixo na cobertura vexetal, semellante ás plantacións de arboredo e que marca o paso das estacións nesas mesmas paisaxes. Nesta situación, a modernización da estrutura produtiva do agro non ten porque ser incompatible, de facerse con tino, co mantemento dos valores da paisaxe rural ou mesmo coa conservación do patrimonio edificado.


2.8. OS NÚCLEOS RURAIS NOS VALES DO VIÑO

O carácter pechado de moitos dos principais vales fluviais ou as súas condicións climáticas específicas, favorecerán a especialización agraria dalgúns zonas xeográficas, como no caso dos vales encaixados do Miño e do Sil, tendo o cultivo do viño como base fundamental da súa tradicional estrutura agraria.

Esta orientación específica do agro cara ao cultivo do viño non significa que a maior parte das antigas unidades de explotación foran alleas ao resto do abano dos labores que constituían a base económica do antigo policultivo de subsistencia. Así, moitas das aldeas das comarcas do viño, que debían a súa riqueza a ese produto, non presentarán grandes diferenzas na súa morfoloxía ou estrutura interna respecto doutras do seu contorno próximo.

As diferenzas adoitan ser significativas, pola contra, na constitución da paisaxe dese mesmo contorno das aldeas. A particularidade das condicións do clima, altitude ou orientación que deben ter as terras para plantar as videiras, marcarán unha diversidade ambiental que, ás veces, ven acompañada pola materialización dos traballos de acondicionamento de terreo que se precisan cando este é en costa.

O emprazamento das antigas aldeas en posicións de bocarriba, procurando as vivendas o achegamento aos terreos de monte ou improdutivos, na liña da creba da pendente e soterrando unha parte da planta baixa para acadar unhas condicións estables de humidade e temperatura, habitualmente tamén apropiadas para dispoñer as cortes do gando, pasará a ser empregado en favor da instalación nesa planta inferior das vivendas do espazo necesario para acoller o lagar e a adega.



Denominacións de orixe:

- 1- Valdeorras
- 2- Ribeira Sacra
- 3- Monterrei
- 4- Ribeiro
- 5- Rías Baixas
 - 5.1- Val do Ulla
 - 5.2- O Salnés
 - 5.3- Soutomaior
 - 5.4- O Rosal
 - 5.5- Condado do Tea

Indicacións xeográficas dos “viños da terra”:

- 6- Val do Miño-Ourense
- 7- Barbanza-Iria
- 8- Betanzos

No mapa das denominacións de orixe e indicacións xeográficas dos viños galegos pódese apreciar a relación do seu emprazamento con ámbitos microclimáticos diferenciados, ao longo dalgúns dos principais vales fluviais, en particular, seguindo o curso do Miño e do Sil desde O Rosal ata Valdeorras.

Tanto a fragmentación minifundista da propiedade, como a reducida magnitude do mercado interno na antiga estrutura de comercialización do viño, cunha produtividade que, en moitos casos, non excedía a penas o ámbito do autoconsumo, fixeron que as esixencias de espazo na vivenda rural tradicional case que non sexan percibidas na constitución volumétrica final duns núcleos que, en non poucos casos, conviven cun mosaico de cultivos escasamente diferenciados, agás pola aparición das cepas ou parras, do resto do conxunto do agro tradicional.

Aínda así, sempre existirán certas diferenzas entre as rexións xeográficas ou as grandes áreas paisaxísticas que son percorridas polos vales fluviais, sobre todo, nese contorno máis preto das ribeiras, onde o cultivo do viño vai representar, ás veces, unha profunda transformación da paisaxe como consecuencia da actividade humana de adaptación das terras.

2.8.1. VALDEORRAS

Tal como queda recollido na definición xeográfica desta denominación de orixe, os núcleos rurais do viño de Valdeorras correspóndense coas áreas de produción vitícola dos concellos do Barco, A Rúa, Petín, O Bolo, Carballada, Larouco e Vilamartín de Valdeorras, no contorno do val do Sil, fortemente encaixadoo nalgún dos seus treitos e aberto na extensa foxa ou plataforma de veiga que se sitúa á altura do Barco. A transición cara á montaña faise presente, moitas veces, con certa brusquidade e a escasa distancia do propio dominio do val, restrinxindo en moito as posibilidades de cultivo das videiras, de tal xeito que, á marxe do curso do Sil, os viñedos van internándose cara ás primeiras elevacións do Courel ou da serra do Eixe soamente seguindo algúns dos estreitos vales secundarios que se desenvolven en dirección perpendicular ao principal, sobre todo naqueles que se abren cara á exposición ao mediodía (na beira Norte do Sil).

A morfoloxía dos núcleos do viño nesta área xeográfica tendde a ser de tipo bastante compacto, con variacións na densidade de ocupación do casal conforme coas distintas zonas e, principalmente, dependendo das condicións da orografía.

O paso do Sil por Larouco e O Bolo enlaza xa coa Ribeira Sacra, na parte máis meridional do concello de Quiroga, por onde discorre o río Bibei. Ao longo do concello de Larouco, o cultivo do viño esténdese na plataforma que coroa o percorrido afundido do Sil, nun nivel case que constante de altitude e que chega ata o río Xares. Os núcleos rurais tradicionais son, nese contorno, de tamaño relativamente grande e sitúanse algo afastados entre eles, sempre situándose na transición de pendentes nun terreo suavemente ondulado, achegándose aos terreos improdutivos de monte, ou mesmo ocupando unha pequena elevación de valor estratéxico. As agregacións son moi compactas, semellantes ás da montaña ou ás do veciño concello de Quiroga, con conxuntos de edificacións entre medianeiras que siguen o percorrido dos camiños nas encrucilladas, dando lugar a un perímetro sempre bastante irregular. Polo común, trátase de asentamentos de tipo polinuclear, que resultan da suma de dous ou máis barrios que case quedan fundidos pola súa proximidade relativa, pero nos que poden apreciarse sempre estruturas internas diferenciadas.

No Bolo, o río Bibei forma un val encaixado e tortuoso, no que os viñedos van ocupando as chairas erosionadas. As antigas aldeas, situadas en posición de bocarribeira, siguen a ser, polo regular, de tipo polinuclear pero máis bertas e menos compactas, de estrutura alongada, unindo dous ou

máis barrios iniciais que se diispoñen en relación directa cos itinerarios de relación territorial, nunha rexión onde o histórico valor estratéxico dos camiños e os puntos de paso dos ríos van articulando o espazo.

A foxa do Sil amosa de novo grandes contrastes orográficos no concello de Vilamartín de Valdeorras, onde o desnivel entre a veiga e as primeiras elevacións das serras é aínda maior, sobre todo na ribeira setentrional. A mobilidade do relevo desa vertente Norte queda marcada pola incisión de diversos ríos menores, favorecendo que o cultivo do viño penetre case que deica o contacto coa montaña. As antigas aldeas compartirán, polo tanto, na súa morfoloxía, certas semellanzas cos núcleos propiamente de montaña desa mesma zona.

Fronte ao emprazamento dunha pequena edificación illada de adega nos socalcos ou a implantación no baixo da vivenda, no concello de Vilamartín de Valdeorras, contabilizaráanse máis de 400 "covas" ou adegas tradicionais soterradas, formadas escavando nos terreos de sábreo das ladeiras, conforme cunha tipoloxía específica da rexión de Valdeorras.

Xa no concello do Barco, o cultivo do viño representará soamente unha porcentaxe mínima da superficie municipal, perdendo terreo na veiga baixa do Sil, onde o crecemento da vila e a expansión do urbanizado primarán sobre o mantemento dos tradicionais labores agrarios.

A presenza próxima da montaña, cunha forte diferenciación entre a parte chaira da veiga do Sil e o comezo das elevacións, cunha pendente que contrasta co aplanamento das terras baixas, fai que os asentamentos rurais do viño se acheguen, ao longo das parroquias de Santigoso e Cesuras, a posicións de bocarribeira, formando agregacións bastante compactas xunto a plataformas de ladeira onde a inclinación decrece e facilita desenvolver os cultivos. Ademais da característica posición de media ladeira, algúns núcleos de orixe antiga van asentarse tamén en enclaves territoriais e orográficos de valor estratéxico ou de control territorial, como nos casos do Castro de Valdeorras, Outarelo ou Vilanova de Valdeorras.

De novo a mobilidade do relevo e o carácter tortuoso das ladeiras avanzadas da serra da Agulla, fan que o val do Sil recolla unha plataforma de veiga moito máis reducida polo concello de Rubiá e no internamento dos vales secundarios do viño ao longo dos ríos Galir e Cigüeño, onde se acumulan os principais crecements dos núcleos cabeceiros, seguindo o antigo itinerario de paso cara á Meseta. Esta relación con antigas vías de paso, de orixe romana, conforma núcleos de certo tamaño, onde a dispersión e as novas vivendas inciden maiormente na expansión do tecido anteriormente consolidado.

Á marxe da pequena plataforma de veiga onde se asenta o núcleo de Pumares, na ribeira setentrional do Sil, a viticultura polo concello de Carballada esténdese, na vertente meridional, soamente ao longo do estreito val do río Casoio, pero ascendendo polas ladeiras do lado Sur ata cotas que se sitúan xa arredor dos 800 m., altitude a partir da cal os núcleos comezan a ter as características típicas das agregacións de montaña, sendo moito máis compactos e densos, cun perímetro ben definido e nos que, cando son polinucleares, as agregacións que os compoñen van identificarse con maior claridade que nos da parte media do val, onde os distintos barrios son máis pequenos e abertos, dispoñéndose máis dispersos entre o arboredo que conforma a súa coroa forestal.




A importancia que teñen nesta rexión os puntos de comunicación entre ribeiras (vaos, pontes, paso dos ríos) leva aos núcleos a descender polas ladeiras encaixadas do val deica o fondo do mesmo. No caso das Ermidas (plano da esquerda a escala 1:2000) no concello do Bolo, esa posición ven reforzada pola implantación dun importante santuario de peregrinaxe.

As fortes pendentes fan que o núcleo teña un carácter linear, seguindo a traza en zigzag do ascenso, encaixándose as vivendas contra da pendente, onde a rocha sae á superficie. Os socalcos do viño, en parte agora abandonados, estruturan o terreo seguindo as curvas de nivel. As antigas aldeas do Bolo teñen sempre un certo carácter aberto, seguindo o percorrido dos camiños, enlazando, por proximidade, diversos barrios.

A parroquia de Santa María de Mones, no concello do Bolo (no plano da dereita, na páxina seguinte), está constituída por dúas antigas aldeas próximas, como adoita ser común na zona. Os núcleos perden aquí algo do seu carácter compacto ao alongarse seguindo os camiños.

As plantacións das videiras revelan aquí, xa algo lonxe da veiga baixa de Valdeorras, o histórico proceso de avance e retroceso do cultivo do viño, mingando polo abandono do agro, e volvendo agora a recuperar terreos que, ás veces foran invadidos polo monte.






A rápida transición cara á montaña é un dos motivos de que a estrutura dalgúns núcleos de Vilamartín de Valdeorras, como no caso de Baxeles (plano da dereita, sempre a escala 1:2000) presenten semellanzas cos das serras, cun carácter concentrado e compacto, pero de perímetro máis aberto, seguindo os camiños.

O viño ocupa as ladeiras mellor orientadas e a edificación apoiase tamén nelas, en ocasións para construír, preto das aldeas, adegas escavadas nos ribazos, conforme a unha tipoloxía proia da rexión de Valdeorras.

Na ribeira meridional do Sil, polo concello do Barco, a plataforma da veiga reduce a súa extensión e as antigas aldeas achéganse á liña de creba da pendente, adaptando a súa forma á orografía do pé dos montes.

O núcleo de Vales (á dereita, na páxina seguinte) sitúase nun emprazamento de bocarribeira, aproveitando a orientación da parte alta da ladeira para dispoñer nela os cultivos do viño.



2.8.2. A RIBEIRA SACRA

Esta zona recolle as áreas nas que se cultiva o viño dunha serie de concellos estendidos ao longo do val do Sil entre as provincias de Lugo e Ourense, abarcando distintas comarcas. Aínda cando a viticultura era un labor agrario pouco representativo cando se ten en conta a extensión territorial total de algún destes concellos, o seu carácter fronteirizo ou de borde coa zona de ribeira dalgún ámbito da súa xeografía, fai que sexan incluídos no conxunto desa denominación de orixe. Esta circunstancia da lugar a que as ribeiras do viño formen parte de rexións caracterizadas polo dominio da montaña, con grandes contrastes ambientais entre as terras baixas e as de altitude.

Así, por Manzaneda, a viticultura desenvolverase case que sempre nos terreos situados por baixo dos 600 m. de altitude, nas ribeiras de Soutipedre, onde os cultivos do viño quedan afastados da antiga aldea e seguindo os vales que saen do Bibei, onde se produciu unha intensiva transformación das ladeiras mediante socalcos de escaso fondo que van acondicionando as fortes pendentes para plantar as videiras, fuxindo as antigas aldeas das inclinacións extremas destes vales encaixados. A distancia respecto dos cultivos e a dificultade do acceso, polo empinado das costas, levará, moitas veces, a edificar unha pequena construción apoiada nun dos muros dos socalcos para dispoñer o lugar e a adega.

Por Ribas de Sil, a meirande concentración de viños localízase na plataforma da veiga baixa, favorecida polas transformacións catastrais e a suavidade do relevo, en tanto que ao longo da ampla extensión territorial do concello de Quiroga, a conexión entre os vales encaixados e a montaña vai acoller unha grande variedade climática e ambiental.

Os viños de Quiroga, que xa tiñan certa sona no século XVIII, asentarán os seus cultivos hoxe en día na extensa foxa do val onde se sitúa a propia vila, aínda cando é tamén nesa zona onde a nova dispersión da edificación, favorecida pola concentración urbana da cabeceira municipal, vai transformando a estrutura tradicional do poboamento e gañando terreo ao solo rústico. Todo este ámbito comarcal, xa sexa na montaña ou polas terras baixas dos vales, vai ter unhas características ben definidas, tanto na morfoloxía das antigas aldeas, como na configuración da súa arquitectura tradicional.

A incidencia da paisaxe do viño como contorno dos asentamentos rurais tradicionais vai variar en toda a zona entre a proximidade da aparencia dos cultivos, que se aprecia nalgúns treitos da ribeira do Sil ou polos vales de Quiroga e do Lor, e o mosaico compartido de cultivos en núcleos con colleitas escasas, xunto coas pequenas áreas específicas de videiras sobre terreos algo afastados das aldeas e que case que sempre van emprazarse no interior dun perímetro de monte baixo ou solo forestal.

Nas encaixadas ladeiras do Sil, por Pobra de Brollón, entre curtos e afundidos regatos, ábrese tamén os claros de videiras, orientados ao mediodía da Ribeira de Val de Frades e O Peago. Trátase dunha subzona do Amandi na que o conxunto das antigas aldeas do viño sitúanse nunha plataforma aplanada por enriba do curso do Sil, afastadas da zona vitícola e no medio dun contorno de agro.

Xa por Castro Caldelas a influencia orográfica vai diminuír respecto da que amosaban os concellos lugueses da outra beira do Sil e os núcleos aproveitarán unha maior suavidade do relevo para colonizar os vales secundarios segundo unha rede de pequenas aldeas moi próximas entre elas, formando agregacións de tipo polinuclear bastante compactas na súa configuración orixinaria e, por evolución dos novos crecementos en diseminado, dan lugar a conxuntos en enxame xa nalgúns casos.

Os scalcos perdidos de pobos abandonados, como no caso de Fontao, dan paso, polo concello ourensán de Teixeira, aos cultivos de videiras nos vales interiores, ao longo das parroquias de Lumearas, Santa Tegra de Abelenda e Cristosende, procurando a orientación a mediodía e achegándose as viñas ás aldeas canto máis estas adoptan un emprazamento condicionado pola orografía.

Este dinamismo da topografía repítese polo concello de Parada do Sil, onde as aldeas do viño son sempre de pequeno tamaño, próximas entre elas e ocupando emprazamentos de grande singularidade territorial, en esporóns saíntes.

Cara a Carballedo, a ribeira queda marcada por un carácter máis encaixado e unhas pendentes pronunciadas, esta circunstancia determina aínda máis a localización dos asentamentos e o aproveitamento das ladeiras mediante socalcos cada vez máis estreitos.

Por Sober, na ribeira luguesa, un maior aplanamento da plataforma territorial favorecerá a conformación dun sistema de aldeas enlazadas entre si, de pequeno tamaño e, polo regular, de casal

denso e compacto, ás veces formando conxuntos de aparencia polinuclear pola propia proximidade das distintas agregacións.

No veciño concello de Pantón, o viño aséntase tanto nos vales do Sil e do Miño, como no do río Cabe. As antigas aldeas avanza aquí sobre saíntes da parte alta das ribeiras e desenvolven amplos contornos de socalcos na pendente das ladeiras. A partir de Freán, a medida que o val do Miño vai deixando ladeiras en costa orientadas ao mediodía, o aproveitamento das pendentes volve amosar un intensivo traballo de modelado do terreo en estreitos socalcos, que vai caracterizar a boa parte das ribeiras do viño no concello do Saviñao, onde as antigas aldeas volven quedar algo afastadas das videiras.

O concello de Chantada, á outra beira do río, acolle unha grande extensión de cultivos do viño, en tanto que xa por Belesar, a importancia desas explotacións teñen levado a unha certa reestruturación dos cultivos e a ampliación ou apertura de novas pistas de acceso.

Os núcleos rurais tradicionais, que van quedar, nestas últimas áreas, sempre algo lonxe das zonas de cultivo do viño, nun contorno menos accidentado, permanecen rodeados por una coroa de agras, característica do antigo policultivo, de xeito que, para a plantación das videiras van escollerse sempre eses outros lugares especializados, nas pendentes cara ao río.

Ao longo dos concellos de Paradela, Taboada ou Portomarín, que completan o ámbito recoñecido dentro da denominación de orixe da Ribeira Sacra, o cultivo do viño vai tornándose un recurso minoritario respecto das áreas da parte máis baixa do curso do Miño, agás na zona de contacto entre Taboada e Chantada, onde as antigas adegas tamén se dispoñían nas ribeiras dos socalcos.

A medida que a influencia orográfica e climática das serras vai avanzando cara ao dominio do val, as plantacións de videiras irán perdendo presenza, aínda cando eses concellos sigan a formar parte do mesmo contorno xeográfico diferenciado.

Os moitos mosteiros da Ribeira Sacra contribuíron á difusión na zona do cultivo do viño. Ademais, como no caso de Sobrado (á dereita, no plano da páxina seguinte e a escala 1:2000) no concello de Pobra de Trives, a súa presenza vai focalizar as relacións territoriais con certos núcleos veciños, transcendendo da súa funcionalidade exclusivamente rural.

A agregación, neste caso, vai estenderse ao longo dos camiños, con casas grandes ou pazos que, ao ter terreos delas dependentes, fan que a estrutura do asentamento sexa menos compacta e máis irregular. O cultivo do viño achégase ao núcleo ocupando unha ladeira orientada a sueste (orientación Norte cara á dereita no debuxo do núcleo).






Na comarca de Quiroga as antigas aldeas teñen unha morfoloxía específica que mantén semellanzas ao longo de todo o seu territorio, tanto pola proximidade das serras respecto do val, como pola uniformidade das técnicas construtivas tradicionais nesa zona.

Os núcleos do viño, como Montefurado (no plano da esquerda, a escala 1:2000) achéganse ao curso do Sil debido á presenza inmediata das primeiras elevacións do Courel.

A agregación, de tipo polinuclear pola fragmentación que provoca a amplitude dunha propiedade de grande dimensión intercalada, situada arredor da igrexa, vai medrar a partir dun asentamento situado máis ao Sur mediante vivendas illadas, debido á localización, nese punto, dun apeadeiro do ferrocarril.

A medida que as elevacións se achegan ao Sil, o relevo modera as súas pendentes e van xurdir pequenas agregacións que remontan as costas e ocupan esporóns saíntes ou altos na topografía inmediata do val, dominando un traballado conxunto de socalcos que van seguindo a traza das curvas de nivel no modelado do terreo, como acontece na Costrela (no plano da dereita) no concello de Parada do Sil.

Eses socalcos recollen tanto ás videiras como plantacións de castiñeiros onde a orientación é menos favorable. Por todo o concello de Parada os núcleos serán, polo regular, de tamaño reducido e irán enlazándose, por proximidade, na estreita franxa de relevo menos abrupto que se desenvolve na marxe do río.



2.8.3. O RIBEIRO

O ámbito de cultivo da denominación de orixe do Ribeiro inclúe a totalidade dos concellos da comarca do mesmo nome, así como os límites de Boborás, O Carballiño, Punxín, San Amaro, Ourense e Toén, tamén situados ao longo das ribeiras dos ríos Miño, Arnoia e Barbantiño. De todos eles quedarán, polas súas características orográficas e ambientais, fóra da grande área paisaxística das Ribeiras encaixadas do Miño e do Sil a totalidade do concello de Avión, a parte occidental de Melón e os concellos meridionais de Cortegada, Pontedeva e Padrenda, que participan tanto do contorno ambiental do Baixo Miño, como do das foxas ourensás.

Tanto nos casos de Avión e Melón, como no de Carballeda de Avia, o territorio presenta grandes diferenzas na paisaxe agraria tradicional e, sobre todo, na configuración dos núcleos rurais, de tal xeito que, por enriba da cota dos 600 m., como acontece por Carballeda de Avia en Vilar de Condes, As Fermosas, Os Prados ou As Ladeiras, os asentamentos amosan un contorno de cultivos e unha paisaxe agraria ben diversa respecto dos núcleos emprazados nas terras baixas, xunto aos campos en terrazas onde predominan as cepas das videiras.

Nestas zonas, como acontece no concello de Beade, o cultivo do viño avanza ao longo dun relevo bastante movido, que alteran terreos hoxe en día forestais nos que se abren os campos das videiras. Tanto a agregación de barrios en forma de conxuntos polinucleares, como o carácter bastante compacto e concentrado, cun perímetro ben definido, serán propios dos antigos núcleos rurais desta parte do Ribeiro. As vivendas forman agregacións nas que, aínda que non adoitan ocupar a totalidade da parcela, deixando espazo interior para pequenos patios ou terreos de cultivo, tenden a formar, xunto coas súas construcións auxiliares, rúas ben definidas mediante a continuidade das aliñacións exteriores e achegando unhas edificacións ás outras.

O concello de Leiro amosa esa mesma diversidade entre as ribeiras do Avia e a montaña, co fondo do val máis vinculado coa estrutura viaria de relación exterior e unha morfoloxía do poboamento máis espallada, en tanto que por Cenlle os núcleos tenderán a formar conxuntos polinucleares de bocarribeira, polo regular moi compactos e deixando espazos de cultivo sen ocupar entre eles.

Ni veciño concello de Ribadavia, a morfoloxía territorial forma unha ribeira encaixada polo achegamento das ladeiras do Faro de Avión, pero algo aberta nos terreos de veiga, concentrando a expansión linear do poboamento seguindo as beiras do Miño.

O mesmo que no caso de San Amaro, o concello de Punxín quedará xa incluído na comarca do Carballiño, aínda cando sigue a formar parte do contorno das ribeiras do Miño. O relevo máis montañoso desta zona dá lugar a unha certa diversidade nos núcleos rurais, con frecuencia pequenos e bastante compactos, polinucleares pero tamén con agregados pechados nucleares ben definidos e de certo tamaño, marcados pola orografía e a exclusión dos solos forestais ou improdutivos.

Ao longo de Boborás pode apreciarse xa a transición cara aos montes do Testeiro, con terreos de bocarribeira polos que vai internándose o cultivo do viño. As antigas aldeas tórnase máis peque-

nas e sitúanse próximas entre elas cara ao interior, diminuindo a viticultura como principal destino dos terreos agrarios.

Fronte ao predominio das agrupacións polinucleares, ás veces, como acontece ao longo de toda esta área, aparecerán asentamentos de tipo nuclear e cunha estrutura interna bastante compacta, sempre nestes casos, xurdida dos condicionantes da orografía, contrastando cos crecementos que se teñen producido ao longo das estradas.


A fractura do río Avia polo Carballiño marca a disposición do poboamento sobre a superficie territorial dese concello, onde a produtividade dos terreos de veiga ou a histórica concentración da actividade urbana no contorno da capital municipal, conforman un eixo de crecemento que avanza cara a moitas das antigas agregacións rurais da zona.

Na outra beira do Miño, Arnoia ou Castrelo están caracterizados por un rápido ascenso en altura da súa parte meridional, condicionando fortemente a ocupación do territorio polo poboamento. Fronte ao carácter espallado e á nova dispersión das ribeiras, as fortes pendentes do monte dan lugar a asentamentos en altura nos que predomina a morfoloxía bastante compacta, de perímetro irregular, moitas veces de tipo linear e adaptada a un esporón saínte, do que aproveitan a zona de crista para desenvolver as terrazas de viticultura nas ladeiras.

Polo concello de Toén, a diversidade entre a ribeira e a montaña é aínda máis marcada e o predomínio, nesta última, das superficies forestais, leva a un maior afastamento entre os distintos núcleos rurais, que perden tamén a vinculación primaria co cultivo do viño. Deste xeito, irán diminuindo as agregacións polinucleares, concentrándose máis as antigas aldeas cara ao interior e ocupando claros de cultivo entre os terreos de monte.

As agregacións de San Tomé, Ourantes e Rubiás, no concello de Punxín (plano da dereita, na páxina seguinte) son un exemplo das agregacións de tipo polinuclear do Ribeiro, formadas a partir da proximidade de pequenos asentamentos bastante compactos e espacialmente diferenciados, que quedan separados, moitas veces, pola reserva de terreos agrarios de especial valor ou pola existencia dunha **finca singular intercalada**.

O perímetro dos asentamentos, en ausencia de novos crecementos dispersos, queda sempre deslindado polo **continuo da edificación, da que, polo regular, soamente dependen pequenos patios anexos, sobre todo cando o ascenso en altura marca condicións de borde específicas**.






A antiga aldea do Tourón, no concello ourensán de Melón (no plano da esquerda a escala 1:2000 e na ortofoto da dereita, na páxina seguinte) aséntase nun esporón saínte e aliñada na creba da pendente ao pé dun monte. A súa morfoloxía revela esas características da orografía, como parte dos asentamentos xa propios das serras e amosando as diferenzas territoriais existentes na comarca do Ribeiro entre os núcleos do viño e aqueles outros, como neste caso, onde predominaba o policultivo tradicional.

O conxunto do borde oriental, agrupado e de perímetro case que circular, cun campo de hórreos na plataforma aplanada do cume do esporón, únese a un treito expandido ao longo da liña da pendente apertado contra dos terreos improdutivos do monte. Aquí, no borde da ladeira, é onde as vivendas amosan con máis claridade unhas características menos dependentes, na súa forma, coa construción entre medianeiras, sendo volumes sinxelos, de escasa fronte e habitualmente co seu eixo maior oposto á dirección das curvas de nivel.





A paisaxe rural das ribeiras é ben distinta respecto das terras altas nos concellos do Ribeiro. No caso de Saa, no concello de Carballeda de Avia o predominio das videiras no mosaico de cultivos faise evidente, delimitadas por terreos de monte que foi difícil transformar.

A agregación compacta do asentamento tradicional, vai estendéndose cara á estrada, aínda con edificacións de volumes sinxelos, pero máis dispersos.

O núcleo de Santo Estevo (á dereita, na páxina seguinte e á mesma escala) é un exemplo de asentamento nun esporón saínte, situación característica dalgunhas agregacións de Castelo de Miño, onde a morfoloxía das antigas aldeas vai adaptándose ás limitacións da topografía das ribeiras.

Pode apreciarse xa o absoluto predominio da viticultura no contorno propicio das ladeiras, onde soamente os campos abandonados e algunha pequena horta comparten o espazo agrario coas videiras.



2.8.4. MONTERREI

A denominación de orixe dos viños de Monterrei, situada ao sueste da provincia de Ourense, fai lindeiro coa fronteira portuguesa, estendéndose ao longo do amplo val e das terras baixas do Támega, abarcando os terreos de viticultura de distintas parroquias dos concellos de Castrelo do Val, Monterrei, Oimbra, Verín, Vilardevós e Riós, establecéndose, a partir da creación da mesma, dúas subzonas diferenciadas, que recollen a variación na localización das videiras, xa sexa na chaira do Támega, ou ben na plataforma elevada que se ergue por enriba dalgúns destes concellos.

Todo o contorno da denominación de orixe vai desenvolverse ao longo dunha fértil foxa fluvial, situada arredor da cota 400 e ocupando tamén un primeiro chanzo en altitude, tamén de carácter aplanado e bastante erosionado, como primeira transición cara ás elevacións das serras.

Na ocupación da ampla foxa tectónica, unha das zonas máis chairas da provincia, o contorno urbano de Verín, concentrando o fluxo de relacións comarcais, ocupa xa unha grande extensión de terras ao Norte do concello, enlazando coas antigas aldeas do seu ámbito de influencia. Por aquí o cultivo do viño vai sendo maioritario no conxunto do agro e alárgase por toda a veiga, incluíndo xa edificacións intercaladas que van seguindo o crecemento da vila ao longo das estradas.

Moitos destes núcleos rurais da veiga revelan a súa orixe vinculada ao paso do Camiño Meridional de Santiago, situándose na plataforma baixa e seguindo a traza dese percorrido. Son asentamentos grandes pero que sempre teñen un perímetro irregular, ás veces incluso polinucleares, pero, polo común, adaptadas a traza dese percorrido polo seu interior.

Pola contra, as aldeas do contorno da veiga, aínda cando nalgún caso tamén se vinculen a itinerarios locais ou de paso da fronteira, van seguir o patrón de emprazamento habitual na zona, achegándose ás primeiras elevacións, xusto no punto onde se produce a creba da pendente e adaptándose á topografía nese ámbito, liberando ao máximo o espazo de fertilidade da veiga do Támega ou dos seus afluentes.

A subzona do Val de Monterrei esténdese nese concello en dirección noroeste, por terreos situados na veiga aplanada de varios ríos menores que conflúen no Támega, onde agás algúns viñedos que se asentan en terrazas sobre a pendente, os cultivos das videiras quedan sempre na veiga que se estende ao Sur, enlazando con Albarellos, outra aldea que adopta unha característica posición topográfica, apertándose contra da ladeira.

No caso da subzona das Ladeiras de Monterrei, o relevo vai erguéndose por enriba do val, conformando unha plataforma elevada e de suave orografía, con ámbitos parroquiais característicos desta zona do interior ourensán, onde o núcleo coincide cunha única entidade parroquial, ou, como máximo, esta inclúe dúas ou tres agregacións grandes e algo afastadas entre elas, sen asentamentos menores intermedios.

O concello de Oimbra, no suroeste desta rexión vitícola, presenta tamén dúas unidades ben diferenciadas no seu relevo, por unha banda, a foxa tectónica do val de Monterrei, tamén chamado de Verín, seguindo o curso do río Támega, e pola outra, unha superficie aplanada, a xeito de plataforma, que se ergue tras das ladeiras que pechan ese val, a unha altitude que varía entre os 600 e os 800 m. a medida que vai achegándose ao límite con Portugal. Así é como os cultivos do viño nese concello van encadrarse dentro da primeira das subzonas vitícolas cando se asentan nas parroquias do val (Oimbra e San Cibrao) ou na segunda, a denominada Ladeiras de Monterrei, cando están polas das Chás, Bousés, Videferre ou A Granxa.

O cultivo do viño é maioritario no val, favorecido pola nova rendibilidade dese produto agrario fronte ao policultivo tradicional, ocupando agora unha grande parte das novas unidades catastrais xurdidas da concentración parcelaria deses terreos de veiga.

Os concellos de Riós e Vilardevós conformarán o límite oriental da zona dos viños de Monterrei, neste caso xa fóra do contorno da veiga do Támega e cunha produción menor. En ambos os dous casos vai tratarse de terras de transición cara á montaña, nas que se recollen algúns lugares onde aínda se da a viticultura, sempre dentro da subzona das Ladeiras de Monterrei.

No caso do conxunto territorial de Vilardevós, a totalidade do concello queda incluída nesa subzona, favorecido polo relevo en plataforma que deixa ao seu pé a serra de Penas Libres. A distribución da viticultura variará aquí dunhas parroquias a outras e, polo regular, será maior canto máis cara ao borde occidental se sitúen as mesmas, diminuindo a medida que as antigas aldeas deste ámbito, sempre grandes e algo distanciadas, van emprazándose a unha maior altitude.

Por Riós a subzona do viño xa non recolle máis que unha parroquia na súa integridade, incluíndo soamente varios lugares illados das de Castrelo da Cima, Fumaces, Progo e Riós. É un contorno onde o relevo presenta unha maior mobilidade, con profundas incisións dos ríos e unha rápida transición cara ás serras na parte máis setentrional do conxunto municipal.



Situado no concello de Castelo do Val, o núcleo de Servoi aséntase na cabeceira dun pequeno val accesorio, nunha plataforma algo por enriba do curso do río e aproveitando a topografía dun pequeno saínte, ao que vai adaptando a súa morfoloxía en planta, polo que da lugar a unha agregación que tende, nos seus límites, cara á forma circular. Debido a esta configuración encaixada, os cultivos do viño situáranse ao suroeste do asentamento, nas costas dunha ladeira ben orientada.

A presenza de varias airas e, principalmente, a comunal, que ocupa a parte central do núcleo, revela tamén a antiga orientación cara ao cultivo do cereal.



O núcleo de Flariz, na parte alta do concello de Monterrei (plano da esquerda) apóiase polo seu borde meridional nun outeiro, na proximidade dun rego, irradiando unha serie de itinerarios cara aos asentamentos máis inmediatos.

Trátase dun agregado compacto e de tamaño grande, moi denso no seu recinto máis interior, tendente á planta circular, de antiga orixe.

Nestas terras altas, pertencentes á subzona vitícola das Ladeiras de Monterrei, o cultivo do viño esténdese en mosaico pola chaira de altitude, entre zonas de monte baixo e recuperando o uso do agro en moitas parcelas xurdidas dos procesos de concentración.

No caso de San Cibrao, en Oimbra (plano da dereita, na páxina seguinte) vai apreciarse como, a partir dunha agregación típica, de tipo concentrado e organizada sobre un itinerario, como centro dun contorno de agramas, vai producirse un primeiro alargamento lonxitudinal, aínda referido a aliñacións ben claras para, posteriormente, pasar a un crecemento disperso que consolida unha extensa superficie cun número relativamente reducido de novas construcións.

A lóxica histórica da implantación no territorio queda agora transformada por un conxunto aleatorio de vivendas diseminadas que, en moitos casos, vai beneficiarse das vantaxes urbanizadoras dunha re-parcelación, de inicio, pensada cunha finalidade de mellora agraria.



2.9. AS CHAIRAS E FOXAS LUGUESAS

A Galicia interior está conformada por unha extensa área xeográfica delimitada, respecto do prelitoral, polas serras centro-occidentais e confinada polo territorio da montaña que determinan as serras setentrionais, orientais e suorientais, incluíndo un numeroso conxunto de comarcas con características diversas e cun marcado contraste na ocupación do espazo entre as máis meridionais e as do extremo setentrional.

O ámbito das chairas e foxas luguesas esténdese polas comarcas da Terra Chá, Lugo, A Ulloa, Sarria e a Terra de Lemos, desde o seu límite Norte coas serras da Carba, do Xistral, Cadramón, o Cordal de Neda e a serra de Lourenzá, elevacións montañosas que percorren o borde setentrional dos concellos de Xermade, Vilalba, Abadín e A Pastoriza.

O seu lado de nacente queda definido seguindo o contorno das primeiras elevacións das serras orientais, que marcan o límite dos concellos de Baralla e Castroverde, ocupando tamén unha parte dos de Lunceda, Samos e O Incio. Polo Sur, un perímetro irregular que avanza cara ao interior, deslinda a zona de chairas respecto do dominio dos vales do Miño e do Sil, seguindo un borde que recolle parte dos concellos da Pobra de Brollón, Monforte de Lemos, Sober, Pantón, O Saviñao e Paradela, así como tamén unha parte dos de Carballedo, Chantada, Taboada e Portomarín, na outra beira do Miño.

No resto do límite occidental, a demarcación comprenderá a parte máis oriental do concello de Palas de Rei e a totalidade dos de Guitiriz e Friol, así como unha boa parte do territorio municipal de Xermade, xa como borde noroeste da Terra Chá.

2.9.1. A TERRA CHÁ.

Como ámbito comarcal diferenciado, a Terra Cha comprende os concellos de Xermade, Vilalba, Abadín, A Pastoriza, Cospeito, Guitiriz, Begonte e Castro de Rei, abarcando unha grande extensión superficial na parte centro-occidental da provincia de Lugo.

Dentro do contraste orográfico entre a chaira e a transición cara á montaña, que define o territorio de moitas das zonas exteriores da Terra Chá, os asentamentos de poboación, aínda fuxindo sempre de emplacements por enriba das primeiras elevacións das serras e aproveitando a amplitude e o potencial agropecuario das terras baixas, van diferenciarse algo na súa estrutura conforme se atopen no relevo aplanado ou se acheguen ás pendentes das ladeiras. Será nestes últimos casos cando o carácter disperso das entidades de poboación, propio de toda a comarca, pode manifestar unha certa tendencia cara á constitución de núcleos con pautas de emplacements semellantes ás habituais no medio rural galego.

Polo regular, o poboamento da Terra Chá vai fundamentarse nunha ocupación do espazo sumamente dispersa ao longo dun territorio de relevo moi suave, onde van xurdindo, a escasa distancia uns dos outros, todo un conxunto de lugares, con topónimo diferenciado, que quedan conformados por un número moi reducido de vivendas (ás veces unha única vivenda coas súas construcións accesorias forma un lugar, aínda que tamén é común que teña arredor de cinco casas, ou incluso ata dez, cando forman unha agregación ao longo dun camiño, nas proximidades da parroquial ou en puntos senlleiros

do viario de relación interna). Varios destes lugares, na antiga estrutura dos núcleos da zona, conectados entre eles por unha rede de camiños en estrela ou formando un tecido irregular sobre o territorio, darán lugar a un barrio, como conxunto de entidades con predominio do espazo agrario intercalado e ocupando unha moi ampla extensión de solo.

Esta estrutura en forma de malla irregular e de entidade territorial, soamente pode ser comprendida como parte do último nivel de agregación, é dicir, o conxunto parroquial que, polo regular, agrupará un conxunto de dez ou máis barrios. A propia posición da igrexa neste agregado adoita marcar diferenzas respecto doutras áreas xeográficas do medio rural galego, adoptando posicións case que sempre algo afastadas ou no extremo máis exterior dos lugares.

Tanto a suavidade do relevo como as características do clima, a facilidade de comunicación seguindo unha rede de camiños que atopa sempre poucos obstáculos orográficos, a idoneidade das terras para o seu aproveitamento como praderías de uso gandeiro ou a propia extensión do espazo que determina a subsistencia de cada cabeza de gando bovino, xustificarán esa estrutura de agras e granxas familiares illadas no interior das mesmas, nunha configuración pouco nucleada e moi laxa na meirande parte dos casos.

A topografía pouco accidentada, percorrida pola traza sinuosa dunha profusa rede hidrográfica vai marcando unha paisaxe na que se suceden os campos pechados de agras, moitas veces delimitados por liñas de arboredo que enlazan co bosque de ribeira que acompaña aos cursos fluviais e con masas forestais que, nalgúns concellos acadan unha proporción na ocupación do solo semellante á dos prados e cultivos de forraxe no seu conxunto. En moitos casos, a concentración parcelaria, que tanto ten favorecido a transición cara á unha gandería máis rendible por todos os concellos das chairas luguesas, virá a modificar profundamente a paisaxe agraria tradicional, co rectificado de pistas e a formación dunha retícula regular de cultivos na que a propiedade, segundo se destinen as parcelas a un uso agropecuario ou teñan permanecido non cultivadas, conforma retallos xeométricos de bosque, con rendibilidade madeireira, modificando a anterior convivencia orgánica entre o cultivado e o non cultivado. Neste sentido, son de subliñar tamén certas actuacións de desecado das lagoas a principios dos anos sesenta no concello de Cospeito.

A modernización das explotacións gandeiras tamén transformará a configuración das antigas granxas familiares, facendo aparecer un novo conxunto de naves de grande tamaño sen que exista ningún tipo de control volumétrico ou de implantación para as mesmas.


Soamente nos casos dos concellos de Vilalba ou Begonte e Castro de Rei, a ocupación do espazo acada valores representativos, aínda que nunca relativamente altos. A propia presenza das vilas ou de eixos viarios de relación fai medrar o poboamento, pero sempre cunha clara tendencia á dispersión.

Deste xeito, algunha das agrupacións das construcións que, noutras zonas, serían percibidas como unha pequena aldea, non serán na Terra Chá senón unha única vivenda e un conxunto amplo de edificacións auxiliares que se van distribuindo arredor dela, xa sexa formando parte do corpo principal de habitación da edificación tradicional ou, como adoita se máis común, espallándose polo contorno da casa de xeito illado e conformando patios abertos xunto ás hortas do inicio das parcelas.

O poboamento da Terra Chá espállase polo territorio aproveitando a suavidade do relevo, formando conxuntos que soamente poden ser comprendidos desde a escala parroquial, entendida esta como unha agregación de barrios e lugares. Un lugar podía estar constituído, na antiga estrutura deste sistema, por unha única vivenda e as súas construcións auxiliares, ou por un número moi reducido delas, como no caso da Costa (San Simón) no concello de Vilalba (plano da dereita a escala 1:2000) favorecéndose do poder de atracción do viario de comunicación ou dun punto senlleiro no territorio.

Estas estruturas serán sempre moi difíciles de deslindar como agregacións, aínda cando exista unha certa dicotomía entre as entidades de poboación e os terreos de agras ou forestais do seu contorno exterior.


A edificación da parroquial case que sempre ocupará un lugar marxinal respecto dalgún deses barrios ou lugares, ao borde dun camiño e, ás veces, algo afastada das vivendas.



A vocación gandeira de toda esta zona de chairas, fundamentada na cabana de bovino, que sempre precisará dun certo límite de subsistencia de terreos de praderías por cada cabeza, dará lugar a un poboamento sumamente disperso.

As vivendas conformarán lugares constituídos por unha única granxa ou explotación familiar, ou un número reducido delas, como acontece en Corvelle (no plano da dereita un fragmento do asentamento) no concello de Vilalba, onde non se chega a formar máis que unha estrutura de tipo polinuclear de tipo moi laxo, incluíndo nela o conxunto doutros barrios relativamente próximos.

A parroquia, aquí coa igrexa nun extremo, como adoita ser habitual, pode deste xeito estar formada por un conxunto de entidades en diseminado ou por unha combinación de barrior, lugares e pequenos núcleos.



2.9.2. A FOXA DE SARRIA E LEMOS

Polo Este do concello do Páramo, despois de pasado o río Neira, xa preto da súa desembocadura no Miño, vaise estendendo, cara ao Sur, unha foxa que prolonga, algo por enriba da cota 400 a chaira que rodea a cidade de Lugo. Esa foxa tectónica, enlazará, mediante unha topografía suavizada pero bastante movida, no concello de Paradela, coa ampla superficie aplanada da veiga de Sarria, que vai pechándose á altura do Incio conforme a unha serie de elevacións avanzadas das serras orientais e da dorsal galega, para continuarse por Bóveda e a Pobra do Brollón seguindo outra plataforma afundida arredor da vila de Monforte de Lemos que, alongándose cara ao val do Sil, incluírá o perímetro dos concellos do Saviñao, Pantón e Sober.

En toda esta zona, a configuración dos asentamentos rurais tradicionais vai diferenciarse notablemente da que caracterizaba á Terra Chá, sobre todo porque moitos dos concellos limítrofes, que inclúen parte do seu territorio no ámbito da foxa de Sarria e Lemos, participan xa de características propias das áreas de montaña ao longo das elevacións inmediatas das serras a medida que vai producíndose a transición de altitude.

Deste xeito, polo concello do Páramo, as entidades parroquiais tenderán a formar conxuntos polinucleares claramente definidos e moi próximos entre eles, con campos de agras no seu contorno e coa vivenda tradicional ocupando parcelas en núcleo, onde as distintas edificacións accesorias van uníndose á principal, formando patios e pequenos baleiros interiores.

A modernización das instalacións gandeiras, cuns volumes de estabulación moi superiores aos das antigas edificacións, aproveitará moitas veces esa situación para desenvolverse, sen grandes transformacións, intercalada nesa estrutura anterior, a carón das construcións máis antigas.

Tanto a serra do Páramo como as de Illoa e os montes de Lamagrande, delimitan a parte aplanada do concello de Sarria, cun relevo constantemente variado e fragmentado a medida que se inicia o ascenso. Aquí volverá a aparecer un modelo de poboamento fundamentado nos pequenos lugares, constituídos por un número reducido de explotacións familiares, claramente identificables pola súa ocupación individualizada do territorio e formando estruturas de ámbito parroquial que coexisten con núcleos rurais agregados onde a topografía vai tornándose máis condicionante.

A confluencia preto da vila de Sarria de dous itinerarios do Camiño Francés e a súa continuación polo concello de Paradela, cara a Portomarín, vai conformar tamén pequenas aldeas de antigo vinculadas ao itinerario xacobeo, cunha estrutura que tende á linearidade e emprazamentos marcados polos treitos ou etapas do percorrido.

Por Bóveda o dinamismo da orografía volve a determinar agregacións de tipo polinuclear máis espalladas e a media ladeira, reservando as terras baixas de cultivo, o mesmo que acontecerá nas veigas da Pobra de Brollón, onde a pequena alíñación da serra de Fornelas encaixa máis o paso cara ao treito seguinte da foxa de Lemos.

Chegando á altura dos concellos de Bóveda e do Saviñao, a medida que se produce a transición cara ao val de Lemos, vai experimentándose tamén un cambio na morfoloxía da edificación tradi-

cional, ben visible no paso das cubertas de lousado ás de tella, pero tamén evidente na estrutura das antigas vivendas, que van perdendo a relación xeométrica das plantas case que cadradas que tiñan na zona setentrional, na foxa de Sarria, e pasan a constituír volumes máis alongados ou de corpos en ángulo que conforman patios, xunto cun amplo conxunto de construcións accesorias, achegándose máis, por afinidade ambiental, ás edificacións tradicionais dos concellos ourensás da outra beira do Miño.

Aínda cando o notable crecemento da vila de Monforte, a favor dunha topografía bastante aplanada, teña dado lugar a unha importante dispersión, seguindo as estradas e na coroa agraria dos asentamentos tradicionais, resulta evidente a antiga tendencia das agregacións a emprazarse en posicións de bocarribeira no perímetro da extensa foxa, cara ás pequenas elevacións que abren vales menores polos concellos de Pantón, Pobra do Brollón, Bóveda ou Sober.

Conforme a esta situación e salvando os novos procesos de dispersión, os núcleos deste contorno tenderán a ser máis abertos e menos compactos no interior da chaira que forma a parte central do val de Lemos, agrupándose e tornándose máis densos en canto se achegan ás elevacións que a delimitan (ás veces situándose ao pé dun castro).

A serra de Fornelas, pola parte nordeste do val de Lemos, marcará de novo o paso cara á arquitectura tradicional con cubertas de lousado, polo concello da Pobra do Brollón, onde as foxas deixan lugar a un forte ascenso en altura, provocado pola proximidade das primeiras elevacións das serras orientais, cun poboamento xa moi espallado no territorio e concentrado en pequenas aldeas, característico desas zonas de montaña.

Nestes casos, a morfoloxía da antiga edificación tradicional tamén vai revelar esta transición na súa propia configuración, vinculada ao decurso dos medios de subsistencia agropecuaria, que van fundamentarse xa máis na gandería que no policultivo que caracterizaba ás terras máis fértiles do val.

As serras do Faro, Farelo e Cova da Serpe, pola beira occidental desta rexión, formando parte da Dorsal Galega, van delimitar esta área paisaxística respecto do amplo dominio da Galicia Central, seguindo o perímetro máis meridional da comarca do Eume e o sueste da de Betanzos.

De Norte a Sur, este borde occidental percorrerá o límite das comarcas da Terra de Melide e da Ulloa, partindo os concellos de Palas de Rei e Monterroso, así como o extremo oriental do Deza por Rodeiro, e do Carballiño por San Cristovo de Cea, ata chegar a Maside.

Polo Norte serán as serras do Xistral e da Carba, coas súas primeiras elevacións meridionais, as que marquen a transición cara ao litoral polos ámbitos da Mariña-Baixo Eo, da Galicia setentrional e do Golfo Ártabro no Noroeste, en tanto que todo o conxunto das serras orientais pechará o límite de nacente ata formar o contorno das ribeiras encaixadas do Miño e do Sil, que se adentrarán, seguindo o curso deste último río, deica chegar aos concellos de Portomarín, Guntín e O Páramo, que inclúen o seu territorio en ambas as dúas rexións paisaxísticas, dependendo das zonas e da topografía, na súa relación coas ribeiras do río.



Coa mobilidade da orografía os asentamentos amósanse menos dispersos, como polo concello do Páramo. O núcleo de Beleigán (á esquerda, a escala 1:2000) presenta a característica edificación tradicional de planta case que cadrada e de certa amplitude, formando conxuntos familiares nos que as construcións accesorias van apegándose ao corpo principal e conformando pequenos patios.

Esta disposición ten permitido, nalgúns casos, que as novas edificacións agropecuarias se teñan implantado lindando coas antigas sen grandes conflitos volumétricos.

Os asentamentos da parte meridional de Sarria distáncianse máis entre eles e forman, nalgúns casos, agregacións en núcleos, maiormente cando constitúen unha cabeceira de parroquia, como en Santo André de Paradela (á dereita, na páxina seguinte).

Nesta zona, onde as explotacións gandeiras teñen mantido, de forma sostida, as actividades propias do sector primario, tan importante como a protección da arquitectura tradicional, será a regulación do volume e posición das grandes naves das novas construcións agropecuarias.





Pola Pobra do Brollón o relevo das serras vaise facendo presente e moitos dos núcleos, como Castrosente (plano da esquerda) asentado na ladeira dun pequeno castro, poñen de manifesto a transición rápida entre as terras baixas e a montaña, tanto na arquitectura tradicional e os modos de agregación dos núcleos, como na vocación da estrutura agraria tradicional.


As antigas vivendas formarán conxuntos máis compactos e con volumes compostos que encheh as parcelas, sen a penas baleiros interiores.

O núcleo de Toldaos, no concello de Pantón (á dereita) e no perímetro exterior do val de Lemos, achégase á parte baixa dun castro situado na parte occidental da antiga aldea.

Como consecuencia, fórmase unha agregación que se desenvolve na pendente, seguindo a xeometría alveolar que deriva do acompañamento da topografía.

A edificación tradicional, xa con cuberta de tella, como en todo o val de Lemos, abandona os volumes sinxelos das chairas luguesas e a planta case que cadrada, para dar lugar a formas máis semellantes ás típicas da beira ourensá do Miño. As construcións auxiliares van comprimíndose xunto ao volume principal, conforme a un amplo abano de solucións, adaptadas á irregularidade das propiedades e tendendo a formar pequenos patios anexos.

As condicións do clima favoreceron a presenza dun amplo abano de cultivos, entre os que se inclúe tamén o viño, circunstancia que motiva unha certa amplitude e variedade das edificacións anexas á vivenda tradicional.



2.10. A GALICIA CENTRAL E AS SERRAS CENTRO-OCCIDENTAIS

Esta ampla rexión paisaxística esténdese desde o concello de Avión, no Ribeiro, deica o prelitoral, polo Sur da comarca de Betanzos (recolloendo parte dos concellos de Cesuras, Oza dos Ríos ou Aranga e a totalidade dos de Curtis e Vilasantar). A comarca de Ordes vai marcando, case que polo seu límite, e seguindo a aliñación da serra de Montemaior, o perímetro Noroeste, establecendo, coa serra de Soneira, a separación respecto das chairas e foxas occidentais, ao longo das comarcas de Bergantiños e do Xallas.

As serras centro-occidentais constitúen unha especie de columna vertebral do territorio galego, estendéndose nunha aliñación de Norte a Sur, separando as provincias atlánticas das do interior, desde Estaca de Bares e a serra da Faladoira ata o Suido e os montes da Paradanta, ao borde do Miño. Neste percorrido lonxitudinal, ao longo duns 200 km., a amplitude en profundidade será moi variable, adquirindo meirande importancia o dominio da montaña nas serras do Suido e do Faro, que configuran o límite entre Pontevedra e as provincias de Ourense e Lugo respectivamente.

2.10.1. OS NÚCLEOS DAS SERRAS DO FARELO E FARO

A fractura do val do Ulla e as primeiras elevacións da serra do Farelo marcan o comezo do sector central da Dorsal Galega, servindo os seus cumes de divisoria entre as provincias de Pontevedra e Lugo nas comarcas do Deza, A Ulloa e Chantada. Tanto por Agolada como no concello lugués de Antas de Ulla, nas vertentes occidental e oriental da serra, respectivamente, a transición do relevo entre as terras baixas e as pendentes das ladeiras faise sen brusquidade, nunha suave ondulación que enlaza cunha plataforma erosionada desenvolvida, case sempre, por enriba dos 600 m., segundo superficies aplanadas ou vales de certa amplitude.

A potencialidade agraria destas terras, favorecida pola benignidade do clima (con características do dominio oceánico continental e áreas microclimáticas específicas) fixeron que a estrutura agropecuaria tradicional desta área incluíra, ademais dunha certa base gandeira, todo o abano habitual dos cultivos orientados cara ao autoconsumo, incluído o millo.

Nestas condicións, as antigas aldeas, aínda situándose en plataformas de altitude, van semellarse máis ás agregacións das agras (cun contorno de cultivos arredor e salpicados de restos de masas boscosas) que aos núcleos da montaña, onde o rigor do medio natural determinaba as posibilidades de subsistencia.

Os hórreos prodíganse como antiga construción auxiliar característica, polo regular asociados á vivenda labrega da que dependían, mantendo a construción tradicional, así mesmo, moitas semellanzas coa arquitectura das agras.

Nas abas do Farelo son moi escasos os núcleos que ascenden por enriba dos 700 m. de altitude, ocupando, neses casos, pequenas áreas aplanadas entre as elevacións e minguando o seu tamaño ata ser pouco máis que simples casais illados. Deste xeito, tamén serán poucas as agregacións que se amosen en verdadeiros emprazamentos de montaña. As antigas aldeas de bocarribeira son sempre pequenas e sitúanse próximas entre elas, con tipoloxías moi variadas debido, en parte, á propia suavidade do relevo, pero relativamente compactas, consolidando encrucilladas de camiños

a partir de curtas agregacións a xeito de rueiro, cunhas cantas vivendas apegadas e construcións illadas intercaladas. Tanto esta relación de proximidade, como unha certa amplitude das agras, fan que, ás veces, acaben formándose conxuntos polinucleares, con varios pequenos asentamentos separados por algún baleiro determinado por un campo de cultivo, un accidente topográfico, un pazo ou grande propiedade, etc. Na vertente oriental desta serra, unha máis marcada inclinación das pendentes obriga a emprazarse a algúns núcleos en posicións xa características de media ladeira, condicionando a súa morfoloxía en planta.

Polo concello ourensán de San Cristovo de Cea, o descenso da serra do Faro segundo a serra da Martiñá da paso a un relevo movido e accidentado, con estreitos vales que penetran cara ás elevacións e conforman corredores de paso entre a Galicia oriental e a occidental, polos que se interna tamén o Camiño de Santiago. As parroquias de Vales ou Oseira, asentadas no dominio da serra, delimitan unha plataforma de chairas cun relevo moi suavizado, ao longo da cal se desenvolven núcleos de maior tamaño e relevancia, próximos ao antigo viario principal de relación territorial. Pola contra, as antigas aldeas que se internan nas ladeiras, diminúen a súa dimensión a medida que os vales van estreitándose no seu ascenso, ata adoptar formas en liña ou de rueiro, emprazándose a media ladeira ou ben na parte baixa destas reducidas veigas, conforme a unha diferenciación morfolóxica que obedece tamén a unha distinta orientación agropecuaria, directamente dependente dos antigos recursos de cada lugar (vocación orientada ao cultivo dos cereais nas chairas e gandeira no contorno da serra, tendo sido Cea, xunto coas terras de Melide ou o centro da provincia de Ourense, antigas zonas de produción de trigo).

2.10.2. OS NÚCLEOS DAS SERRAS DO CANDÁN E DE AVIÓN

Ao Sur de Lalín, o val do Deza vai marcar o ascenso en dirección Oeste das ladeiras da serra do Candán e os montes do Testeiro, establecendo un desprazamento cara ao litoral atlántico da normal aliñación N-S da Dorsal Galega, desde ese punto ata os montes da Paradanta, acadando a ribeira do Miño no trefio que fai fronteira con Portugal. A morfoloxía suave destas serras, as variacións climáticas derivadas da maior proximidade ao mar ou o feito de acoller algúns dos corredores naturais de paso entre o litoral industrializado das Rías Baixas e a Galicia interior, darán lugar a transformacións evidentes na estrutura das antigas agregacións rurais e a un forte incremento das densidades globais de ocupación do territorio (tamén con diferencias notables entre as vertentes oriental e occidental, afectado este último sector pola menor distancia respecto da área urbana de Vigo e o seu contorno de influencia).

A vertente oriental dos montes do Testeiro ten un relevo moi contrastado, circunstancia que fai ocupar, aos núcleos do suroeste de Lalín, emprazamentos sobre pequenas plataformas de altura na bocarribeira dos vales secundarios, sendo sempre antigas aldeas moi cativas, antano vinculadas a un reducido contorno agrario e ao manemento e uso dos moitos muíños de gran que acompañan o curso dos ríos de montaña.

O lado occidental dos montes, por Cerdedo, recolle unha especie de plataforma elevada, densamente ocupada por núcleos enlazados entre eles, o mesmo que tiña acontecido polo sector central da Dorsal, presentando características máis propias dos campos de agras. Estas agregacións, aínda cando non sexan excesivamente densas, amosan, polo regular, un perímetro ben definido.

A antiga aldea de Baíste, no concello ourensán de Avión (plano da dereita a escala 1:2000) amosa unhas características típicas de emprazamento na montaña propias da vertente oriental da serra do Suido, tratándose dun núcleo moi compacto (agás a nova dispersión do seu borde Sur) cos hórreos agrupados nunha eira comunal, buscando unha zona alta e ben ventilada, preto da elevación que ocupa a parroquial e o cemiterio.

Moitas das edificacións tradicionais terán unha dimensión menor que no caso das aldeas da vertente oposta da serra, onde as condicións climáticas e a calidade das terras de cultivo favoreceron máis as actividades agrarias, e amosan unhas características construtivas menos elaboradas que na comarca de Terra de Montes. Unha certa diferenciación litolóxica nos núcleos do Irixe e do nordeste de Avión, fará aparecer o xisto nos muros e as cubertas de lousado, convivindo agora coas de tella. Case que todos os hórreos, ao contrario que no caso das vivendas, conservarán o lousado do tellado, pola facilidade de cobertura de cada unha das augas mediante pezas enteirizas entre o cumio e as beiras.





Na parte superior, ortofoto do núcleo de Muimenta, en Carballeda de Avia, cun importante campo de hórreos arredor do que se estrutura o asentamento.


Na páxina seguinte (ambas as dúas imaxes a unha escala aproximada de 1:2000) o núcleo de Pascais, no concello de Avión, outro dos exemplos dos asentamentos característicos desta zona de montaña.



Por Beariz e tamén ao Oeste dos concellos do Irixo e do Carballiño, o relevo obriga a que os núcleos aproveiten as escasas zonas aplanadas de media ladeira, concentrándose en agregacións densas onde evitan todo consumo innecesario do espazo dispoñible, incluso agrupando os hórreos nas eiras comunais. Aínda cando as antigas aldeas quedaban sempre bastante próximas entre elas, o seu emprazamento virá determinado pola amplitude e disposición desas áreas de asentamento dos cultivos nunha plataforma aplanada.

Comeza así unha situación que se repite polas terras altas de Avión, Melón ou mesmo Carballeda de Avia (concellos que, aínda formando parte da comarca do Ribeiro, teñen unha parte importante do seu territorio asentado na montaña e con características propias desta área) onde unha menor pluviosidade polo efecto barreira dos montes e as características dos terreos, van dar lugar a unha tipoloxía de núcleos diferenciada e menos afectada pola dispersión ou pola fusión de agregacións próximas debida á dispersión seguindo as estradas.

Pola contra, nas abas de poñente destes montes, xa na provincia de Pontevedra, as antigas aldeas a penas van internarse nas alturas da serra, seguindo sempre o percorrido duns cantos vales menores, sempre emprazándose en situacións de bocarribeira. Serán núcleos sempre pequenos, moi próximos entre eles e bastante transformados, tanto polas renovacións da edificación, como pola incidencia da nova dispersión e o crecemento do parque residencial con construcións illadas, que contribúen a formar un continuo ao longo das estradas principais. A súa estrutura tradicional, nestes casos, é moito menos compacta xa de antigo e bastante diversa respecto da que caracteriza á vertente oriental desta mesma serra.



Nas terras altas dos concellos de Melón, Avión ou Carballeda de Avia, as antigas aldeas (como no caso de San Vicens, en Avión, no plano da parte superior), tanto polas condicións do clima, como polas características do substrato, volven ser propiamente de montaña, formando núcleos dunha grande singularidade cando non están afectados pola dispersión das novas vivendas con volumes e tipoloxías alleas.

Trátase de agregacións nucleares moi compactas, de perímetro irregular e sempre marcado pola presenza de eiras comunais nas que se concentran os hórreos que os veciños levantaron neses lugares aproveitando a boa exposición e ventilación dos mesmos, seguindo aliñacións que buscan o percorrido solar (polo regular, en dirección E-O ou tamén N-S) enfrontando os piñóns cegos cara ao lado das chuvias.

2.11. O LITORAL

Pode que sexa o perímetro costeiro o ámbito que mellor representa a variedade orográfica e a diversidade paisaxística do territorio galego, así como, tamén, o que amosa maiores transformacións na antiga estrutura de asentamentos de poboación. As rías e os areais e os cantís, formarán parte, en ocasións, de áreas máis amplas onde as elevacións montañosas achéganse ao mar, adquirindo mesmo o carácter de auténticas serras e acentuando a diversidade xeográfica ou climática.

Moitas desas principais agregacións, ao longo dunha liña de costa que se achega aos 1.200 km. de lonxitude, adoptan pautas de implantación que tampouco son alleas á súa relación con esas condicións ambientais distintivas (núcleos mariñeiros abrigados por un promontorio saínte e protexidos dos temporais pola propia elevación dese accidente orográfico, ao pé dun areal de varado natural das embarcacións, en localizacións interiores defendidas polas barras dos areais que limitan o acceso ao fondo das rías, etc.). Arredor destes núcleos maiores, máis ou menos desenvolvidos co paso do tempo, estenderase un amplo territorio rural que, con moita frecuencia, perde a relación coas actividades mariñeiras a pouco que se afaste do perímetro costeiro, pasando a ter, de antigo, unha dependencia directa do agro na súa estrutura tradicional, que soamente amosará diferenzas respecto do prelitoral inmediato na súa especificidade paisaxística e nas singularidades ambientais.

A configuración actual deste antigo territorio rural vai definirse, nunha grande medida, segundo teña incidido nel a dispersión que acompaña ao crecemento acumulado do contorno das vilas mariñeiras, das cidades do corredor litoral ou das transformacións turísticas de certos enclaves.

2.11.1. A MARIÑA-BAIXO EO

O treito litoral desta área paisaxística esténdese entre a desembocadura do río Eo, formando o límite con Asturias, e a Punta do Roncadoiro, como achegamento ao mar dos montes do Buio, que delimitan, pola súa cara de poñente, o val do Landro e a ría de Viveiro. O ámbito do dominio desta zona queda enmarcado polas elevacións das serras do Xistral, Lourenzá e Meira, seguindo un perímetro que vai percorrendo os concellos de Xove, O Valadouro, Alfoz, Mondoñedo, Riotorto e A Pontenova.

Desde Ribadeo e deica Burela, o perímetro litoral presenta un perfil de linearidade dominante, sen outros entrantes a subliñar que os das curtas rías do Eo, de Foz ou a desembocadura do río Ouro, nunha zona onde o contacto co mar vai producirse conforme cunha superficie moi aplanada, nunha rasa litoral que se sitúa por baixo da cota dos 100 m., estendida nunha franxa continua entre Ribadeo e Foz, previa ao relevo máis movido que determinan as elevacións avanzadas das serras, e que vai estreitándose cara a Burela, recortando a costa nunha sucesión de entrantes e saíntes que siguen un perfil moito máis regular.

Tanto a proximidade das primeiras elevacións das serras, encaixando os vales dos ríos cara á súa desembocadura, como a propia linearidade do borde costeiro, son circunstancias que provocarán que os núcleos mariñeiros teñan atopado difícil acomodo, implantándose case que exclusivamente nos reducidos abrigos naturais existentes, de tal xeito que, a maior parte do resto das agregacións tradicionais desenvolveron, historicamente, unha relación prioritaria co medio rural inmediato.

Deste xeito, agás no caso do porto de Rinlo ou asentamentos menores como Portocelo ou San Cibrao, serán as vilas mariñeiras os lugares que acaden un maior desenvolvemento urbano e concentren os crecementos no seu contorno.

A estrutura do poboamento tradicional na rasa cantábrica, estendida nunha plataforma chaira adxacente ao perímetro costeiro que vai desde Ribadeo a Foz, fundaméntase en pequenos asentamentos próximos entre eles, formando conxuntos polinucleares, nos que a ocupación do territorio vai espallándose a favor dunha topografía bastante aplanada e cunha evidente uniformidade ambiental e bioxeográfica.

Esta antiga configuración, de morfoloxía orixinaria xa bastante dispersa, vai transformarse co desenvolvemento turístico do contorno das praias, sobre todo por Barreiros, Reinante ou Benquerencia. Aquí o atractivo turístico da zona, a proximidade a unha meirande aglomeración residencial, focalizada nas vilas mariñeiras, así como a infraestrutura engadida que proporcionou a concentración parcelaria agrícola, provocarán unha notable expansión de patrón diseminado, conforme cun modelo de ocupación sumamente disperso e que enlaza as aldeas tradicionais con novos desenvolvementos illados de segunda residencia ou pequenos paquetes de urbanización.

Polos concellos litorais de Cervo e Xove faise notar xa a mobilidade orográfica que determina o achegamento ás serras setentrionais, circunstancia que obriga a un modelo de ocupación territorial algo máis variado, onde malia o predominio dunha relativa dispersión, as agregacións de tipo polinuclear, cando son alleas aos novos crecementos, concentran algo máis a edificación.

En Lourenzá, o mesmo que tamén acontece ao longo do concello de Mondoñedo, os núcleos concentran a súa ocupación territorial noval, xa cunha certa densidade, conformando estruturas polinucleares bastante laxas no seu conxunto, ao achegárselle novos crecementos en diseminado, nun continuo que resulta difícil de deslindar nos seus límites e no que van engadándose pequenos asentamentos bastante compactos, barrios ou lugares e simples casais, anticipando o modelo de asentamento característico das chairas luguesas, nunha morfoloxía dispersa na que tamén incide o novo patrón diseminado que acompaña á reestruturación territorial derivada das concentracións parcelarias.

Por Taboada e A Pontenova, concellos de interior, os núcleos diminúen de tamaño respecto do litoral de Ribadeo, ás veces constituindo un único casal, agregacións mononucleares moi cativas ou polinucleares de estrutura aberta e con grandes claros, onde cada un dos agregados non é, moitas veces, senón un lugar diferenciado no que se asentou unha antiga granxa ou explotación agrícola familiar.

Na Pontenova, as fortes pendentes que impón a proximidade das serras orientais, encaixando o curso alto do río Eo e dos seus afluentes, así como a maior mobilidade do relevo, moito máis accidentado nesa zona, son circunstancias que fan que as agregacións tradicionais amosen, de novo, unha grande variedade na súa morfoloxía. As antigas aldeas, sempre de tamaño pequeno e condicionadas no seu emprazamento pola orografía, van formar tanto mínimos asentamentos nucleares, de casal, ás veces bastante denso ou compacto, como agregados parroquiais polinucleares de estrutura tamén compacta en cada unha das agregacións, pero con grandes claros de agramas intercalados.



O núcleo de Rinlo, preto de Ribadeo (no plano da parte superior, a escala 1:2000) mantén a sinxela estrutura inicial dun asentamento mariñeiro sen grandes transformacións.
Na ortofoto da páxina seguinte, nunha vista máis ampla da agregación pode apreciarse a incidencia dos novos crecementos dispersos sobre unha estrutura parcelaria modificada.



2.11.2. GALICIA SETENTRIONAL

Este ámbito queda conformado polo achegamento ao mar das serras setentrionais, confinando o litoral conforme a superficies aplanadas de altitude. As maiores elevacións atópanse na serra do Xistral e na da Faladoira, estendida cara á Estaca de Bares, enlazando xa todo o conxunto montañoso do interior coa Dorsal Galega.

As rías de Viveiro, do Barqueiro e de Ortigueira acollen antigas vilas mariñeiras cun tecido histórico evolucionado no que conflúen as relacións dun extenso medio rural circundante, tanto dos concellos costeiros, como dos do interior.

Por Viveiro, o poboamento concéntrase na apertura que, a partir da ría, vai formando o val do Landro e os seus afluentes. Nos vales secundarios ou en posicións de bocarribeira, máis afastadas do contorno da vila e abrindo pequenas plataformas de cultivos entre os terreos forestais, atópanse antigas aldeas de tamaño mínimo, tanto mononucleares de estrutura laxa, como polinucleares (neste caso por proximidade de varios destes lugares diferenciados e individualizados como entidades diversas). A expansión ao longo das estradas e a incidencia dun territorio montañoso e de pendentes acusadas determinan unha grande dispersión en casais espallados pero bastante próximos entre eles.

A nova dispersión adquire aínda maior importancia ao longo do concello do Vicedo, de relevo máis suavizado, cunha grande concentración no contorno litoral e asentamentos en conxuntos de varios núcleos.

Ao chegar a Mañón, a aliñación da serra da Faladoira vai prolongándose polas da Coriscada e Solleiro, deica formar o cabo de Estaca de Bares, adentrándose no perfil costeiro. Esta disposición orográfica fai moi difícil atopar lugares axeitados para o desenvolvemento dos cultivos e, polo tanto, para o asentamento dos antigos núcleos rurais, que serán, polo regular, de tipo polinuclear e de tamaño moi cativo (dun só núcleo cando se emprazan en localizacións illadas sen outras aldeas arredor deles) conformando un modelo de ocupación territorial de tipo disperso.

As diversas enseadas que vai formando o irregular perfil da ría de Ortigueira e o relevo aplanado das pequenas plataformas litorais que vai constituíndo esta disposición orográfica, recollerá un poboamento bastante espallado e disperso, con certas variacións conforme se sitúe a unha ou á outra banda da ría, coincidindo tamén cun contorno de transición de tipoloxías na edificación tradicional, no que se pasa da cuberta de lousado no sector oriental á de tella no occidental. Mentras que, polo Este, os agregados siguen estruturas de tipo polinuclear dispersas no territorio, no Oeste e xa polo concello de Cariño, o crecemento en diseminado de aldeas iniciais maiores vai ocupando os fondos duns vales de menor amplitude cun poboamento máis expandido, dando lugar aos característicos asentamentos en enxame de casal pouco compacto e con tendencia a alargarse seguindo as estradas.

A medida que o relevo vai facéndose máis movido, cara ao ámbito das serras da Faladoira e da Coriscada, os asentamentos volverán a amosar a súa configuración tradicional pouco transformada, case que sempre conforme a conxuntos polinucleares dispersos no interior dun claro de praderías ou cultivos, onde a estrutura interna de cada núcleo é compacta, pero non tanto pola proximida-

de entre diferentes vivendas, senón entre as construcións auxiliares delas dependentes pois, ás veces, trátase soamente dunha única antiga explotación familiar ou, como moito, dun conxunto exclusivamente formado pola agregación de dúas ou tres casas.

Entre as vilas mariñeiras de Cariño e Cedeira, a elevación da serra da Capelada establece un ámbito onde o aproveitamento agrario volve a quedar moi limitado polo carácter improdutivo dos solos. Os núcleos rurais tradicionais serán moi pequenos e quedarán máis espallados entre eles, agás no caso de Santo André de Teixido, que conforma unha entidade nuclear de certa entidade, como punto final dun histórico itinerario de peregrinaxe. De novo, nesta zona, as vilas marcan, cos seus novos crecementsos, a difusión dunha expansión dispersa ao longo do ámbito reducido do fondo dos vales, formando conxuntos en enxame que van enlazando antigos asentamentos nucleares, modificando totalmente a paisaxe rural e seguindo un patrón común que se repite polos concellos de Valdoviño e ao Norte dos de Ferrol e Narón, como límites desta área xeográfica, nuns crecementsos que anticipan xa a influencia das áreas urbanas.

Cara ao interior desta zona, por Cerdido ou Moeche, os asentamentos siguen a estar dispersos no territorio, de tipo polinuclear, como agregación de barrios, lugares ou vivendas illadas coas súas construcións auxiliares, como é comúns neste ámbito, pero a mobilidade do relevo obriga a unidades máis compactas e, case que sempre, a procurar emprazamentos de bocarribeira. Ese tipo de relevo vai facerse máis aparente ao Norte, pola foxa das Pontes, na transición cara ao inicio da serra da Faladoira, nunha zona onde o perfil alombado das terras altas vai encaixando unha profusa rede hidrográfica, ao longo da cal, repítense pequenos claros en plataformas de cultivo ou prado e núcleos de bocarribeira moi pequenos, onde, aínda cando a toponimia os identifica como parte dun mesmo conxunto polinuclear, tanto o afastamento entre eles, como a escasa entidade de cada casal, fan pensar máis nun agregado disperso formado por entidades diferenciadas de tamaño mínimo.

Por Muras faise evidente, tanto na paisaxe como na forma das antigas aldeas, o carácter disperso que anticipa unha transición cara ás tipoloxías propias das chairas luguesas, por enriba do curso encaixado do Eume, onde o relevo vai aplanándose e os campos quedan pechados por unha sucesión de orlas de arboredo que van enlazando cos retallos forestais.

No concello de Oulol, tamén no límite interior desta área, nótase así mesmo o seu carácter de terras de transición respecto da Terra Chá e as chairas luguesas, cun descenso en altitude evidente entre o contacto coas primeiras elevacións do Xistral e o resto do territorio municipal, amosando, sobre todo na súa parte oriental, unha topografía accidentada que obriga a un maior achegamento entre os núcleos. Estes seguirán a ser de tamaño mínimo, ocupando o espazo conforme cun modelo disperso, pero con maior proximidade entre as distintas partes, ben sexan agregados ou vivendas illadas coas súas construcións auxiliares, debido sempre a unha certa escaseza dos terreos con potencialidade agropecuaria, formando claros, alá onde existen, que se van abrindo a xeito de pequenos recintos entre o predominio da paisaxe forestal do seu contorno.

Todo o límite meridional desta zona, xa a partir de Moeche e Somozas, vai quedar conformado pola sucesión das elevacións que, desde as montañas do extremo oriental da provincia da Coruña, van gañando altitude cara ás serras da Carba e do Xistral, seguindo o aliñamento de cumes que marca a transición entre A Mariña e o litoral cara ás chairas luguesas e a foxa das Pontes.



O porto de Bares (no plano da dereita, a escala 1:2000) e a súa agregación complementaria da vila de Bares, manteñen unha certa estrutura rural pouco transformada, unha configuración que xa se ten perdido noutros antigos asentamentos mariñeiros.

Tanto na vila como no porto, compartindo a antiga explotación dos recursos agrarios e pesqueiros, destacará o carácter compacto de ambos os dous asentamentos, como centros de relación territorial dun ámbito marcado polo accidentado da orografía, na aliñación da serra da Faladoira en dirección ao mar deica formar o cabo de Estaca de Bares.

Sempre os conxuntos deste tipo marcarán notables diferenzas respecto do habitual modelo de poboamento disperso en agregacións polinucleares espalladas no territorio que caracterizará a este ámbito xeográfico.




O Barqueiro (plano da esquerda a escala 1:2000) é outro dos asentamentos mariñeiros que, malia os novos crecementos que alargan o seu tecido ao longo do viario de acceso, mantén a súa configuración histórica.

Encaixado baixo da protección dun monte e nun emprazamento característico de núcleo portuario do fondo da ría, constitúe un agregado moi compacto e illado, nun territorio que se distingue pola dispersión en conxuntos con unidades de poboamento de tamaño mínimo.

No concello de Ourense, o modelo tradicional de poboamento segue a estar fundamentado en pequenas entidades, ás veces compostas por unha única casa e as súas construcións agrícolas auxiliares, dando lugar a conxuntos que colonizan o agro de xeito disperso, abrindo claros de pastos ou cultivos arredor de cada unidade familiar de explotación, como acontece no caso das antigas aldeas de Casablanca, Currás, Aldea, Rego e Penas (no plano da dereita, na páxina seguinte, a escala 1:2000).

Nesta área, a proximidade das primeiras elevacións da serra do Xistral provocará unha maior mobilidade do relevo e condicionará tanto as posibilidades de dispoñer dun contorno de agro, como as de emprazamento das agregacións na topografía, circunstancia que motiva un maior achegamento entre as distintas unidades que compoñen os conxuntos polinucleares e, polo tanto, unha menor dispersión nas plataformas de asentamento dos núcleos.



2.11.3. GOLFO ÁRTABRO

No litoral, este ámbito constitúe a transición entre a Galicia setentrional e as chairas e foxas que se desenvolven polas comarcas occidentais de Bergantiños, Terra de Soneira, Xallas e Fisterra. Conforma un amplo contorno xeográfico en forma de anfiteatro, pechado polo achegamento das elevacións da Dorsal Galega e a prolongación pola serra de Montemaior, describindo un arco que define a divisoria de augas da rede hidrográfica que verte ás rías da Coruña, Ares e Ferrol.

As densidades de poboación son elevadas en todo o treito litoral desta zona e a ocupación do espazo rural experimenta xa as transformacións propias da súa proximidade ás cidades, así como a influencia do desenvolvemento industrial das mesmas. O medio rural non transformado a penas queda representado, no concello de Ferrol, por uns asentamentos de pequeno tamaño, polinucleares e de estrutura laxa, ao pé do monte das Louseiras. Un caso semellante será tamén o de Fene ou Mugardos, onde se sucederán estruturas de tipo linear e configuración laxa, que van enlazando os distintos asentamentos nun conxunto continuo.

Ao Este da vila mariñeira de Ares, nun concello tamén de extensión moi reducida, vai destacar a configuración menos desenvolvida, a partir do asentamento histórico inicial, da agregación litoral de Redes, aberta cara a un areal de varado que contornea un conxunto de planta ovalada como núcleo principal.

As agregacións en enxame, características dos novos crecementos do medio rural, van dando paso a núcleos máis illados a medida que se produce un certo afastamento do borde litoral, así asentamentos nucleares como Sas ou polinucleares, como a parroquia de Vigo, por Paderne, teñen medrado cunha certa tendencia á concentración e mantendo parte do contorno agrario.

Os concellos do interior van perdendo relación coas expansións urbanas propias do medio litoral, recuperando as súas formas o medio rural tradicional, xa sexa por Abegondo, Cesuras ou Oza dos Ríos, ou ben polo sueste da comarca de Ferrol e o nordés da de Betanzos, polos concellos de San Sadurniño, A Capela, As Pontes, Monfero ou Irixoa, onde as densidades de ocupación xa diminúen notablemente, sobre todo neste último concello. Será tamén ao longo dos concellos do límite oriental desta zona onde se aprecien xa as características dunha transición paisaxística e da arquitectura tradicional cara ás chairas luguesas, pasando da cuberta de tella ás de lousado a medida que os núcleos se achegan á serra de Queixeiro ou ás ribeiras do Eume, nun contorno no que os campos de agras van abríndose paso entre os terreos de monte, xa fóra do dominio dos cultivos en terrazas das proximidades da ría de Betanzos.

No outro extremo desta área, a influencia urbana da cidade da Coruña vai minguando cara ao interior do concello de Abegondo e do Norte de Cesuras, por onde a veiga do río Mendo da paso a un ascenso en altura cara aos montes da Tieira, sinalando a transición cara á Galicia Central. Por Abegondo, aínda os crecementos en diseminado dos núcleos rurais orixinarios provoca unha ocupación relativamente densa dos vales máis setentrionais, formando conxuntos enlazados difíciles de deslindar.

Canto máis se avanza cara ao Sur, as agregacións son de tamaño menor, antigas aldeas moi pequenas, sempre pouco compactas e moi próximas entre elas, constituídas por un número reducido de casas.

No extremo setentrional de Cesuras, xa case que no límite dos vales que conforman este ámbito do Golfo Ártabro, o medio rural tradicional amosa menos transformacións, formado, polo regular, a partir de núcleos moi pequenos, non moi compactos e que ocupan o territorio conforme cun modelo disperso, no que se combinan agregacións nucleares e casais illados a escasa distancia entre eles, conformando asentamentos polinucleares de maior dimensión no seu conxunto. A estrutura interior destes núcleos tamén presenta unha certa variedade, con pequenos rueiros ou simplemente agrupacións de vivendas e edificacións auxiliares xunto a grupos de construcións illadas que ensanchan a morfoloxía en planta destes núcleos. Unha configuración semellante vai darse por Oza dos Ríos, aquí cunha incidencia maior da proximidade das elevacións dos montes do Gato e Penedo, marcando a transición cara a asentamentos máis propios da montaña na súa estrutura máis compacta e nuclear, fortemente integrados nunha topografía que vai condicionando as formas de ocupación do territorio.


Polo concello de Coirós apréciase a linearidade que marca o aliñamento dos vales dos ríos Mendo e Mandeo, por onde vai estendéndose o crecemento da vila de Betanzos, transformando todo o medio rural ao longo das estradas. Ao Norte, por Irixoa, os contornos de agras recollen no seu interior conxuntos maioritariamente de tipo polinuclear, constituídos por asentamentos rurais de tamaño moi reducido, sempre próximos entre eles, cun casal algo máis compacto e perímetro bastante definido.


A proximidade do Cordal de Montouto ou da serra da Loba, por Irixoa, ou das serras de Queixeiro, Sanguiniedo e do curso encaixado do Eume, por Monfero e polo borde occidental das Pontes, van conformando un relevo accidentado e moi variado, no que abundarán as antigas aldeas nucleares moi pequenas a medida que se avanza cara ao dominio desas serras, destacando tamén o seu carácter máis compacto canto máis preto se atopan da montaña. No resto do concello de Monfero, os núcleos, tamén moi pequenos, conforman estruturas polinucleares pouco compactas, case que laxas no seu conxunto.

No extremo oriental da área do Golfo Ártabro, polos concellos de San Sadurniño, As Pontes, Irixoa ou Monfero, os asentamentos rurais son de moi pequeno tamaño e de estrutura pouco compacta, como no caso das antigas aldeas da Brea, A Veiga e Guitiriz, no concello de Monfero (no plano da dereita, na páxina seguinte) con cada unidade de vivenda, polo regular, en posición illada.

Estes pequenos núcleos atópanse sempre moi preto uns dos outros, colonizando campos de agras que se abren entre as masas forestais, dando lugar a unha ocupación bastante dispersa no seu conxunto, aínda que fundamentada en elementos nucleares que agrupan un número reducido de vivendas e as súas construcións auxiliares.

A diversidade respecto de moitas das agregacións do borde suroccidental desta área queda subliñada tamén pola transición na arquitectura tradicional, ben aparente no paso da cuberta de tella á de lousado, propia das chairas luguesas e da Galicia setentrional.





No borde setentrional de Cesuras, os asentamentos, como no caso de Figueiredo de Abaixo e Figueiredo de Arriba (no plano da esquerda) conforman pequenas agregacións polinucleares moi próximas entre elas, que van ocupando o contorno dos campos de agras que se abren no medio dos terreos de monte.

Cada núcleo incluírá un número reducido de antigas vivendas, desenvolvendo as construcións auxiliares como corpos anexos á edificación principal.

Un mínimo accidente topográfico, un campo de especial valor produtivo, un regato ou unha masa de arboredo, entre outras condicionantes, servirán de separación para identificar espacialmente núcleos diferentes, aínda cando formen unha estrutura aparentemente unitaria pola súa proximidade.

2.11.4. AS CHAIRAS E FOXAS OCCIDENTAIS

Comprende este ámbito o contorno territorial situado no extremo noroccidental de Galicia, entre Punta Langosteira e Punta Carreiro, na embocadura da ría de Muros, polo borde litoral, en tanto que a delimitación interior vai percorrendo a parte baixa dos concellos de Laracha e Arteixo ata acadar o inicio da serra de Montemaior. O aliñamento NE-SO desta serra e a súa prolongación pola de Soneira van marcando, ao longo da divisoria de augas dos seus cumes, ese borde interior desta zona e formando a división respecto da Galicia Central e as Rías Baixas.

A forte incidencia atlántica que sofre a Costa da Morte fará que as antigas vilas mariñeiras se teñan emprazado en lugares escollidos pola protección que proporcionan os propios accidentes topográficos, xa sexa para a disposición abrigada do casal ou para atopar un porto ou zona de varado das embarcacións, moitas veces apertándose contra dunha elevación, un itsmo ou un promontorio que se adentra no mar e procura o resguardo dos temporais.

A contida dimensión e escala urbana de todos estes asentamentos mariñeiro, alleos aos procesos de industrialización que teñen feito evolucionar a outros portos de importancia, e o seu afastamento respecto do corredor da Galicia litoral, son circunstancias que teñen favorecido a pervivencia dun extenso medio rural que coloniza o solo agrario deica o mesmo borde oceánico.

No contorno do concello de Arteixo vai producirse un cambio notable na configuración das aldeas tradicionais respecto do litoral mariñán, aparecendo agregacións de tipo nuclear, de certo tamaño e cunha estrutura bastante compacta, no contorno das que van desenvolverse terreos de cultivo en terrazas ou campos de agras en cada unha das áreas. Moitos núcleos desta zona, cando non teñen sido afectados polos novos crecementos en diseminado, amosan unha configuración tamén nuclear non tan compacta, tendendo a formar agregados de tipo linear.

A variedade e amplitude territorial do concello de Carballo acollerá unha grande diversidade de núcleos rurais, que van desde as antigas aldeas de certa entidade, como é o caso de Cances Grande, ata pequenas agregacións, nunha situación que convive con áreas de forte dispersión no fondo dos vales por onde discorren as principais estradas.

No concello de Malpica e tamén polo veciño de Ponteceso, o relevo marca dúas pequenas foxas, unha de Malpica cara á Ponteceso e a outra de Malpica a Carballo, de tal xeito que o litoral case que queda despoboado en favor das terras do interior ou dos pequenos vales. Outra das formas habituais de asentamento será a que constitúen pequenas antigas aldeas nucleares sitadas moi próximas entre elas, formadas sempre arredor dun camiño ou encrucillada, que van medrando tanto de forma linear, como ao longo de camiños secundarios.

Por Laxe as antigas aldeas, xa sexan mono ou polinucleares, bastante compactas no seu conxunto neste segundo caso, van tendendo a unha estrutura menos compacta a medida que ocupan, de preferencia, os bordos dos montes, apertándose no treito onde se produce a creba da pendente.

Tanto o pequeno porto de Santa Mariña como algúns outros asentamentos do concello de Camariñas, como é o caso de Brañas Verdes, respostan a un patrón característico de tipo nuclear e estrutura interna bastante laxa, aínda cando conviven tamén con agregacións de tamaño grande

non moi compactas, como Arou, no borde litoral, e cun poboamento máis disperso na veiga do río Grande.

As antigas aldeas polinucleares van perdendo densidade interna por toda a zona de Muxía, mantendo a tendencia a achegarse unhas ás outras. As agregacións de núcleo único tampouco soon moi compactas no seu casal, deixando espazos abertos no seu interior, onde se dispoñen os hórreos, patios anexos ás construcións agrarias ou pequenas hortas e cultivos dependentes da vivenda.

Polo concello veciño de Cee, principia xa unha certa transición cara ás Rías Baixas, coa ría de Corcubión recollida cara ao interior polo saínte de Fisterra, que fai de abrigo respecto da influencia oceánica. As antigas aldeas rurais, por Fisterra e polo borde oriental de Cee, van perdendo bastante do seu carácter compacto, marcadas, ás veces, polos crecementos en diseminado no seu contorno exterior e ao longo das estradas.


Ao longo do concello de Carnota, a ocupación territorial das elevacións do monte do Pindo, coa súa superficie rochosa, árida e improdutiva, obriga a unha meirande concentración do poboamento en antigos núcleos de tamaño relativamente grande, como no caso de Caldebarcos, Pedrafigueira ou Quilmas, amosando este último asentamento a complementariedade común respecto dun antigo porto (Porto Quilmas) a escasa distancia e vinculado por un percorrido linear.

Boa parte dos concellos interiores das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira ou do Xallas, están caracterizados pola súa configuración territorial como chanzo de transición cará á meseta de Santa Comba. A suavidade do relevo nestas zonas aplanadas fará que as agregacións vaian tornándose máis laxas, formando conxuntos polinucleares xa estendidos en enxame nas zonas máis densas.

Algunhas outras agregacións, como é o caso de Lariño, teñen unha estrutura histórica máis compacta, aínda cando agora acumulen tamén crecementos dispersos engadidos no seu contorno máis exterior.

Esta situación non será tan aparente polos vales menores de Vimianzo e cara ao interior deste concello, onde a configuración en pequenos núcleos próximos entre eles, mantén as invariantes características do Bergantiños occidental, conforme con morfoloxías nucleares de pequeno tamaño e certa densidade, ben definidas no seu perímetro respecto dos terreos agrarios e que caracterizan tamén a ocupación das bocarribeiras dunha grande parte dos concellos de Zas e Dumbria, case que sempre liberando as zonas fértiles da veiga.

Por Mazaricos e Santa Comba, o relevo aplanado, xa formando parte das terras altas do Xallas, favorece unha maior concentración das antigas aldeas rurais, nunha zona de marcada tradición agraria e agora orientada cara á gandería, predominando as agregacións algo maiores en tamaño, unhas veces a xeito de grandes asentamentos nucleares, non moi compactas se son consideradas na relación entre vivendas colindantes, e outras, formando conxuntos polinucleares, por proximidade de distintas agregacións diferenciadas, cunha configuración bastante compacta considerando o asentamento na súa totalidade, como agregado de entidades separadas entre elas poor campos de cultivo ou espazos intercalados sen edificar, que se corresponden con elementos de certa singularidade na topografía particularizada do emprazamento.




O núcleo de Mordomo, no concello de Laxe (plano da esquerda, a escala 1:2000) amosa un tipo de agregación habitual desta zona, formando conxuntos nucleares relativamente cativos arredor dunha encrucillada ou dun mínimo ensanchamento central dalgún camiño, que van articulando o poboamento do territorio conforme a asentamentos bastante próximos entre eles.

Aínda cando, como neste caso, a parte interna da agregación teña un carácter moi compacto, no seu conxunto non o é tanto, deixando espazos baleiros nos que se erguen os hórreos, ou formando patios e hortas interiores.

No caso de Beo (á dereita, na páxina seguinte) no concello de Malpica de Bergantiños, trátase dun asentamento de orixe rural e tamaño relativamente grande. A súa estrutura interna, de tipo nuclear, aínda sendo compacta, non o é tanto como a das aldeas das serras e as edificacións non sempre están unidas ás veciñas por medianeiras comúns.

Os claros entre a edificación tradicional van formando espazos anexos ás vivendas, onde se dispoñen alpendres, pequenas hortas, patios ou hórreos.

É tamén habitual nesta zona que os antigos hórreos se ergueran por enriba da planta baixa da vivenda, apoiándose, ás veces, nalgũa das construcións auxiliares desta, buscando unha boa ventilación.





No concello de Carnota, a representatividade superficial do monte do Pindo, coa súa configuración árida e rochosa, así como o achegamento ao mar das elevacións das serras, obrigan aos asentamentos a concentrarse na estreita franxa litoral. Trátase, polo regular, de agregacións de tamaño grande.

En Lariño (plano da esquerda a escala 1:2000) o núcleo interno, de maior antigüidade, amosa unha estrutura máis compacta, en tanto que o resto do perímetro irregular do asentamento (que inclúe as novas expansións en diseminado cara á estrada litoral) presenta a característica configuración de parcelas con espazo anexo.

2.11.5. COSTA SUR-BAIXO MIÑO

O ámbito desta zona delimita o contorno paisaxístico do treito de desembocadura do río Miño, entre A Guarda e os montes da Paradanta, recollendo o límite coa provincia de Ourense.

Inclúe a totalidade comarcal do Baixo Miño, do Condadeo e da Paradanta, así como os concellos de Mos e do Porriño, ambos os dous no extremo meridional da comarca de Vigo, e o borde montañoso do sector suroccidental de Baiona por cabo Silleiro. No límite suroriental coa provincia de Ourense abarca as terras baixas das ribeiras do Miño que bordean os concellos ourensás de Cortegada, Pontedeva e Padrenda.

No litoral, a dificultade de abrigo que presenta a continuidade da liña rochosa da costa, limita moito as posibilidades de asentamento histórico da poboación en núcleos directamente vinculados cos labores pesqueiros a partir de Baiona, entre cabo Silleiro e a desembocadura do Miño, de tal xeito que, agás algún pequeno peirao, como é o caso de Oia, a única vila mariñeira que se localiza neste treito será a da Guardaa. As elevacións da serra da Groba, apenas deixan espazo para os asentamentos nesta franxa litoral, aquí estendidos nunha grande dispersión ao longo da estrada que une Baiona e A Guarda, concentrándose os antigos núcleos orixinarios, principalmente, nos vales interiores, como o do Tamuxe, no Rosal, coa parte baixa deste concello marcada por un intenso crecemento. A orixe desta nova morfoloxía profusa provén xa dunha antiga ocupación intensa mediante asentamentos que tiñan varios núcleos en lugares moi próximos entre eles, colonizando as áreas de fertilidade do fondo dos vales, cunha identidade que, hoxe en día, resulta difícil de deslindar na súa estrutura de conxunto.

Cara ao interior de oia, a medida que o val vai estreitándose, permanecen núcleos menos alterados na súa antiga configuración, sobre todo cando ocupan localizacións illadas en posicións de bocarribeira fortemente condicionadas pola orografía a afastadas do fondo da veiga. Son, polo regular, agregacións parroquiais polinucleares pouco compactas, tanto máis densas canto maior é a altura á que se emprazan.

Por Tomiño, Tui, Gondomar e O Porriño, o territorio volve articularse a partir dos habituais crecementsos en enxame, xa como parte da influencia periurbana da cidade de Vigo, conforme cun modo de ocupación que, aínda con ago máis de proporción de claros agrarios e forestais intercalados, vai repetíndose por Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño ou Ponteareas. A preferencia por situacións de veiga ou fondo de val e a suavidade do relevo nas terras baixas, fai que os crecementsos en nebulosa sexan incorporados á estrutura polinuclear dos antigos barrios e lugares, sendo difícil xa establecer o límite dos asentamentos ou incluso deslindar o territorio rural do urbano nestas zonas.

No concello das Neves, as elevacións da serra do Paradanta confinan as ribeiras do Miño e dan forma a un relevo montañoso no que se acobillan antigas aldeas pouco alteradas na súa estrutura, conxuntos parroquiais polinucleares fortemente condicionados polas restricións da orografía que tenden xa a ser algo compactos no seu casal.

Este contraste entre a ocupación das ribeiras, xa bastante diseminada a partir do inicial sistema de poboamento, e as terras altas e máis illadas da montaña, vai repetirse por Crecente ou Arbo, aínda cando moitos dos agregados parroquiais polinucleares da parte baixa conserven aquí un carácter máis definido respecto do contorno agrario, tanto por proceder dunha estrutura de núcleos máis compactos e agregados, nos qque se diferencia nidiamente cada lugar, como por manter mantido o solo agropecuario un certo valor de produtividade vinculado ao cultiv do viño, que cubre boa parte do mosaico do policultivo tradicional, en emparrados que ocupan a totalidade das parcelas ou que envolven perimetralmente os eidos adicados a outras colleitas.

Pódese considerar, polo tanto, que non soamente a influencia da área urbana de Vigo queda minguada a partir do borde oriental do concello de Ponteareas, senón que as propias limitacións orográficas dan lugar a unha ocupación diferenciada do espazo, que se fai patente xa no concello das Neves, onde a morfoloxía do territorio queda asociada a unhas antigas aldeas con menores crecementsos, máis mestas no seu casal e de perímetro claramente definido.

Ao longo do concello de Mondariz faise notar esa maior mobilidade do relevo na transición do val do Tea cara á serra do Suido e, os asentamentos rurais, aínda que teñen medrado respecto da súa configuración orixinaria, quedan máis espallados no territorio e limitan a súa ocupación no contorno dos cultivos (case que sempre vai tratarse dunha coroa de agras) que van abríndose entre os montes, sobre todo cara ao Norte, onde xa se fan presentes as elevacións montañosas.

Pola Cañiza, no inicio dos montes da Paradanta, as aldeas son, se cadra, de tamaño moito máis pequeno na súa maioría, e volven amosar unha clara preferencia polos emprazamentos nas terras da plataforma intermedia, pouco por enriba dos 400 m. de altitude ou no val do Deva, cara á ribeira do Miño. O ascenso en altitude vai, case que sempre, aparelado a esa constitución de aldeas de pequena ou moi reducida dimensión e moi próximas entre elas, xa moitas veces de tipo nuclear e bastante compactas no seu casal, agás cando estas agregacións son o resultado de diversos condicionantes históricos (como pode ser a súa relación do antigo corredor viario entre o litoral e o interior da provincia de Ourense).

Así, neste concello da Cañiza, agás Formigueiros, A Franqueira (importante centro local de peregrinación e antigo emprazamento dun mosteiro beneditino) ou tamén algunha das cabeceiras parroquiais, os núcleos, cando non teñen sido afectados polos novos crecementsos de vivendas illadas que percorren as estradas de relación, manteñen unha entidade moi cativa, con emprazamentos sobre coroas agrarias tamén moi reducidas.




O concello das Neves marca un cambio evidente na morfoloxía do territorio desta área. Os núcleos das terras altas, como é o caso do Reguiño e A aldea (no plano da esquerda, a escala 1:2000, nas Neves) contrastan coa ocupación do espazo nas ribeiras e no fondo dos vales, formando agregacións que tenden ás formas compactas e pouco transformadas polos novos crecementos en diseminado.

A orografía vai condicionar tanto a morfoloxía destes pequenos asentamentos, como a do contorno agrario, case que sempre estruturado mediante terrazas.

O antigo peirao de Oia (no plano da dereita, na páxina seguinte) xurde ao abeiro dun mosteiro cisterciense e xunto a un itinerario costeiro que recolle o Camiño Portugués a Santiago.

A formación dun pequeno núcleo inmediato ao abrigo natural das embarcacións e ás propiedades monásticas, que complementará outra agregación rural de bocarribeira nunha cota superior das ladeiras, mantén aínda hoxe en día, e malia os crecementos e substitucións de vivendas por novas residencias secundarias, a estrutura nuclear do antigo enclave mariñeiro.





Por Arbo as agregacións rurais forman conxuntos polinucleares de ámbito parroquial, como no caso de San Xoán de Barcela (fragmento do núcleo recollido no plano da esquerda).

Tanto o maior afastamento respecto da influencia urbana do litoral, como o mantemento dun certo valor de produtividade dos terreos agrarios, maioritariamente adicados ao cultivo do viño, serán circunstancias que fagan minguar a presión da nova edificación nesta área.

As videiras, como parte importante da paisaxe agraria, sempre en parras, ocuparán unha grande parte dos terreos cultivables, ás veces tamén envolvendo, polo seu borde, eidos ou hortas adicados a outras colleitas.

2.12. CONCLUSIÓNS RESPECTO DA ANÁLISE XEOGRÁFICA DOS NÚCLEOS

Todo o conxunto desta primeira parte da guía, que nas páxinas anteriores ven exposta a xeito de percorrido xeográfico polas distintas grandes áreas paisaxísticas nas que se divide o territorio galego, non é senón a síntese dunha análise, fundamentalmente de tipo gráfico, que reflicte a morfoloxía e características fundamentais dun sistema de poboamento característico e que mantén, en moitos casos, notables valores ambientais e de relación co medio natural circundante.

Derivando da intención fundamental de amosar como, incluso naqueles ámbitos territoriais máis transformados, existen, ás veces, contornos rurais de valor ou cun patrimonio que merece ser protexido e valorizado (tamén como parte das propias posibilidades de apoio para o desenvolvemento económico futuro dos propios asentamentos rurais) convén avanzar, respecto desta síntese ou visión global dos núcleos no medio rural galego, as seguintes conclusións:

- ***Diversidade morfolóxica no territorio***

A variabilidade da topografía, da constitución dos solos, da súa potencialidade agropecuaria, das relacións viarias (a referencia respecto dun itinerario ou dunha encrucillada como orixe de moitos núcleos) e mesmo, en xeral, da evolución histórica do medio rural galego e a incidencia de posteriores procesos de crecemento, deron lugar a unha grande diversidade na morfoloxía, tamaño, emprazamento ou configuración xeral dos distintos núcleos, de xeito que, nun mesmo concello, ou incluso nun mesmo contorno parroquial, poden darse tipoloxías de asentamento moi variadas e que, polo tanto, poden requirir metodoloxías de intervención ou patróns de ordenación moi diversos en cada caso.

- ***Valor dos núcleos e da paisaxe rural***

A configuración territorial que deriva do antigo aproveitamento do medio como elemento de subsistencia segue a caracterizar boa parte da paisaxe da Galicia interior e mesmo, debido a esa diversidade do propio medio, a moitas áreas ambientais caracterizadas incluso no contorno dos principais asentamentos urbanos.

Nestas circunstancias, e tal como trata de expoñerse nese percorrido xeográfico, a presenza de núcleos ou paisaxes rurais de valor, aínda cando sexa proporcionalmente maior canto máis se teñan mantido á marxe das influencias ou relacións co medio urbano máis próximo, pode ser recoñecida en localizacións concretas e con certa independencia respecto da súa pertencencia a contornos xeográficos máis ou menos desenvolvidos.

- ***Variabilidade na presión urbanística***

Tamén como unha das primeiras consecuencias desa diversidade territorial, as tensións urbanísticas e o nivel acadado polas renovacións ou transformacións da paisaxe rural, aínda cando sexan ben evidentes nalgúns zonas, manifestan unha graduación ben distinta, ás veces aínda dentro dun mesmo concello ou parroquia, sempre dependendo de circunstancias específicas e non sempre avaliables a nivel xeral (relación variada con áreas urbanas, retorno de poboación emigrada, incidencia de contornos de valor turístico, illamento orográfico, mantemento de recursos do sector primario, presenza previa de medidas de protección de áreas naturais ou paisaxísticas, etc.).

Esta situación obrigará a distinguir tratamentos específicos para os núcleos e o medio rural con certa

independencia da súa localización global e orientados, en maior medida cara á unha consideración particularizada dos seus valores visuais, o seu patrimonio ou a incorporación en contornos paisaxísticos de interese.

- ***Carencias respecto de criterios de protección e harmonización específicos***

Malia o interese evidente do patrimonio arquitectónico ou etnográfico de moitos núcleos, son moi escasas as determinacións de protección que teñen contemplado eses asentamentos como un conxunto ambiental e territorial unitario (agás no caso da declaración de áreas ou parques naturais protexidos, ao contrario do que aconteceu cos cascos históricos, son moi poucos, ata o de agora, os núcleos rurais que se teñen protexido a partir de criterios de conxunto).

A avaliación do patrimonio rural ten incluído, polo regular, soamente edificacións illadas de carácter singular, e case que nunca o conxunto da arquitectura doméstica que, moitas veces, forma parte indisoluble desas outras construcións como agregado ambiental único.

Non existen, no planeamento do medio rural galego, determinacións reguladoras ou ordenanzas de edificación que vaian máis alá das recomendacións xenéricas e pouco específicas que traducen as xa implícitas na lexislación urbanística de rango superior, moitas veces incluso recoñecendo alturas, volumetrías ou formalizacións que contrastan notablemente coa antiga edificación de valor.

A necesidade dun descenso cara ao detalle ou a definición de criterios de protección e integración específicos para cada lugar, que permitan unha convivencia máis harmonizada entre as antigas construcións a conservar e as intervencións de nova edificación, sen renunciar á súa contemporaneidade nin ter que repetir solucións miméticas, resulta unha actuación a emprender con certa urxencia e que xa chega con retraso respecto das experiencias doutros países do noso contorno europeo con semellantes características e problemáticas no medio rural.

- ***Desigual incidencia do planeamento***

O habitual retardo con que se desenvolven os documentos de planeamento en Galicia ten levado a unha situación na que, hoxe en día, permanecen vixentes regulacións de moi diversas épocas, elaboradas dentro de marcos lexislativos diferentes, convivindo, ás veces, regulacións totalmente dispares nun ou noutro concello dunha mesma comarca.


Noutros casos, sobre todo na Galicia interior, nunca chegou a aprobarse ningún tipo de planeamento xeral e, moito menos, de detalle.

Aínda así, e como consecuencia da distinta antigüidade dos planeamentos xerais e mesmo da calidade dos mesmos respecto do achegamento ás características específicas do medio rural, a existencia ou non de planeamento non ten significado, ás veces, situacións diversas no que ao mantemento dos seus valores ambientais ou paisaxísticos se refire.

A ausencia dunha mínima sensibilidade respecto da conservación e potenciación da calidade visual de moitos destes núcleos e do seu contorno, xunto coa aplicación de técnicas de delimitación e clasificación do solo, ou mesmo da definición de novas aliñacións, cos criterios habitualmente asumidos para o solo urbano ou a súa periferia, adoita contribuír máis ao deterioro destes contornos que a unha efectiva integración ou mesmo modernización das súas estruturas internas.

3

Cartografar os núcleos rurais



Cartografía de traballo a escala 1:2000 para o núcleo de Infesta, en Monterrei (Ourense)

3.1. ELABORACIÓN DUNHA CARTOGRAFÍA DE TRABALLO

3.1.1. Información gráfica

Aínda en ausencia dunha planimetría a escala, hoxe en día é posible elaborar unha documentación de traballo adecuada ás esixencias do planeamento e ordenación xeral dos núcleos rurais e que pode servir de apoio a unha situación transitoria que anticipe a protección dos seus valores ou unha regulación posterior máis pormenorizada. A escala máis apropiada nestes casos é a de 1:1000 ou, no seu defecto, como mínimo, a de 1:2000. Esta aproximación permite recoller todos os elementos físicos condicionantes na situación existente, podendo complementarse con acotacións de campo naqueles puntos onde se precise dunha rigorosa determinación xeométrica.

A información gráfica na que se fundamentará o debuxo da cartografía de traballo será a seguinte:

- Ortofotografía aérea
- Planimetría catastral

Como fonte das fotografías aéreas, están os visores do SIXPAC (www.emediorural.xunta.es/visorsixpac) e do IGN, Instituto Geográfico Nacional (www.ign.es/iberpix) que inclúe, neste último caso, as ortofotos do PNOA (Plan Nacional de Ortofotografía Aérea).

Resulta tamén fundamental a consulta do material histórico do voo americano do ano 1956, empregado para o levantamento dos primeiros catastros de rústica en moitos concellos, coa finalidade de verificar a pervivencia dos valores da edificación tradicional (a identificación da mesma emprégase na delimitación dos núcleos) e para apreciar as transformacións na paisaxe agraria do contorno.



A fotografía aérea do PNOA, obtida desde o visor IGN, serve de base para elaborar, como exemplo que se desenvolve de seguido, a cartografía de traballo deste núcleo (Vilar de Flores, en Allariz) a escala 1:1000, nas imaxes que se achegan reducida a 1:2000.



O debuxo xeométrico do núcleo, amosando a edificación, o parcelario e os espazos públicos, obtido a partir da planta a escala 1:1000 do catastro (reducida a 1:2000 neste esquema) reflicte a estrutura da propiedade e as irregularidades na aliñación das edificacións.

3.1.2. Base xeométrica

Pode derivar directamente da planimetría do catastro (cartografía que pode ser obtida dende a sé electrónica do catastro na páxina: www.sedecatastro.gob.es) no caso de que o núcleo conte cun levantamento realizado da súa estrutura interna. Nestes casos, os datos do plano catastral inclúen o número de plantas da edificación, os voos da mesma, as escaleiras de acceso dende o espazo público (de importancia nas edificacións tradicionais cando se entra a nivel do piso mediante un patín ou corredor), a diferenciación dalgunhas construcións auxiliares (hórreos, cubertos, etc.) e a complementariedade entre a fragmentación catastral e os espazos públicos, distinguíndose as rúas, prazas, airas e montes comunais, ou tamén o percorrido de ríos ou regatos.

Cando non exista levantamento interno do núcleo, o debuxo do catastro de rústica servirá de apoio xeométrico para un calco directo da ortofotografía aérea a escala de 1:1000. Dado que o interese da elaboración desta cartografía radica na determinación dos elementos de valor que haberán de manterse no conxunto do núcleo, non resulta tan importante o rigor xeométrico senón a referencia ao existente, que sempre pode ser complementada con acotacións de campo naqueles puntos máis críticos. O traballo de campo, sempre necesario para interpretar o valor de conservación dos distintos elementos cartografiados e para identificar contornos de fragilidade paisaxística, será tanto maior canto menos sexan os datos que poidan ser extraídos directamente da base xeométrica do plano catastral.

O contraste entre esta primeira representación e o traballo de campo, ademais de engadir os datos precisos para completar a definición cartográfica, permitirá corrixir os erros da planimetría de partida.



O nivel de elaboración dos planos do catastro, no caso do exemplo, permite incorporar moitos datos de utilidade para a ordenación do núcleo (altura da edificación, terrazas, voos, escaleiras de acceso, definición do espazo público e privado, numeración de vivendas e referencia das parcelas, percorrido de ríos ou regatos, etc.).

A partir deste plano e da ortofoto aérea, xunto co contraste de datos de campo no propio lugar, pode construírse unha base xeométrica na que encaixar despois a definición gráfica do núcleo, referida soamente aos elementos fundamentais da súa estrutura (edificación, viario ou espazo público e parcelación).

O emprego conxunto destes dous elementos de apoio (ortofoto e plano a escala) permite suplir o distinto nivel de elaboración da cartografía catastral nos distintos concellos cun maior nivel dos traballos de campo a partir do calco directo da ortofoto naquelas zonas onde falta esa base de representación.



Planta do catastro e levantamento dunha base xeométrica para a representación do núcleo, ambas as dúas a escala 1:1000.



A representación gráfica do núcleo deste exemplo realizada a escala 1:1000 e aquí reducida a escala 1:2000, incluíndo os distintos elementos físicos e ambientais de interese como base para a incorporación de datos e avaliacións do traballo de campo posterior.

3.1.3. Representación do núcleo

A simple escolla da escala de aproximación do 1:1000 obriga a establecer unha relación territorial entre o núcleo e o seu contorno moito máis adecuada que as visións afastadas e que rematan por recoller superficies de posible expansión desproporcionadas.

Na representación dos núcleos deben recollerse aqueles elementos físicos ou ambientais que poden determinar decisións de ordenación ou regulacións morfolóxicas específicas, como son:

- Corpos da edificación, aliñacións
- Construcións accesorias á vivenda
- Relacións co viario ou espazo público
- Delimitación público-privado
- Morfoloxía das cubertas
- Elementos etnográfico-históricos
- Localización de equipamentos
- División catastral
- Socalcos e desniveis no terreo
- Muros e peches de fábrica
- Rochas ou afloramentos pétreos
- Arboredo illado ou en grupos
- Masas forestais e mato
- Sebes e cultivos non herbáceos
- Vexetación de ribeira
- Ríos, regatos e cursos de auga
- Expresión da topografía

(non sempre será posible obter unha base topográfica, pero resulta de utilidade a expresión nos planos do modelado do terreo en zonas de pendentes críticas)

3.1.4. Datos e información de campo

As comprobacións sobre o terreo permiten corrixir erros na cartografía de base e valorar o interese de conservación dos elementos físicos e ambientais que compoñen o núcleo e o seu contorno inmediato. As comprobacións de campo, complementadas cunha reportaxe fotográfica, centraránse nos aspectos que se valorizan na propia cartografía, é dicir:

Corpos de edificación, aliñacións

Comprobación de alturas da edificación, da división das propiedades e das irregularidades nas aliñacións, con acotación de puntos críticos onde non se vaian manter as aliñacións existentes. Valoración do interese da edificación tradicional, acabados, materiais e situacións fóra de contexto. O contraste co voo americano evidenciará a presenza da edificación tradicional e as súas alteracións.

Construcións accesorias ás vivendas

Identificación de cubertos, alpendres, paleiros, hórreos e outras construcións non adicadas a vivenda e valoración da súa imaxe ou acabados.

Relacións co viario ou espazo público

Definición das transicións entre o público e o privado, en particular, representarase a posición de accesos ás vivendas mediante escaleiras dende a rúa, moitas veces desenvolvéndose ao longo da fachada dunha propiedade adxacente, así como patios e outros espazos baleiros entre as casas. Recollerase información acerca da pavimentación e servizos urbanísticos.

Delimitación público-privado

Situando os peches ou transicións das propiedades respecto do viario ou do espazo público e identificando os recuados de muros e divisións parcelarias. Delimitación de ámbitos de propiedade comunitaria (montes, airas, etc.) ou de uso compartido (adro, campo da festa, etc.).

No fragmento da planta a escala 1:1000 do exemplo cartografiado evidéncianse os aspectos considerados para achegarse á representación gráfica dos núcleos rurais.



Morfoloxía das cubertas

A regulación da volumetría da edificación debe ter en conta a formación e tipoloxía das cubertas. O funcionamento das baixantes e recollida de pluviais, sobre todo en núcleos compactos, implica a edificacións veciñas non sempre da mesma propiedade. Convén poñer en relación a planta actual das cubertas coa referencia nas fotos do voo americano para contrastar modificacións, así como referir o tipo de materiais existentes como acabado.

Elementos etnográficos e históricos

Localización de hórreos, pombais, cruceiros, petos de ánimas, fornos, muíños, batáns, mazos, etc., así como elementos de interese arquitectónico ou histórico e arqueolóxico (castros, mámoas, xacementos, etc.). Incorporación de catálogos e inventarios existentes xunto coa avaliación do interese de conservación das distintas edificacións do núcleo.

Localización de equipamentos

Como punto de partida para unha análise dos estándares parroquiais e verificando as posibilidades de atopar solo para novas dotacións ou a ampliación das existentes.

División catastral

A representación da realidade do parcelario rural, moitas veces condicionado polo uso agrario dos diferentes tipos de solos, resulta fundamental para verificar as posibilidades de crecemento dos núcleos, as súas limitacións e a determinación dos contornos de protección.

Socalcos e desniveis no terreo

A estruturación en bancais ou socalcos, os cómaros que establecen a transición dos cultivos en terreos en pendente, conforman o carácter da paisaxe agraria no contorno dos núcleos impondo saltos de cota que non sempre son tidos en conta nas trazas das novas ordenacións, con frecuencia por non ser recollidos na información planimétrica do terreo.

Muros e peches de fábrica

A conformación da paisaxe agraria está determinada por un amplo conxunto de actuacións construtivas á marxe da propia edificación. Os muros de pedra de peche das propiedades ou do ámbito anexo á propia vivenda rural constitúen unha unidade ambiental difícil de deslindar dos propios valores visuais dos núcleos e do seu espazo adxacente, facendo que a súa valorización determine o mantemento de aliñacións ou ben que contribúan a axudar na integración de posibles novas edificacións.

Pola contra, os peches de todo tipo de novos materiais, con formas e deseños diversos, sempre alleos á simplicidade e a materialidade da construción tradicional, son un dos elementos que máis incide na perda de valor ambiental e da calidade visual dos núcleos rurais.

Rochas e afloramentos pétreos

Tanto na costa como na montaña, moitos dos núcleos rurais galegos teñen buscado para o seu asentamento aqueles lugares menos aptos para o cultivo, reservando os solos de maior fertilidade e procurando unha boa base para os cimentos da edificación.

Por eso, ás veces, as edificacións mestúranse coa propia natureza rochosa do terreo, nunha situación ben visible pero non sempre recollida con fidelidade na planimetría que adoita usarse para a ordenación dos núcleos rurais.



A estrutura catastral dos núcleos rurais galegos garda unha estreita relación coa natureza dos solos e a súa aptitude para os distintos cultivos ou a súa orientación a través dunha constante partición que aseguraba unha mínima base para o policultivo familiar de subsistencia, restrinxindo a edificación cara a certos ámbitos.

Arboredo illado ou en grupos

Identificación e valor das árbores ou arbustos de certo porte con certa singularidade ou que amosen interese ambiental e contribúan a integrar a edificación existente, ou prevista, na paisaxe.

O mesmo que para o caso anterior, o arboredo en grupos pode conformar fracturas na continuidade da edificación ou enmarcar vistas, ás veces como parte de zonas específicas no destino tradicional dos cultivos (soutos, cortiñas, etc.).

Masas forestais e mato

Recoñecemento dos solos forestais identificados a partir da ortofoto, a súa contribución na formación de áreas de valor ecolóxico e paisaxístico. Contraste da antigüidade do arboredo coas imaxes do voo americano.

Sebes e cultivos non herbáceos

Identificación da ocupación de viñas, pomares e outros cultivos que, polo seu carácter non herbáceo teñen unha presenza permanente na paisaxe rural e axudan a diminuír a visibilidade das construcións, como é o caso dos emparrados, por exemplo.

Vexetación de ribeira

Asociada aos cursos de auga e a lameiros ou zonas asolagadas estacionalmente, avaliando o seu interese ambiental e a contribución na formación de corredores ecolóxicos.

Ríos, regatos e cursos de auga

Apreciación da importancia da protección da rede hidrográfica na pequena escala como elemento de articulación ambiental da estrutura agraria dos núcleos e do mantemento do ciclo de desaugue e filtrado, preservación de corredores ecolóxicos.

A ortofoto (PNOA) de Barcia, no concello ourensán de Melón como base gráfica, xunto coa planimetría catastral, para outro exemplo de elaboración da cartografía dun núcleo rural.






Cartografado do núcleo de Barcia para a toma de datos no lugar, na imaxe reducido a escala 1:2000 a partir do plano orixinal a escala 1:1000.

O emprego da planimetría catastral e a ortofoto como base da representación, fai resaltar as características da subdivisión parcelaria, os regatos e cursos de auga, os cultivos de videiras, as airas comunais e os campos de hórreos que aproveitan a súa localización ventilada e ben orientada, ou a ocupación das masas forestais e bosque de ribeira.




Fragmento da parte norte do levantamento cartográfico de Barcia do original a 1:1000




Cartografado dun núcleo linear do Camiño de Santiago reproducido a escala 1:1500 do orixinal a 1:1000 (Furelos, na entrada do camiño a Melide).




Ortofoto PNOA de Vivenzo, Melón (Ourense)




Planimetría catastral a escala 1:2000




Base xeométrica para cartografar Vivenzo



Cartografía do núcleo a escala 1:2000




Detalle do levantamento cartográfico do núcleo de Vivenzo á escala de traballo de 1:1000, coa representación da edificación, parcelario, arboredo, muros, cómaros, etc.



Levantamento cartográfico da aldea do Cebreiro, na entrada a Galicia do Camiño Francés a Compostela, reproducida a escala 1:1500 a partir do orixinal debuxado a escala 1:1000, con representación da topografía obtida da documentación do planeamento municipal do concello de Pedrafita do Cebreiro.



Ortofoto do PNOA de Hospital da Condesa, núcleo do Camiño Francés no concello lugués de Pedrafita do Cebreiro.



Cartografado do núcleo de Hospital da Condesa reducido á escala 1:1500 a partir do levantamento orixinal a escala 1:1000.

4

Parcelario agrario e edificabilidade



O núcleo inicial, a coroa agraria e a nova edificación en Florderrei (Ríós) a escala 1:2000.

4.1. CONSIDERAR O PARCELARIO NA DELIMITACIÓN DOS NÚCLEOS


A fragmentación da propiedade no contorno dos núcleos rurais segue unha lóxica vinculada co reparto das terras cunha finalidade produtiva no sistema do policultivo tradicional, onde as vivendas adoitaban asentarse naqueles lugares que carecían de utilidade como soporte agrario. Este reparto, fundamentado no antigo aproveitamento agrícola, determina dimensións de parcelas condicionadas tanto pola topografía dos terreos, como polo tipo de cultivo, o sistema de rego, ou o tipo de labor (non era o mesmo deixar en herdanza unha tira adicada a nabal que unha parcela de videiras ou unha veiga de millo).

O tratamento urbanístico dos núcleos rurais, con frecuencia, non adopta unha ordenación interna do tecido dos mesmos, limitándose a delimitar o solo no que se pode edificar no perímetro do xa consolidado. Case que nunca estas delimitacións teñen en conta as limitacións implícitas na propia estrutura do parcelario agrario que incorporan, definindo como edificables parcelas que non poden selo pola súa mesma morfoloxía ou dimensións, xa que o procedemento de clasificación e delimitación do solo determina, nestes casos, a edificación directa, sen transformación de predios ou reparcelación previas.

A ausencia de información catastral leva a debuxar envolventes que, aínda seguindo a obrigada referencia a pegadas físicas e tendendo a incorporar a totalidade das propiedades identificadas con claridade nos seus límites, nada teñen que ver coa realidade parcelaria dun soporte agrario que, moitas veces, dificilmente pode acoller novas vivendas, promovendo unha dispersión aleatoria da nova construción sobre aquelas que mellor se axustan ás esixencias ou estándares de edificabilidade.


Parcelas en segunda liña

Ás veces a envolvente de delimitación do solo de núcleo rural recolle no seu interior parcelas agrarias sen máis acceso que unha servidume de paso por enriba doutros campos adxacentes, son parcelas que **non deberan ser edificables** (no exemplo, unha delas xa foi construída abrindo un paso dende a estrada e amosando cal sería a situación no caso de edificarse algunha máis das súas veciñas).



Parcelas de morfoloxía inadecuada

A definición das envolventes incluíndo a totalidade superficial dalgúñas das parcelas pode provocar o efecto contrario do pretendido (dirixir a nova edificación cara ao contorno inmediato do solo xa consolidado) se non se ten en conta a propia forma das unidades catastrais. No caso do exemplo, a reducida dimensión da fronte cara á rúa levaría a construír unha nova vivenda no fondo da propiedade, dando lugar a unha evidente dispersión respecto do casal compacto inicial.





Parcelas de fronte escasa ou dimensións insuficientes

A edificación mediante licenza directa no solo de núcleo rural non é posible sobre ámbitos onde a fragmentación agraria carece de capacidade para acoller a nova construción. No exemplo, a forma das propiedades, a súa reducida fronte e a subdivisión en profundidade, característica da partición agraria dos terreos de veiga, aínda cando o conxunto queda emprazado no posible ámbito de crecemento natural do tecido edificado, non pode ser construído sen unha modificación total da estrutura dos predios. A inclusión destes contornos dentro da delimitación do núcleo fará que soamente se edifique, de xeito aleatorio, naquelas parcelas que cumpran coas esixencias dimensionais para servir de soporte a unha vivenda, dando lugar a novas construcións illadas e á inutilización forzosa das propiedades veciñas.



Parcelas de concentración agraria

A edificación sobre este tipo de parcelas, de inicio orientadas á mellora do rendemento das explotacións agrarias, ten constituído unha das causas que facilitaron a dispersión da vivenda no medio rural, aproveitando as novas dimensións catastrais e a propia estrutura das pistas pecuarias como soporte dunha mínima urbanización que, como se aprecia no exemplo, modifica a articulación dos núcleos tradicionais e impón un modelo suburbano de crecemento. O recoñecemento polo planeamento dalgúns destes ámbitos xa inadecuadamente edificados non debe levar á consolidación deste modelo de crecemento sen establecer unha ordenación pomenorizada dos mesmos e articular a súa singularidade como unidades tipolóxicas diferenciadas respecto do tecido dos núcleos rurais tradicionais.


Fincas singulares

A súa presenza nalgúns núcleos (pazos, igrexarios, etc.) constitúe sempre unha fractura na continuidade da paisaxe edificada dos asentamentos tradicionais e, moitas veces, tamén son o motivo da formación de asentamentos diferenciados en conxuntos de tipo polinuclear, servindo de elemento de separación entre eles.

Deben ser catalogadas e protexidas como pezas unitarias na formación da paisaxe rural, recoñecendo o seu carácter non edificable, agás nas precisas intervencións de rehabilitación ou de xustificada ampliación da edificación existente, sempre suxeita á supervisión patrimonial polo correspondente organismo encargado da aprobación final deses proxectos.

Agás no caso de que se estableza unha ordenación pormenorizada dun contorno equivalente, o planeamento debere determinar un perímetro de cautela arredor da finca singular, tendo en conta as vistas e a súa contribución na formalización da paisaxe do núcleo, que non sexa inferior á distancia de protección de 100 m. arredor da mesma que establecían, no seu día, as Normas Subsidiarias Provinciais para o caso da arquitectura civil ou relixiosa inventariada.





Parcelas de gran tamaño

O mesmo que no caso das fincas singulares, as parcelas de gran tamaño e, polo regular, todas aquelas que presentan unha fronte de dimensións moi superiores á media das propiedades xa edificadas no interior do núcleo, constitúen unha fractura na continuidade do tecido construído e tamén, case que sempre, unha apertura visual que axuda a manter o carácter rural do asentamento. Cando son recollidas como parte da delimitación do núcleo deben regularse e definirse tanto as condicións volumétricas da nova edificación, como o ámbito no que deberá asentarse (relación coas aliñacións xa existentes ou coa edificación consolidada no interior do núcleo).

No exemplo que se amosa, a edificación sobre unha parcela de gran tamaño (circunstancia que se suma ás habituais consecuencias da incorporación ao desenvolvemento edificatorio das parcelas de concentración agraria neste caso) da lugar a unha nova construción afastada do asentamento compacto do núcleo preexistente e cunha pegada física totalmente desproporcionada respecto da media das edificacións existentes no mesmo.

4.2. ERROS FRECUENTES NAS DELIMITACIÓNS SEN PARCELARIO

Aínda cando o parcelario non fora incluído na cartografía obtida como base para os traballos de planeamento, hoxe en día, o acceso libre aos planos do catastro permite complementar de maneira adecuada as eivas deses levantamentos. A non inclusión da información catastral nas delimitacións de solo leva, con frecuencia, a recoller dentro do ámbito dos núcleos rurais áreas de parcelación agraria que non poden ser edificadas mediante licenza directa, favorecendo, en moitos casos, a dispersión e a perda dos valores rurais do contorno, ao dirixir, de forma aleatoria, as posibilidades de edificación cara a un número moi reducido de propiedades (as únicas que cumprirían cos mínimos superficiais requeridos na normativa) e deixando como un residuo inutilizable o resto das mesmas.

No exemplo, delimitación dun núcleo sobre cartografía a escala 1:2000 de escaso detalle, con apenas ningún tipo de información acerca do parcelario visto.

Delimítase unha zona de crecemento do núcleo tradicional no ámbito que se considera lóxico para tal finalidade, recollendo o contorno de novas vivendas xa existentes e facendo fronte a unha rúa de borde.





Nun levantamento de maior detalle do núcleo anterior, tamén a escala 1:2000, ao que se superpón a delimitación do solo de núcleo rural definida sobre a anterior cartografía, pode apreciarse como a inclusión dos datos catastrais revela a apertura da rúa que bordea o núcleo polo seu extremo sur sobre parcelas de veiga cunha fronte que, moitas veces, sitúase arredor dos dous metros de ancho, deixando un residuo, na súa banda norte, resultante de partir a continuidade en profundidade das iniciais propiedades agrarias.

Todo este conxunto, así como os terreos que se sitúan no borde occidental desta rúa, na conexión coa outra ponte sobre o río, carecen de capacidade superficial para acoller novas vivendas, agás en dous ou tres casos, mediante licenza directa. Esta situación podería levar a que esas parcelas (as únicas que cumpren coa superficie mínima edificable e dispoñen dunha fronte adecuada para construír) fosen as únicas que materializasen a edificabilidade, xurdindo como pezas illadas que formarían un primeiro plano disperso na veiga do río e diante do núcleo consolidado, contribuíndo á perda da imaxe rural da fronte agraria da veiga.

Moitos núcleos de estrutura compacta están integrados nun contorno agrario cunha parcelación que fai case que imposible a delimitación de solo adxacente para o seu crecemento mediante edificación directa sobre parcela mínima, tal como pode apreciarse no exemplo cartografiado.


Non ter en conta as características deste tipo de conxuntos catastrais, nos que algunhas das propiedades, aínda tendo as dimensións mínimas, carecen do ancho preciso para implantar unha vivenda, leva a un novo proceso de edificación illada e aleatoria que depende de onde se acadou a adquisición, por un mesmo titular, de varios anacos colindantes de terreos agrarios.

1- Parcelas de tamaño mínimo que poden acoller vivendas entre medianeiras como era habitual na edificación tradicional destes núcleos (1A) resultan insuficientes, con esa mesma dimensión, para implantar vivendas illadas (1B).

2- Parcelas en segunda liña son edificadas anexionando unha tira en profundidade que lles proporciona relación de acceso dende a rúa.

3- Case que todas as novas vivendas illadas proceden da adquisición dunha porción de parcelas contiguas para acadar unha superficie mínima onde edificar.

4- A presenza de grandes parcelas intercaladas debe ter unha regulación específica nestes casos. A construción de dous volumes nunha mesma propiedade non resulta aquí tan discordante como sería a acumulación da edificabilidade nunha única peza. Resulta importante definir o ámbito a ocupar pola edificación (en relación co viario, coas construcións existentes, etc.).





4.3. PARCELACIÓN E CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEOS

4.3.1. Proporcionalidade e proximidade ao construído

Moitas veces o planeamento adopta os límites legais (consolidación do solo máxima dun 50%, separación máxima de 50 m. dende a edificación tradicional deica a envolvente de delimitación) como único criterio, independentemente do tamaño e morfoloxía dos núcleos que se delimitan e das previsións de crecemento.

Diante dun núcleo que non medra, onde a dinámica e proxeccións da poboación está estancada ou amosa crecements negativos, sempre será preferible optar pola rehabilitación da edificación existente antes de propoñer ámbitos de expansión mediante novas construcións, sobre todo, cando se mantén o carácter rural e os valores ambientais do asentamento.

DESPROPORCIÓN:

No exemplo da esquerda, delimitación de solo desproporcionada respecto do núcleo orixinario. Establécese un extenso contorno arredor dun asentamento tradicional que non medra (agás as construcións agrarias, só unha única vivenda nova se ten sumado ao agregado inicial, existindo edificacións abandonadas ou medio derrubadas). Como neste caso, o criterio das envolventes extensas adoita non ter en conta a diversidade do perímetro físico do núcleo tradicional (considérase como edificable o contorno da gran finca adxacente ao igresario ou os bordes do cimiterio) definindo unha homotecia arredor da delimitación estricta do agregado rural preexistente.

A relación co viario e coa edificación existente deberá asegurarse para calquera nova edificación. Neste sentido, haberá que ter en conta a aleatoriedade habitual do proceso de construción das novas parcelas que se habiliten para ser edificadas, buscando que estas se acheguen sempre ás marxes de contacto coas xa existentes como única garantía da consolidación prevista. Debe buscarse a proximidade ao xa construído, facendo que a nova edificación se atope rodeada sempre de dúas ou tres construcións contiguas preexistentes.

Deberá evitarse tamén que a delimitación da liña envolvente do solo do núcleo inclúa parcelas edificables que precisen, para selo, da apertura de novo viario non previsto e definido nas súas características de trazado polo propio planeamento.


PROXIMIDADE:


Ao contrario que no solo urbano, onde a presión urbanística esgota primeiro os terreos de maior centralidade, a edificación no rural por licenza directa resposta sempre a unha certa aleatoriedade, sobre todo cando se clasifica solo en exceso.

No exemplo, antes de admitir a edificación de parcelas exteriores (A) debería terse seguido un criterio de completamento da estrutura compacta do asentamento tradicional.

As parcelas máis adecuadas para construír sempre serán aquelas que se atopen redeadas por dúas, ou mellor tres, edificacións xa existentes (B).

Non debería clasificarse solo tampouco que inclúa parcelas interiores nas que o aproveitamento como edificables suporía a apertura de novas vías non previstas no seu trazado polo propio planeamento do núcleo (C),





4.3.2. Evitar a dispersión

A nova edificación dispersa é un dos factores que máis ten incidido na perda dos valores paisaxísticos e no deterioro visual do medio rural en Galicia, sobre todo cando a súa implantación afecta a contornos de fragilidade ou cunha identidade rural característica.

- A dispersión supón un alto custo en novas infraestruturas e servizos urbanísticos.
- A localización espallada de novas vivendas multiplica as afeccións á paisaxe rural.
- O alargamento de núcleos tradicionais seguindo as estradas exteriores contrasta co modelo común dos asentamentos rurais, sempre condicionados no seu emprazamento por factores históricos, topográficos e da calidade do solo agrario.

DISPERSIÓN:

A delimitación, no exemplo da esquerda, dun ámbito edificable mediante vivenda illada seguindo a estrada de acceso ao núcleo histórico-tradicional non é adecuada nin ten xustificación.

A existencia de tres únicas novas vivendas fóra do agregado do asentamento non pode dar lugar a unha delimitación de solo moito máis ampla que o propio tamaño do núcleo existente.

O fomento da dispersión neste tipo de delimitacións, conxugado coa desproporción das mesmas e a aleatoriedade do proceso de edificación das parcelas recollidas dentro dela, contribuirá ao deterioro das características rurais do ámbito exterior do núcleo e incidirá na percepción do agregado tradicional no percorrido de achegamento ao mesmo.


4.3.3. Recoñecer a morfoloxía diversa dos núcleos tradicionais

A diferenza entre as estruturas dos agregados compactos ou moi compactos e os núcleos rurais de tipo laxo, por exemplo, resulta ben evidente e caracteriza, polo predominio dunhas morfoloxías sobre as outras, certas unidades paisaxísticas do medio rural galego.


Aínda así, o planeamento rural e os mecanismos de clasificación de solo tenden a aplicarse como unha solución universal para calquera tipo de núcleo e, case que sempre, a partir do sinalamento, como moito, de ordenanzas diferenciadas para o asentamento preexistente xa consolidado e a definición dos parámetros da construción illada en parcela fóra dese contorno.

Non sempre o crecemento a partir de novas vivendas illadas no medio de parcelas de maior tamaño será o máis adecuado, sobre todo cando este crecemento é contiguo a unha estrutura nuclear compacta ou moi compacta ou, en calquera caso, deberá constituir unha agregación claramente definida e diferenciada do conxunto histórico-tradicional. A definición do perímetro do contorno edificado dos núcleos tradicionais, nestes casos, contrasta co borde impreciso e aleatorio dos solos de crecemento previstos nas ordenacións.


Outro dos erros habituais, que contribúen a diluir a claridade histórica de formación dos límites do construído, será delimitar unha serie de envolventes concéntricas sucesivas do agregado compacto preexistente, nas que se definen múltiples ordenanzas de edificación que van graduando a densidade de ocupación do solo de xeito semellante ao tratamento de zonificación dos núcleos urbanos pero sen establecer ningún mecanismo de transformación da estrutura agraria no sustrato parcelario sobre o que se desenvolve.



Na parte superior, unha estrutura mixta na que, ao núcleo concentrado inicial foron engadíndose os crecementos lineares da nova estrada de travesía e, posteriormente, vivendas illadas aleatoriamente emprazadas sobre o parcelario agrario, como consecuencia da falta de regulación normativa adecuada.



Na imaxe, exemplo de delimitación e clasificación de solo de núcleo rural inadecuada, feita conforme a unha zonificación concéntrica na que se establecen tres ordenanzas de edificación, diferenciadas en densidade e ocupación de maior a menor (1, 2 e 3, respectivamente), unha diferenza que non semella estar tan clara na morfoloxía do agregado preexistente e que se superpón á diversidade do medio rural sen ter en conta os seus condicionantes (ausencia de viario, topografía en pendente, soutos e arboredo, parcelación agraria non edificable, etc.).

5.1. PROTECCIÓN DO PATRIMONIO

5.1.1. NÚCLEOS SINGULARES

As deficiencias que derivan da regulación dos núcleos rurais a partir de clasificacións e delimitacións de solo, acrecéntanse aínda máis cando non existe ningunha figura de planeamento xeral actualizada, como de feito acontece en moitos concellos do interior, onde se manteñen asentamentos cun gran valor ambiental. Un planeamento de escala global non pode ser eficaz como instrumento de ordenación cando os núcleos amosan valores significativos como conxunto, ás veces como consecuencia non tanto da acumulación de elementos históricos ou arquitectónicos de interese excepcional, senón polo carácter que adquire a pervivencia da edificación tradicional formando parte dun agregado homoxéneo ambientalmente.

Nestes núcleos será preciso desenvolver unha regulación de detalle, semellante ao tratamento previsto para o planeamento especial de protección, definindo as condicións de mantemento da volumetría e carácter da edificación tradicional, o tipo de obras admitido para cada un dos inmobles, as características de adaptación ambiental das construcións fóra de contexto, as normas de composición e acabados das novas edificacións, etc.

Todos estes aspectos non quedan definidos nunca dende o planeamento xeral, polo propio alcance dese documento, de xeito que a fixación de alturas, pendentes de cubertas, tamaño e disposición dos ocos, materiais de acabado ou o derrubo de construcións de interese, pasa a depender duns parámetros abstractos e de escaso rigor que, polo regular, teñen moi pouco que ver coa calidade ambiental do conxunto rural preexistente.

É preciso, nestes casos, que dende o propio planeamento xeral, ou dende unha actuación de rango superior, sobre todo nos concellos que carecen dunha ordenación de ámbito municipal posta ao día conforme coa lexislación vixente, se identifiquen eses núcleos de interese, pola súa singularidade ou o seu valor ambiental e de integración nun contorno caracterizado, elaborando unha especie de catálogo no que se determine o ámbito que, en cada un deles, debe ser afrontado mediante unha figura de planeamento de desenvolvemento, conforme a un tratamento pormenorizado semellante ao dun plan especial de protección.

Catalogación/ Inventariado de núcleos

Como actuación de urxencia, este tipo de tratamento xa foi iniciado cos núcleos rurais que teñen sido declarados (polo seu valor excepcional) BIC pero, no momento actual, o reducido conxunto que compoñen eses núcleos, deixa fóra un importante patrimonio rural que segue en risco de deterioro ou desaparición, tanto polo derrubo de edificacións de interese existentes, como pola liberdade de formalización coa que se constrúen novas vivendas no seu lugar, ou en parcelas edificables, totalmente alleas ao carácter ambiental do conxunto.

Nos últimos tempos, xa algúns planeamentos xerais veñen contemplando a figura dos núcleos singulares, sen dúbida cun alcance aínda a nivel de testemuña dentro dun marco de conxunto que adoita tratar a todo o medio rural conforme a criterios uniformes, sen atender máis que á catalogación dos elementos monumentais ou de máis relevancia histórica ou arquitectónica. Nestas ordenacións, comúns nalgús concellos do interior, na provincia de Ourense, a delimitación dun núcleo singular, polos seus valores ambientais, leva aparellada a definición dun ámbito habitualmente remitido a un plan especial de mellora do núcleo ou figura semellante de planeamento de desenvolvemento.



Moitos núcleos amosan valores de integración na paisaxe ou características ambientais que esixen un tratamento de detalle máis alá da simple clasificación do solo ou delimitación, arriba, vista de conxunto das Regadas, en Beade, abaixo, unha rúa de Congostro, en Rairiz de Veiga, ambos os dous na provincia de Ourense.



Agás algúns núcleos de especial valor declarados BIC (no Courel, no Camiño de Santiago, no contorno doutros bens protexidos, etc.) son moi poucos os asentamentos singulares catalogados ou inventariados que quedan protexidos ou remitidos a unha regulación de detalle (arriba, vista da Seara e abaixo, Froxán, ambas as dúas aldeas do Courel que foron incluídas nun programa de rehabilitación).

Criterios para a catalogación de núcleos

A identificación de núcleos singulares é obrigada en todos aqueles casos nos que sexa preciso regular en detalle a edificación, existente ou prevista, coa finalidade de garantir a protección dos valores do conxunto rural de tipo histórico-tradicional e da paisaxe agraria ou natural na que se empraza, algo que o planeamento xeral nunca podería acadar por si mesmo mediante ordenanzas xenéricas.

Para esta identificación será fundamental o contraste das ortofotos actualizadas, coas imaxes históricas do voo americano do ano 1956. Esta referencia histórica do período previo aos procesos de crecemento suburbano dos anos sesenta e posteriores, permitirá apreciar a pervivencia da volumetría do asentamento tradicional e as transformacións ou permanencias, tanto no conxunto edificado, como no medio agrario que constitúe o seu contorno.

Complementariamente, a toma de datos no lugar, permitirá avaliar, de forma pormenorizada, os principais criterios que sustentarán a catalogación e delimitación de núcleos singulares, como son:

- Inclusión do núcleo dentro dun contorno paisaxístico ou natural de valor.
- Presenza da edificación tradicional
- Incidencia das alteracións na edificación histórica e novas edificacións ou crecementos exteriores.
- Calidade ambiental do espazo interno no núcleo e do marco paisaxístico exterior.
- Mantemento das visuais e do carácter rural tradicional dende e cara ao asentamento.
- Presenza de elementos a protexer polo seu particular interese arquitectónico, histórico ou etnográfico. Identidade e calidade visual dos acabados, materiais, volumetría e elementos de composición da edificación existente.
- Posibilidade de integración de situacións fóra de contexto na edificación existente.

A delimitación dos núcleos singulares deberá ter en conta, tanto o conxunto da edificación existente, como as áreas de protección de visuais ou de elementos naturais ou agrarios do solo rústico exterior que garantan a conservación dos seus valores e carácter.

A ordenación dos mesmos haberá de facerse de maneira pormenorizada (ordenanzas individualizadas mediante alzados ou especificacións en fichas para cada un dos inmobles, establecendo alturas de cornixa, ocupación en planta, volumetría, grao de protección e nivel de obras permitidas relacionado coa categoría das edificacións a conservar, especificación de situacións fóra de contexto e medidas para mellorar a súa integración, normativa estética particularizada para as novas posibles construcións, regulación estética de elementos compositivos (sobre todo daqueles que foron modificados respecto da súa situación orixinal, para marcar as pautas de restitución en futuras obras de mellora ou rehabilitación).


Resulta de especial importancia, así mesmo, a determinación dos criterios de mellora da urbanización e configuración do espazo público (unha das eivas principais nas que derivaron certas intervencións de urxencia para aportar servizos e pavimentar rúas nestes ámbitos, polo regular, totalmente inadecuadas respecto do carácter e valores orixinarios dos núcleos) incluso proponendo algún tipo de actuación ou proxecto exemplar prioritario.



Aínda son moi poucos os núcleos rurais que, pola excepcionalidade dos seus valores, son ordenados de forma pormenorizada. No caso de Congostro, no concello de Rairiz de Veiga (nesta páxina, planta de conxunto a escala 1:2500), o recoñecemento desas características, leva a definir un ámbito suxeito a planeamento especial (liña de trazos no plano adxunto).

Poden apreciarse as circunstancias que motivaron o establecemento dunha regulación específica pola singularidade do asentamento, cunha notable calidade ambiental na súa estrutura interna (rúas, airas comunais con hórreos) e unha configuración compacta, de perímetro ben definido, na que son pouco representativas as transformacións do contorno agrario exterior.

No caso do núcleo da Serra, no concello de Melón (na páxina do lado e a escala 1:2000), pola contra, non se establece máis que un ámbito de protección arredor dos elementos de valor catalogados (vivendas tradicionais, cruceiros, calvario, campos de hórreos, aira comunal, rectoral, igrexa). Tal como pode apreciarse no plano, este perímetro de cautela delimitado recollerá case que a totalidade do conxunto rural tradicional, polo que resulta ben evidente a necesidade de regular polo miúdo este núcleo, que deberá ser considerado como singular na súa totalidade e catalogado como tal, tanto pola suma dos contornos protexidos de valor excepcional como pola configuración ambiental que se mantén do agregado rural histórico..




A singularidade de moitos núcleos rurais non ven determinada tanto polos valores excepcionais da súa arquitectura, senón polo mantemento da estrutura tradicional do asentamento e a calidade ambiental dun contorno que non ten sufrido alteracións significativas, conservando o interese da paisaxe rural.


A identificación destes núcleos e a súa delimitación tendo en conta eses valores, constitúen un paso previo á súa ordenación en detalle, como medida transitoria ou cautelar.

Neses casos, tanto o reforzo e a valorización de actividades artesanais ou agropecuarias, a actualización de labores relacionados coa explotación dos propios recursos do medio rural, poden ser apoiadas por un certo desenvolvemento turístico, tanto a partir do funcionamento en rede dos núcleos singulares dos distintos ámbitos xeográficos, como mediante a promoción de rotas, itinerarios e áreas naturais a eles asociadas.

A ordenación dos núcleos singulares deberá entón centrarse na rehabilitación de fachadas e cubertas da edificación existente, así como na adecuación e mellora do tratamento urbanizador dos espazos públicos e dotacións.

A aldea da Cela, no concello ourensán de Lobios, é un exemplo de núcleo singular onde a excepcionalidade dos seus valores non se fundamenta tanto na calidade do seu patrimonio arquitectónico ou histórico, como na espectacular simbiose entre a edificación e o medio natural, aproveitando as construcións tradicionais os penedos do cumo dun monte para asentarse e conformar parte dos paramentos. Á dereita, planta do núcleo da Cela a escala 1:1500, reducida do orixinal a escala 1:1000.





Na aldea da Cela, a simbiose da edificación tradicional co medio natural, aproveitando os penedos graníticos do monte para formar algúns dos paramentos nos que se apoian as propias construcións, dá lugar a un conxunto singular de gran valor ambiental no seu conxunto, aínda cando esas edificacións, por separado, non teñan sido incluídas nun catálogo de planeamento que soamente fixa a súa atención nos elementos de interese excepcional polos seus valores arquitectónicos, históricos ou etnográficos.

Nestes casos, será preciso identificar os núcleos singulares e delimitalos para a súa protección como medida transitoria diante dunha necesaria regulación en detalle dos mesmos que contemple tanto a rehabilitación de fachadas e cubertas da edificación existente como a adecuación e mellora dos espazos públicos ou o nivel de obras posible en cada situación, incluíndo, no seu caso, a determinación das características formais e volumétricas da nova edificación.

Nos debuxos desta páxina, vistas dalgúns conxuntos edificadas no núcleo rural da Cela, no concello de Lobios, onde se mesturan as vivendas coa paisaxe natural, e unha imaxe dunha das construcións máis significativas do lugar, cun enorme penedo sobresaíndo como parte dos seus muros cara á rúa.

5.1.2. PROTECCIÓN ARQUEOLÓGICAS


O gran número de petroglifos, construcións funerarias do período Neolítico (mámoas ou dólmenes), castros e outros xacementos arqueolóxicos que articulan o territorio galego, dando testemuña dunha antiga ocupación do hábitat, contribúe a definir, por exclusión, ámbitos de protección prioritaria que determinan os límites doutras clases de solo. Xa dende a aprobación das primeiras Normas Subsidiarias Provinciais, como medida de urxencia para a conservación dos valores e patrimonio do medio rural, establecíase un conxunto de catálogos de xacementos e un contorno de respecto dentro dunha franxa cunha profundidade de 200 m. medidos dende o elemento ou vestixio máis exterior do ben protexido, dentro da cal, calquera actuación haberá de precisar dun informe preceptivo e vinculante por parte da correspondente Comisión Territorial do Patrimonio Histórico.

Tanto este criterio de delimitación como a necesidade de identificación deste numeroso patrimonio, motivaron sucesivos traballos pola Consellería de Cultura, conformando o Inventario de Xacementos Arqueolóxicos. O ámbito global deste inventario, necesariamente expresado sobre cartografías a escalas de escaso detalle, onde prevalece unha visión territorial de conxunto, obriga a trasladar, no momento de elaborar o planeamento municipal, estas delimitacións e contornos de respecto aos planos nas escalas de 1:5000, 1:2000 ou incluso 1:1000 no caso de que estes queden na zona inmediata aos núcleos rurais delimitados.

Levar ao plano unha sucesión de círculos de radio 200 m. arredor dun ben protexido, cando este ten un carácter puntual, como pode ser o caso dunha mámoa ou elemento singular, ou recintos ovais que reproducen o perímetro de borde da planta dun castro, desprazados a distancia regulamentaria, aínda sendo un mecanismo habitual en moitas ordenacións territoriais, é un criterio pouco efectivo e dunha difícil lexibilidade espacial no propio terreo, agás cando este carece doutras referencias primarias.

Estas definicións, exclusivamente xeométricas e alleas a calquera tipo de referencia respecto da topografía ou de elementos físicos do territorio doados de identificar no lugar, opónse á propia tradición de uso do medio rural, onde incluso moitos dos castros existentes están parcelados e cunha fragmentación do solo na que todo queda apoiado nas liñas non visibles dos “marcos” entre os que se trazan as divisorias das propiedades. As implicacións entre as ordenanzas de protección do planeamento e a lexislación de Patrimonio Cultural de Galicia, fan que, no caso das áreas de respecto dos xacementos, as posibilidades de edificación ou incluso de certas actividades de labradío dos campos, queden determinadas, nunha mesma unidade parcelaria, pola traza dun arco de círculo que soamente se pode definir no terreo a partir dun levantamento topográfico.

Resulta necesario, polo tanto, aplicar ás delimitacións das proteccións arqueolóxicas os mesmos criterios que para o resto dos ámbitos definidos no planeamento e ordenación do medio rural, mantendo as distancias de cautela, pero referindo a súa traza a elementos físicos facilmente recoñecibles no terreo (camiños, cómaros, límites de parcelas, saltos topográficos, etc.). Esta esixencia é aínda máis fundamental cando os propios asentamentos rurais se teñen desenvolvido no contorno de influencia dos mesmos xacementos, ás veces derivando dun emprazamento castrexo inicial que comparte a súa ocupación coa da propia aldea ou núcleo rural tradicional e onde debe definirse con claridade cales son as edificacións e parcelas abarcadas pola área de influencia do xacemento.



A toponimia e a topografía identifican, moitas veces, o emprazamento de castros, que as proteccións arqueolóxicas deben delimitar, tanto no recinto do xacemento, como no ámbito de respecto arredor do mesmo. Delimitacións que, ás veces, atópanse superpostas coa propia estrutura dos núcleos rurais que teñen xurdido como evolución do asentamento castrexo.

Nos esquemas da esquerda, planta a escala 1:4000 de Castrillón, no concello de Carballo e, debaixo, restitución topográfica do asentamento, na que se aprecia a forma característica do castro primitivo e na que se sinala o lugar que ocupa, no cume, unha antiga capela.

Na páxina do lado, delimitación de área de respecto da protección arqueolóxica dun castro na que se define o contorno tendo en conta a presenza dun núcleo rural tradicional ao pé do mesmo e se traza o perímetro dese ámbito seguindo elementos físicos que resulta ben doado identificar no terreo (camiños, lindeiros de parcelas, perímetro das edificacións existentes, etc.).



Delimitación de xacemento arqueolóxico (castro, marcado con liña continua) e ámbito de respecto da protección (a trazos) no núcleo rural do Castro de Laza.

5.1.3. PROTECCIÓN DO PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO E ETNOGRÁFICO

As primeiras medidas fronte á desaparición ou o deterioro dos valores patrimoniais do medio rural galego foron tomadas durante a elaboración das Normas Subsidiarias Provinciais. O mesmo que no relativo ao patrimonio arqueolóxico (franja de 200 m. dun ámbito de respecto arredor do xacemento) nas Normas Subsidiarias Provinciais establecéuse un contorno xenérico de 50 m. arredor dos bens catalogados de carácter etnográfico (hórreos, pombais, cruceiros, petos, fornos, etc.) e de 100 m. arredor dos elementos de arquitectura relixiosa, civil ou militar (igrexas, capelas, pazos, casais, pontes, castelos, etc.).

A catalogación á que se referían estas distancias de cautela tiña un certo carácter de urxencia, conforme a uns listados, incluídos nas propias normas, que contiñan os elementos máis senlleiros do patrimonio rural agrupados por concellos e parroquias. Con posterioridade, a obrigatoriedade de elaborar, como parte da documentación do planeamento xeral, un catálogo específico dos bens a protexer no medio rural, foi mellorando e subsanando as eivas, erros e omisións deste primeiro inventario de urxencia, pero soamente naqueles concellos que foron poñendo ao día a súa ordenación urbanística, e sempre seguindo ese criterio de recopilación dos elementos patrimoniais de maior valor, sen incorporar, agás raras excepcións a arquitectura tradicional de tipo doméstico ou non singular, aínda cando, ás veces, formaba conxuntos de notable valor ambiental.

Os catálogos do planeamento, case que sempre referidos exclusivamente aos elementos singulares do patrimonio histórico-arquitectónico e etnográfico de cada concello, amosan tamén unha gran diversidade duns municipios a outros, dependendo sempre do criterio de avaliación dos valores patrimoniais empregados por cada equipo redactor. Neste sentido, tamén a vixencia ou validez das propias proteccións dependerán moito da interpretación que se fai, en cada caso, das posibilidades que se derivan da lectura da propia lexislación urbanística. Deste xeito, moitos dos catálogos non incluírán máis que a protección do espazo exclusivamente ocupado polo ben inventariado, deixando o seu contorno libre de restricións e permitindo a nova edificación conforme a unhas ordenanzas que nada especifican acerca da adaptación, na súa composición e acabados, a ese contorno ambientalmente caracterizado.

Noutros casos, a necesaria determinación dun contorno de respecto ou de cautela (a falta dunha regulación de detalle da edificación existente ou prevista no interior do mesmo) é debuxada nos planos de ordenación a partir dun círculo de influencia que ten como radio a distancia anticipada, para cada caso, nas Normas Subsidiarias Provinciais (50 m. para o patrimonio etnográfico e 100 m. para o arquitectónico) dando lugar unha traza imaxinaria de difícil seguemento no terreo.

Os valores patrimoniais do medio rural non poden ser entendidos como pezas illadas, senón que son elementos que dan forma ao propio espazo interno dos núcleos ou determinan o seu protagonismo na paisaxe.

Arriba, o santuario das Ermitas, no concello do Bolo como remate dos volumes edificadas do propio núcleo na ladeira inmediata ao paso do río. Debaixo, o núcleo de Vilar de Condes, no concello de Carballeda de Avia, deixa no seu interior un espazo aberto comunal, unha aira que aproveitaría o relevo a xeito de chaira dun afloramento rochoso nos extremos do cal irán dispoñerse unhas ringleiras de hórreos.





PROTECCIÓN INEFICACES

Nalgúns planeamentos non se inclúe como contorno de protección dos elementos catalogado máis que o espazo exclusivamente ocupado polo propio ben inventariado.

No exemplo (plano a escala 1:2000), a ampla coroa concéntrica de solo delimitado arredor do núcleo rural tradicional existente permitiría edificar mediante licenza directa e sen ningún tipo de regulación de adaptación ambiental sobre case que todo o campo visual da igrexa que se protexe.

O carácter illado, nun extremo do agregado histórico do núcleo, da igrexa e cemiterio, que obedece tanto a requerimentos simbólicos como funcionais, vai ser negado pola propia ordenación a partir do simple xesto dunha delimitación de solo pouco acaída. O percorrido de aproximación ao núcleo coa silueta destacada da igrexa como elemento de fondo, quedará afectado con cada nova edificación que xurda na liña de visión.



PROTECCIÓN IMPRECISAS

As eivas de moitos planeamentos non soamente se poñen de manifesto na ordenación xeral dos núcleos rurais (no exemplo da esquerda, a xenerosa delimitación de solo convirte nun único agregado unha estrutura tradicional de marcado carácter binuclear) senón que tamén afectan aos criterios de protección, neste caso, dun elemento arquitectónico (unha pequena capela).

No plano, a escala 1:2000, trázase un ámbito de respecto conforme á xeometría circular que deriva da aplicación literal do contorno previsto de 100 m. arredor do ben catalogado. Pode apreciarse como as propiedades, e mesmo as vivendas, quedan, en parte, suxeitas a ese perímetro de cautela, permanecendo fóra del un anaco do mesmo inmobile. A propia traza, ao non estar referida a elementos físicos recoñecibles, resulta imprecisa e difícil de identificar no propio terreo.

PROTEXER CONFORME A CRITERIOS DE CONXUNTO

A falta de regulacións promenorizadas, a protección efectiva dos elementos catalogados dependerá do establecemento dun perímetro de cautela fundamentado no propio contorno de influencia visual de cada un dos bens a protexer.

A presenza e localización de varios destes elementos nun mesmo núcleo (1- lavadouro, 2- igrexa e 3- casa rectoral) pode determinar, como no caso do exemplo da dereita, tamén a escala 1:2000, a delimitación dunha área de respecto (a liña de trazos máis exterior no debuxo) que acaba incluíndo case que todo o solo de núcleo rural delimitado.



Delimitación de solo de núcleo rural (liña de trazos máis interior) e do ámbito de respecto da protección de elementos patrimoniais (liña de trazos exterior).


5.1.4. O CAMIÑO DE SANTIAGO E OUTROS ITINERARIOS HISTÓRICOS


O mesmo que acontece coas proteccións arqueolóxicas, os distintos ramais do Camiño de Santiago, unha vez identificados, viñan sendo protexidos por delimitacións de urxencia a partir dunha banda de 30 m. de profundidade a cada lado da traza do camiño. Estas delimitacións eran trasladadas directamente aos planos de maior detalle do planeamento municipal dos concellos respectivos a medida que ían aprobándose eses documentos de ordenación.

Aínda cando a situación de feito varía notablemente no tocante á actualización dos documentos de ordenación, incluso entre concellos limítrofes, este tipo de protección xeométrica de bandas equidistantes, presenta problemas cando discorre en paralelo a un núcleo rural que se estende máis alá da propia franxa de cautela, deixando actuar mediante licenza directa sobre terreos que, moitas veces, pola súa posición topográfica relativa, son máis visibles dende a traza do camiño que as propiedades incluídas na banda de protección.

Esta circunstancia levará, tras da aprobación da Lei 3/1996, de protección dos Camiños de Santiago, á delimitación da traza do Camiño Francés (o primeiro dos ámbitos que se desenvolve conforme a ese criterio) superando a definición exclusivamente lineal do contorno de respecto.

A protección provisoria de 30 metros a cada lado da traza do Camiño de Santiago, aquí nun núcleo da Rota da Prata (Camiño Meridional) non presenta problemas en moitos casos pola propia estrutura itinerante desas agregacións, as limitacións topográficas e o seu crecemento moi limitado. Como no caso do exemplo, practicamente todo o solo delimitado queda suxeito á cautela do camiño.






Ademais dun rexime de particular protección nos primeiros 30 m. definirase un perímetro de protección do camiño como BIC e unha zona de respecto exterior, superando o criterio linear da delimitación provisoria, de carácter xeométrico, para delimitar ámbitos con criterios paisaxísticos e de incidencia visual e histórica do patrimonio vinculado ao Camiño Francés.

Este tipo de tratamento debe ser aplicado a todos os outros ramais do Camiño de Santiago, sobre todo cando o percorrido constitúe unha travesía de núcleo, evitando que conxuntos rurais tradicionais de gran valor queden suxeitos soamente en parte ás medidas de protección da traza histórica, aínda cando constitúen unha estrutura unitaria na súa morfoloxía.

En ocasións, será o propio planeamento municipal o documento que aporte, dende unha maior escala de aproximación, a identificación de treitos ou rotas de camiños históricos de relación (itinerarios de arrieiros, rotas de peregrinaxe, antigos vieiros, etc.) que deberán ser protexidos mediante criterios semellantes (delimitación da traza, ámbito de contorno protexido mediante unha adecuada clasificación de solo rústico e definición dos criterios de conservación de pavimentos históricos ou obras de urbanización posibles).

No exemplo adxunto, no mesmo concello, aínda que a delimitación do contorno da traza da Rota da Prata trata de adecuarse a pegadas físicas recoñecibles, unha grande parte do núcleo delimitado queda fóra do ámbito cautelar do camiño. A unidade estrutural do núcleo queda diferenciada no seu tratamento e incluso algunha das parcelas con posible nova edificación quedan á marxe das limitacións, aínda cando están incuídas no campo visual do seu percorrido.



Antes da delimitación do Camiño Francés, que se desenvolveu en planos a escala 1:10.000, foron moi poucos os casos nos que o planeamento municipal, como mecanismo ordenador que representa un maior achegamento á escala de detalle, incorporase ás súas determinacións calquera tipo de protección, medida cautelar ou remisión a planeamento especial que trascendera da simple definición da franxa normativa de 30 m. a cada lado da traza do camiño.

Entre os exemplos dun tratamento máis adecuado do contorno do camiño poden atoparse certas ordenacións nas que, polo excepcional valor do conxunto rural histórico que atravesa o seu percorrido, se delimita un ámbito complementario suxeito a planeamento especial, como ocorre na aldea da Albergaría, no concello de Laza, pola que pasa a Rota da Prata ou Camiño Meridional a Santiago.

A procura de referencias no propio terreo para definir unha banda regulamentaria de 30 m., que sempre debe ser entendida como unha medida provisoria a falta dun maior achegamento á realidade física do territorio a ordenar) fai que certas edificacións dunha mesma unidade queden dentro ou fóra da liña de cautela, conforme os casos.

Como medida de protección complementaria e dado o especial valor do núcleo, delimitouse, neste caso, un ámbito de planeamento especial (núcleo singular) que recolle o asentamento tradicional (liña de trazos grosos máis interior). Como adoita ser habitual, a zona de conflito residirá na envolvente de contorno (liña de trazos grosos exterior) que delimita o conxunto do núcleo rural, onde as ordenanzas edificatorias quedan insuficientemente definidas respecto da incidencia visual no ámbito do camiño e no remate da agregación preexistente.

5.2. PROTECCIÓN DO TERRITORIO E DA PAISAXE



5.2.1. PROTECCIÓN FORESTAL

Os terreos forestais, como complemento da actividade agraria tradicional, ocupan áreas onde o solo, polas súas características edafolóxicas, orientación ou topografía, quedaba inutilizado para o seu uso como terreo de cultivo ou pradería, formando un mosaico territorial no que os núcleos habitados tenden a situarse no espazo de transición entre o monte e os campos, procurando non substraer máis superficie fértil do contorno cultivable.

O solo forestal, con arboredo ou mato, era así un complemento necesario na autarquía da economía agraria parroquial, conformándose como un protagonista fundamental no mosaico da paisaxe agraria. A súa defensa e protección tórnase imprescindible pola súa contribución no encaixe dentro do contorno dos núcleos rurais, nunha situación que, moitas veces, debe a súa relevancia á propia conformación do monte ou das masas forestais aproveitando unha orografía sobresaindo ou visualmente exposta.

A súa delimitación por exclusión, e a súa clasificación como solo rústico protexido, resulta elemental a partir do recoñecemento dos usos do solo, habitualmente incluídos na cartografía convencional e da identificación dos distintos tipos de terreos forestais (monte alto con arboredo, monte baixo, zonas rochosas ou improdutivo, etc.). Como elementos de apoio ao proceso de delimitación dos solos forestais a protexer ou para complementar ou precisar os datos cartográficos, haberá que ter en conta os seguintes aspectos:



- Fotos aéreas históricas
- Ortofotos e vistas aéreas oblicuas actualizadas
- Recoñecemento botánico e paisaxístico do lugar

As fotos do voo americano, de mediados da década dos cincuenta, proporcionan unha información moi valiosa para establecer ámbitos forestais protexidos, tanto por amosar o estado do mosaico agrario nun período previo aos procesos de abandono e transformación dos espazos rurais, como por facilitar a distinción, por contraste co estado actual, de contornos con arboredo de valor (as masas de arboredo maduro da fotografía histórica que se manteñen, probablemente contarán agora cunha idade de máis de cen anos).

As ortofotos e vistas aéreas oblicuas actualizadas permiten matizar a definición de usos do solo da cartografía e avaliar os criterios de protección do solo de tipo forestal. Moitas veces, sobre todo nos planeamentos cunha certa antigüidade, o feito de non representar o arboredo nin definir os usos do solo na cartografía de base, ten levado a definir ámbitos de ocupación dos núcleos rurais (áreas de posible nova edificación) sobre terreos de topografía difícil, visualmente expostos ou poboados por arboredo de valor.

Os terreos forestais, sobre todo os de arboredo, son fundamentais na tradicional integración na paisaxe dos núcleos rurais. Á dereita e arriba, esquema dun asentamento na Limia, aproveitando un resalte na topografía e apertándose contra as zonas de orografía máis difícil, onde se sitúan as masas de arboredo.

Debaixo, imaxe característica dun núcleo da montaña do Courel, onde a edificación nas ladeiras de forte pendente queda envolta por unha coroa de soutos que contribúen ao resguardo ambiental do asentamento.






O recoñecemento do lugar aporta unha visión á escala de detalle que non sempre é facilitada pola cartografía ou as ortofotos. Ás veces, poderán identificarse grupos de arboredo, exemplares illados ou comunidades botánicas de interese para incluír na protección forestal. Noutros casos, certos retallos de arboredo conformarán importantes fracturas na continuidade do tecido edificado do núcleo ou no mosaico agrario, xustificando a propia morfoloxía paisaxística do asentamento (masas boscosas ou de mato sobre topografías accidentadas, terreos improductivos que fragmentan unha aldea polinuclear, áreas forestadas que axudan a incorporar a edificación na orografía, etc.).


Esta identificación no lugar dos contornos forestais facilita corregir erros cartográficos ou sinalar ámbitos de especial valor pola conformación da vexetación autóctona ou pola súa singularidade ambiental ou paisaxística, trasladando, co debuxo do arboredo ou o sinalamento das áreas de monte baixo, eses datos á planimetría. Con demasiada frecuencia, as delimitacións dos núcleos rurais esquecen o traballo de campo, dando lugar a clasificacións de solo moi pouco acaídas respecto dos valores ambientais nos que se encadran os asentamentos.

No esquema adxunto, planta dun núcleo da montaña do Courel (Cereixido, no concello lugués de Quiroga, a escala 1:2000). Pode apreciarse a configuración característica deste tipo de asentamentos en relación co contorno forestal. As edificacións, nun conxunto moi compacto na ladeira, quedan envoltas por unha coroa de soutos na que soamente se abren pequenos claros naquelas zonas de menor pendente, aproveitadas para desenvolver os terreos de cultivo ou praderías.




A forma e situación de moitos núcleos rurais tradicionais, como no caso de Buxán, no concello ourensán de Bande, ven determinada pola ocupación dunha orografía improductiva, buscando diminuír a presión da edificación sobre as terras fértils de cultivo. Os retallos forestais que enmarcan o núcleo corresponderanse, así mesmo, con terreos non aptos para o cultivo, conformando unha paisaxe agraria característica.

No exemplo adxunto, a escala 1:2000, contrástase unha delimitación de núcleo sobre cartografía de pouca precisión xeométrica e que non inclúe a representación do arboredo co debuxo da realidade territorial do mesmo. Pode apreciarse como os límites previstos para crecementos en vivenda illada (trama punteada) abarcan áreas forestais de valor. Trátase dun erro común que deriva da non representación do arboredo, a ausencia de traballo de campo e de non comprobar as delimitacións sobre ortofotos.



A definición e identificación do solo protexido de carácter forestal, fundaméntase nunha adecuada interpretación das características físicas do propio territorio (superficies cubertas por masas de arboredo, solos improductivos cubertos de mato, topografías accidentadas, etc.). A propia morfoloxía do parcelario define case que sempre a transición entre terreos de monte e cultivos, principalmente cando se trata de montes en man común parroquiais. A fragilidade da paisaxe forestal, resaltada pola súa cobertura arbórea e as súas condicións de topografía ou altitude, converten a estes solos nun ámbito habitualmente destacado respecto do seu contorno territorial. O abandono do agro ten feito que as superficies forestais perdan a relación de complementariedade respecto da explotación tradicional dos recursos da terra, de xeito que a falta de mantemento destes solos, ou incluso o avance do mato sobre antigos terreos agrarios, incrementa os riscos de incendios ou queimas, unha situación que, no seu día, a lexislación pretendeu resolver obrigando ao afastamento das vivendas respecto do monte, esquecendo a estreita relación ecolóxica, ambiental e paisaxística que existe entre a configuración da maior parte dos núcleos rurais tradicionais e o mosaico agrario e forestal.

Resulta fundamental a interpretación da ocupación do solo a partir de criterios paisaxísticos, xa sexa para a identificación de áreas de nova edificación, que sempre resultará menos intrusiva se acompaña á silueta do arboredo existente, como para as reboacións forestais que, moitas veces, son a única alternativa de devolver certa rendibilidade a espazos agrícolas abandonados, tal como está a acontecer nalgúns núcleos de montaña, onde a transformación aleatoria de parcelas agrarias en explotacións madeireiras desfigura o encaixe territorial dos propios núcleos rurais do seu contorno.




No esquema da dereita, delimitación dun núcleo por exclusión (á mesma escala que o caso anterior) extraendo, fundamentalmente, o solo forestal no contorno do asentamento, caracterizado pola presenza de arboredo e de penedos graníticos na superficie do monte.

En contraste co caso anterior, pode comprobarse como a un maior número de vivendas, corresponde unha delimitación de solo menor, máis proporcionada, e que inclúe tamén espazo de crecemento.

Tanto o uso dunha cartografía de maior detalle, como o complemento da información planimétrica con ortofotos e o traballo de campo no lugar, facilitan unha máis axeitada definición do solo de núcleo rural, que non require máis que a identificación das masas forestais e das zonas visualmente sensibles no ámbito exterior do asentamento consolidado.

A complementariedade na economía agraria tradicional entre os terreos de cultivo e os de monte incide tanto na escolla do emprazamento dos antigos núcleos habitados como na determinación de cales serán os solos aproveitables dunha ou doutra maneira no contorno de influencia do núcleo.

Moitas veces o arboredo non soamente conformará a paisaxe das masas boscosas, senón que formará orlas no perímetro das parcelas de cultivos ou praderías, como pode apreciarse no esquema de implantación da aldea de Morcelle, en Becerreá. Nestes casos, ademais de resultar evidente a necesidade de complementar as proteccións forestais e agrarias, deben regularse os ámbitos de posible nova edificación (delimitacións de solo de núcleo rural) coa finalidade de manter o arboredo existente, que axudará a integrar esas novas construcións na paisaxe agraria preexistente.



Relacións coa lexislación sectorial de aplicación

A lexislación relativa á prevención de incendios forestais e tamén o Código Técnico da Edificación (CTE) determinan distancias de protección respecto de masas forestais para limitar a construción de vivendas xunto ao arboredo. En particular, no DB SI (Seguridade en caso de Incendio) do CTE, na sección relativa á intervención dos bombeiros, establécese unha distancia mínima de 25 m. de ancho libre de arbustos o vexetación separando as zonas edificadas das masas forestais cando estas linden con zonas de bosque ou sexan interiores a elas.

Resulta evidente que tal condición é contraria ao propio patrón de asentamento dunha grande maioría dos núcleos rurais tradicionais e que, incluso nalgúns casos, como os do Courel, a propia coroa boscosa forma parte da estrutura ambiental do núcleo edificado e a integración no medio non sería tal de desaparecer esa estreita relación de proximidade entre as vivendas e as masas forestais.

A implantación histórica de moitos dos núcleos rurais tradicionais ten buscado un achegamento ás masas forestais ou arboredo como elemento protector e que hoxe en día forman parte da paisaxe como complemento inseparable do ámbito construído, tal como pode apreciarse no esquema en planta da Seara, na serra do Courel, no concello lugués de Quiroga.





Tendo en conta a importancia que adquieren as proteccións do solo forestal na relación co conxunto de certos núcleos rurais e a contribución das masas vexetais na ocultación ou integración de novas construcións e ampliación das existentes, deberán considerarse os seguintes aspectos:

- A protección paisaxística de masas de arboredo autóctono deberá prevalecer sobre outro tipo de determinacións.
- A catalogación de núcleos singulares deberá determinar así mesmo, a prevalencia da conservación da configuración previa fronte a outras regulacións.
- Entenderase que calquera rehabilitación dunha edificación existente que mereza ser conservada poderá facerse mantendo as condicións de contorno que aseguren a súa mellor integración.
- Sempre as proteccións de carácter histórico-arquitectónico ou paisaxísticas prevalecerán por enriba doutro tipo de determinacións.

Moitos asentamentos rurais non poden ser entendidos no territorio senón como unha fusión entre as masas de arboredo e o espazo construído. Nos esquemas, dous exemplos do Courel, de arriba a abaixo, Paradapiñol e Ferramulín.

A protección da paisaxe e do patrimonio edificado esixen manter a unidade desa configuración.

5.2.2. PROTECCIÓN DAS AUGAS

Dende os primeiros documentos de ordenación territorial nos concellos galegos, nos que nin a cartografía de base, nin tampouco os criterios de planeamento, tiñan en conta as particularidades dunha profusa rede hidrográfica de pequena escala, na que abundan os regos e regatos, moitas veces de carácter estacional, os cambios lexislativos e, sobre todo, a relación establecida entre o solo rústico de protección das augas e a regulamentación sectorial correspondente (Lei 9/2010 de augas de Galicia) teñen establecido a obriga de contemplar a preservación do dominio público hidráulico e do seu contorno.


De acordo co establecido na lexislación de ordenación urbanística, o solo rústico de protección das augas, estará constituído polos terreos, situados fóra dos núcleos rurais e do solo urbano, definidos na lexislación reguladora das augas como leitos naturais, ribeiras e marxes das correntes de auga e como leito ou fondo das lagoas e encoros, terreos inundados e zonas húmidas e as súas zonas de servidume. Inclúiranse nesta categoría as zonas de protección que para tal efecto delimiten os instrumentos de planeamento urbanístico e de ordenación do territorio, que se estenderán, como mínimo, á zona de policía definida pola lexislación de augas (de 100 m.de ancho sobre cada unha das ribeiras) agás que o plan xustifique a redución da mesma. Igualmente terán dita consideración os terreos situados fóra dos núcleos rurais e do solo urbano con risco de inundación e aqueles baixo os cales existan augas subterráneas que deban ser protexidas.

Estas esixencias legais establecen uns criterios de protección ambiental que, anteriormente, apenas viñan sendo incorporados na ordenación territorial máis que de maneira excepcional nos instrumentos de ordenación municipal, determinando notables diferencias entre os planeamentos aprobados antes da aprobación da lei de augas e os posteriores.


De calquera xeito, as diversas interpretacións do texto legal en cada planeamento, sobre todo no que respecta á indicación de que estas proteccións comprenden o solo non incluído na clasificación de urbano ou de núcleo rural, levan ás veces a delimitacións inadecuadas e que non traducen a necesidade de protección duns terreos que historicamente non tiñan sido edificables (riscos de asolagamento, exceso de humidade, especial fertilidade e aptitude para o cultivo, presenza de vexetación de valor, etc.).

1. Protección das augas e delimitación do solo de núcleo rural

Moitas veces a delimitación do solo de núcleo rural verificase á inversa de como debería facerse na súa relación co contorno de protección, incorporando as marxes de ríos, regos ou regatos cando estes atravesan os núcleos, engadindo novas áreas edificables na proximidade das ribeiras, e non excluindo eses terreos como zonas de ampliación do xa consolidado. Son delimitacións feitas dende a visión da continuidade do construído, conforme a pautas máis propias das áreas urbanas ou suburbanas, e non do medio rural, onde, tradicionalmente eses solos sempre foron reservados respecto da ocupación pola edificación e que, con frecuencia, xustifican a propia morfoloxía dos asentamentos rurais, nos que a propia existencia dun pequeno val, unha foxa orográfica ou o curso dun regato fragmenta a unidade dun núcleo para dar lugar a conxuntos de tipo bi ou polinuclear, sempre fisicamente afastados entre si.



Os terreos de veiga (arriba, núcleo do Real en Rubiá) sempre determinan un contorno ambiental diferenciado tanto pola presenza de vexetación de ribeira, como polas características dos cultivos.




Na parte superior, o núcleo de Tamagos, en Verín, amosa o asentamento condicionado pola adaptación aos terreos de veiga entre dous ríos, unha circunstancia que determina a necesidade de protección das ribeiras e a morfoloxía da propia agregación rural.

PROTECCIÓN INSUFICIENTES


Moitas veces non se ten en conta o paso dun río ou regato como elemento ambiental e paisaxístico que determina a propia delimitación do espazo edificado dos núcleos rurais, apoiándose nun criterio inverso, diminuíndo o ámbito de protección ata o límite mínimo dos 5 m. de dominio público, aínda cando eses terreos permanecen baleiros no momento de establecer a ordenación dos mesmos.

Aínda que é un criterio común aos planeamentos aprobados antes da aprobación da lei de augas de Galicia e da relación establecida respecto dela da lexislación urbanística, segue a manterse ás veces a visión do solo de núcleo rural como un ámbito expansivo en calquera dirección, sen tomar en conta as limitacións físicas ou paisaxísticas que impón o propio carácter territorial do seu contorno. Moitas veces, as propias carencias, neste sentido, da planimetría na que se apoia a ordenación (escaso achegamento ao detalle, ausencia de traballo de campo, non identificación de regos e cursos de auga menores) provocan este tipo de erros comúns.



Na parte superior, unha cartografía con certas imprecisións xeométricas e cunha escasa referencia aos elementos que conforman o contorno dun núcleo rural cun claro carácter binuclear, fragmentado polo paso dun regato (ausencia de representación da topografía, do arboredo de ribeira e, polo regular, dun mínimo contorno territorial que envolva o ámbito de solo de núcleo rural delimitado conforme a dúas ordenanzas de densidade) leva a considerar na súa mínima expresión os terreos protexidos na travesía do río, enlazando dous conxuntos tradicionais diferenciados na súa ocupación do espazo.


Á dereita, representación da delimitación do solo de núcleo rural do planeamento recollido nesta páxina sobre planimetría actualizada. Pode distinguirse como a linearidade do regato establece unha continuidade ambiental, marcada tanto pola extensión do arboredo de ribeira, como polo carácter do aproveitamento agrario dos terreos de veiga, circunstancias que determinaron a propia implantación do núcleo tradicional conforme a dous asentamentos diferenciados e afastados entre eles. O planeamento segue un criterio inverso (extensión do edificable fronte á protección dos valores rurais do territorio).




PROTECCIÓNEN SEN CONTINUIDADE

Ainda cando moitas das ordenacións tenden a limitar a continuidade dos solos de protección das augas cando o seu percorrido atravesa un núcleo rural (incluso cando resulta evidente o baleiro que deixa o curso fluvial no seu paso polo núcleo respecto do solo consolidado pola edificación) é preciso asegurar a conservación ambiental deses contornos, moitas veces suxeitos á posibilidade de inundacións ocasionais e **que historicamente téñense mantido sen edificar, ben sexa por ese motivo ou pola humidade e a pouca aptitude do terreo para construír nel.**

Nestes casos, máis que excluír da protección das augas o solo previsto como posible ampliación ou regularización do contorno do núcleo rural, débese proceder á inversa, ou sexa, manter a continuidade da franxa de protección das augas, polo menos, no espazo de dominio público existente xunto ás ribeiras na súa travesía do núcleo, aínda cando a súa amplitude, polas limitacións xa existentes, non poida ser maior que a servidume de paso sinalada na lei de augas, para evitar a implantación de novas vivendas nesa área e facer posible a continuidade do corredor natural que habitualmente acompaña ao percorrido de ríos e regatos.



Á dereita, delimitación dun núcleo que obvia a fragmentación histórica producida polo curso dun regato, interrompindo a continuidade da protección das augas, procedemento habitual en moitas ordenacións do medio rural.



Á esquerda, a representación, sobre unha planimetría de maior detalle, das determinacións do planeamento da páxina precedente, amosa como a protección das augas (ámbito envolto pola liña de puntos) perde a súa continuidade ao interromperse pola delimitación do solo de núcleo rural, aínda cando esa zona non foi ocupada pola edificación.

A propia morfoloxía do núcleo amosa dúas partes ben diferenciadas e fragmentadas pola distinta constitución topográfica dos terreos e a antigüidade de cada unha das implantacións (un núcleo compacto inicial na parte baixa e unha gregación máis laxa na ladeira, resultante da proximidade ao viario de relación exterior).

Nestes casos é preciso manter a franxa de protección ao longo dos terreos libres de edificación, dando continuidade ao corredor natural do curso fluvial.


2. Referencia respecto da Lei de Augas.

O solo de protección vinculado aos cursos de auga mantén case que sempre unha referencia directa, no planeamento, respecto das determinacións de distancias que establece a lexislación reguladora das augas continentais. A partir deste criterio, no solo rústico, fóra dos núcleos rurais e do solo urbano, adoitan definirse uns contornos de directriz lineal que, cunha profundidade equivalente aos 100 metros, ao longo de cada unha das marxes (distancia de protección establecida na lei de augas) acompañan á traza identificada na cartografía de cada unha das canles que percorren o territorio municipal.

Neste tipo de delimitación de solo de protección, non se establecen distincións entre os distintos tipos de canles ou zonas húmidas (ríos, regatos, cursos de auga de carácter estacional, zonas con risco de asolagamento, etc.) nin tampouco se teñen en conta as diferentes características dos terreos de veiga, a súa parcelación ou a extensión superficial das masas de vexetación de ribeira a eles asociadas, aínda cando, na maioría dos casos, resulte suficiente a propia amplitude da protección regulada das marxes. De novo, as determinacións planimétricas perden a súa relación respecto das referencias ao medio físico e non son recoñecibles máis que na propia cartografía.

No plano da dereita pode apreciarse a delimitación habitual do solo de protección das augas, neste caso diferenciando dúas bandas paralelas, unha de 25 m. de largo e outra exterior que recolle os 100 m. regulamentarios da lei de augas sobre cada unha das marxes, dando lugar aos diversos percorridos en liña que, na planimetría, acompañan á traza das canles identificadas.





A delimitación dos solos de protección das augas pode referirse ás pegadas físicas do propio territorio, axustando os mínimos regulamentados na lexislación de augas respecto de elementos identificables do lugar, como camiños, límites de parcela, muros, etc.

Deste xeito pódense recoller contornos paisaxísticos ou ambientais homoxéneos, incluíndo a continuidade das masas de vexetación de ribeira ou a unidade agraria das veigas. Este tipo de definición dos límites da protección poderá tamén axudar a delimitar o espazo posible na expansión dos núcleos rurais cando estes se atopan perto dunha canle ou en terreos de ribeira.


Este axuste das xeometrías de tipo lineal, pasando a contornos fisicamente recoñecibles, aínda cando non sexa tan importante no solo exterior, onde as proteccións das distintas clases de solo van superpoñerse unhas ás outras, resulta primordial nas zonas inmediatas ao solo urbano ou de núcleo rural.

A delimitación do solo de protección das augas, no esquema da esquerda, busca referirse a elementos físicos recoñecibles no territorio, procurando abarcar, na súa totalidade, a unidade ambiental adxacente á propia canle. Tal como pode apreciarse, este tipo de delimitación, axuda a definir o propio contorno do núcleo rural, tal e como viña sendo común na implantación da estrutura tradicional do asentamento.

No contorno dos ríos e regatos, dentro da profusa rede hidrográfica do territorio galego, adoitan atoparse ámbitos dun grande interese ambiental ou paisaxístico (fervenzas, pozas, conxuntos de muíños, batáns, etc.) que poden precisar dun perímetro de protección homoxéneo e singularizado, que recolla a integridade visual dese contorno, excedendo os límites da configuración en liña que deriva da aplicación, sen máis, das franxas establecidas na lexislación de augas.

Nestes casos, de novo deberán delimitar as áreas de protección das augas tendo en conta criterios de unidade ambiental e visual, referindo a súa extensión a elementos que poidan ser recoñecidos con claridade no medio físico (parcelario, camiños, muros, cómaros, arboredo, etc.) fronte ás trazas exclusivamente xeométricas, soamente identificadas na cartografía.

O contorno das canles, aínda as de menor importancia, acolle moitas veces contornos de grande interese ambiental e paisaxístico, como no caso do conxunto dos 67 muíños do Folón e do Picón (á dereita), declarado BIC no ano 1998, no concello do Rosal. A protección destes ámbitos non pode restrinxirse ao espazo nas marxes da canle que deriva da lexislación de augas e debe adoptar criterios de unidade visual.





5.2.3. PROTECCIÓN AGRARIAS

O territorio construído, no medio rural, adquire o seu significado conxuntamente co contorno agrario circundante, de tal xeito que o propio emprazamento dos núcleos ou agregacións, resposta polo regular e na súa configuración tradicional, a criterios de mínima ocupación dos terreos cun valor produtivo nese ámbito.

As transformacións máis profundas da paisaxe agraria veñen a producirse cando eses terreos do contorno perden o seu valor de subsistencia e pasan a ser considerados como espazo baleiro que pode ser sumado, sen máis, ao núcleo edificado, circunstancia que, nunha equivalencia directa co crecemento propio das áreas urbanas, reflicte decote o planeamento, na súa intención de dirixir a edificación dispersa cara a ese perímetro xa construído, rematando por atender en exceso a unha posible expansión concéntrica, moitas veces esaxerada en dimensión respecto das preexistencias ou das dinámicas demográficas do rural, esquecendo o valor da paisaxe agraria como parte fundamental da unidade ou homoxeneidade visual do medio no seu conxunto.


A morfoloxía sumamente compacta de moitos núcleos rurais do val de Monterrei (á dereita, esquema de ocupación de Videferre, no concello ourensán de Oímbra) ou da Limia, non pode ser entendida máis que como contrapunto respecto dun contorno agrario sobre o que, tradicionalmente, vai evitarse calquera tipo de ocupación pola edificación. A perda de valor desa imaxe de conxunto ven de producirse, sobre todo, cando se inician as expansións dispersas da nova construción ao longo das antigas coroas de cultivos.

Polo regular, a protección ambiental do solo agropecuario e, como contrapartida, a delimitación do contorno dos núcleos rurais, afróntase no planeamento a partir de estratexias propias da ordenación do medio urbano. Máis que definir o ámbito dos núcleos despois de identificar as áreas a protexer polo seu interese visual na conformación histórica ou tradicional do agregado edificado, adoita delimitarse un perímetro concéntrico que acolla tanto o conxunto construído, como unha zona de expansión exterior, moitas veces desproporcionada, sen ter en conta a estreita relación anteriormente existente entre o asentamento e a súa coroa agraria.

A implantación das agregacións rurais no territorio sempre segue unhas pautas recoñecibles de respecto aos solos de maior produtividade agropecuaria e, aínda cando hoxe en día non a teñan, marcan a característica integración no medio ou na paisaxe dos núcleos de valor, polo que non deberían ser aplicadas, sen máis, as posibilidades de clasificación de novos solos edificables de xeito indiferenciado sobre o antigo parcelario agrícola para todo tipo de agregacións. A carencia de estrutura viaria axeitada, a presenza de condicionantes orográficos, de socalcos ou cornixas visuais e valores ambientais notables, soamente apreciábles mediante un estudo específico de cada núcleo, van aconsellar exclusións de solo ou proteccións do contorno agrario non sempre entendidas como tales no planeamento.

A presenza dun casal illado xustifica a delimitación no planeamento dunha coroa de expansión case que equivalente, en superficie, á ocupación histórica do núcleo tradicional, aínda cando neste non se percibe ningún tipo de dinámica demográfica positiva, senón todo o contrario.





Resulta evidente que, hoxe en día, o solo agropecuario non soamente debe ser defendido a partir da súa potencialidade produtiva, senón como parte integrante da propia paisaxe rural, e como tal debe ser entendido no planeamento. As proteccións agropecuarias non son o refugallo que resta de substraer un posible ámbito edificable arredor dos núcleos, senón todo o contrario, son o perímetro que outorga valor ao propio agregado construído.

Neste sentido, moitas das actuacións de concentración parcelaria, ademais de transformar, sen moita reflexión, unha estrutura organicamente integrada na topografía, non serviron, polo regular, máis que como soporte de novas edificacións dispersas, proporcionando unha infraestrutura de crecemento da que carecían as agregacións rurais previas.

Unha maior fidelidade na representación gráfica do núcleo anterior e a superposición da delimitación prevista no planeamento, permiten apreciar como a incorporación do solo de expansión se verifica sobre unha paisaxe agraria de gran valor, socialcos en ladeira sen ningún tipo de acceso rodado, cunhas pautas de crecemento que van en contra da apertada configuración da agregación tradicional contra dos terreos improdutivos do monte e liberando de presión unha coroa agraria cunha grande incidencia paisaxística na imaxe do conxunto.

Á dereita, ordenación e delimitación dun núcleo (A Pedrosa, no concello ourensán de Cualedro) onde o contorno agropecuario queda remitido a distintas categorías de protección especial, preservando o carácter compacto da agregación rural orixinaria e non recoillendo as novas edificacións dispersas xurdidas no exterior sobre parcelas de concentración. Neste caso destacan os seguintes aspectos:

1. Limitase a zona de ocupación da edificación sobre parcelas de grande profundidade.
2. Establécense ordenacións específicas nas que a nova edificación completa a traza preexistente seguindo pautas de agregación semellantes ás do modelo tradicional.
3. As áreas de expansión quedan determinadas a partir dunha relación directa co agregado xa consolidado e cunha ocupación proporcionada tanto respecto do existente, como da dinámica de crecemento que deriva da análise do planeamento.





A representación esquemática da delimitación do núcleo da Pedrosa revela como unha protección axeitada da coroa agropecuaria dunha agregación tradicional compacta da lugar, por exclusión, a un perímetro do asentamento que permite tamén o crecemento do mesmo seguindo as pautas de expansión do propio tecido consolidado.


A ampliación cara ao exterior do núcleo apóiase no viario e na fragmentación catastral existentes, producíndose conforme a criterios de racionalidade e optimización do uso do solo.

Poden contrastarse as diferenzas entre este tipo de solución (principalmente no que respecta á proporción do solo de expansión, referido á ocupación previa do agregado tradicional) e a do primeiro exemplo deste apartado (nas páxinas anteriores)..

O contorno agropecuario dos núcleos rurais tradicionais ten, moitas veces, unhas cualidades paisaxísticas que non poden ser obviadas na ordenación do solo, tanto pola súa contribución á formalización do conxunto edificado, como por recoller antigas transformacións da propia topografía que imposibilitan a incorporación dos terreos aos procesos de expansión do tecido construído (carencia de accesos á marxe das servidumes de paso agrarias, parcelación excesivamente subdividida, saltos de cota, etc.).

A estrutura parcelaria do medio rural, sempre dependente da explotación da terra, define o ámbito dos núcleos, e non ao contrario, revelando pautas de ocupación do territorio que non deberan perderse de vista no planeamento ou a ordenación do mesmo.

Pode que sexa o cultivo do viño en la-deira un dos mellores exemplos da integración no territorio dalgúns núcleos rurais, obrigados a ocupar cristas ou esporóns saíntes e reservar as ribeiras asoalladas para un intensivo traballo de modelado do terreo en socalcos que chegan ata o contorno improdutivo do monte como límite. No esquema adxunto, un exemplo do Ribeiro, a aldea de Noallo de Arriba, en Castrelo do Miño.



5.2.4. PROTECCIÓN DA PAISAXE E DOS ESPAZOS NATURAIS

Dende a Lei estatal 42/2007 e a súa correspondente autonómica de conservación da biodiversidade e do patrimonio natural (Lei 9/2001) e ata a máis recente Lei 7/2007 de protección da paisaxe de Galicia, ou aínda con anterioridade, a partir dos diversos inventarios ou declaracións de áreas protexidas, entre os que destacarían os que derivan da redacción das primeiras Normas Subsidiarias de ámbito provincial, a delimitación dos solos protexidos polos seus especiais valores naturais, ecolóxicos ou paisaxísticos, tivo sempre un carácter supramunicipal e cautelar.

Con este mesmo criterio, as Directrices de Ordenación Territorial propoñen unha serie de enclaves de excepcional valor natural, recollendo tanto a rede galega de espazos naturais protexidos (Lei 9/2001 de conservación da natureza) como os Lugares de Interese Comunitario (LIC) e Zonas de Especial Protección das Aves (ZEPA) que derivan da directiva da Rede Natura 2000, así como as áreas protexidas de ámbito internacional (Reserva da Biosfera, Zonas RAMSAR ou Zonas OSPAR).

O aporte dunha ordenación en detalle e máis específica do medio rural no planeamento municipal limitarase, nestes casos, a simples axustes que tentarán establecer, con maior precisión e claridade, conforme a referencias físicas recoñecibles, o perímetro do solo rústico especialmente protexido que se asigna a esa categoría, dende un coñecemento máis polo miúdo das características ambientais deses solos ou dos contornos homoxéneos que haberán de incluír.

Con anterioridade ás Directrices e Catálogos da paisaxe de Galicia, previstos na Lei 7/2008, teñen sido moi poucos os planeamentos de ámbito municipal onde se aborda unha avaliación das potencialidades paisaxísticas do territorio e a protección dos solos de interese ambiental, natural ou de especial visibilidade (cornixas visuais, vistas panorámicas, do territorio, do litoral, dos vales ou cara a monumentos de singular valor).

Aínda cando a escala do planeamento municipal supón un achegamento ao detalle que revela singularidades locais de contornos non incluídos, moitas veces, nas medidas de cautela con rango superior, tanto a ausencia duns estudos rigorosos acerca dos valores da paisaxe neses concellos (agás nalgún dos planeamentos máis recentes na documentación de avaliación paisaxística) así como a coincidencia das maiores carencias en ordenación municipal sobre os concellos da Galicia interior, que tamén son os menos desenvolvidos e con maiores singularidades naturais ou paisaxísticas (algúns deles sen ningún tipo de planeamento municipal específico ou con documentos dunha antigüidade que xa os invalida totalmente) son circunstancias que obrigan a unha valorización da paisaxe e da natureza no medio rural para a súa protección efectiva.

Unha aproximación municipal coordinada segue a ser o mellor criterio de ordenación para facer visibles eses contornos de grande interese local e que, ás veces, non son contemplados nas directrices xerais de conservación de ámbitos a grande escala. O planeamento pode, neses casos, aportar instrumentos de análise e unha visión próxima do medio natural que fan posible o recoñecemento de contornos a protexer dentro desa categoría de solos.

A redución da presión demográfica sobre o medio rural e o cambio de rumbo dunha anterior lexislación urbanística máis permisiva e que facilitaba a incorporación de usos residenciais dispersos sobre o solo agrícola sen apenas ningún tipo de limitación verdadeiramente efectiva, poñen de manifesto a necesidade de considerar a tradicional vinculación entre as actividades humanas e o territorio que as acolle no medio rural, identificando, nas distintas escalas de aproximación, as unidades homoxéneas de carácter natural ou paisaxística.

Entre os valores ambientais e paisaxísticos que o planeamento territorial de detalle deberá identificar para delimitar o seu ámbito de protección, destacarán tanto elementos naturais (masas forestais autóctonas, bosque de ribeira, etc.) como singularidades do medio físico (fervenzas, pozas, penedos, fitos orográficos, etc.).

O mapa de vexetación autóctona adoita ser, neste sentido, un instrumento indispensable no planeamento municipal xa que, moitas veces, independentemente da súa ocupación superficial, estas áreas constitúen uns contornos cunha comunidade de flora e fauna de grande interese ambiental a nivel local e que pode formar parte de corredores ecolóxicos xunto a outro tipo de solos protexidos.


O mesmo acontece coa identificación doutras áreas de interese paisaxística, ás veces tamén vinculadas ao contorno forestal ou da rede hidrográfica municipal pero que, pola súa singularidade, esixen un maior nivel de protección, cun alto valor na localidade, aínda cando non foran contempladas en instrumentos de ordenación de rango superior.

Como sempre, convén que a referencia destes contornos non sexa soamente de tipo planimétrico e recolla pegadas físicas do propio territorio para a boa definición dos seus límites (camiños, valados, parcelación, cambios de uso do solo, etc.).

6

Criterios de ordenación e intervención no medio rural

6.1. ORDENACIÓN E DELIMITACIÓN DE NÚCLEOS RURAIS



6.1.1. CLASIFICACIÓN DO SOLO E ORDENACIÓN: PROCEDEMENTOS

A ordenación do medio rural téñese convertido, en moitos casos, na simple aplicación de técnicas de delimitación e clasificación do solo mediante envolventes xeométricas e parámetros de distancias (delimitación do solo de núcleos rurais) que son trasladadas territorialmente con independencia das propias tipoloxías (tradicional ou non) das distintas agregacións e fundamentándose, case que sempre, nunhas posibilidades de crecemento non sempre proporcionadas e mediante licenza directa para vivendas illadas, rexendo unicamente a súa inscrición no interior do perímetro e a disposición dunha superficie mínima de terreo edificable.

Esta ordenación por simple delimitación (á marxe da validez de aplicacións non diferenciadas a núcleos de contornos territoriais ou estruturas internas ben diversas) non ten acadado os obxectivos de protección ou valorización do medio rural, sobre todo polo escaso achegamento que se produce respecto de configuracións de certa complexidade e que quedan sempre enmarcadas nun planeamento xenérico no que non sempre un maior detalle (definición de aliñacións e rasantes) aporta mellores cualidades (tratamentos semellantes ás mecánicas do planeamento urbano con ampliacións viarias que non teñen en conta a definición ambiental de muros en pedra, sebes, arboredo singular, edificacións de valor, etc.).

A sensibilización respecto dos valores que, aínda en moitos casos, mantén o medio rural, comprendendo tanto as propias agregacións edificadas, como o contorno territorial no que se insiren, esixe unha actualización de planeamentos municipais xa totalmente obsoletos e un novo achegamento a un territorio que segue a representar, sobre moitos concellos, o lugar de asentamento de boa parte do seu conxunto demográfico.

Este tratamento máis acaído do medio rural soamente pode ser abordado a partir do descenso cara a unha escala de maior detalle, semellante á disciplina de ordenación subordinada propia do planeamento especial (de protección e de reforma interior) xa sexa incluído este criterio de ordenación en detalle no propio planeamento xeral de ámbito municipal, ou remitindo certos núcleos ás correspondentes figuras de planeamento subordinado.

Aínda cando resulta evidente que o nivel de transformación acadado por moitas desas estruturas rurais e a perda irremediable dos seus valores despois de décadas de intervención por parte de planeamentos inadecuados ou mesmo, na maioría dos casos, pola ausencia de calquera tipo de regulación de feito, pode xustificar o mantemento das técnicas habituais de delimitación de envolventes e clasificación do solo en certos ámbitos, hai outro tipo de núcleos (nunha estreita vinculación entre o edificado e o seu contorno paisaxístico) nos que resulta preciso afrontar unha ordenación de carácter máis específico, conforme cunha casuística que pode comprender situacións ben diversas.

1. Núcleos a inventariar ou catalogar

A remisión de urxencia a un planeamento de protección dos valores ambientais para certas agregacións de valor, moitas veces carentes de ningún tipo de regulación, xa sexa a partir do propio planeamento municipal ou mediante actuacións de rango superior, resulta fundamental para o mantemento e a recuperación (rehabilitación da edificación, mellora de dotacións e servizos, recuperación da imaxe do conxunto, etc.) de estruturas tradicionais de asentamentos de notable

interese ambiental e que adoitan ser tratadas como compoñentes non diferenciadas nos habituais documentos de planeamento.

A identificación destes núcleos como compoñentes dun conxunto que non pode ser regulado ou ordenado mediante intervencións xenéricas e a súa remisión a tratamentos pormenorizados resulta unha actuación fundamental. A súa inclusión nun catálogo ou inventario de núcleos de valor axudaría tamén á promoción de intervencións cualitativas diferenciadas que contribúan a incrementar o interese e o desenvolvemento deses enclaves.

2. Núcleos comprendidos na área de influencia de proteccións patrimoniais

A definición de ámbitos de protección derivados da presenza ou veciñanza respecto de elementos patrimoniais de valor que afectan ao contorno da edificación común mediante a extensión ou incidencia do seu campo de visuais (en moi diversos graos, que poden ir desde o propio recoñecemento do interese dunha igrexa parroquial, polo seu significado histórico, arquitectónico ou de definición da silueta da agregación, ata a inclusión dun núcleo dentro do contorno de influencia da declaración de BIC do Camiño Francés a Santiago, por exemplo) esixe tamén, do mesmo xeito, unha intervención e ordenación fundamentadas no tratamento de detalle.

Son casos nos que non abonda con regular parcelas mínimas ou límites territoriais para as novas construcións, senón que deben precisarse outro tipo de condicionantes formais e de integración ambiental, así como definir todos aqueles elementos e valores a protexer.

A propia elaboración de catálogos da paisaxe para certas áreas de marcada identidade ambiental, pode determinar a definición deste tipo de núcleos a desenvolver mediante un tratamento de detalle e orientar a configuración de ordenanzas de harmonización específicas.

3. Núcleos de estrutura complexa

Moitas veces, a evolución do tecido tradicional, requirido polo ritmo crecente da demanda de asentamento de novas vivendas, nunha situación na que o planeamento chegou cun excesivo retraso ou non fixo máis que asumir unha situación de feito con escasos marxes de corrección, ten dado lugar tanto á coexistencia diferenciada de morfoloxías tradicionais e áreas renovadas dentro de patróns diversos de baixa densidade (é o caso dos núcleos compactos con edificacións illadas, como superposición da antiga agregación e dun número significativo de novas vivendas sobre parcelas agrarias no seu contorno) como ao desenvolvemento dun conxunto relativamente denso na ocupación do parcelario agrícola que a penas ten modificado a rede territorial de servidumes de paso como única estrutura viaria.

En ambos os dous casos, resulta necesaria unha ordenación que contribúa tanto a superar as deficiencias en equipamentos, urbanización ou servizos que demandan agregados que xa teñen acadado unha dimensión que así o esixe, como a deslindar os distintos tipos de estruturas e configuracións tipolóxicas que compoñen o conxunto, valorizando as permanencias da agregación tradicional e definido criterios de harmonización ou de enlace entre os diferentes ámbitos.

Son estas estruturas complexas as que máis reclamarán actuacións de reforma interior en coordinación con intervencións de protección dos valores da configuración tradicional que se manteñen.

6.1.2. AS BASES CARTOGRÁFICAS NA ORDENACIÓN DO MEDIO RURAL

Tal e como se desprende dunha análise do planeamento vixente de ámbito municipal, sobre todo naqueles documentos que aínda non foron adaptados ou actualizados respecto das novas esixencias da lexislación urbanística, moitos dos erros nas delimitacións e clasificacións do solo derivan tanto da incapacidade das técnicas e procedementos de ordenación como da propia imprecisión da cartografía empregada, ou da ausencia de referencias nela respecto de elementos que conforman, por eles mesmos, a estrutura interna ou as relacións territoriais dos núcleos que se ordenan.

Xa se trate dun tratamento de detalle ou da referencia respecto dun planeamento xeral, a representación cartográfica dos núcleos deberá partir dun achegamento de escala apropiado (mínimo de 1:2000 para delimitacións e clasificacións do solo no planeamento xeral e de 1:1000 ou 1:500 para ordenacións pomenorizadas) recollendo todos aqueles elementos físicos do núcleo e do seu contorno inmediato que poden determinar ou xustificar decisións de planeamento e regulacións do solo específicas e que poden resumirse nos seguintes:

a. Representación precisa da edificación

Diferenciando os corpos de vivenda e as edificacións auxiliares ou accesorias propias do medio rural como cubertos, alpendres, paleiras, hórreos, fornos e outras, con referencia específica ás alturas ou número de plantas, tipo e morfoloxía das cubertas e relación respecto do viario ou espazo público (acceso a patíns ou corredores mediante escaleiras desde a rúa, patios ou espazos baleiros entre as casas, etc.).

b. División catastral: parcelario

A tradicional división dos usos do solo, condicionada pola aptitude agropecuaria dos mesmos e a historia evolutiva da explotación dos recursos primarios determina tanto a integración territorial dos asenta-



mentos como as súas posibilidades de desenvolvemento, ben sexa polas características específicas da fragmentación da propiedade ou por recoller contornos de marcada identidade paisaxística ou ambiental no conxunto do medio rural que deben ser protexidos e subtraídos respecto das posibilidades de construción.

Calquera simple delimitación ou clasificación do solo que non manteña referencias claras respecto dos límites de propiedade provocará a aparición de contornos indefinidos en calquera intervención de maior detalle ou mesmo conflitos na ocupación do terreo polas novas construcións.

No mesmo sentido, calquer achegamento á ordenación dos núcleos rurais debe ter en conta as posibilidades de transformación ou a obrigada protección de parcelas que teñen a súa orixe nas antigas prácticas de subdivisión agraria (incapacidade superficial para outros usos, excesiva fragmentación da propiedade, reserva de fincas singulares, fracturas na continuidade do tecido histórico dos asentamentos, dificultade de relación viaria ou de acceso, etc.).

Na parte superior, exemplo de base cartográfica de traballo, reducida neste plano a escala 1:2000 e correspondente ao núcleo rural de Serois no concello ourensán de Calvos de Randín.

O mesmo que no caso dos esquemas precedentes, a representación da agregación recolle os elementos esenciais da súa propia morfoloxía e os condicionantes físicos de interese para unha posible ordenación en detalle.

c. Deslinde das relacións entre o espazo público e o privado

Coa identificación que deriva dos planos catastrais e que establece a determinación de situacións non sempre manifestas na estrutura construída dos núcleos ou no levantamento cartográfico de partida apoiado exclusivamente nas ortofotos (servidumes de paso, treitos de rúas de uso privativo, eiras ou espazos comunais, campos da festa ou dependentes da parroquial, etc.).

d. Topografía e desniveis no terreo

Con representación de curvas de nivel a unha equidistancia mínima de un metro e incluíndo a identificación precisa de socalcos e cómaros que establecen o acondicionamento das plataformas dos cultivos en pendente ou saltos de cota, impondo barreiras físicas que non sempre se teñen en conta na traza da ordenación por non terse tampouco recollido na cartografía.

A grafía da topografía contribúe sempre ao entendemento dos condicionantes de cada asentamento rural e define as características da evolución natural do seu tecido.

Do mesmo xeito, a ausencia de información topográfica na base planimétrica de traballo implica posibles erros na definición de ámbitos edificables ou na traza de aliñacións que poden supoñer obstáculos visuais ou impoñer primeiros planos non desexados no conxunto da paisaxe.

e. Elementos de delimitación: muros e peches de fábrica, sebes e cultivos non herbáceos

Determinan sempre recintos ou contornos pechados na paisaxe e poden contribuír notablemente á súa definición como parte dun amplo conxunto de actuacións construtivas complementarias da edificación ou do acondicionamento dos espazos agrarios.

A sucesión de sebes e muros de fábrica determina liñas de forza visuais tamén no perímetro non edificado dos asentamentos rurais e a eliminación das mesmas bota a perder moitas das trazas de relación entre o conxunto edificado e a coroa agropecuaria.

Os muros de pedra asociados aos recintos que determina a edificación tradicional conforman tamén a imaxe dos planos de fachada e non sempre son entendidos como parte fundamental do propio valor ambiental das agregacións históricas (definición de aliñacións regularizadoras, imposición de recuados, pistas rectilíneas da concentración parcelaria, etc.). No caso dos novos peches de propiedades, executados en materiais, formas e deseños diversos e case que sempre alleos á simplicidade e á estreita relación da arquitectura tradicional co propio lugar, a non regulación dos mesmos supón unha evidente perda da calidade ambiental dos asentamentos.

f. Masas forestais, arboredo e vexetación

Co recoñecemento e representación gráfica da ocupación do solo forestal polo arboredo ou as matogueiras e do seu valor na formación de áreas de interese ecolóxica ou paisaxística que, moitas veces, constitúen o cadro no que se insire a silueta dos propios núcleos rurais.

Do mesmo xeito, a vexetación de ribeira ou a presenza de carballeiras, soutos e arboredo illado de valor, supoñen fracturas visuais na continuidade do edificado e axudan a diminuír a visibilidade das construcións, podendo constituír límites evidentes respecto da morfoloxía dos asentamentos.

g. Ríos, regos e rede hidrográfica menor

A protección da rede hidrográfica a escala de detalle pode garantir o valor da articulación medioambiental dos terreos agrarios e o mantemento dos ciclos naturais de desaugue e filtrado das precipitacións, preservando o enlace de corredores ecolóxicos.

A representación desta rede, xunto tamén coa da topografía, permite, así mesmo, dispoñer de xeito racional as instalacións de sumidoiros e das unidades de depuración das augas que sexan precisas para asegurar a implantación dos asentamentos conforme con novos criterios de sostibilidade.

h. Rochas, penedos e outros elementos físicos singulares

Moitas veces a edificación dos núcleos tradicionais retírase cara a zonas onde non son posibles os cultivos, aproveitando ao máximo as posibilidades de uso da terra. Deste xeito, tanto no litoral, como na montaña, certos asentamentos mesturan as súas construcións con elementos físicos ben evidentes nas vistas de alzados ou na silueta dos núcleos, aínda cando non sempre sexan tomados en conta pola planimetría e, polo tanto, ignorados no planeamento.

i. Localización de equipamentos

Deben sinalarse non soamente as dotacións públicas habituais e propias do grao de desenvolvemento residencial acadado polo asentamento conforme coa súa funcionalidade local, senón tamén aquelas outras que tiñan caracterizado a estrutura do medio rural seguindo o seu modelo tradicional e que dan lugar a articulacións espaciais propias (campos de hórreos, airas, fornos comunais, etc.).

j. Referencia respecto da evolución histórica dos asentamentos: As ortofotos do voo americano

O contraste das ortofotos actuais coas do voo americano do ano 1956 (imaxes ortorreferenciadas e descargables), dispoñible no visor SIG da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, permite apreciar tanto as transformacións na estrutura interna e na edificación dos núcleos (datos de presenza de novas vivendas para identificar tipoloxías tradicionais ou renovadas) como a evolución do contorno agropecuario e da paisaxe da agregación (transformación das terras de cultivo, novas directrices de articulación territorial derivadas das concentracións parcelarias, modernización do viario de relación, grao de abandono das prácticas agrarias tradicionais, implantación superficial e antigüidade das masas forestais, etc.).

O estudo de todos estes aspectos que determinaron a evolución do territorio, e a súa análise, teñen unha utilidade fundamental para xustificar as decisións de planeamento, aínda cando moitas veces non serviran máis que para apoiar a obrigada distinción entre edificación tradicional e novas construcións.

Calquera simple delimitación de solo non é soamente un exercicio xeométrico, como parece desprenderse de moitos planeamentos agora vixentes, senón que debe xustificar razoadamente cada un dos contornos previstos a partir de obxectivos ben fundamentados de evolución económica e demográfica. Nese sentido, moitas veces, a comparativa entre a estrutura rural das ortofotos do ano 1956 e a actual revela xa o desatino do planeamento por exceso, ou por defecto (ou pola ausencia do mesmo) nalgúns concellos da Galicia interior, onde o medio rural segue a ser o principal protagonista na ocupación do espazo.



Na parte superior esquerda, interpretación da ortofoto do ano 1956 (a escala 1:3000) para o núcleo de Cexo, no concello ourensán de Vereá. Pódese apreciar a antiga estrutura do núcleo e a traza da estrada pola parte baixa, así como as características do contorno agrario.



A representación actual do mesmo núcleo revela a nova expansión aproveitando o eixo da estrada e a necesidade de limitar a dispersión provocada polo crecemento aleatorio sobre os terreos agrarios de todo tipo de construcións (vivendas, edificacións agropecuarias, auxiliares, etc.).

A visibilidade e a ocupación aleatoria destas novas construcións contrasta coa permanencia dun notable conxunto de antigas edificacións abandonadas. A perda de valor de uso do agro ten provocado tamén un cambio profundo na paisaxe (os cultivos ocupados polo mato ou arboredo).

6.1.3. OS DATOS DE CAMPO E A INFORMACIÓN URBANÍSTICA

O medio rural galego caracterízase por unha grande variedade territorial e paisaxística que acolle tipoloxías diversas de núcleos, formando agregacións que varían dunhas zonas a outras, tanto na súa arquitectura tradicional, como na propia composición xeral das agregacións ou os materiais empregados nesas antigas construcións.

Esa diversidade pode manifestarse incluso entre asentamentos dunha mesma área paisaxística ou mesmo dentro dunha mesma parroquia, dependendo da altitude, a topografía, a estratigrafía, a composición do solo e outros factores físicos que teñen condicionado o aproveitamento agropecuario de cada contorno ou a adaptación do edificado a ese contexto concreto.

A análise, a observación e o entendemento dos condicionantes de cada un destes contextos territoriais ou paisaxísticos permite ter en conta factores de especificidade na ordenación ou intervención sobre o medio rural, achegando o planeamento ao nivel de detalle preciso en cada caso. A calidade das propostas de planeamento no medio rural depende máis, polo regular, do entendemento do específico de cada contorno e da fidelidade con que son recollidas as referencias aos condicionantes físicos ou morfolóxicos do asentamento e o seu contexto.

Dentro do obrigado estudo do medio rural que se esixe para o planeamento xeral deberá incluírse, máis que toda unha serie de datos xenéricos de escasa utilidade práctica, unha información urbanística específica que permita esa análise formal e tipolóxica, así como unha diagnose de cada núcleo que deba ser ordenado en detalle.

Ese complemento necesario da análise cartográfica debe centrarse nos seguintes aspectos:

a- Valores da arquitectura tradicional

A calidade visual de moitas agregacións rurais depende da permanencia do seu conxunto edificado de carácter tradicional e da súa integración na paisaxe agropecuaria do seu contorno. En tanto non se desenvolva unha regulación precisa e pormenorizada deses conxuntos, será necesario establecer medidas de cautela que eviten a súa desaparición ou transformacións inadecuadas.

O recoñecemento da arquitectura tradicional e dos seus valores debe formar parte da análise morfolóxica de cada núcleo, establecendo as medidas de protección necesarias.

Do mesmo xeito, a análise dos seus volumes, orientación, materiais, cubertas ou elementos de composición, fundamentará a elaboración de ordenanzas específicas de integración para as novas construcións ou a reforma das existentes.

b- Patrimonio menor

O mesmo que no caso da arquitectura tradicional de carácter doméstico, o medio rural recolle toda unha serie de elementos funcionais ou simbólicos (hórreos, muiños, fornos, airas, fontes, cruceiros, petos de ánimas, capelas, etc.) que singularizan ámbitos do espazo público e identifican a imaxe ambiental do asentamento.

A localización destes elementos non sempre resulta evidente na cartografía de traballo, aínda cando supoñen fitos importantes na estrutura interna, ou mesmo na silueta de conxunto, dos núcleos rurais.

Identificar estes elementos do patrimonio menor debe motivar o establecemento de perímetros de protección que comprendan a súa incidencia visual no contorno próximo.

c- Instalacións, servizos e dotacións

A falta de adecuación ou as carencias das distintas redes de servizos ou instalacións é unha constante nunha grande parte do medio rural, con abastecementos de auga comunais ou redes de saneamento anticuadas ou en condicións precarias, con vertidos directos á rede hidrográfica menor.

O alumeadado público e os cableados aéreos, con múltiples postes de apoio e cruzamentos de rúas, supoñen un evidente impacto visual negativo nos núcleos de valor e mesmo sobre edificacións protexidas, sobre todo polas propias características de estreiteira e irregularidade da trama viaria histórica.

A representación cartográfica de todos estes aspectos e a identificación das trazas das instalacións, servizos ou dotacións existentes, permite establecer as necesarias medidas de adecuación ou completamento.

d- Usos non residenciais

Caracterizan unha certa diferenciación na xerarquía territorial dun conxunto de núcleos, con frecuencia asociados ás cabeceiras parroquiais ou a desenvolvementos lineares ao longo de estradas principais.

A súa identificación permite un mellor entendemento das relacións e vínculos viarios entre os distintos núcleos dun mesmo contorno e pode apoiar a determinación de pautas de desenvolvemento diferenciadas ou mesmo a localización de novas dotacións ou equipamentos.

e- Evolución demográfica

A análise dos censos de poboación por parroquias e referidos a cada un dos núcleos rurais identificados, contrastando diversos períodos ou épocas, facilita un primeiro achegamento ás demandas de vivenda ou crecemento e, polo tanto, evidencia as características da presión urbanística sobre cada zona, con implicacións inmediatas nas decisións de clasificación do solo ou delimitacións, xa sexa para dirixir eses crecementos cara ao contorno máis favorable dos asentamentos, ou ben para protexer da ocupación pola edificación os ámbitos de maior fraxilidade.

Neste sentido, o erro máis común consiste na determinación, en moitos dos planeamentos aínda vi-xentes, de xenerosas áreas de expansión para núcleos nos que os ritmos de evolución do número de novas vivendas amosa, con claridade, pautas de decrecemento, estancamento ou crecemento lento.

f- Grao de ocupación da edificación

Como complemento da análise da evolución demográfica ou do parque de vivendas, a identificación das edificacións sen ocupar ou abandonadas e o interese ambiental das mesmas, de cara ás súas posibilidades de recuperación ou rehabilitación, pode poñer en evidencia o innecesario da previsión de áreas de expansión en moitos núcleos da Galicia interior.

O mantemento de estruturas compactas cunha certa capacidade de reforma interna, agora pouco ocupadas ou con moitas edificacións abandonadas, sempre será preferible respecto dun hipotético crecemento adxacente e que non sempre garante a integración no conxunto desas ampliacións dos núcleos.

6.1.4. AS DELIMITACIÓNS POR EXCLUSIÓN

O entendemento das características dos usos do solo inmediato aos núcleos, da súa funcionalidade na antiga estrutura territorial ou mesmo na formación dunha identidade paisaxística, permitirá establecer limitacións lóxicas ás posibilidades de expansión da edificación e recoller as pautas de evolución natural do tecido histórico, ou xa consolidado, deses asentamentos.

a- Protección da estrutura topográfica

O emprazamento dos núcleos rurais mantén sempre unha estreita relación (moitas veces alterada pola expansión indiscriminada de novas edificacións sobre o substrato agrario) coa configuración topográfica do lugar, evitando a ocupación dos espazos de maior fertilidade ou potencialidade agropecuaria e, polo tanto, dando lugar a implantacións que manteñen unha estreita relación coa paisaxe do seu contorno.

A avaliación da incidencia visual de calquera nova edificación, en relación con zonas de forte pendente, dificultades topográficas ou provocando fracturas na silueta e na percepción do conxunto, axudará a definir ámbitos exteriores que deben ser excluídos respecto da súa posible ocupación pola edificación.

b. Protección da estrutura agraria e forestal

O contorno agrario e forestal dos asentamentos rurais ten un valor fundamental na integración territorial e paisaxística dos mesmos, moitas veces superior á propia rendibilidade ou produtividade actual dos mesmos e a súa protección como elementos exteriores que enmarcan o ámbito dos núcleos debe ser considerada conforme a criterios visuais e da imaxe do conxunto.

O mesmo acontece coa presenza de certos cultivos non herbáceos que caracterizan a cobertura vexetal do contorno dos núcleos (videiras, arboredo, etc.) ou a vexetación illada que constitúe fitos puntuais e pequenas masas, axudando a unha mellor integración do conxunto edificado.

c- Protección de ríos e rede hidrográfica menor

A profusa rede hidrográfica de pequena escala que articula o territorio agrario sempre desenvolve un papel ecolóxico fundamental, non soamente como sistema de drenaxe, rego e filtrado das precipitacións, senón contribuíndo a formar pequenos corredores que enlazan coas masas forestais.

A súa protección, incluíndo a vexetación de ribeira de acompañamento, determinará ámbitos que esixen referencias físicas recoñecibles pola súa propia configuración ambiental e paisaxística, máis que como simples trazas de distanciamento uniforme derivadas da lexislación de augas.

d- Proteccións arqueolóxicas e do patrimonio

No caso das proteccións arqueolóxicas, o seu ámbito derivará, case que sempre, de inventarios previos, superpoñéndose ao propio planeamento como elemento de exclusión de solo.

As proteccións de elementos patrimoniais, ás veces identificados a partir do mesmo planeamento, poden impoñer tanto a reserva de espazos de visibilidade non edificados no contorno deses bens protexidos, como ámbitos de influencia nos que deberá acondicionarse ou harmonizarse calquera actuación de reforma ou nova construción, coa finalidade de manter o seu carácter como fito no conxunto.

e- Protección de equipamentos e infraestruturas

Determinados elementos lineares ou puntuais (estradas de relación exterior, tendidos eléctricos, cemiterios, etc.) determinarán contornos de protección de diversa magnitude que deben ser reservados respecto das posibilidades de edificación, axudando a definir directrices de crecemento ou zonas de exclusión nas delimitacións e clasificacións do solo nos núcleos rurais.

f- Protección medioambientais ou paisaxísticas

Poden derivar de determinacións de rango superior e previas ao planeamento específico (protección da costa, contorno dos Camiños de Santiago, áreas naturais, etc.) ou ben ser definidas no mesmo a partir de consideracións paisaxísticas ou de reserva de vistas panorámicas seguindo determinados itinerarios, sempre a partir dunha análise máis próxima ao contorno de planeamento.

g- Protección do parcelario non apto para edificar

Este tipo de proteccións adquire especial importancia no caso de ordenacións apoiadas exclusivamente nas clasificacións do solo e na edificación mediante licenza directa.

Neses casos resulta imprescindible identificar aqueles ámbitos de imposible edificación mediante actuación directa, xa sexa pola propia incapacidade superficial e o grao de fragmentación da propiedade, como pola ausencia de servidumes de acceso con suficiente amplitude (parcelas en segunda liña).

O mesmo acontece no caso de pazos ou fincas singulares de gran superficie ou, de xeito semellante, cando existen propiedades extensas que interrompen a continuidade do conxunto edificado xa consolidado (moitas veces conformando o carácter polinuclear dalgunhas agregacións) e que non poderán ser recollidas como ámbitos completos dentro das delimitacións de solo dos núcleos, senón que deberán excluírse ou definir con claridade, sobre as mesmas, o contorno reservado a unha posible edificación en continuidade co tecido existente.

6.1.5. PROCEDEMENTO DE DELIMITACIÓN DO SOLO NOS NÚCLEOS RURAIS

Xa se trate de ordenar un núcleo en detalle ou soamente dunha clasificación do solo dun planeamento xeral, sen máis, unha vez excluídos os solos de protección conforme cos devanditos criterios, deberá procederse a unha delimitación do ámbito de núcleo.

Polo regular, nun mesmo concello haberán de ordenarse núcleos de moi diversas características, que poderán ir desde pequenas aldeas relativamente compactas e que manteñen a súa estrutura tradicional, ata agregacións expandidas, na proximidade de cascos urbanos ou ao longo das estradas de relación exterior. A configuración de cada un destes núcleos, analizada de maneira específica, demandará tratamentos cun achegamento de maior ou menor escala (ordenacións xenéricas ou remisión a figuras de planeamento de desenvolvemento, de maior detalle segundo sexa o caso e dependendo da complexidade tipolóxica de cada núcleo e dos valores de conservación ou morfoloxía do agregado tradicional). A partir da base cartográfica especificamente elaborada e coa inclusión dos datos e a información urbanística complementaria expresada nos apartados anteriores, sempre apoiándose nas ortofotos, nos planos parcelarios e nas notas ou esquemas de campo, a delimitación dos núcleos deberá seguir o seguinte procedemento

1. *Análise tipolóxica*

Referida tanto á estrutura do propio núcleo, como ás características da edificación.

No que respecta á configuración xeral do núcleo, deberanse ter en conta as súas relacións de implantación topográfica ou o modelo de ocupación territorial, coa finalidade de entender cales son as pautas naturais de agregación ou a densidade e as directrices da súa evolución ou crecementos.

A xa habitual análise e identificación da edificación tradicional terá como finalidade a delimitación da agregación de orixe histórica, así como a avaliación das súas cualidades, podendo determinar a aplicación de ordenanzas diferenciadas ou unha ordenación máis polo miúdo. Ademais, poderá xustificar a elaboración de directrices de harmonización tipolóxica para as novas construcións ou para a reforma e ampliación das existentes.

En todo caso, resulta fundamental un estudo da topografía e as visuais, xunto co contraste das transformacións recentes (viario, edificación, perímetro agrario) respecto das ortofotos do voo americano do ano 1956.

2. *Relación entre o parcelario e a consolidación pola edificación*

Unha visualización do conxunto de parcelas que se atopan xa ocupadas pola edificación proporcionará un primeiro achegamento ao perímetro do solo xa consolidado, facilitando, ao mesmo tempo, a identificación dos baleiros (edificables ou non) previamente existentes.

Unha vez diferenciadas as estruturas que compoñen a agregación (conxunto inicial ou tradicional e crecementos ou expansións posteriores) e a magnitude ou ocupación superficial de cada unha delas sobre o plano parcelario, poderá procederse a unha delimitación que contemple, ou non, áreas de expansión adxacentes, recollendo eses contornos.

A definición destas áreas de expansión deberá verificarse, no seu caso, conforme aos criterios de proporcionalidade respecto dos ritmos de evolución demográfica e de crecemento, ou non, do parque de vivendas, sempre evitando espallar aínda máis os crecementos dispersos que xa poideran existir e avaliando, así mesmo, as posibilidades que aportaría a recuperación ou rehabilitación do agregado inmobiliario xa existente como alternativa máis viable, sobre todo no caso de núcleo moi compactos e de perímetro ben definido.

O perímetro destas delimitacións, xa sexa na circunscrición do existente ou na súa área de expansión, a falta dunha ordenación de maior detalle, definirá o ámbito onde haberán de situarse as novas edificacións ou a ampliación das existentes, cando así se permita, polo que haberá de ter en conta a súa capacidade de limitar ou dirixir a ocupación en planta desas construcións respecto do viario, o espazo público ou a extensión en profundidade das propias parcelas.

A propia morfoloxía do parcelario (diante da ausencia da previsión de planeamento de desenvolvemento ou intervencións de reparcelación) poderá determinar a exclusión de zonas agrarias excesivamente fragmentadas (polo aleatorio da súa difícil agregación e transformación) ou daquelas propiedades cunha xeometría pouco apta para acoller novas vivendas.

3. *Relación entre o viario ou espazo público e parcelación*

A presenza ou ausencia dunha relación directa entre a parcela e o viario ou o espazo público de acceso determina con claridade, a falta de intervencións específicas de reordenación, as posibilidades de construción dunha determinada propiedade, polo que a carencia de fronte a viario ou a situación en segunda liña e as servidumes de paso dependentes de terceiros, xustificarán a exclusión deses ámbitos respecto das delimitacións do solo de núcleo rural. A análise da estrutura viaria existente constitúe, deste xeito, unha das directrices espaciais que determinarán o contorno a delimitar.

Ao mesmo tempo, o seu estudo pode apoiar a execución de pequenas operacións de articulación interna, conectando o viario existente ou abrindo espazos públicos de relación. Este tipo de actuacións adquire especial relevancia en núcleos complexos ou moi extendidos, nos que a nova edificación ten ocupado o substrato parcelario de orixe agraria sen apenas transformacións na súa estrutura.

4. *Referencia física das delimitacións*

A determinación dos distintos perímetros delimitados deberá manter, na súa expresión gráfica, unha clara referencia respecto do parcelario ou de elementos físicos recoñecibles, xa sexa seguindo liñas ben evidentes na propia morfoloxía do terreo (muros, cómaros, lindes de propiedade, camiños, etc) ou ben establecendo distancias uniformes respecto dos mesmos, de fácil medición e comprobación no lugar.

A precisión da cartografía de base contribuirá, neste sentido, a verificar delimitacións menos confusas e determinacións de ordenación máis factíbles.

5. *Avaliación visual das delimitacións*

Como paso final, debe recuperarse a visión da globalidade do núcleo como parte dun conxunto territorial que integra tamén a paisaxe exterior e a implantación no territorio.

Unha vez definidos os contornos onde serán posibles as intervencións de transformación, por admitirse a localización neles da nova edificación ou a substitución das existentes, tendo en conta a súa implantación nas áreas consideradas como máis favorables e seguindo as tendencias naturais de evolución do tecido previo, haberá de procederse a avaliar o impacto que poderían representar, de executarse, na silueta e visibilidade do núcleo, podendo derivar, desta análise, a eliminación de certos ámbitos delimitados de inicio, pola súa incidencia negativa na configuración final do agregado.

De seguido, amósanse uns exemplos de delimitación de núcleos, como paso previo ao seu tratamento ou ordenación máis polo miúdo e seguindo os criterios expostos con anterioridade.



À esquerda, exemplo de delimitación para o núcleo rural de Filgueira no concello de Cerdedo a escala 1:2000.

1- A identificación dun contorno de interese patrimonial (capela e campo de hórreos) nunha posición lixeiramente elevada, leva a considerar todo o conxunto do asentamento como un núcleo singular, de tal xeito que a delimitación constituiría o paso previo para o seu tratamento de detalle (directamente no plan xeral ou remitido a planeamento de desenvolvemento).

2- Aínda cando podería parecer que a modernización viaria, coa apertura dunha estrada que evita o antigo eixo interior do núcleo para o tránsito rodado, serviría como apoio para o crecemento do tecido construído, a fractura que produciu na parcelación (aínda resulta visible o corte en diagonal e a continuidade dos anteriores lotes a unha e outra beira da mesma) invalida tal posibilidade de non ser mediante unha regularización ou reparcelación. O desorden e a aleatoriedade dunha posible consolidación nese sentido incidiría na lexibilidade da estrutura formal do núcleo.

3- A penas houbo crecemento algún a partir da estrutura inicial respecto do que pode apreciarse na ortofoto do ano 1956, polo que unha delimitación que recolla certos baleiros interiores con posibilidades edificatorias, xunto coa rehabilitación das construcións abandonadas resulta dabondo.

4- Excluir os terreos forestais ou en posición elevada e visualmente moi exposta permite reservar o espazo dos hórreos como contorno protexido.

5- A representación do parcelario permite diferenciar aquelas zonas nas que resulta imposible o empra-zamento de novas edificacións.

Exemplo de delimitación de núcleo rural para Reboreda, no concello de Porqueira (Ourense). Identifícanse dúas áreas de expansión tipolóxicamente diferenciadas respecto da estrutura da agregación tradicional (A).

1- A presenza de varios conxuntos de hórreos e o seu contorno de influencia leva a entender o asentamento como un núcleo singular que require unha intervención de detalle e a procurar a reserva das vistas cara a eses emplacements.

2- A falta dunha regulación previa tivo como consecuencia o emprazamento de novas edificacións en posicións pouco acaídas no parcelario agrícola.

3- Establecer a protección do arboredo existente favorece a integración de novas edificacións, que deben emprazarse na parcela en consecuencia con tal determinación.

4- A protección dunha propiedade extensa, mantendo o muro de peche e regulando as súas posibilidades de construción permite manter a definición espacial da antiga estrutura do núcleo.

5- As propiedades resultantes das transformacións verificadas para a mellora agraria (concentración parcelaria) deben ser excluídas da posibilidade de edificar (procesos de reparcelación con finalidade non urbanizadora).

6- Debe limitarse a expansión do núcleo sobre liñas de cornixa da paisaxe edificada (transición na súa silueta cara ás zonas elevadas do pé dun monte).



6.1.6. EMPRAZAMENTO DA EDIFICACIÓN

De antigo a edificación rural empregaba os materiais dispoñibles localmente e tecnoloxías construtivas repetitivas que aseguraban tanto unha axeitada integración na paisaxe, como a identidade territorial de cada contorno a partir da utilización común deses recursos propios do ámbito (xisto, granito, lousado, tella, madeira, etc.).

A escolla do emprazamento nesa edificación tradicional dependía sempre das posibilidades de localización que ofrecía o respecto dun contorno agropecuario imprescindible para a subsistencia do propio núcleo. A vivenda buscaba, ademais, un terreo cunha adecuada capacidade portante para a cementación (ás veces asentándose directamente na rocha superficial), protección respecto dos ventos dominantes, unha boa orientación solar, afastamento das terras con risco de asolagamento ou proximidade aos campos de cultivo, achegamento ás masas forestais, etc. Esas circunstancias, engadidas a uns límites topográficos sempre recoñecibles na paisaxe, condicionaban a ocupación do territorio.

Aínda malia ter sido afectados polos procesos de dispersión da nova edificación, eses núcleos amosan unha grande coherencia e unha relación harmoniosa co relevo, na que participan tanto a estrutura das antigas terras de cultivo, como a vexetación natural que as acompaña.

Hoxe en día, os documentos de planeamento determinan os espazos edificables no contorno dos núcleos, con frecuencia seguindo patróns territoriais concéntricos que non teñen en conta as condicionantes da xeometría e topografía que serven de soporte ao asentamento como parte dun conxunto no interior da paisaxe agraria. Nas seccións previas (Tratamento do medio rural: antecedentes en Galicia, Parcelario agrario e edificabilidade) xa se definiron as eivas máis comúns na delimitación de solos edificables nas ordenacións que ata o de agora viñan realizándose sobre o medio rural. Agardando a resposta de novos tratamentos máis acaídos dos núcleos rurais, nos que se teña en conta o valor do solo como un ben escaso e a necesidade de valorizar a paisaxe como o principal activo territorial de moitos deses ámbitos, convén sinalar unha serie de criterios de delimitación máis específicos de cada lugar que se engaden aos xa determinados con anterioridade (exclusión de parcelas en segunda liña, sen acceso, de morfoloxía inadecuada, de dimensións insuficientes, de concentración parcelaria, fincas singulares ou de gran tamaño) buscando sempre a proporcionalidade entre o asentamento consolidado e crecements previstos e incidindo de maneira realmente efectiva na constante vontade da lexislación urbanística de evitar os desenvolvementos dispersos como alternativa xa pouco sostible e que supón un custo excesivo na provisión de servizos e infraestruturas.

6.1.7. PRIORIDADES NA DETERMINACIÓN DE PARCELAS EDIFICABLES

Cando é habitual a edificación mediante licenza directa, na ausencia doutras limitacións de carácter ambiental ou visual, unha edificación dentro dun contorno proporcionado de crecemento, adxacente ao espazo xa consolidado do núcleo, sempre terá un menor impacto.

Esta circunstancia obriga a ter en conta certos criterios de prioridade no momento de determinar, mediante o planeamento, as parcelas que poden ou non ser incluídas na delimitación do solo como terreos con posibilidade de edificación, excluindo aquelas outras que supoñen unha maior dispersión ou deterioro visual.

a. Recollerse no perímetro edificado

Como criterio xeral, para evitar a dispersión, convén que as novas parcelas con posibilidade de edificación se atopen recollidas, polo menos, seguindo dous dos seus laterais polo perímetro doutras xa construídas no conxunto do núcleo.

A delimitación de núcleos debe priorizar a inclusión de parcelas que **queden recollidas pola edificación** xa consolidada seguindo o seu perímetro ao longo de dous, ou mellor, tres, dos seus laterais (A) fronte a outras que non o están (B) e que supoñen un alongamento do mesmo e o inicio de procesos de dispersión.



b. Limitar os crecementos lineares

As novas estradas, como elemento primario de urbanización, teñen constituído, con moita frecuencia, o único elemento de trazado para ampliacións de núcleos que van alargándose case sen límite. O planeamento, en moitos casos, máis que recoñecer esta situación, apóiase nela para xustificar un exceso de solo clasificado e delimitado que favorece un desenvolvemento aleatorio e moi pouco sostible.

A sucesión de parcelas á beira da estrada como única estrutura de crecemento dun núcleo debe ser sempre limitada e xustificada en coherencia coa situación de feito, pero nunca ser o argumento dunha expansión sen ordenación de apoio.

Nunha delimitación de núcleo (sobre todo cando éste ten unha estrutura compacta) **non deberán promoverse parcelas edificables** co único argumento ordenador da súa situación seguindo a traza dunha estrada, limitando este tipo de situacións sempre a partir do recoñecemento das xa existentes, como no caso do exemplo, onde se incluírían soamente os terreos intercalados entre os xa consolidados (A). Nótese a necesidade, nesta situación, de regular a volumetría, **parcelación e posición da edificación** respecto da estrada.

Pode verse tamén como o criterio debiera ser, o mesmo que no caso anterior, incluír aquelas parcelas que se atopen recollidas, polo menos por dous dos seus laterais, dentro do perímetro xa edificado.





c. Recoñecer as fracturas na continuidade do tecido edificado

Moitas veces a existencia de estruturas polinucleares ou de certas fracturas visuais no tecido edificado, resposta a condicionantes históricas ou da topografía a pequena escala que deben ser recoñecidas na súa vinculación coa propia morfoloxía da agregación.


A determinación dos ámbitos edificables debe prestar atención a estas circunstancias, mediante unha análise do lugar. A presenza dunha masa de arboredo de certo porte, intercalada entre as edificacións dun núcleo, pode constituír unha discontinuidade visual que debe manterse polo seu valor de configuración dentro do conxunto do asentamento rural. O mesmo pode dicirse respecto daquelas parcelas que exceden en moito a dimensión da fronte habitual das existentes xa edificadas, debendo tanto manterse a fractura, como determinar a posición da nova edificación cando tal posibilidade sexa admitida.

No exemplo do esquema, pequenas masas de arboredo de certo porte constituíen unha fractura visual na continuidade do tecido dun núcleo e contribúen a establecer diferenzas na súa estrutura, debendo manterse libres de edificación polo seu propio valor na paisaxe final do agregado.

As igrexas, capelas, cruceiros, campos de hórreos, etc., constitúen moitas veces, fitos ou emerxencias na paisaxe, tanto polo seu carácter simbólico, como funcional (é o caso das airas con campos de hórreos, buscando unha posición elevada ou exterior ao conxunto dos núcleos para procurar unha zona ventilada) e caracterizan a morfoloxía ou o perfil de certas agregacións tradicionais.

Non abonda, neses casos, con determinar contornos de protección arredor deses elementos seguindo un patrón de distancias, senón que debe enfrontarse un estudo das visuais que xustifique a necesaria exclusión de certas parcelas respecto da posibilidade de construír, mantendo a calidade paisaxística do conxunto.

No exemplo que se achega pode apreciarse como un campo de hórreos e a igrexa parroquial apoian a súa localización na topografía e na súa relación respecto do ámbito ocupado pola edificación do núcleo. As visuais cara a estes elementos obrigarían a reservar libre de construción un contorno arredor dos mesmos.





No plano da parte superior, o núcleo da Pedrosa (Cualedro) a escala 1:2500, coa delimitación do Plan Xeral e a identificación das áreas de crecemento que no mesmo se contemplan. Trátase dun dos escasos documentos que definen crecementos proporcionados e en continuidade co tecido existente.

Diferéncianse, ademais, dúas ordenanzas de completamento, admitindo soamente a posibilidade de edificar vivendas illadas na expansión máis exterior (B) obrigando no resto a tipoloxías en ringleira ou cuarteiróns pechados, conforme coa continuidade da estrutura tradicional (A) deste tipo de núcleos moi compactos.

e. Crecer proporcionadamente e en continuidade co existente

Agás nas áreas de certa tensión urbanística, no contorno de influencia das vilas e núcleos urbanos ou seguindo o desprazamento de eixos viarios de importancia, o medio rural adoita estar caracterizado polo decrecemento ou o estancamento na demografía.

Nestas circunstancias, a capacidade da recuperación, mediante a rehabilitación do patrimonio edificado baleiro ou abandonado, do tecido xa construído, invalida moitas das xenerosas e pouco razonadas previsións da habitual aplicación de técnicas xeométricas de áreas envolventes de solo de crecemento.

O crecemento, de ser necesario, debe recuperar as pautas de evolución natural do tecido existente, tanto no que se refire á súa implantación seguindo a extensión da ocupación sobre os terreos máis aptos para a mesma, como adoptando tipoloxías de edificación que manteñan unha certa afinidade respecto das tradicionais e características de cada tipo de núcleo (moitas veces, a pegada no territorio dunhas poucas edificacións illadas no centro de parcelas agrarias, favorecidas polas determinacións do propio planeamento, suporá un evidente deterioro visual para un núcleo tradicional de estrutura moi compacta e implicará unha nova dispersión ata entón non presente no conxunto).

Neses casos, non abonda con clasificar solo edificable mediante licenza directa, sen máis condicionantes, debendo definirse, con maior precisión, as características de ordenación das áreas de expansión (agrupacións que eviten a dispersión, pequenas operacións de articulación do espazo público e viario, etc.).

f. Favorecer as relacións entre a edificación e as rúas ou espazos públicos


Calquera posible expansión debe condicionar, en certa medida, a habitual ruptura do tecido existente que, polo regular, provoca a implantación de novas vivendas illadas no centro das parcelas agrarias, case que sempre conforme cunha total liberdade de ocupación respecto do fondo variable do que dispoñen, contribuíndo, deste xeito, a acrecentar o efecto de dispersión no contorno dos asentamentos tradicionais, sobre todo cando se trata de agregacións compactas.

Incluso unha simple delimitación de solo pode dirixir minimamente, ou condicionar, a localización da futura edificación con menores marxes de liberdade, mediante o sinxelo mecanismo de evitar recoller a totalidade da parcela ou definindo unha banda en profundidade que obrigue a mover a ocupación cara ao perímetro inmediato á rúa.

A calidade espacial do rueiro tradicional (esquema da parte superior) fundaméntase na estreita relación entre a edificación e os variados espazos públicos que esta delimita.

Pola contra (abaixo) os novos crecements de vivendas illadas sobre o parcelario agrario, conformados mediante licenza directa e con total liberdade de implantación individual, dan lugar a espazos urbanos pouco definidos e repetitivos, carentes dunha relación de aliñamento recoñecible.

O planeamento pode determinar outro tipo de modelos de expansión nos que prevaleza a formación de aperturas no espazo urbano e a agregación do edificado.




A EDIFICACIÓN DO RUEIRO TRADICIONAL




A PERDA DE RELACIÓN COA RÚA (LIBRE IMPLANTACIÓN NO INTERIOR DA PARCELA)

Na implantación da edificación evítanse os desmontes e recheos que conformen plataformas de asentamento modificando sensiblemente a topografía do lugar e facéndose aparentes nos alzados de conxunto.



NON



SI

6.2. IMPLANTACIÓN DA EDIFICACIÓN NO TERREO

Agás cando unha ordenación pormenorizada fixa todos os parámetros volumétricos e de ocupación das novas construcións ou das transformacións admitidas sobre as xa existentes, a decisión final de localización e asentamento dentro da variabilidade que poden admitir moitas das parcelas, pode contribuír tamén a unha mellor integración de conxunto ou, pola contra, botar a perder as previsión de partida do propio planeamento.

Neste sentido e dentro das múltiples variedades ou características específicas de cada ámbito paisaxístico, no que respecta aos volumes, tipoloxías e formas de implantación da edificación tradicional, convén definir (na ausencia de estudos específicos da arquitectura e a paisaxe de cada área) unha serie de pautas de encaixe no terreo referidas á ocupación das parcelas.

6.2.1. ADAPTARSE ÁS PENDENTES E Á TOPOGRAFÍA

A mobilidade da orografía no medio rural e a localización dunha gran parte dos asentamentos, apertados contra os contornos de cambio de pendente, buscando deixar libres os terreos de cultivo nas partes baixas ou sobre o relevo máis suave, obriga a emprazar, moitas veces, a edificación en zonas de pendente acusada.

Nestes casos, deberán incorporarse as construcións no relevo, evitando desmontes ou recheos aparentes, para procurar, dese xeito, unha mellor integración reducindo ao máximo o impacto visual das mesmas.

Situar a edificación co seu eixo lonxitudinal seguindo a directriz das curvas de nivel, cun corpo de profundidade reducida, axudará a inserir a construción no terreo, evitando a formación de novas plataformas ou socalcos e muros de contención aparentes que constitúan o apoio da planta.

Nalgunhas zonas de montaña ou de fortes desniveis, a edificación tradicional segue unha estratexia de implantación na que prevalece a protección climática dunha planta inferior medio soterrada, dispoñendo, en cambio, a liña do cumio, ou ese eixo lonxitudinal da construción, perpendicularmente á directriz das curvas de nivel. Nesas situacións poderá admitirse, como forma característica de integración, adaptar o volume nesa dirección, xogando cco soterramento dunha parte do mesmo ou coa redución da altura utilizable.

A integración na topografía da edificación, adaptándose ás pendentes, buscará, de preferencia, emprazamentos en paralelo coa directriz das curvas de nivel, procurando diminuír o desenvolvemento da planta en profundidade (esquema A).

Nalgúns casos, o modelo habitual de asentamento da edificación tradicional na zona poderá admitir o tipo de implantación coa lonxitude maior en perpendicular ás curvas de nivel (esquema B) soterrando unha parte da planta e podendo dar lugar a desniveis ou diferentes alturas de piso.

En calquera caso, a limitación de altura máxima e número de plantas deberá ser referida respecto dos puntos máis desfavorables (maiores alturas) do perímetro da construción, evitando a formación engadida, de máis sotos ou semisotos.



No esquema da parte superior, agregación rural característica nun asentamento de bocarribeira, onde o conxunto compacto achégase ao borde forestal (1) deixando libres de ocupación os terreos agrarios do contorno, que van articulándose mediante socalcos (2).

A edificación dispónse seguindo a linearidade das curvas de nivel, cos cumios en paralelo á directriz lonxitudinal das mesmas ou encaixándose no terreo cunha parte da construción soterrada.


Na parte inferior, un caso particular de incorporación ao terreo (vivenda en Baião, de Eduardo Souto de Moura) en Portugal, nun ámbito territorial con evidentes semellanzas respecto de certas áreas do rural galego.

A edificación encaixase na pendente tomando como liña de coroación da cuberta plana o propio terreo, sen sobresaír do mesmo, e adoptando a referencia dos socalcos e dunha ruína existentes para definir o conxunto da envolvente do seu volume.



A adaptación á topografía haberá de empregar a propia edificación para absorber os cambios bruscos na pendente ou os desniveis existentes, contribuíndo así a unha mellor integración no terreo, conforme a solucións que sempre foron características da implantación da construción tradicional e que procuran melloras ambientais e de adecuación climática.

O planeamento, aínda cando non exista un tratamento de detalle, deberá controlar os parámetros volumétricos da edificación tendo en conta estes aspectos, en particular, establecendo as limitacións de altura máxima a partir da medición nos puntos de cota inferior ou máis desfavorables.



Na parte superior, esquemas de solucións adecuadas ou non para a incorporación a topografías con fortes pendentes ou desniveis, en función da posición do acceso á edificación. Os modelos suburbanos con planta se soto engadida para garaxe teñen un difícil encaixe no medio rural (fracturas no terreo para desenvolver as rampas dos accesos)

A altura máxima da edificación sempre deberá ser regulada tendo en conta os puntos máis desfavorables (cotas inferiores do terreo) para evitar aproveitamentos excesivos e volumes sobresaíntes.




Á esquerda, casa en Redondela, de Irisarri & Piñera, exemplo de incorporación á topografía e aos desniveis do terreo nun caso habitual de parcela estreita e profunda con acceso desde a parte máis alta e aberta ás vistas cara á paisaxe cara á cota inferior do terreo.

6.2.2. EVITAR ROMPER CO PERFIL DO NÚCLEO


Calquera nova edificación deberá recollerse xunto ao conxunto consolidado ou buscar elementos físicos de referencia que lle permitan incorporarse na paisaxe sen romper co perfil ou silueta das vistas exteriores sobre o asentamento.

Deberán evitarse, polo tanto, posicións a xeito de fito, en puntos elevados ou lonxe do agregado consolidado que produzan unha fractura na liña do horizonte ou no perfil do conxunto do asentamento, así como emplacementsos illados no fondo dos vales, sempre máis expostos respecto das visuais de lonxe.

Este criterio de implantación resulta complementario do propio axuste topográfico da edificación, mantendo o carácter e a identidade do agregado previamente existente.



No esquema da parte superior, dúas posicións a evitar (nos extremos da sección) pola súa visibilidade e falta de relación respecto do núcleo consolidado (emplazamentos prominentes ou illados de fondo de val).



O emplacementsos de calquera nova edificación deberá de evitar situacións prominentes ou visualmente expostas, para non romper co perfil do asentamento existente, evitando constituírse como fitos na liña do horizonte ou adoptar posicións illadas e ben visibles lonxe do agregado consolidado (esquema da dereita).




6.2.3. ADECUAR A PEGADA FÍSICA DAS NOVAS EDIFICACIÓNS RESPECTO DAS EXISTENTES NO NÚCLEO TRADICIONAL

Aínda cando a ocupación en planta da edificación tradicional e as súas tipoloxías volumétricas varían moito dependendo das distintas zonas xeográficas ou áreas paisaxísticas (existen diferenzas evidentes, por exemplo, entre a vivenda tradicional luguesa da Terra Chá e a das serras ourensás do suroeste) resulta habitual que as novas vivendas desenvolvan, nun único corpo construído, superficies que contrastan, pola súa pegada física no territorio, coas dimensións que caracterizan á edificación tradicional propia desas mesmas zonas, impondo unha impronta na paisaxe totalmente desproporcionada en escala.

A necesidade de incorporar un programa funcional cos mínimos superficiais actuais que, ás veces, resultan moi superiores aos habituais na planta característica da edificación tradicional existente, pode, aínda así, resolverse mediante unha adecuada descomposición dun volume único en distintos corpos de edificación que se acheguen máis á escala e volumetría das construcións históricas xa existentes no lugar.

No plano que se achega (esquerda), destácase a nova edificación no núcleo de Rubillón, no concello ourensán de Avión. A pegada en planta de cada unha destas construcións, salvo limitacións da propia capacidade da parcela, equivale, en superficie, á agregación de varias vivendas da estrutura tradicional do asentamento. Esta circunstancia, habitual na nova edificación, resulta aínda máis visible na escala e desproporción en altura respecto de ambas as dúas compoñentes do núcleo. A estrutura do agregado histórico perde entidade fronte ao novo conxunto de volumes dispersos.



Na parte superior, descomposición da ocupación dun volume compacto de edificación en corpos de menor profundidade. Cunha mesma inclinación da liña de pendente, a incidencia da cuberta tamén será menor (o cumio quedará a unha altura inferior).

Debaixo, algúns exemplos de simples agrupacións de volumes de pouca profundidade (unha única cruxía) mediante operacións de desprazamento ou xiro dos corpos de edificación.




Abaixo, á dereita, vivenda para turismo rural en Vilariño (Cangas do Morrazo) de Alfonso Penela, exemplo de descomposición do programa nunha articulación de volumes menores que queda encaixada na topografía e na silueta do variado conxunto de edificacións previamente existentes.



Calquera mínimo incremento en altura (arriba, á esquerda) sobre a edificación tradicional característica (A) fai perder o valor do conxunto pola transformación que se produce respecto dunhas proporcións ou escala que non admite ese tipo de actuacións de remonte en alzado. A protección efectiva dos núcleos de interese soamente resultará posible, neste sentido, mediante un planeamento de detalle e ordenanzas específicas sobre a grafía dos alzados.

A falta de control sobre a escala e proporcións da nova edificación (arriba) cando se establece unha relación de veciñanza respecto das construcións históricas pode incidir na perda dos valores ambientais e na propia configuración como fitos interiores de certos elementos (igrexas, capelas, pontes, etc.).



No esquema da esquerda, a escaseza de altura na rehabilitación das edificacións características da arquitectura popular, pode resolverse, en moitos casos, aproveitando a capacidade total do volume interior, sen ter que recorrer ao suplemento en altura dos muros exteriores, circunstancia que case que nunca admiten as proporcións en alzado da construción preexistente sen ter como consecuencia a perda do seu valor ambiental.

6.2.4. MANTER A REFERENCIA EN ESCALA E PROPORCIÓN RESPECTO DA EDIFICACIÓN TRADICIONAL

A edificación tradicional, que conforma a imaxe de valor de moitos núcleos rurais, caracterízase por unha escala e proporcións (relación entre as dimensións da súa ocupación en planta e a volumetría) propias, derivadas tanto das tecnoloxías históricas da construción, como da súa relación co seu lugar de implantación.

Neste sentido, as habituais regulacións xenéricas fundamentadas no establecemento dun límite máximo de dúas plantas e sete metros de altura para a nova edificación, cun gálibo de cuberta así mesmo referido a pendentes e liñas de cumio convencionais, contrasta case que sempre coa escala moito máis contida da edificación tradicional.

A aplicación destas ordenanzas reguladoras no interior ou colindantes co tecido histórico que se mantén, adoita dar lugar a evidentes disparidades de altura ben evidentes nos alzados de conxunto.

Doutra banda, a escaseza da altura de plantas en moitas edificacións tradicionais que son rehabilitadas nos núcleos rurais (moitas veces á marxe de calquera tipo de proxecto previo, ou mesmo sen licenza) son materializadas mediante remotes por enriba do límite do beirado ou da liña de cornixa, sobre fachadas que dificilmente admiten, na súa composición, ningún tipo de engadido en altura sen provocar a perda dos seus valores como conxunto acabado e no que rexen esas proporcións iniciais.

A escala desas novas construcións ou transformacións das existentes acaba impondo, incluso, os seus volumes respecto de elementos monumentais ou fitos interiores ao propio núcleo.


6.2.5. APOIARSE NA VEXETACIÓN OU NO MARCO NATURAL EXISTENTE

A vivenda tradicional sempre ten procurado apoiarse nas crebas da liña da pendente, desniveis, socalcos ou mesmo en rochas ou penedos, así como no achegamento ás masas forestais de borde ou arboredo existente.


Esta estratexia ten tanto unha xustificación climática (buscar a protección respecto dos ventos invernais e unha maior inercia térmica na planta inferior (polo regular parcialmente soterrada e de antigo destinada ás cortes ou á adega) como de pauta xeral de implantación territorial, en moitos casos (mantemento da máxima superficie de terreos agrarios libre da súa ocupación pola edificación, achegándose a aqueles que, pola súa orografía ou constitución, resultan menos aptos para ese tipo de aproveitamento).

Este criterio de implantación no terreo adquire especial importancia no caso da incorporación de novas vivendas, pois apoiarse na vexetación ou no marco natural existente sempre procurará unha mellor integración paisaxística e ambiental das mesmas, diminuindo a súa impronta no conxunto do territorio e favorecendo a continuidade característica dos antigos núcleos rurais entre a paisaxe natural transformada para o seu aproveitamento agropecuario e a edificación.

O mantemento das masas de arboredo existentes no terreo onde se vai edificar e mesturar con elas a propia construción, achegarse ou encaixarse nas crebas da pendente, socalcos ou desniveis, son estratexias de implantación que deben ser recollidas para asentar calquera nova edificación.



A edificación tradicional sempre ten procurado, para a súa implantación no terreo, buscar emprazamentos recollidos na liña de creba das pendentes do terreo, a protección do arboredo de borde (como é o caso do esquema da parte superior, correspondente ao núcleo da Pena, no concello lugués de Paradelas) ou tamén apoiarse nos desniveis do terreo e mesmo na presenza de rochas, penedos ou elementos naturais do propio lugar (é o exemplo do esquema inferior, correspondente ao núcleo da Cela, no concello ourensán de Lobios, onde os penedos forman parte da estrutura de muros exteriores dalgúns construcións).



Nos esquemas da parte superior, criterios de incorporación das novas edificacións apoiándose nas crebas da liña da pendente ou nas masas de arboredo existentes e mesmo nos desniveis existentes no terreo ou noutros elementos naturais que formen parte do mesmo como estratexia para procurar unha mellor integración na paisaxe e no conxunto do territorio, buscando as vantaxes engadidas do abrigo climático.

Á esquerda, casa no Carballo, Oleiros, de Manuel Gallego, cunha implantación no terreo que se achega á creba da pendente e procura unha relación de proximidade respecto do arboredo existente na parcela como parte dunha eficaz estratexia de integración (á que contribúen tamén os materiais empregados e a composición xeral a partir dun volume simple e dunha evidente rotundidade).

6.2.6. BUSCAR AS REFERENCIAS DE ORDENACIÓN VOLUMÉTRICA DO NÚCLEO

O análise das normas de composición da edificación tradicional existente en cada asentamento rural (tipo de volumes da edificación, relacións coa rúa ou espazo público, tipoloxía de agregación, aliñacións, orientación das liñas do cumio e conformación das cubertas, tipos de espazos no interior das parcelas ou construcións accesorias anexas, etc.) sempre revela as pautas lóxicas de implantación, constituíndo un estudo obrigado tanto para o planeamento e ordenación dos núcleos, como para a localización e configuración de partida dunha nova edificación.

Neste sentido, tanto a liberdade de implantación no centro das parcelas, como a determinación, habitual no planeamento, de regulacións fundamentadas exclusivamente na vivenda illada e a construción mediante licenza directa conformando a única alternativa de desenvolvemento para o medio rural, sen unha mínima intervención ordenadora (previsión de espazos públicos, conexión de rúas, agrupación das construcións, etc.) son circunstancias que teñen contribuído notablemente ao deterioro visual de núcleos de valor, sobre todo aqueles que posuían unha morfoloxía máis compacta e definida.


6.2.7. RESPECTAR AS REGLAS DE BOA VECIÑANZA

Procurar as mellores condicións de integración territorial nas intervencións de edificación no medio rural, como concepto global de actuación, implica tamén o mantemento do equilibrio funcional preexistente, incidindo o menos posible na obstrución de vistas ou na exposición solar do resto das vivendas xa construídas.


A edificación dunha nova vivenda no interior ou na proximidade dun asentamento xa existente, transformando unha parcela agraria ata entón non construída, sempre debe ser entendida dentro dunhas pautas xerais que procuren unha implantación territorialmente ben encaixada e que reduza ao mínimo as interferencias nas visuais das edificacións adxacentes, evitando imponse como unha barreira fronte ás vistas que tiñan esas construcións cara ao exterior ou modificando as condicións de exposición solar respecto da situación previa.


O respecto das regras de boa veciñanza entre construcións é, polo tanto, un dos principios fundamentais que deben rexer na formulación de calquera normativa de ordenación ou planeamento.

Á dereita, unha única edificación implantada libremente no interior dunha parcela agraria queda confrontada coa estrutura volumétrica do núcleo rural consolidado, pasando a constituír un elemento singular no conxunto, algo que debe evitar a nova edificación no contorno de asentamentos de valor, sendo sempre precisa unha analoxía respecto das referencias volumétricas que proporciona a agregación existente.



A implantación das novas edificacións (esquema da parte superior), debe procurar posicións que non interfiran coas vistas ou na exposición solar das xa existentes e fundamentar a súa volumetría e localización nas regras de boa veciñanza.





Ademais de desenvolver proporcións que teñen, case que sempre, un mellor encaixe territorial respecto das propias da **edificación tradicional, a planta estreita e alongada**, cunha profundidade óptima arredor dos seis ou sete metros, benefíciase das vantaxes de captación da enerxía solar pasiva, respecto da planta compacta de dobre cruxía, cando queda orientada nunha das súas fachadas lonxitudinais cara ao sur (con variacións de inclinación admisibles cara á nacente ou poñente) incrementando o nivel de iluminación natural das estancias e supoñendo un aforro en calefacción ou electricidade.

A cara norte da edificación, cunha menor apertura de ocos, pode reservarse a unha banda de espazos de servizo.

6.2.8. BUSCAR A BOA ORIENTACIÓN E A SUSTENTABILIDADE ENERXÉTICA

Sempre ten sido unha pauta fundamental na localización dos asentamentos rurais tradicionais, con vinculacións e condicionantes ben diversos conforme coas distintas áreas climáticas e paisaxísticas.

O estudo particularizado de cada ámbito territorial nos respectivos planeamentos debe levar a identificar esas estratexias de adaptación ambiental específicas e, como consecuencia, determinar os contornos máis adecuados para a implantación das novas vivendas, cando así se precise. De xeito complementario, o planeamento haberá de excluír, respecto da posibilidade de edificar, aqueles contornos que sempre foron rexeitados na evolución do asentamento tradicional debido ás súas características ambientais ou de orientación desfavorable.

a- As vantaxes da orientación sur e da planta estreita e alongada

Procurar a exposición cara ao sur ou sureste dunha das fachadas da edificación proporciona unha adecuada orientación para aproveitar as vantaxes da enerxía solar pasiva, da que existen xa antecedentes na arquitectura popular (corredores, solainas, galerías).

O emprego de maiores superficies de vidro nesa fronte e unha menor distribución dos ocos na cara oposta ou mesmo buscar o soterramento parcial da planta son tamén estratexias xa presentes nos modelos de implantación da edificación tradicional.

Complementar o contorno da edificación achegándose a grupos de arboredo de tipo caducifolio xa existentes e de certo porte, ou mesmo dispoñendo unha plantación a tales efectos (proporcionando sombra no verán e facilitando o quecemento solar no inverno) ademais de contribuír a unha mellor integración da nova edificación, incrementa as vantaxes do aproveitamento da enerxía solar pasiva.

b- Aproveitamento de enerxías alternativas e sustentabilidade ambiental


Reducir a pegada enerxética da edificación no medio rural ten tamén unha relación directa coa transformación dos procesos recentes de dispersión no territorio, buscando a compacidade e o crecemento no contorno inmediato dos núcleos, de preferencia con densidades de ocupación do solo semellantes ás das agregacións tradicionais de cada zona, evitando multiplicar o custo de implantación das instalacións e servizos urbanísticos.

Buscar a sustentabilidade da vivenda rural supón non soamente recorrer ás técnicas do aproveitamento solar pasivo, senón incorporar outras estratexias como pode ser o emprego da xeotermia nalgúns zonas, favorecer os procedementos de filtrado e recuperación da auga de chuvia e, sobre todo, facer uso das novas técnicas de tratamento dos vertidos mediante depuración aeróbica biolóxica en forma de mini estacións prefabricadas que poden resolver tamén, de maneira centralizada, as carencias conxuntas de todo un núcleo.

A disposición de paneis solares, nas súas distintas variantes, esixe determinacións reguladoras específicas no planeamento do medio rural, sobre todo cando se trata de favorecer a protección dos valores da edificación histórica ou tradicional, establecendo, a eses efectos, cautelas respecto da habitual implantación nas cubertas, xa que, en moitos núcleos, constitúen un elemento visual con semellante forza, ou incidencia no conxunto, que as propias fachadas da edificación.


No esquema da parte inferior, o emprego do arboredo de tipo caducifolio en combinación coa planta pouco profunda orientada cara ao sur como estratexia de acondicionamento ambiental e aforro enerxético.

A vexetación proporciona sombra ás aperturas no verán e facilita o quecemento (aproveitamento do efecto invernadoiro con grandes panos de vidro) no inverno.



Neste esquema amósase, o emprego dunha volumetría simple e dun muro de pedra como garantes da ancoraxe dunha nova edificación respecto do terreo no caso da casa Seara en Corrubedo (arquitecto Iago Seara).

Tal e como se describe máis adiante, un adecuado peche de parcela asegura unha mellor integración da edificación no contorno rural.



c- As estratexias da edificación sustentable

Aproveitar a radiación solar para incrementar a luminosidade das estancias principais da vivenda e o confort térmico das mesmas ou implantarse en harmonía coa paisaxe, sen grandes transformacións sobre o terreo natural, son intervencións fundamentais para a procura da sustentabilidade das novas edificacións.

Como estratexias principais que apoian estas intervencións sustentables poden determinarse as seguintes:

- Reducir ao mínimo as emisións de CO₂ e calquera tipo de contaminación, tanto durante a fase de construción, como na vida útil da edificación.
- Favorecer o aforro enerxético mediante o aproveitamento da enerxía solar pasiva e procurando a mellor orientación e implantación posibles no propio terreo.
- Protexerse dos temporais ou dos ventos dominantes mediante elementos naturais ou da propia orografía.
- Anticipar, mediante o planeamento a implantación máis económica e racional dos servizos.
- Aproveitar as posibilidades das enerxías renovables conforme coas potencialidades do lugar.
- Preservar o ciclo da auga, en particular, mediante a aplicación de técnicas de depuración biolóxica.
- Empregar na construción recursos e materiais naturais ou propios da zona na que se implanta a edificación.
- Reducir ao mínimo os impactos ambientais e sobre a flora e fauna do contorno, mantendo os valores rurais presentes en cada área.



En xeral, a edificación deberá incorporarse na paisaxe e no territorio rural sen provocar unha ruptura da unidade ambiental previamente existente, encaixándose con naturalidade no terreo e buscando as pautas de protección e abrigo climático características da edificación tradicional.

Neste sentido, resulta fundamental o mantemento dos elementos de interese que conforman o terreo no que haberá de implantarse a edificación, en particular, todos aqueles que deixan a súa impronta na paisaxe, como poden ser os socalcos, cómaros, muros de pedra, sebes ou o arboredo existente.


Nos esquemas que se achegan, amósase o contraste existente entre a antiga ocupación agraria **da parcela edificada (parte superior, a partir dunha interpretación da situación descrita no libro “Bamiro, un estudo do hábitat rural galego” de X. M. Lema Suárez)** e a habitual implantación actual das novas vivendas (abaixo).

A perda do carácter rural e o impacto visual da **nova edificación depende, polo regular, da aplicación de modelos de implantación e acondicionamento da parcela de tipo urbano ou suburbano totalmente alleos respecto da configuración do medio rural.**


No antigo acondicionamento rural da parcela do esquema destaca a continuidade material da pedra (1) como fronte de relación co rúeiri (peche ou edificación), a articulación do espazo baleiro mediante as construcións (2), o predomínio da cobertura vexetal e dos cultivos (3) ou a plantación de especies locais de arboredo (4) xa sexan frutais ou outras variedades de utilidade no agro.

No caso dos habituais acondicionamentos de parcela actuais, conforme a modelos suburbanos (esquema da parte inferior) a precaria integración no medio rural preexistente, adoita respostar aos seguintes erros comúns:

Formación de peches de parcela sen continuidade (A) recuados e con materiais alleos e solucións de deseño caprichosas, edificación cunha forte pegada no terreo e cunha complexa e individualista configuración volumétrica, libremente situada no medio da parcela (B)predominio superficial de pavimentos duros e accesos de vehículos (C),emprego de especies de arboredo de variedades exóticas e mesmo deseños de xardinería excesivamente formalizados (D), implantacións pouco acaídas, ou mal integradas, de novas funcións propias dos espazos de lecer como elementos focais no interior da parcela (E).



ANTIGO ACONDICIONAMENTO RURAL DE PARCELA



HABITUAL ACONDICIONAMENTO ACTUAL A EVITAR

6.2.9. ACONDICIONAMENTO DA PARCELA EDIFICADA

Na antiga estrutura do medio rural galego, a funcionalidade dos espazos baleiros adxacentes á edificación de vivenda, e mesmo a súa dimensión (ou incluso a inexistencia dos mesmos no caso de núcleos moi compactos da montaña ou do interior da provincia de Ourense, por exemplo) varían notablemente dunhas áreas a outras. En calquera caso, o acondicionamento da totalidade da parcela edificada, sempre tivo unha finalidade utilitaria estreitamente vinculada ao propio aproveitamento agropecuario que, por engadido, e a partir do uso dos materiais locais, das tecnoloxías tradicionais da construción ou mediante a articulación espacial que procura a disposición nela dun variado conxunto de edificacións auxiliares, vai acadar unha integración natural na continuidade da paisaxe.

Pola contra, o propio feito de que o planeamento determine, como práctica común, o establecemento dunha parcela mínima para poder edificar a partir de tipoloxías de vivenda illada, da lugar á implantación das novas construcións sobre lotes agrícolas, nun proceso de transformación do solo que non sempre incorpora estratexias de harmonización respecto das características do medio rural preexistente.

O habitual traslado de modelos de edificación urbanos ou suburbanos ao contorno dos núcleos rurais, ten incidido xa fortemente na perda de carácter e no deterioro ambiental de moitos asentamentos dun grande valor.

Ao respecto desta circunstancia, mesmo unha edificación que presenta elementos formais ou volumétricos de difícil incorporación no medio rural, pode diminuír moito o seu impacto territorial si se acompaña dun acondicionamento axeitado do seu propio contorno e dos límites da parcela.

O tratamento integrador dos contornos da nova edificación, aínda cando depende tamén de determinacións máis específicas para as distintas áreas paisaxísticas, debe contemplar, no que se refire ao acondicionamento da parcela, os seguintes aspectos:

a- Tratamento de xardinería

Como norma xeral, deberá ter un carácter lixeiro e pouco formalizado, fuxindo de solucións moi elaboradas ou ornamentais e propias da edificación singular ou do medio urbano. Deberán priviliarse as superficies de prado fronte a outars solucións de xardinería.

O arboredo deberá ser utilizado coa finalidade de diminuír o impacto visual da nova edificación e harmonizando coa continuidade das masas de vexetación xa existentes.

Deberán evitarse plantacións ou arboredo de variedades exóticas, xa sexa de forma illada ou en grupos, incorporando como complemento da edificación un abano de plantas que atope a súa referencia nas especies locais presentes no propio contorno do núcleo.

Os elementos de iluminación ou mobiliario empregados no acondicionamento da parcela deberán ser pouco aparentes e de deseños dunha grande simplicidade. Procurarase sempre un tratamento de mínimos, evitando toda profusión ou exceso.

b- Peches de parcela

Os muros de delimitación da propiedade estruturan o territorio no medio rural e delimitan non soamente os espazos privados respecto das rúas ou demais servidumes, senón que, ás veces, contribúen ao modelado do terreo. Polo seu valor material, os peches de pedra, característicos desa estrutura agraria tradicional, deberán manterse, facendo que prevaleza a súa conservación fronte á común rectificación de aliñacións propia da maior parte do planeamento que se fai no medio rural, sempre a unhas escalas alleas ao detalle e á valorización dese tipo de elementos construídos.

A conservación dun muro de pedra perimetral xa existente, ou mesmo de antigas sebes, favorecerá a integración ambiental dunha nova construción que ocupe o interior da parcela. Cando se complete ou faga de novo un muro de pedra como peche de parcela, haberán de empregarse as variedades litolóxicas e o tipo de aparello características da edificación tradicional do contorno. Deberán evitarse os tipos de pedra alleos e que produzan un contraste de textura e tonalidade cos propios da zona (emprego de perpiños de tonos grises ou rosas en ámbitos característicos do xisto, por exemplo).

Aínda cando a adecuación ambiental dos peches de parcela doutros materiais dependerá sempre de regulacións locais específicas e de maior detalle, en xeral, haberán de evitarse os bloques prefabricados ou o ladrillo sen revestir ou solucións singulares demasiado elaboradas.

Cando sexa admitida a formación de peches cunha parte inferior de fábrica e outra máis lixeira ata determinada altura, deberá acadarse unha certa uniformidade na ocupación en altura de cada un dos treitos de rúa, así como en edificacións colindantes. No caso de admitirse enreixados metáli-

cos como peche de parcela, procurarase que estes teñan a maior sinxeleza de liñas e simplicidade de deseño, evitando solucións imitativas de antigos motivos ornamentais de forxa ou fundición.

Este mesmo criterio haberá de rexer para a formación de portais de entrada á propiedade, que deberán inspirarse, no seu deseño, nos portais existentes na edificación tradicional, evitando a habitual singularización dos novos accesos (columnas laterais coroadas por figuras, portas metálicas ornamentadas, arcos de ingreso, etc.) ou, en xeral, calquera tipo de formalización suburbana e feita con materiais alleos ou fóra de contexto pola súa textura ou tonalidade. O mesmo que no caso dos muros de pedra, procurase sempre o mentemento e a recuperación dos antigos portais existentes aantes que a súa substitución.

Moitas veces, unha simple sebe, con malla metálica oculta polo interior, constituirá un peche adecuado para unha parcela edificada. Neses casos, as sebes haberán de formarse con especies vexetais características do lugar. A integración nas tonalidades e variedade ecolóxica da zona procurarase aínda mellor no caso de que se combinen, na plantación, variedades de arbustos ou árbores distintas de xeito informal.

En calquera caso, evitárase a formación de sebes de tuías ou cupresáceas, alleas ao medio rural, talladas xeometricamente, conforme a patróns propios da edificación urbana ou suburbana.

c- Pavimentación e ordenación interior

Unha das circunstancias que máis determinan a integración ou non dunha nova edificación no medio rural do seu contorno é a incidencia visual que teñen no conxunto da parcela o acondicionamento dos accesos ou circulacións de vehículos ata os garaxes ou as zonas de estacionamento.

Como criterio xeral, haberá de reducirse ao mínimo á ocupación das superficies de pavimentos duros no interior da parcela (existen solucións de pavimentación que permiten o paso de vehículos ao mesmo tempo que o crecemento da herba nos intersticios) ou o emprego de materiais con tonalidades ou acabados pouco adecuados (losetas prefabricadas, formigón estampado coloreado, asfalto, etc.).






A diminución do desenvolvemento liñal das circulacións de acceso de vehículos no interior da parcela dependerá, moitas veces, dunha localización racional dos garaxes ou as áreas de estacionamento respecto da rúa ou servidume de entrada e mesmo da propia topografía do emprazamento. Neste sentido, haberán de evitarse percorridos internos que obriguen a importantes desmontes ou recheos e muros de contención aparentes.

Convén que o espazo destinado aos vehículos non forme amplas zonas extendidas diante da fachada principal ou visibles desde a súa ou camiño de acceso, sendo preferible a súa localización na parte posterior e ocultas polo propio volume edificado.

O aproveitamento dos espazos baleiros no contorno da edificación deberá evitar, así mesmo, a extensión de superficies de pavimentación dura, procurando un tratamento naturalizado predominante e sen eixos, simetrías ou formalizacións excesivas.

NON

Nestes esquemas, expresión dos criterios de emprazamento dunha nova vivenda reducindo ao mínimo a extensión dos pavimentos duros destinados á circulación interna de vehículos procurando a mellor relación posible respecto dos accesos á propia parcela a edificar, evitando a habitual implantación libre e sistemática no medio da parcela como solución.

**NON****SI**

d- Espazos de lecer

Cada vez máis, a vivenda no rural ven sendo complementada con espazos de lecer no interior da parcela (moitas veces obrigados polo seu propio uso ou funcionalidade, como no caso do turismo rural) que son característicos da edificación unifamiliar de tipo suburbano (piscinas, áreas de xogo, cenadores, etc.). O criterio xeral para desenvolver e ordenar este tipo de espazos no interior da parcela sempre será o de minimizar a súa visibilidade, así como evitar a confrontación co carácter rural do contorno.

Nese sentido, haberá de evitarse a súa disposición como elementos dominantes no primeiro plano de visión do conxunto edificado.

Do mesmo xeito, procuraranse solucións de deseño que non destaquen pola súa singularidade ou por remitir, na súa imaxe, a modelos propios da edificación urbana ou suburbana.

No caso das piscinas, un dos elementos que máis se revelan como fóra de lugar no contexto da edificación rural, convén establecer como referencia formal a dos tradicionais tanques ou balsas de rego existentes no medio rural.

A tales efectos, deberán empregarse acabados de fondo en cores verdosas ou grises, evitando o azul habitual e prestando especial atención ao acondicionamento no contorno do vaso, con tratamentos de pavimentación lixeiros en forma de prado ou que non formen amplas superficies duras, privilexiando sempre o uso da pedra ou da madeira e a cobertura vexetal.

O mesmo que no caso das piscinas, as zonas de xogos, comedores ao aire libre e outras instalacións semellantes levaranse tamén cara á parte traseira da edificación, amparadas pola fachada principal, evitando a súa visibilidade directa como parte da fronte cara ao espazo público ou de acceso e procurando que non incidan focalmente na percepción de lonxe ou de conxunto respecto das visuais xerais que se abran sobre o núcleo.

6.2.10. RECONSTRUCCIÓNS E AMPLIACIÓNS DA EDIFICACIÓN TRADICIONAL: CRITERIOS VOLUMÉTRICOS

A edificación tradicional presenta, con frecuencia, unha capacidade superficial interior moi reducida respecto das necesidades dun programa mínimo de vivenda conforme cos estándares actuais. Esta circunstancia obriga, polo regular e cando a capacidade da parcela así o permite, a unha rehabilitación por ampliación, incrementando a súa superficie útil.

Este tipo de intervencións, levadas a cabo case que sen ningún tipo de limitación que non sexan os propios parámetros de edificabilidade máxima legal, en cada caso, ten dado lugar a un evidente deterioro da edificación tradicional e mesmo a unha completa perda dos valores ambientais de moitos núcleos de interese. A adopción de determinados principios e criterios reguladores, xa sexa no planeamento xeral ou nas ordenacións de detalle (ordenanzas específicas de volumetría e alzados para cada edificación existente ou prevista) a establecer para os núcleos de valor, pode garantir no futuro o mantemento das características de unidade territorial da arquitectura popular e axudar a promover a valorización do medio rural.

Calquera actuación nese sentido, ademais de precisar dunha análise en detalle para cada unha das áreas ou subzonas paisaxísticas caracterizadas polos valores diferenciados da súa arquitectura tradicional,

deberá ter en conta unha serie de principios xerais de intervención orientados cara á preservación dos valores ambientais de cada núcleo, favorecendo, ao mesmo tempo, a revitalización das súas estruturas construídas, de xeito que o feito de acadar unhas mellores condicións de confort ou habitabilidade, non supoña a perda das características e singularidades da edificación preexistente e permitan unha convivencia en harmonía entre o novo e o vello. Estes crecementos ou ampliacións dun volume existente acadarán unha mellor integración canto maior sexa a calidade do propio deseño e máis sensibles sexan respecto das invariantes presentes na propia arquitectura tradicional.

A rehabilitación con ampliación pode reproducir con fidelidade as solucións tradicionais ou establecer un diálogo entre as novas formalizacións e as preexistencias, non excluindo a posibilidade dun achegamento no que se incorporen novas formas ou materiais. No primeiro caso, a reprodución das técnicas e materiais características da edificación tradicional, cun tratamento erudito da conformación final do conxunto, non debe ser confundida co tratamento imitativo e superficial respecto de determinados elementos de composición, que acaban por ser simples pastiches de moi difícil integración e do que o amplo abano de exemplos habituais deste tipo de solucións, xa existente nun grande número de núcleos, amosa os riscos da vulgarización deste criterio.

Establecer referencias respecto das cualidades do patrimonio e a paisaxe do medio rural, nos engadidos ou na nova edificación, esixe sempre ter en conta os patróns de implantación existentes, a volumetría da edificación tradicional, as súas proporcións, elementos compositivos, etc., que poden ser recollidos a partir dunha interpretación contemporánea dos mesmos.


a- Recuperar a pegada da edificación orixinaria

Nalgunhas ocasións, a rehabilitación da edificación tradicional vai producirse cando xa non quedan da construción orixinaria senón ruínas e nun estado que non permite adiviñar siquera cal tivera sido a súa aparencia volumétrica e a súa formalización completa.


Aínda nestes casos, a presenza dos baseamentos ou do arrinque dos muros, a lectura do perímetro ou o contraste coas fotos aéreas do voo americano do ano 1956, sempre aportarán datos acerca da pegada no terreo da edificación orixinaria e, polo tanto, establecerán unha imaxe da proporción en planta da construción e as súas relacións respecto do resto do núcleo rural.

Como norma xeral, canto máis se achegue a ocupación da nova edificación a esa pegada en planta da construción orixinaria, maiores serán as garantías de integración final respecto do conxunto preexistente.

A reciclaxe das preexistencias e a súa incorporación na nova edificación tamén axudará a facilitar a integración ambiental da mesma. A ese respecto, calquera que sexa o grao de deterioro da construción orixinaria, sempre será posible incorporar restos dos muros de pedra existentes ou recoller o arrinque dos mesmos como apoio da reconstrución.



Arriba, casa Baltanás, en Paderne (Lugo) de Carlos Quintáns, onde sobre o arrinque dos muros de cachotería preexistentes dun antigo palleiro, e previo derrubo dunha posterior construción fóra de contexto que os completaba, edifícase unha nova vivenda que recupera a pegada en planta e a referencia volumétrica respecto do resto do núcleo.



Na parte superior, planta baixa e de piso da casa de Castro en Sulago (Vila de Cruces) de Carlos Almuíña, exemplo de adaptación dun programa renovado de vivenda no interior dun contedor de arquitectura tradicional existente, sen modificacións apreciables na volumetría nin na imaxe exterior do conxunto.

b- Restrinxir as elevacións ou remotes en altura

Aínda cando a ampliación da edificación mediante a elevación en altura adoita ser unha das alternativas máis habituais para incrementar a súa superficie útil, a edificación tradicional non admite con facilidade ese tipo de intervención. As proporcións e a escala contida ou mesmo o tipo de ocios e os materiais empregados, conforman ese tipo de construcións como volumetrías xa rematadas, onde calquera mínimo remonte sobre a estrutura xa existente fai que perda o seu anterior valor visual.

A liña de cubertas conforma, moitas veces, o primeiro elemento de percepción ou de lectura de lonxe dun asentamento rural, polo que a responsabilidade do mantemento da súa silueta e da propia integración territorial no medio natural, depende da non alteración, en xeral, da altura das edificacións ou tamén do control da formalización e volumetría das cubertas. As implicacións na conformación da estrutura de soporte das mesmas de calquer mínimo incremento por enriba da liña de coroación das fachadas fai que este tipo de intervencións non sexan despois facilmente reversibles.

Por eso resulta necesario regular e limitar o crecemento en altura da edificación tradicional mediante os mecanismos máis acaídos a cada caso. No planeamento de carácter xeral, establecendo medidas de protección sobre a edificación doméstica de valor ambiental que conforma os núcleos, con normas que eviten remotes inadecuados e restrinxan as posibilidades de crecemento en altura e, no caso das ordenacións en detalle, establecendo ordenanzas de tipo gráfico nas que se definan, con referencias claras respecto da realidade construída, os límites volumétricos da edificación de xeito pormenorizado.

c- Adaptarse ao contedor existente

Encaixar un programa actual de vivenda no interior do contedor que constitúe a antiga edificación que se quere rehabilitar sempre resulta a alternativa que provoca menores conflitos de integración.

Moitas veces, tirar partido da capacidade interna da edificación tradicional, sen modificar a súa volumetría e non esixindo máis demandas de superficie útil que as ofrecidas por ese volume inicial, pode resolver as necesidades de confort e mellora da habitabilidade dunha vivenda actual sen precisar doutro tipo de intervencións de transformación na imaxe exterior da construción preexistente, non excluindo solucións específicas que procuren unha certa flexibilidade do propio programa das estancias.

A posibilidade de reutilización de certas edificacións tradicionais que incorporaban, como espazos anexos á vivenda, un conxunto diverso de antigas construcións auxiliares (cortes, paleiros, alpendres, adegas, etc.) permite, nalgúns casos, incrementar a superficie do programa residencial mediante o simple enlace funcional entre esas dependencias accesorias como parte da superficie residencial.

A rehabilitación lixeira, mantendo a volumetría e os muros de carga da construción preexistente e adecuando as condicións de habitabilidade interna respecto dos estándares da vivenda actual (incorporación de servizos hixiénicos ou instalacións, recuperación estrutural, mellora do illamento e das condicións higrótérmicas de muros e cuberta, reparación de solos e placas, recuperación de carpinterías, etc.) resulta sempre unha alternativa que, ao manter a aparencia externa da edificación, asegura a viabilidade e a integración ambiental da nova intervención.

d- Ampliar por prolongación ou analoxía volumétrica respecto do existente

Mesmo as ampliacións de dimensión moi reducida, enfrontadas visualmente cunha edificación tradicional, poden supoñer unha grave alteración de conxunto e un deterioro irreversible da súa imaxe.

Calquera tipo de ampliación deberá formularse a partir dunha análise da volumetría da edificación preexistente, establecendo criterios lóxicos de crecemento, conforme coa prolongación dese volumen, sen que tal transformación supoña o menoscabo ou a perda de representatividade no conxunto da edificación tradicional que se mantén. Nese sentido, o planeamento poderá incorporar as pautas de ampliación admitidas para cada tipoloxía específica da edificación tradicional dunha área paisaxística determinada, tendo en conta a variada casuística que, dependendo das zonas, presenta a arquitectura popular.

De calquera xeito, sempre será aconsellable que a extensión e volumetría da ampliación se incorpore con naturalidade, mantendo unha certa articulación de volumes e, por enriba de todo, sen modificar os criterios tradicionais de ocupación en planta ou formación de cubertas (pendentes, acabados, tonalidades, etc.).

A procura desta analoxía volumétrica respecto da edificación previamente existente pode materializarse seguindo as liñas que a definen, como prolongación da mesma (mantendo a referencia do volume inicial e crecendo en continuidade co mesmo, repetindo a solución con materiais semellantes e buscando unha certa unidade do conxunto construído) ou ben establecer un diálogo de complementariedade entre o novo e o vello, diferenciando con claridade o engadido contemporáneo respecto da preexistencia que se mantén.

Xa sexa mediante o contraste ou a complementariedade, as formalizacións e os materiais de acabado, deberán ser escollidos con criterio, procurando afinidades en texturas, cores ou cualidades de integración, coa finalidade de facer evidente ese diálogo entre o volume inicial e a súa ampliación conforme a técnicas actuais.


A estreita vinculación existente entre unha ampliación e o contexto do xa existente obriga a establecer relacións de implantación, non soamente respecto da antiga edificación, senón tamén coas condicións de contorno da mesma e coa imaxe global do núcleo.

Moitas veces, a disposición dunha peza ou volume de transición entre a edificación tradicional que se mantén e a ampliación contemporánea, facilita a vinculación entre ambas as dúas.

Este tipo de solución pode favorecer tamén a separación entre configuracións estruturais que non sempre teñen unha continuidade evidente nin un funcionamento solidario.

Nos esquemas da dereita, un exemplo de ampliación dunha edificación tradicional mediante un novo corpo engadido, como analoxía volumétrica do xa existente, repetindo as pautas de implantación no terreo, orientación da planta ou configuración das cubertas, conforme cun modelo de integración que facilita a disposición dun elemento de transición entre os dous volumes análogos.

Casa X2 en Barro, obra do estudo MMASA (Patricia Muñiz e Luciano G. Alfaya). Na parte superior, incorporación na paisaxe e debaixo, vista máis próxima da articulación entre o novo volume e a antiga edificación que se mantén.



6.3. FORMALIZACIÓN E COMPOSICIÓN DA EDIFICACIÓN

As novas edificacións, ou mesmo a reforma das existentes, no medio rural galego ten seguido, polo regular, uns criterios de total liberdade formal e volumétrica que resaltan a individualidade de cada intervención sen seguir ningún tipo de criterio integrador ou de harmonización aínda cando a paisaxe rural se atopara, de inicio, fortemente caracterizada pola adaptación ao medio da maior parte dos asentamentos, cunha imaxe e silueta ben definidas.

Ás veces, a inclusión dunha única nova construción nun núcleo rural de valor, ten acadado un deterioro irreversible para todo o conxunto, simplemente por non ter atendido a uns mínimos condicionantes de formalización e composición da edificación.

Polo regular, mesmo naqueles ámbitos con planeamento actualizado, non existe ningún tipo de criterio regulador de detalle neste sentido e, as ordenanzas da edificación, limitáanse a traducir case que literalmente o establecido pola lexislación urbanística de rango superior, facendo referencia soamente a determinacións xenéricas e dunha grande vaguedade ou indefinición.

Debido á diversidade e variedade morfolóxica das agregacións rurais de valor e ás características ben diferentes que amosa a edificación tradicional nunhas ou noutras áreas específicas (materiais de muros e cubertas, asociación de volumes, etc.) nesta guía no poden establecerse tampouco as necesarias determinacións de detalle que deberán rexer eses criterios de harmonización das novas construcións ou reformas das existentes, limitándose a apuntar soamente especificacións de tipo xenérico, resaltando a necesidade dunha elaboración de normativas locais para as distintas subzonas paisaxísticas de relativa homoxeneidade existentes no territorio rural e, fundamentalmente, incidir no tratamento de detalle (non soamente nas ordenanzas formais ou compositivas) como única alternativa eficaz na ordenación e intervención sobre os núcleos rurais de valor.

Trátase, polo tanto, de sinalar de forma global, as eivas máis comúns ou que máis teñen incidido na perda de calidade visual e ambiental dos núcleos de interese para apuntar os aspectos que debe, ineludiblemente, enfrontar calquera regulación en detalle destes contornos.

En xeral, e aínda cando resulte reiterativo, os novos deseños, sen renunciar á expresión da súa contemporaneidade, deberán apoiarse nas características máis senlleiras da edificación tradicional, é dicir, a sobriedade e simplicidade de formas e volumes, o equilibrio e proporción na composición de ocos e macizos, a restricción de elementos accesorios nas fachadas, a referencia respecto das cualidades cromáticas e de textura dos materiais locais, a inexistencia de solucións ornamentais engadidas... Pola contra, calquera forma ou volume de xeometría complexa e con múltiples aditamentos (porches, arcos, corpos voados pechados, resaltos nas cubertas, mansardas, etc.) desproporcionada, con materiais ou acabados alleos e de pouca calidade, sempre remitirá, na súa imaxe, a solucións urbanas ou suburbanas de moi difícil harmonización e integración na paisaxe rural.

Aínda cando resulte tamén un camiño válido para integrar as novas construcións no caso de facerse respectando as técnicas e oficios tradicionais, non se trata de repetir ou imitar as antigas construcións, senón de interpretar os seus valores e identidade nas novas.

a- Cubertas

A cuberta vai ser, polo regular, o elemento máis visible de lonxe das agregacións rurais, sobresaindo por enriba da cobertura vexetal do seu contorno e marcando tanto a silueta dos núcleos, como o seu enlace co resto da paisaxe agraria. Por ese motivo, calquera elemento emerxente ou discordante, que se erga por enriba do plano das cubertas, provocará un notable impacto visual no conxunto do asentamento rural.

Na súa configuración, as cubertas da edificación tradicional dos núcleos teñen sempre unha compoñente cromática e xeométrica fundamental, que vincula á construción respecto da paisaxe na que se asenta, tanto pola adaptación a circunstancias climáticas ou ambientais diferenciadas, como por empregar, nesa edificación tradicional, materiais arraigados na historia e tecnoloxía do lugar ou procedentes, nalgúns casos, da propia composición litolóxica do mesmo.

No intento de gañar superficie útil ou vivideiro, o aproveitamento do espazo baixo as cubertas téñese tornado nun dos aspectos que máis desfiguran a volumetría das novas construcións ou mesmo dos engadidos ou reestruturacións das edificacións tradicionais existentes. A prohibición de formar crebas nas liñas da pendente das cubertas no medio rural, para evitar a formación de teitos en mansarda ou bufaradas de todo tipo (neste último caso, agás cando as morfoloxías que son habituais na edificación tradicional dalgunhas zonas presenta tal solución) pola lexislación urbanística de rango superior (reconducindo así moitas ordenanzas locais que, pola contra, as tiñan admitido sen restricións) chegou xa demasiado tarde para resolver situacións de feito que teñen afectado moi negativamente a núcleos de valor.

Neste sentido, nas regulacións máis específicas, a determinación das características formais das cubertas adquire unha importancia capital. As ordenanzas deberán contemplar mesmo a posibilidade ou non, dependendo de cada situación e ámbito concreto e da incidencia visual das cubertas na imaxe de conxunto, da instalación puntual de ventás ou aperturas de iluminación na pendente dos faldróns, que en moitos casos, poden non ser admisibles (é o caso dos tellados da edificación tradicional formados con grandes laxas irregulares de lousado, nos que a aparición deste tipo de elementos puntuais pode romper coa harmonía e uniformidade do conxunto das cubertas considerado como a fachada máis aparente deste tipo de núcleos, por exemplo).

Haberá de buscarse sempre a relación precisa respecto da xeometría, inclinación de pendentes e aliñación dos cumios que caracterizan a cada zona e ámbito concreto de intervención, así como acadar unha adecuada integración de tonalidades e materiais de acabado. En particular, a expresión da contemporaneidade dunha nova construción, pode levar incluso a non empregar os materiais propios da edificación tradicional do contorno, pero sempre deberá asegurar a harmonización cromática con esas cubertas existentes.

Nos casos de reparación, retellado ou substitución, parcial ou total, dos materiais de cubrición existentes nunha edificación tradicional, deberán establecerse maiores cautelas, sendo sempre recomendable recorrer a materiais de recuperación, procurando non alterar as tonalidades que marcan a configuración do conxunto, en moitos casos, difíciles de igualar con novas pezas de cobertura. Agrupar os antigos elementos recuperados e dispoñer os novos cubrindo enteiramente algún dos faldróns, pode ser tamén unha solución.

Nalgúns casos específicos, mesmo unha cuberta plana cun acabado mineral da pedra local, ou tamén vexetal, pode resultar máis acaída para o encaixe no terreo e moito menos aparente ou perturbadora no conxunto da silueta dun núcleo rural que o habitual tellado con pendente (a inclinación dos faldróns sempre dará lugar a unha maior altura total dos planos vistos da edificación).

Polo regular, a adaptación ás pendentes propias do lugar, no caso da cuberta inclinada, haberá de esixir unhas determinacións locais específicas. O habitual límite normativo de 30° de pendente e tres metros de altura máxima, pode resultar totalmente desproporcionado na proximidade dun núcleo onde predomina a edificación de carácter tradicional, por exemplo, no caso das cubertas de grandes laxes de lousa, con pendentes e alturas de cumio que, moitas veces, sitúanse ben por baixo deses límites.



Nas vistas desta páxina, as cubertas son, polo regular, o elemento máis visible de lonxe da edificación rural, quedando as fachadas medio ocultas pola vexetación e determinan tanto a silueta dos núcleos, como a súa relación de integración respecto da paisaxe agraria do contorno. Calquera elemento discordante en altura, textura ou tonalidade no plano de percepción das cubertas resultará máis aparente e redundará nun maior deterioro visual do conxunto do asentamento.



Na parte inferior, volumetría sinxela e cuberta da casa Baltanás, de Carlos Quintáns, exemplo de cuberta con lousado recuperando as características da tradición local pero con canos ocultos, resaltando a simplicidade e discreción da solución.

A execución de elaboradas e complexas solucións de beirados, canos e baixantes (como solución máis habitual na maior parte das novas edificacións), pola contra, adoita dar lugar a situacións fóra de contexto en veciñanza coa edificación tradicional, por remitir a imaxes máis propias do medio urbano.



b- Chemineas, canos e baixantes

Ainda cando as chemineas adoptan configuracións moi diversa e, ás veces, específicas de determinadas áreas na arquitectura tradicional, como no resto dos elementos, unha das súas características comúns adoita ser a simplicidade e a funcionalidade das solucións. Por ese motivo, os conductos que na nova edificación sobresaen por enriba da cuberta (agora xa non soamente para a evacuación de fume, senón tamén de ventilación ou aireación de locais e doutras instalacións) debe procurar unha aparencia menor no conxunto da composición.

Como estratexias fundamentais, procurarase agrupar os distintos conductos nun número reducido de elementos saíntes e situarase esas saídas o máis preto posible do cumio, evitando calquera desenvolvemento excesivo en vertical por enriba da pendente do tellado. Haberá de evitarse, en calquera caso e, fundamentalmente, nas renovacións de construcións tradicionais existentes, levar os tiros das chemineas pola fachada, formando parte do acabado desta.

No caso dos canos e baixantes, como elementos propios da formación das cubertas, débese de ter en conta que son solucións que non estaban presentes, de inicio, na edificación tradicional que, polo regular, vertía directamente as augas ao chan grazas a un beirado ou a un saínte da primeira liña de tellas ou material de cobertura. Deste xeito, os canos e baixantes da nova edificación ou na renovación das existentes, de precisar deixarse vistos, deberán acabarse do materiais metálicos (cobre, zinc...) que entonen co conxunto da fachada, con seccións de xeometría simple, sen moldurados ornamentais e buscando a maior sinxeleza na súa traxectoria entre o beirado e o punto de recollida.

c- Beirados, cornixas e saíntes

Habitualmente, as cornixas son elementos de composición característicos da edificación urbana, que soamente adoitan estar presentes en certos núcleos rurais maiores ou máis evolucionados no seu agregado histórico, polo que a súa regulación deberá ter en conta esa adscripción exclusiva a determinados lugares.

Pola súa banda, os beirados, como remate dos distintos tipos de cuberta, tamén teñen dado lugar a diversas solucións locais ou características de determinadas áreas de arquitectura tradicional. En calquera caso, as solucións da nova edificación haberán de ter en conta sempre a sobriedade e sinxeleza con que encaixan estes elementos co conxunto da volumetría.

Haberá de evitarse sempre que o espesor da placa dunha nova edificación acabe sobresaíndo en todo o seu espesor por fóra da liña de remate en altura das fachadas, principalmente no caso dos muros piñón laterais, xa que ese tipo de solucións outorgan á volumetría de conxunto unha complexidade propia da edificación urbana pero allea á simplicidade con que adoitan rematarse as construcións rurais.

A formalización de saíntes na fachada debe, do mesmo xeito, regularse de forma moi restrictiva, por caracterizarse a edificación tradicional de certas zonas por unha morfoloxía case que totalmente plana nas súas fronteiras. En calquera caso, e como elementos puntuais na composición, no caso de ser característicos no ámbito, soamente se permitirán corpos voados especificamente regulados nas súas dimensións e sempre de constitución lixeira (balcóns ou galerías) evitando o saínte de volumes pechados que non teñan ese tipo de configuración.

d- Ocos e carpinterías

As aperturas de ocos na fachada sempre revelan ao exterior as necesidades e funcionalidade dos espazos internos. No caso da edificación rural tradicional, esta relación entre necesidades internas e aparencia da fachada é moito máis directa que nas formalizacións propias da arquitectura de autor, dando lugar a esquemas máis libres e pouco xerarquizados na disposición dos ocos. Esta circunstancia, polo regular, fai que sexa sempre difícil dispoñer novas aperturas nunha edificación tradicional existente e que deban formularse certas cautelas específicas respecto deste tipo de intervencións. Ao mesmo tempo, calquera actuación que contemple a convivencia con esas antigas construcións dunha nova edificación, haberá de esixir unha análise previa que xustifique esa integración en veciñanza.

Aínda cando, como no caso da regulación do resto dos elementos de composición das novas edificacións, ou mesmo nas intervencións de reforma ou rehabilitación das existentes, sempre será preciso un maior descenso cara ao detalle e ás situacións concretas de distintos contornos ou núcleos rurais específicos, as dimensións e proporcións dos ocos, deberán manter a referencia respecto das solucións tradicionais, sendo sempre preferible que as aperturas sexan de proporción cadrada ou rectangular vertical, subliñando o habitual predominio dos panos cegos de fachada, na súa extensión, respecto da ocupación total dos ocos. Deberán, polo regular, evitarse os ocos de proporción rectangular apaísada, aínda cando, como no caso dos grandes panos de vidro, sempre poden ser integrados na formalización dunha nova edificación ou en certas renovacións, a xeito de elementos illados ou singulares equilibrando a composición no conxunto final dalgunhas das fachadas.

Na definición das carpinterías concéntranse, moitas veces, os únicos acentos de singularidade e cor na edificación tradicional, como contraste respecto da natureza mineral ou uniforme das partes macizas dos muros exteriores.

Como consecuencia, ademais de ser recomendable o emprego da madeira nas carpinterías, xa sexa na súa cor natural ou pintada nalgunha das de referencia en cada asentamento ou lugar concreto, en harmonía coas tonalidades propias da zona, poderánse empregar outros materiais de acabado sempre que sexan pintados nas mesmas cores e con certas cautelas que poden levar, en determinados casos, ao mantemento da madeira como única solución admitida na edificación antiga ou de valor. Neste sentido, haberán de evitarse, principalmente na edificación antiga, as carpinterías de PVC ou plásticas en xeral, que pola súa textura e aparencia, son de difícil asimilación no contexto da edificación tradicional.

As particións dos vidros das carpinterías da nova edificación non terán porque imitar ás da construción tradicional e, fundamentalmente nesta última, haberán de evitarse as particións excesivas alleas ás antigas solucións (máis de tres ou catro particións por cada unha das dúas batentes) favorecendo sempre a composición xeral de dominante vertical nas carpinterías. Aínda cando os acabados orixinais sempre melloran a imaxe da edificación antiga, poderán admitirse outro tipo de solucións de detalle en favor dunha maior proporción dos panos de vidro.

Non se admitirán, en xeral, as persianas plásticas vistas na edificación tradicional, sendo sempre recomendable recorrer á habitual solución de contras interiores que, ademais, contribúe a mellorar o comportamento enerxético dos ocos de fachada.



Na parte superior, casa en Barro (Estudo MMASA). Expresión de contemporaneidade e referencias respecto da edificación tradicional: composición non xerarquizada pero equilibrada, ocos de proporción cadrada ou rectangular vertical, predominio da superficie maciza enmarcando as aperturas, simplicidade e sobriedade na configuración dos ocos.

O emprego de materiais e acabados de fachada contemporáneos pero atendendo á harmonización de cores e texturas garante unha correcta integración e, ao mesmo tempo, establece o distanciamento respecto da edificación antiga.

O emprego da pedra local, con tecnoloxías construtivas actuais sempre garante unha adecuada integración das novas fachadas (na parte inferior, albergue de peregrinos de Triacastela, de C. García Braña, G. de Pedro e F. J. Reboredo Chaves).

A simplicidade volumétrica, o emprego dun abano limitado de materiais, o contraste das notas de cor (soamente nas carpinterías), a forma e proporción dos **ocos, a súa relación respecto da superficie das partes macizas** ou os saíntes dos planos lisos da fachada, formados exclusivamente por corpos lixeiros, remiten tamén a unha referencia de continuidade respecto da **edificación tradicional e garanten a integración na paisaxe rural**.



e- *Acabados de fachada e cores*

O afán de singularidade que caracteriza ás formalización case que sempre individualizadas e alleas ao contexto rural dunha grande parte das novas edificacións que se asentán na paisaxe agraria, cun amplo abano de materiais de acabado e mesmo cores das tonalidades máis diversas, supón, polo regular, unha ruptura evidente respecto do encaixe territorial das antigas construcións rurais.

Aínda cando existen diferenzas evidentes entre a caracterización da edificación tradicional nas distintas áreas ou subzonas paisaxísticas ou, en particular, entre a costa e o interior, polo regular, as referencias de acabados, texturas e tonalidades de conxunto, veñen definidas pola configuración das súas fachadas e cubertas.

Neste sentido, a formalización dos paramentos exteriores coa pedra local sempre será unha garantía de integración, sempre que sexa empregada sen falsear a súa posta en obra (como no caso dos falsos chapados sobre morteiro de agarre simulando cachotería) pero non ten porque ser a única solución adecuada, dependendo dos casos e situacións concretas, para unha correcta harmonización das novas construcións.

Resulta imprescindible, en calquera caso, verificar unha análise dos materiais e cores do contorno, sendo recomendable a elaboración (no planeamento ou mediante regulacións específicas) de cartas de cores para distintos ámbitos homoxéneos ou núcleos de singular valor, diferenciando sempre as compoñentes da paleta principal (fachadas e cuberta) e secundaria (carpinterías, elementos saíntes, reixas).

Cando a edificación rural era revestida polo exterior, empregando o tradicional enlucido de cal (empregado como protección fronte a humidade das fachadas de pedra pola súa cualidade de ser impermeable e, ao mesmo tempo permitir o paso do vapor de auga e a respiración das paredes) o resultado era a cor branca, en tonalidades variables pero sempre moi claras, sobre a que se resaltan os ocos, as veces cercados de cantería, e a cor contrastada das carpinterías.

Esta estratexia de empregar paramentos enlucidos e notas de cor nas carpinterías para as novas construcións, tamén resulta, en moitos casos, nunha adecuada integración en harmonía coas edificacións tradicionais do contorno pero, en calquera caso, depende sempre do contexto conxunto do núcleo no que se empra.

Sempre unha análise específica proporciona criterios de acabados máis acaídos respecto de cada contorno, por exemplo, o emprego de tonos escuros ou mesmo semellantes aos óxidos, pode ser adecuado para unha nova edificación nunha zona de xistos.

En xeral, sempre convén materializar as fachadas cun criterio de discreción e sobriedade no emprego da cor, e acentuar os tonos nas carpinterías ou, en calquera caso, evitar as cores pastel e moi saturadas e alleas respecto dos elementos naturais presentes na paisaxe agraria, que remiten a imaxes impropias, da arquitectura foránea ou marcadamente urbana. Do mesmo xeito, o emprego de máis de dous tonos de fachada, en marcado contraste, tamén debe ser evitado.

O mesmo que no caso da cor, a textura das fachadas, cando son revestidas e pintadas, tamén esixe unha axeitada harmonización respecto das solucións habituais, sendo sempre preferibles os acabados lisos e sen relevos ornamentais.

6.4. URBANIZACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO ESPAZO PÚBLICO

O espazo público no medio rural, na súa modernización e adaptación a novas esixencias de tránsito, ten sido tratado, incluso en moitos contornos de valor, como un elemento exclusivamente funcional e con solucións convencionais e sen ningún tipo de calidade ambiental, aplicando criterios propios do acondicionamento das áreas urbanas ou estándares de urxencia a favor dun fácil mantemento e posta en obra, e mesmo determinando transformacións irreversibles de modificación de aliñacións e configuración do viario interno en función do seu servizo á circulación rodada.

Tanto a propia configuración formal do espazo público no interior dos núcleos rurais de valor (sempre organicamente adaptado ás condicionantes orográficas do asentamento e recollendo as variables dunha longa evolución histórica) como a escala do tecido rural, esixen solucións específicas para cada lugar, entendendo a súa estrutura e diferenciándose respecto do medio urbano mediante un achegamento ao detalle que poña en evidencia a importancia da calidade da urbanización en relación coas dimensións reducidas e a escala propias do medio rural.

Recuperar a convivencia dos distintos usos que se dan no espazo público e recuperar o valor do contorno mediante actuacións de urbanización e acondicionamento, tal como xa se ven facendo nalgúns casos de núcleos de interese, permite valorizar o conxunto do patrimonio rural e acadar un certo equilibrio entre o mantemento dunha calidade ambiental evidente e os aspectos funcionais que desenvolve o viario ou a estrutura interna dos núcleos.

Non se trata tanto de recoller o mimetismo da superficie do terreo como prolongación das fachadas na súa configuración tradicional e repetir fórmulas de adecuación fundamentadas na historia deses núcleos, como de reinterpretar os materiais e texturas presentes no lugar e característicos de cada contorno, cunha simplicidade e discreción que permitan a incorporación harmoniosa no conxunto e, por enriba de todo, fuxir dos modelos estandarizados de configuración que identifican ao medio urbano ou suburbano.

6.4.1. O VIARIO INTERNO

Sempre o medio rural está caracterizado por unha escala e configuración do viario interno características e que, ás veces, impoñen fortes limitacións respecto da súa simple transformación nunha estrutura de vínculo para a circulación rodada sen restricións.

O acondicionamento do viario interior debe ser sensible respecto da diversa relación existente, no medio rural, entre o espazo construído e o contorno agrario e natural e, por enriba de todo, abandonar a imaxe habitual que tende a formar seccións tipo características do tratamento de estradas ou rúas urbanas, con resaltos entre a calzada e a beirarrúa onde non sempre se precisan e recorrendo de xeito sistemático a pavimentos bituminoso ou de formigón e losetas prefabricadas sen ningún tipo de criterio de integración e que rematan por desfigurar o interese ambiental de edificacións e mesmo de espazos públicos de valor.

Moitas veces, a irregularidade ou estreiteza do viario interno, a multiplicidade de usos que nel conviven (circulación rodada de turismos e maquinaria agrícola, peóns, visitantes, ciclistas, gando ou rabaños, etc.) obriga a evitar diferenzas de nivel na sección transversal que, incluso no caso de verificar unha posible fragmentación nos espazos de tránsito, pode resolverse a partir da simple distinción de texturas ou materiais, evitando o bordo resaltado de beirarrúa



Nos esquemas da parte superior, exemplos dalgunhas das posibilidades de configuración espacial do viario interno nos núcleos rurais (recollida de augas central, nas dúas marxes, mantemento de franxas vexetais ao pé dos muros...).



Nas imaxes da esquerda e da parte inferior, exemplo de tratamento das rúas interiores no núcleo de Vilanova dos Infantes, no concello ourensán de Celanova.

O emprego da pedra e de distintos tipos de despieces permite a flexibilidade precisa para adaptarse ás irregularidades do viario interior, establecendo a continuidade ambiental do tecido tradicional deste núcleo singular.



A configuración da recollida de augas pluviais na superficie tamén pode determinar o carácter do espazo viario interior. No caso das seccións estreitas, a solución máis simple sempre será con pendentes e canle na parte central, pero valorando sempre a fragmentación visual que supón este tipo de tratamento. Pola contra, a dobre canle (ou soamente nun lado modificando a pendente transversal), establecerá bandas de transición cara ás fachadas ou ao peche do espazo público que poden ser eficaces tanto para sinalar ámbitos diversos de circulación eventual (rodada, de peóns) como para delimitar as superficies de uso privado ou semipúblico que anteceden ás fronte edificadas. Noutros casos, a mesma pendente lonxitudinal existente fará máis recomendable a disposición de franxas transversais de recollida que mesmo poden disimularse como simples fendeduras nun pavimento de pedra. En calquera caso, a análise previa do lugar, a topografía, as pendentes e a funcionalidade das rúas ou camiños interiores, determinará a alternativa máis adecuada para cada situación concreta, sen que deba perderse nunca a continuidade ambiental ao longo do conxunto rural da solución adoptada. Por enriba de todo, nunca deberá perderse a referencia respecto do carácter rural dos núcleos, evitando sempre o exceso de urbanización (que sempre remite, na súa imaxe, ás solucións propias das áreas urbanas) e que moitas veces require acadar un certo equilibrio entre pavimentos duros e cobertura vexetal (superficies de herba, axardinamento lixeiro, franxas vexetais de separación).

Ás veces, establecer a separación do pavimento respecto dos muros ou fachadas mediante unha estreita franxa vexetal, vai garantir, por engadido, unha certa privacidade respecto das plantas baixas das vivendas, ao tempo que contribúe a minguar o predominio das superficies duras.

Nos núcleos de valor, a imaxe do lugar sempre virá determinada polas superficies aparentes da arquitectura tradicional e a pedra local coa que foron construídos os seus muros. A pavimentación das rúas interiores coa mesma variedade de pedra empregada nenas edificacións, ou mesmo procedente da recuperación de materiais de derrubo, sempre será unha alternativa de integración válida para o tratamento superficial destes espazos públicos, pero non sempre será preciso adoptar este tipo de solucións.

A expresión da contemporaneidade das actuacións de mellora funcional e ambiental de rúas e camiños interiores tamén pode acadarse, de xeito integrado e harmonizador, a partir dunha adecuada entonación de cores e texturas dos materiais empregados no tratamento das superficies pavimentadas respecto das fachadas ou dos materiais característicos da edificación tradicional de cada contorno.

A propia relación do solo con esas fachadas pode ser formulada en función da súa continuidade como envolvente continua, ou ben, noutros casos, establecendo unha ruptura que poña en evidencia o carácter diverso da actuación, sempre que se manteña a unidade ambiental de materiais, tonalidades e texturas do conxunto.

Con frecuencia, o acondicionamento do viario interno haberá de precisar o acompañamento de actuacións específicas de mellora ambiental en muros ou fachadas, como parte do espazo público, e mesmo dunha reformulación do esquema circulatorio da totalidade do núcleo.

6.4.2. OS ESPAZOS SINGULARES E CONTORNOS PATRIMONIAIS

Moitos núcleos rurais conteñen, na súa estrutura, distintos espazos públicos de carácter singular, ás veces na forma de recintos comunais derivados dunha antiga funcionalidade agraria ou da vida rural (eiras, encrucilladas, campos da feira ou de mercado, etc.) e tamén vinculados coa presenza de determinados elementos de valor do patrimonio rural de carácter mesmo tamén funcional e simbólico (campos de hórreos, fornos, calvarios, cruceiros, adros da igrexa, contorno de capelas, etc.) que esixen un tratamento diferenciado e que contribúa a valorizar eses elementos característicos do patrimonio rural.

Nestes casos debe acadarse un bo equilibrio entre o tratamento urbanizador diferenciado que requiren eses ámbitos como parte da historia e do seu significado na propia estrutura do medio rural xunto coa valorización dos elementos patrimoniais e a integración no conxunto como parte ambiental indisoluble do propio núcleo.

A tendencia a centrar a atención exclusivamente nos valores patrimoniais, facendo que aparezan como elementos illados e fóra do contexto que xustifica a súa presenza pode, ás veces, ser tan pouco acaída como o propio abandono no que, nalgúns casos, se atopan eses mesmos elementos patrimoniais antes da intervención de acondicionamento sobre o espazo libre que os envolve.

O mesmo que na totalidade do conxunto edificado dos núcleos rurais de valor, o emprego de solucións de pavimentos pétreos en imitación das históricas, por exemplo, ao pé da base dun cruceiro ou dun conxunto de hórreos, pode non ser a mellor e mesmo contribuír a transformar a imaxe rural de todo o resto do contorno.

A entonación en referencias de materiais e texturas, non renunciando a expoñer a contemporaneidade das solucións de acondicionamento pode redundar, con frecuencia, nunha mellor integración en harmonía.

En calquera caso, a simplicidade e sobriedade no emprego dun número reducido de materiais, o xogo cos despieces e as texturas, a atención ao detalle e, fundamentalmente, non empregar os pavimentos duros onde non se precisan, mantendo o complemento vexetal de superficies de herba ou axardinamentos lixeiros, sempre serán criterios acertados para este tipo de intervencións.

Debe evitarse, sempre que se trate de valorizar o patrimonio rural de pequena escala, impoñer a imaxe ou a extensión da propia intervención de acondicionamento do espazo por enriba da representatividade do elemento protexido, así como fuxir de calquera tipo de solución que remita á resposta convencional do tratamento de áreas de espazos públicos urbanos. Neste sentido, moitas veces, a incidencia visual de pezas funcionais ao servizo do núcleo (contedores de lixo, transformadores, sinais de tráfico ou indicadores, etc.) debe ser considerada como un elemento máis a acondicionar no tratamento do espazo público.

A singularidade destes espazos públicos ou dos elementos patrimoniais que neles se atopan, sempre esixirá tamén tratamentos específicos para resaltar a súa presenza, en particular, no que se refire á súa visibilidade nocturna e a solucións de iluminación puntual centrada na valorización das pezas significativas pero con discreción, procurando que, durante o día, as luminarias queden disimuladas ou pasen desapercibidas no conxunto da ordenación do espazo público.



Á esquerda, na páxina anterior, manter o equilibrio entre os elementos minerais e a cobertura vexetal, procurar non conformar os elementos do pequeno patrimonio rural como pezas illadas, procurar acondicionamentos lixeiros e pouco formalizados, acometer obras de restauración pouco agresivas, son iniciativas que permiten valorizar os elementos de interese e os espazos singulares dos núcleos rurais.

Nas imaxes, diversos aspectos de campos de hórreos. .

Na parte inferior, acondicionamento da travesía dun núcleo (son poucos aínda os exemplos de actuacións adecuadas deste tipo, neste caso vinculada á entrada do Camiño Francés xa no medio rural da periferia da vila de Sarria) que incorpora unha **mínima modificación da habitual sección de calzada e beirarrúa convencional** dispoñendo unha banda de herba e plantación como transición, recollendo tamén o arboredo xa existente.



6.4.3. O VIARIO DE PASO OU TRAVESÍA DOS NÚCLEOS

A maioría dos núcleos rurais conformaron o seu asentamento en relación cun itinerario de paso ou unha encrucillada, circunstancia que condicionou o desenvolvemento histórico da súa estrutura interna. Co paso do tempo, esa configuración tense tornado incapaz de recoller as esixencias da nova funcionalidade viaria respecto do tráfico rodado, dando lugar a estradas de paso ou travesía que, bordeando a consolidación histórica ou modificando aliñacións interiores, virán a recoller novos crecementos, ás veces xa a partir do século XIX, cos primeiros grandes acondicionamentos da infraestrutura viaria de relación territorial.

Deste xeito, hoxe en día, as estradas de paso ou de travesía, constitúen a imaxe máis común dos propios núcleos de valor para aqueles que non se deteñen nos mesmos, sendo unha especie de tarxeta de presentación que pode motivar, ou non, a visita de enclaves cun certo interese turístico.

O acondicionamento deste tipo de viario resulta de importancia como parte damellora ambiental dos núcleos, esixindo, polo tanto, establecer unha certa imaxe de calidade ou identidade e, ademais, resolver con eficacia os distintos requirimentos funcionais, tanto para o tránsito de paso (circulación, estacionamento, regulación de interseccións, permeabilidade transversal, etc.) como para o seu uso cívico como parte do espazo público polos residentes (seguridade do tránsito de peóns, facilidade para o paseo, a estancia e a relación social, diminución de molestias do tráfico aos residentes, coexistencia entre diversos usos, etc.).

Neste sentido, no medio rural, a solución habitual de estender tratamentos de calzada e beirarrúas propios da formalización convencional das estradas, con predominio das superficies de asfalto e os pavimentos de losetas, incluso onde xa non hai a penas edificacións, en contacto directo coa paisaxe agraria do contorno, resultará sempre inadecuada.

A formalización dos contornos de paso ou travesía dos núcleos rurais singulares ou de valor deberá evitar a referencia formal respecto das solucións excesivamente estandarizadas propias da enxeñería das estradas ou mesmo das habituais no tratamento das áreas urbanas.

Intervencións sinxelas e dun custo semellante ás máis convencionais poden conformar unha imaxe do urbanizado totalmente diferente e máis apropiada ao medio rural, que contribúa á valorización do contorno (cambio de materiais de pavimentación, presenza equilibrada da vexetación, alternativas ao deseño de beirarrúas, elementos de calmado da velocidade do tránsito, creación dunha imaxe de entrada característica, acondicionamento dos sinais e luminarias ou doutros elementos funcionais, entonación de materiais e texturas de urbanización, etc.).

En contextos rurais dun especial valor natural ou da paisaxe agraria a valorización das estradas como itinerarios de travesía poderá incluír outro tipo de actuacións integradoras (plantación de sebes e arboredo, delimitación dos límites entrea estrada e a paisaxe, valorización de perspectivas e puntos de vista, integración das barreiras de seguridade viaria, adaptación de elementos funcionais e de instalacións, etc.).

Nestes casos, o mantemento das beiras das estradas, a configuración de espazos verdes marginais con herba ou sebes informais conforme coas características da área paisaxística, terán unha grande incidencia na percepción das mesmas.

6.4.4. ESPAZOS DE ESTACIONAMENTO

As necesidades de espazo para o estacionamento de vehículos dos residentes non sempre resulta unha demanda crítica no acondicionamento dos núcleos rurais (agás no caso daqueles que se atopan xa incluídos en contornos de influencia do desenvolvemento urbano) e, polo regular acaba resolvéndose dentro da propia irregularidade da trama interna ou no perímetro exterior das agregacións máis compactas, así como nos garaxes ou parcelas interiores dos mesmos veciños.

A delimitación habitual de prazas de aparcadoiro mediante pavimento asfáltico e pintura, pola contra, resulta nunha fomalización que ten dificultades de integración nun tratamento cualitativo do espazo público nos núcleos rurais. O seu aspecto estandarizado e convencional, ou o resalte da súa cor, resultan sempre chamativos e fórade contexto xunto a contornos ambientais de valor.

Neses casos, evitar o emprego deses materiais e tratamentos convencionais, ou excesivamente vinculados coa estética urbana, será sempre unha solución adecuada. As zonas de estacionamento así configuradas poden ser rematadas con materiais da mesma calidade e textura que o resto da urbanización interior do núcleo, variando tonalidades ou despeses e delimitando de maneira menos formalizada o espazo das prazas para vehículos (unha simple banda de lastros ou de pedra doutra variedade, por exemplo, pode indicar unha praza dun xeito discreto).

En xeral, deberá deixarse que sexa ben lexible a distribución de prazas pero evitando o contraste marcado de cores e materiais, que sempre fragmentan en exceso o espazo cando non hai vehículos aparcados.

Os grandes espazos de estacionamento eventual ou ocasional (xunto á igrexa ou ao cemiterio, de servizo a elementos de atracción de visitantes, etc.) son os que resultan dunha máis difícil integración na pequena escala dos núcleos rurais.

A solución a esta situación sempre pasa por conformar estas áreas cun certo criterio de espazos polivalentes, que poidan ser asumidos ou mesmo utilizados con outra finalidade en tanto non están ocupados polos vehículos.

O emprego de pavimentos que permiten o crecemento de herba intercalada ao tempo que soportan o paso dos vehículos, o mesmo que o recurso a superficies neutras de lastros, chapacuña ou grava, facilita esa integración deste tipo de superficies.

Sempre o acompañamento da vexetación (arboredo de sombra, arbustos, pradería, etc.) vai permitir, do mesmo xeito, a integración harmoniosa de áreas relativamente estendidas de estacionamento.

6.4.5. MATERIAIS DE URBANIZACIÓN E PAVIMENTOS

Na selección dos materiais a empregar nas intervencións de acondicionamento no medio rural, non soamente debe terse en conta a súa idoneidade respecto das distintas esixencias de uso ou funcionalidade (circulación ou estacionamento de vehículos, tránsito de peóns, espazos de estancia ou de xogo, etc.) senón que, por enriba de todo, debe considerarse a súa adecuación respecto da escala do contorno e do medio natural e construído de cada ámbito. Con esta finalidade, poderán empregarse tanto materiais naturais e propios de cada zona, ou tamén recorrer a criterios de integración a partir da interpretación das cores e texturas que identifican o lugar, valéndose dun criterio máis contemporáneo.



As amplas superficies de estacionamento ocasional (arriba, na parte superior, esplanada adxacente á parroquia e cemiterio) son os espazos de máis difícil integración no tecido de escala reducida do medio rural. Un tratamento que os conforme como espazos polivalentes (susceptibles doutros usos en ausencia de vehículos) e o emprego equilibrador da vexetación ou mesmo pavimentos mixtos con herba intercalada (debaixo, enriba destas liñas) aseguran a súa correcta integración

A pedra natural, empregada conforme coas variedades locais é o material de urbanización que garante unha máis fácil integración nos contornos rurais (abaixo, paso do Camiño de Santiago por Portomarín).

Polas súas características, algúns tipos de pedra admiten acabados, texturas, tonalidades e despeses moi variados e que permiten tamén expresar a contemporaneidade da intervención sen necesidade de repetir ou mimetizarse cos antigos tratamentos de pavimentación.



a- Pedra natural

É o material que mellor garante a integración respecto dos peches e muros da edificación tradicional, sempre que se empreguen as variedades locais (ás veces mesmo procedentes da reciclaxe de materiais de derrubo) ou outras semellantes que entonen na cor e aparencia.

Ademais, permite unha grande variedade de acabados e texturas (por exemplo, no caso do granito e conforme co uso ao que se destine, pode presentarse buxardado, flameado, a corte de canteira, etc.) que lle confiren moi distinta aparencia. Do mesmo xeito, admite múltiples tipos de despeses e aparellos, tanto en función do uso, como para acadar a adaptación a pendentes forzadas ou irregularidades da trama dos espazos públicos.

O emprego da pedra permite acadar a continuidade entre os planos das fachadas e o do solo, cando se busca a unidade ambiental, ou mesmo procurar un certo contraste de tonalidades e texturas que resalte cada un deses planos visuais.

Como desvantaxes principais sempre está o maior custo respecto doutros materiais ou tamén a esixencia dunha certa especialización e coidado na posta en obra. En particular, a crítica resistencia a flexión dos pavimentos de lousas e a fracturación que pode provocar o tránsito rodado de non executarse coa sección requirida ou con defectos de colocación.

b- Formigón tratado

A abundancia de pavimentos de formigón nos existente hoxe en día nos núcleos rurais, como execucións de urxencia para resolver de xeito económico a introducción do tránsito rodado polo seu viario interno, sempre a partir de solucións pouco acaídas e sen ningún tipo de calidade visual, redundando na banalidade con que adoita configurarse este tipo de espazos públicos, non proporciona unha imaxe ecuánime das posibilidades deste material no caso de empregarse conforme con outros criterios de integración no contexto.

Posto en obra con acabados de árido visto, desactivado, lavado, etc., o formigón tratado permite entonar coas tonalidades e texturas da pedra do lugar (variando a composición e aparencia dos áridos, empregando variedades locais dos mesmos, recorrendo á reciclaxe de pedra de derrubo) e mesmo admite con facilidade a combinación con treitos de lousado ou lastro desa mesma pedra natural, asegurando sempre unha boa resistencia e durabilidade respecto do paso de tránsito rodado, coas vantaxes dunha maior rapidez e menor custo de colocación que no caso da pedra.

c- Grava, xabre ou terra estabilizada

Son materiais que resultan adecuados, en particular, para zonas peonís (aínda cando a grava, por exemplo, pode tamén, nalgúns casos, conformar superficies de circulación rodada ou estacionamento) e que, de escollerse a tonalidade e granulometría correctas, encaixan con facilidade, polo seu aspecto natural e pouco duro, co contexto rural.

Esa relación coas tonalidades naturais, fai posible que estes acabados poidan cubrir grandes superficies sen representar impactos visuais relevantes.

Precisan sempre os pavimentos deste tipo, de elementos de retención ou bordos que estibilen a súa superficie e, como inconveniente crítico para o seu emprego, sempre está o feito de non admitir máis que pendentes escasas fronte ao risco de arrastre coa chuvia.

d- Materiais inadecuados

Aínda coas lóxicas excepcións das solucións específicas que derivan dun emprego particularmente estudado e sensible respecto de contextos particulares do medio rural, sempre deberán evitarse os materiais prefabricados que se identifican visualmente coas solucións de urbanización máis convencionais ou estandarizadas das áreas urbanas (losetas de pavimentación, bloque de formigón, formigón estampado, etc.) ou, en xeral, o contraste excesivo en tonalidades ou texturas respecto do contorno natural ou construído, así como as cores moi vivas e de tons primarios.

6.4.6. ILUMINACIÓN E MOBILIARIO

Como criterios xerais de adaptación dos elementos de iluminación ou do mobiliario urbano respecto do carácter rural, debe considerarse sempre a súa simplicidade de deseño, a sobriedade nas solucións, a súa discreción e o emprego dun abano reducido de materiais, a ser posible, de tipo natural e presentes na formalización da edificación tradicional (pedra, madeira, ferro).

Sempre será de preferencia desenvolver pezas especificamente deseñadas para ámbitos ou espazos concretos, evitando a implantación de elementos de catálogo que poidan ser asimilados a situacións urbanas con relativa indiferencia respecto da súa localización.

A disposición e número de pezas sempre resulta unha circunstancia condicionante, de tal xeito que, moitas veces non é tanto a necesidade do mobiliario ou o carácter funcional da iluminación o principal aspecto a ter en conta, senón o lugar onde se coloca e a incidencia visual sobre elementos ou entornos de valor. En xeral, deberá procurarse un carácter mínimo dos acondicionamentos, xa que a profusión de mobiliario ou de luminarias adoita remitir a unha imaxe banal do espazo público neste tipo de contornos e a situacións urbanas que sempre son recoñecidas como alleas respecto da escala e configuración da paisaxe rural. Como exemplo, a localización dun banco xunto á portada dunha capela, pode ser un acondicionamento totalmente innecesario e provocar un evidente deterioro visual dun elemento patrimonial de valor que facilmente sería resolto cun muro baixo ou apoio en pedra máis lonxe da fachada.

No que se refire á iluminación, resulta fundamental evitar a escala propia do alumeadado das estradas e achegar a altura das luminarias respecto da do peón e da edificación tradicional. Do mesmo xeito, deberá procurarse a discreción dos elementos de iluminación durante o día, empregando deseños de formas e xeometría sinxelas, así como acabados e cores neutras ou escuras que pasen case que desapercibidas fronte ás tonalidades da pedra ou dos elementos naturais.

A adaptación da iluminación aos usos e á valorización de determinadas compoñentes do espazo rural obrigará tamén a establecer o resalto puntual de certos elementos (unha árbore singular, un peto de ánimas, a fachada dunha igrexa, etc.) que conforman o carácter singular ou diferenciado de certos ámbitos, sempre cun idéntico criterio de máxima discreción no período diurno.

Os criterios xa habituais de economía de medios, durabilidade ou facilidade de mantemento e limpeza son aínda máis esixibles no caso do medio rural (evitar a contaminación lumínica, empregar materiais reciclados das antigas construcións, etc.) onde non sempre existe unha periodicidade establecida para a reposición de pezas danadas ou fóra de servizo.



A iluminación no interior dos núcleos rurais deberá achegarse á escala do peón (na parte superior, algúns elementos de iluminación no contorno do albergue de Ribadiso, en Melide).

Sempre deberá procurarse que as luminarias sexan configuradas mediante elementos discretos na súa cor e aparencia durante o período diurno, sen impoñerse, na súa imaxe, respecto dos elementos de valor do seu ámbito.



Nos núcleos rurais de valor, como no resto dos tecidos históricos, os tendidos aéreos e outros elementos funcionais constitúen un dos factores que máis deterioran a imaxe do espazo público, precisando sempre actuacións de soterramento do cableado e integración ambiental desas instalacións.



6.4.7. ELEMENTOS FUNCIONAIS E INSTALACIÓNS

A modernización da vida rural ten levado aparelhada a inclusión dunha serie de servizos e instalacións (cableados, contedores ou illas de reciclado, contadores, cadros de control, transformadores, cabinas telefónicas, etc.) que, o mesmo que acontece no común dos conxuntos urbanos históricos, non sempre acadan unha adecuada integración nos núcleos de valor.

Neste sentido, a profusión de tendidos aéreos e postes de apoio dos mesmos ou do alumeadado público, constitúen un dos elementos que maior deterioro supón na imaxe dos conxuntos rurais de maior interese. A propia estreiteza e irregularidade do tecido interno destes núcleos, queda comprimida visualmente pola cobertura dos cableados atravesando a un e outro lado do espazo público. O soterramento deste tipo de instalacións (moi poucas veces contemplado nas intervencións de acondicionamento ou reurbanización dos núcleos) resulta sempre unha actuación imprescindible na recuperación da calidade ambiental dos núcleos de interese que, xunto coa supresión de postes de apoio e báculos de luminarias, permite recuperar a escala perspectiva dos espazos públicos e valorizar o conxunto construído.

No caso doutros elementos funcionais como os contedores de lixo, contadores, cabinas, etc., tan importante como a súa integración ambiental resulta, na maioría dos casos, a correcta selección do seu emprazamento no conxunto do núcleo (unha illa de reciclaxe co seu conxunto d contedores pode atopar acomodo nunha posición exterior simplemente cun mínimo acondicionamento do espazo a ocupar e a plantación dunha sebe de ocultación). Deberá evitarse sempre a aparencia vista dos materiais plásticos e das cores rechamantes deste tipo de elementos, por exemplo, formando pantallas de ocultación con entablados de madeira, deseñando elementos de mobiliario específicos para integrar os cadros de mando e, fundamentalmente, regulando a aparencia, ou mesmo obrigando, nas ordenanzas, a retirar da fachadas da edificación de valor, os contadores de instalacións domésticas.

No caso das canalizacións das instalacións soterradas, convén sempre unha distribución racional e ordenada das mesmas na sección das rúas e, complementariamente, integrar no deseño da pavimentación e no seu despece as tapas de rexistros ou arquetas.

6.4.8. ACOMPAÑAMENTO DA VEXETACIÓN

O mantemento do equilibrio entre o construído e o medio natural é unha das circunstancias que máis axudarán a manter o carácter rural das intervencións (formando límites entre o privado e o público, evitando o predominio das superficies duras de pavimento, dispoñendo zonas de pradería ou xardinería lixeira, mantendo as sebes e o arboredo como elementos estruturadores da paisaxe rural, etc.).

O acompañamento da vexetación nos proxectos de acondicionamento do medio rural deberá sempre seguir un criterio de achegamento ás características do medio natural no contorno da intervención, evitando tanto a formalización excesiva (que sempre remite, na súa imaxe, a actuacións de xardinería urbana) como o emprego de especies vexetais exóticas ou inexistentes no ámbito territorial sobre o que se intervéñ. Prestar atención ao detalle na integración dos elementos vexetais e formular solucións de baixo mantemento, que respeten o ciclo de recollida e filtrado da auga da chuvia, resulta fundamental neste tipo de actuacións.

BIBLIOGRAFÍA

AA.VV. M.O.P.U. (1981) *Estudios básicos de rehabilitación en centros urbanos y núcleos rurales*.

AA. VV. (1988): *Dealing with Change in the Connecticut River Valley: A Design Manual for Conservation and Development*. Lincoln Institute of Land Policy.

AA. VV. (1985): *Chester Rural Area Local Plan, Written Statement*. Council City of Chester

.ARENDR, RANDALL (1991): *Growing Greener: Putting Conservation Into Local Plans and Ordinances*. Island Press.

ARENDR, RANDALL (1994): *Rural by Design: Maintaining Small Town Character*. APA Planners Press.

BEIRAS, JM. (1967) *El problema del desarrollo en la Galicia Rural*. Edit. Galaxia. Vigo

BOUHIER, ABEL (1979). *La Galice. Essai géographique d'analyse et d'interprétation d'un viex complexe agrarie*. Université Poitiers

CAAMAÑO SUAREZ, M. (2006). *Galicia, as construcións da arquitectura popular*.

CAMBRIDGE, MASS (1988.) *Dealing with change in the Connecticut River Valley: a design manual for conservation and development*. Lincoln Institute of Land Policy and the Environmental Law Foundations.

CLOKE, PAUL J. (1.983) *An introduction to rural settlement planning*. London, New York, Methuen

DE LLANO, PEDRO. (1996): *Arquitectura Popular en Galicia: Razón e construción*. Comisión de Cultura COAG.

DELAVALT-LECOQ, THERÈSE (2000): *Pratique de l'aménagement des bourgs*. Editions Apogée.

FARIÑA TOJO, J. (1980.) *Los asentamientos rurales en Galicia*. Instituto de Estudios de Administración Local, Madrid.

GALLEGO JORRETO, MANUEL. (1988.) *Urbanismo en el medio rural. Reflexiones sobre el caso de Galicia*. Revista Urbanismo COAM, nº 3.

GARCÍA FERNÁNDEZ, JESÚS. (1972). *Sobre los orígenes del Paisaje agrario gallego*. Estudios Geográficos S. XXXIII, 753-63.

GARCÍA FERNÁNDEZ, JESÚS. (1975). *Organización del espacio y economía rural en la España Atlántica*. Siglo XXI. Madrid.

GONZALEZ-CEBRAN TELLO, J. , FERREIRA VILLAR, M. (2009) *Intervenir sobre el medio rural en Galicia: una aproximación a su realidad territorial*.

JUNG, J. (1971) *La ordenación del espacio rural* . I.E.A.L. Madrid.

LORENZO, XAQUÍN (1982): *A Terra. Biblioteca Básica da Cultura Galega*. Editorial Galaxia. Vigo

NIEMEYER, GEORG (1945) *Tipos de población rural en Galicia*. Revista Estudios Geográficos nº 18.

OTERO PEDRAYO, R. (1927) *Problemas de Xeografía Galega. notas encol das formas de poboazón labrega*. Publicacións do S.E.G. A Coruña.

PÉREZ ALBERTI, A. (1986): *A Xeografía: O espacio xeográfico e o home*. Biblioteca Básica da Cultura Galega. Editorial Galaxia. Vigo.

SHARP, THOMAS. (1946) *The anatomy of the Village*. Penguin Books

SHARP, THOMAS. (May 1949) *Village Design*. Journal of the Town Planning Institute,

SHARP, THOMAS. (1953) *The English Village* HMSO London,

R. LASSEY, WILLIAM (1977) *Planning in Rural Environments*. New York, McGraw-Hill

ROBERTS, BRIAN K. (1977): *Rural Settlement in Britain*. Dawson Archon Books.

ROBERTS, BRIAN K. (1982): *Village Plans*. Shire Archaeology Publications.

RUÍZ DE LA RIVA, E. (1991): *Casa y aldea en Cantabria: Un estudio sobre la arquitectura del territorio*. Universidad de Cantabria.

VILLARES, RAMÓN, (1982), *La propiedad de la tierra en Galicia. 1500-1936*. Siglo XXI de España Editores S.A.

SITIOS WEB

PUBLICACIÓN NA REDE E WEB'S DE REFERENCIA.

FRANCIA:

www.caue47.com (información acerca do concurso “agrandir le bourg”)

www.saone-et-loire.equipement.gouv.fr

www.developpement-durable.gouv.fr

(páxina na que se marcan as directrices que rexen en moitos dos departamentos en relación co desenvolvemento sostible do medio rural)

www.region-bourgogne.fr (Eco-villages e programa “villages avenir”)

www.crvvf.fr (páxina oficial da rede de “villes et villages fleuris”)

www.les-plus-beaux-villages-de-france.org (páxina oficial da rede e asociación)

PORTUGAL:

www.aldeiashistoricasdeportugal.com (iniciativa de valorización en rede de aldeas rurais na rexión de Beira)

www.aldeiasdoxisto.pt

www.aldeiasdeportugal.pt

www.adril.pt

(adicada ao desenvolvemento rural do Vale do Lima, incluíndo rede de aldeas de turismo)

www.inatel.pt (páxina adicada ao turismo en xeral e tamén a iniciativas de turismo rural)

www.solaresdeportugal.pt (exemplos de estándares de turismo rural)

GRAN BRETAÑA E IRLANDA:

www.ruralgateway.org.uk (portal adicado ao desenvolvemento rural en Gran Bretaña)

www.tidytowns.ie

(concurso de valorización de vilas e núcleos rurais, con apartados específicos para a ordenación e desenvolvemento do medio rural)

www.irishspatialstrategy.ie

Para as guías de deseño rural dos distintos Condados irlandeses deben consultarse as publicacións específicas en forma de manual e que poden ser descargadas dende as webs locais, sendo as máis significativas as seguintes:

www.corkcoco.ie (Cork)

www.galway.ie (Galway)

www.kerrycoco.ie (Kerry)

www.kildare.ie (Kildare)

www.kilkennycoco.ie (Kilkenny)
www.leitrimcoco.ie (Leitrim)
www.mayococo.ie (Mayo)
www.monaghan.ie (Monaghan)
www.offaly.ie (Offaly)
www.tipperarynorth.ie (North Tipperary)
www.westmeathcoco.ie (Westmeath)
www.clarecoco.ie (County Clare Rural House Design Guide)
www.planningni.govt.uk (Rural Design Guidelines para Irlanda do Norte)

OUTROS PAÍSES EUROPEOS:

www.dorfplanerin.de
www.dorfwettbewerb.bund.de (páxina do concurso alemán “unser Dorf hat Zukunft”)
www.hessen.de
www.mlr.baden-wuerttemberg.de
www.beauxvillages.be
www.borghitalia.it
www.drustvo-podezelje.si

ESTADOS UNIDOS:

www.umass.edu/ruralmass
 (Amherst University, estudos do Rural Landscape Planning)
www.greenerprospects.com
 (páxina adicada aos estudos acerca das estratexias “Growing Greener” e “Conservation Design”, descarga de traballos, conferencias e publicacións referidos a este tema e asinados por Randall Arendt)
www.terrain.org
www.landchoices.org
www.natlands.org
www.nps.gov (Rural Historic Landscapes)
 A publicación dixital do “Connecticut River Valley Design Manual” (traballo precursor de moitas das estratexias americanas do deseño de conservación do medio rural) pode descargarse tamén en versión PDF na páxina do Lincoln Institute of Land Policy:
www.lincolninstitute.edu

NOVA ZELANDA:

Diversas “Guidelines” semellantes ás británicas ou estadounidenses que inclúen o tratamento do medio rural dalgunhas rexións do país, entre as que poden destacaarse, polo seu contido, as seguintes:

www.hnzc.co.nz

(portal da Housing New Zealand Corporation onde se atopan guías referidas á construción rural, acondicionamento da paisaxe e tipoloxías de vivenda que establecen unha referencia actualizada respecto da tradición maorí ou tamén aos modelos de edificación da costa do Pacífico).

www.kapiticoast.govt.nz (Rural Subdivision Design Guide)

www.horowhenua.govt.nz

www.rodney.govt.nz

www.taupdoc.govt.nz

www.wellington.govt.nz